



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 92

**Sesión plenaria**  
13 de setembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-ZhGM1ub8B-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Plan

Debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (doc. núm. 36439, 11/PEGA-000001) (docs. núm. 36873, 36875 e 36876)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 337, do 28.06.2022

Publicación das propostas de Resolución, BOPG nº 346, do 14.07.2022

## Punto 2. Comparecencias

### 2.1 40286 (11/CPP-000098)

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2022-2023 no ensino non universitario en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

### 2.2 39893 (11/CPP-000096)

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición dos 19 deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas que denuncia a comunidade educativa no inicio do curso escolar 2022-2023 e das necesidades de persoal e de recursos do sistema educativo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

## Punto 3. Mocións

### 3.1 39916 (11/MOC-000109)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais (moción consecuencia da interpelación doc. núm. 14766, publicada no BOPG núm. 134, do 5 de maio de 2021, e debatida na sesión plenaria do 12 de xullo de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

### 3.2 39926 (11/MOC-000110)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Presas Bergantiños, Noa

Sobre o incremento dos prezos (moción consecuencia da interpelación doc. núm. 33780, publicada no BOPG núm. 312, do 27 de abril de 2022, e debatida en sesión plenaria do 12 de xullo de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022



## Punto 4. Proposicións non de lei

### 4.1 36527 (11/PNP-003269)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis**

Sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

### 4.2 36740 (11/PNP-003292)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Comisión Europea en relación coa súa proposta de prohibición total de pesca con artes de fondo nas zonas mariñas sensibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 345, do 13.07.2022

### 4.3 37757 (11/PNP-003335)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a recuperación agrogandeira e forestal e contra o despoboamento, así como para a mellora das medidas contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

### 4.4 39651 (11/PNP-003393)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para garantir a viabilidade e a competitividade da industria electrointensiva

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 371, do 31.08.2022

### 4.5 39667 (11/PNP-003394)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Amigo Díaz, María Encarnación e catorce deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa situación que está a atravesar a atención primaria no sistema sanitario

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 371, do 31.08.2022

### 4.6 39784 (11/PNP-003402)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para deseñar un pacto galego pola auga

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 371, do 31.08.2022



## Punto 5. Interpelacións

### 5.1 16979 (11/INT-000990)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

### 5.2 35884 (11/INT-001852)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o plan extraordinario de contratación de persoal sanitario nos meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

### 5.3 37467 (11/INT-001931)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

### 5.4 39779 (11/INT-001958)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a situación sanitaria en Galicia, especialmente da atención primaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 371, do 31.08.2022

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

### 6.1 40261 (11/POPX-000075)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración por parte do presidente da Xunta de Galicia do inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

### 6.2 40277 (11/POPX-000076)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as previsións do presidente da Xunta de Galicia respecto das medidas de impacto ante a crise de prezos e a deterioración da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022



## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 37914 (11/POP-00523)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis**

Sobre as posibles medidas do goberno galego para evitar a deslocalización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Distribución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 17.08.2022

### 7.2 39609 (11/POP-006120)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a perda de subvencións dirixidas ao desenvolvemento das enerxías renovables polo informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

### 7.3 39660 (11/POP-006128)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis**

Sobre a perda de emprego vinculado aos servizos de atención ao cliente da empresa Naturgy

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

### 7.4 40260 (11/PUP-000273)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a consideración por parte do Goberno galego da renovación de maneira urxente da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia a raíz dos escándalos de manipulación informativa e do incumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

### 7.5 40278 (11/PUP-000274)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre os criterios baixo os que a Xunta de Galicia pretende declarar o proxecto urbanístico do empresario Carlos Mouriño en Mos como de interese autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

### 7.6 39601 (11/POP-006118)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre os recortes no ensino público de agosto de 2022 e a súa afectación na vila de Cedeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022



**7.7 38263 (11/POP-005604)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións concretas que contempla o Plan Emprega Muller posto en marcha pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que novos programas inclúe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 17.08.2022

**7.8 39669 (11/PUP-000270)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as melloras que está a incorporar a Xunta de Galicia no programa galego de cribado neonatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*O señor presidente abre a sesión, informa de que non se xustificaron ausencias e dá paso ao primeiro punto da orde do día. (Páx. 11.)*

### **Debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030. (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente informa do número de propostas de resolución que presentaron os grupos parlamentarios. Así mesmo, explica o procedemento e comunica os tempos das intervencións. (Páx. 11.)*

*Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 11.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 16.), Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 19.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 23.)*

*O señor presidente anuncia que o debate continúa na seguinte xornada da sesión e que o prazo para que os grupos parlamentarios presenten no rexistro da Cámara as posibles propostas de resolución transaccionadas remata ás 18.30 da tarde. (Páx. 26.)*

*A continuación, pásase ao segundo punto da orde do día, coa acumulación de dúas comparencias que se realizan conxuntamente. (Páx.26.)*

### **Comparencia do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2022-2023 no ensino non universitario en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)**

### **Comparencia do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas que denuncia a comunidade educativa no inicio do curso escolar 2022-2023 e das necesidades de persoal e de recursos do sistema educativo galego. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 27.)*



Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 39.), *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 42.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 45.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 49.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 54.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Lago (S)* (Páx. 54.), *o señor Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 56.), *o señor Rodeiro Tato (P)* (Páx. 58.) e *o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 60.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 63.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 66.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 69.)

*Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 72.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre o incremento dos prezos.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 74.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 77.) e *Sra. Sanz Arias (P)*. (Páx. 81.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 85.)

**Votación das mocións**

*O señor presidente comunica a solicitude da señora Ortega Otero (S) da votación por separado do último punto da moción presentada pola señora Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 87.)

Votación do último punto da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais: *rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións*. (Páx. 87.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto xa votado, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 87.)





Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños, sobre o incremento dos prezos: *rexeitada por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 88.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e tres deputados máis, sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 91.) e *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 94.)

*Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 97.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Comisión Europea en relación coa súa proposta de prohibición total de pesca con artes de fondo nas zonas mariñas sensibles.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 104.) e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 107.)

*A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 110.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a recuperación agrogandeira e forestal e contra o despoboamento, así como para a mellora das medidas contra os incendios forestais.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta (Candía López) comunica a existencia dunha emenda do propio grupo autor da proposición non de lei.* (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 116.) e *Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 120.)

*Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 123.)



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para garantir a viabilidade e a competitividade da industria electrointensiva. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 125.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 126.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 129.) e *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 132.)

*A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 135.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa situación que está a atravesar a atención primaria no sistema sanitario. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 137.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 138.)  
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 142.)  
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 145.)

*A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 148.)*

*Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias.

Como xa poden comprobar temos un pequeno cambio no hemiciclo. Podemos dicir que estamos «desmamparados». (*O señor presidente fai referencia á supresión dos paneis de protección entre escanos colocados como medida anticovid.*) Oxalá que isto dure e sexa definitivo. Este é o desexo que penso que é de todos nós.

Comezamos.

### **Debate e votación das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2022-2030**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse 182 propostas do Grupo Parlamentario Socialista, 36 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 3 do Grupo Parlamentario Popular.

O debate consistirá, primeiro, nunha intervención da Xunta de Galicia por un tempo de quince minutos, seguida dunha rolda de portavoces, para fixar a súa posición respecto das propostas de resolución dos outros grupos, por un tempo de dez minutos.

Rematadas as intervencións suspenderase a súa tramitación e, logo da apertura do prazo para a presentación das propostas de resolución transaccionadas —que rematará hoxe ás 18.30—, continuará mañá mércores despois da votación das proposicións non de lei. Farase cunha rolda de portavoces para fixar a súa posición respecto das propostas de resolución dos outros grupos por un tempo de dez minutos. E, posteriormente, votaremos as propostas de resolución logo da súa ordenación pola presidencia da Cámara.

E, sen máis, comezamos xa.

En primeiro lugar, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado, por un tempo de quince minutos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, presidente.

Señorías, bos días.



Comparezo hoxe en pleno para presentar o Plan estratéxico 2022-2030, un documento que aspira a ser a folla de ruta da Administración autonómica da presente década. E o primeiro que quero subliñar é que o texto que entrou na Cámara, e que xa tiveron ocasión de debater cos diferentes grupos na Comisión 3ª, non é un texto do Goberno senón que está elaborado coas achegas da sociedade civil nun proceso que, por mor da pandemia, se prolongou durante case tres anos.

Neste contexto, tal e como xa indiquei en comisión, ten que ser ampliado polos diferentes grupos parlamentarios. Polo tanto, señorías, reitérolles a máxima disposición do Goberno para achegar posturas e enriquecer a planificación estratéxica da Galicia dos vindeiros anos, porque a nosa vontade de consenso non só é unha intención, é unha convicción. Obviamente, para acadar esta melloría, nestas achegas dos grupos deberían cumprirse unha serie de requisitos nas diferentes propostas. A primeira é que teñan encaixe na lóxica de planificación estratéxica que presenta o plan; é dicir, que non lle fagan perder a súa coherencia as diferentes propostas dos grupos. En segundo lugar, que se faga un esforzo —igual que o fará o Goberno— en estimar as propostas e aceptar as que teñan este encaixe, que os diferentes grupos tamén fagan o esforzo de estimar estas propostas de transacción. Porque, se ter estratexia é fundamental en todo momento, éo máis, se cabe, no actual momento, no actual momento cheo de incertezas e na difícil conxuntura económica e socioeconómica actual.

A importancia que no Goberno galego lle outorgamos á planificación estratéxica non é nova, xa que este plan estratéxico é o terceiro que aprobamos dende o ano 2010, como ben saben, e de novo queremos que se converta nun instrumento útil. Así, se o Plan estratéxico 2015-2020 favoreceu un crecemento sostido tras a crise financeira, o Plan 2022-2030 ten que axudar, xunto cos recursos extraordinarios da Unión Europea, a afrontar os retos da pospandemia, da alza xeral de prezos que estamos a vivir e da crise enerxética na que nos atopamos.

E este plan estratéxico ten unha particularidade, como dicía antes. Tivo que facerse en dúas fases debido, precisamente, á irrupción da pandemia, un acontecemento nunca vivido antes na nosa comunidade autónoma —e no mundo—. Os traballos iniciados xa no ano 2019 tiveron que adaptar ás novas circunstancias, como ben saben. Como consecuencia disto decidimos prorrogar un ano o plan anterior e, como digo, adaptar os traballos xa iniciados.

Durante todo este tempo fixemos unha análise exhaustiva non só do contexto actual no que nos atopamos, senón tamén dos grandes retos aos que se enfrontará Galicia nesta década, retos que a inflación enerxética non fai senón acentuar e aos que xa comezamos a enfrontarnos nestas datas e co plan anterior. De feito, no período 2014-2020 investimos 66,4 millóns de euros en eficiencia enerxética, por exemplo, o que contribuíu a reducir o consumo eléctrico anual en máis de 22,2 millóns de quilovatios/hora.

Señorías, temos que prepararnos para os desafíos que supoñen estes efectos da pandemia, da aceleración do cambio climático, a dixitalización e as consecuencias económicas e sociais das tensións xeoestratéxicas que estamos a vivir. E, para iso, no plan estratéxico definimos unha visión de Galicia que aspiramos a acadar e que busca superar o impacto causado pola pandemia e lograr unha recuperación sostible, resistente e inclusiva, deseñar a Galicia do futuro poñendo no centro o reto demográfico, acadar unha Galicia máis sostible e climati-



camente neutra, promover unha sociedade innovadora, dixital, moderna, competitiva, pero tamén solidaria e cohesionada, favorecer os valores diferenciais de Galicia como motores de desenvolvemento e, por último, amosar unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do Goberno impulsando e coordinando as diferentes estratexias sectoriais. Vostedes terán que posicionarse sobre se están de acordo coas metas que fixa o Plan estratéxico de Galicia nestes eidos ou se, pola contra, queren formular unhas propostas alternativas.

Neste intenso e prolongado traballo quixemos contar cos mellores expertos de cada sector para acertar, primeiro, na diagnose, en como estaba a nosa comunidade autónoma nos diferentes eidos e políticas de gasto, e posteriormente na identificación dos retos que servirían de base para fixar os obxectivos estratéxicos que marca o plan. E, insisto, fixémoslo en dúas fases, cos traballos previos da pandemia e, posteriormente, adaptando a nosa folla de ruta estratéxica a unha situación de gran excepcionalidade. Polo tanto, actualizamos a diagnose inicial realizada a finais do ano 2019, o que deu lugar á detección de novas necesidades e á conseguinte definición de novas liñas de actuación, que se recollen no plan. Esta situación tamén serviu para pór de manifesto, en primeiro lugar, a importancia de contar cun plan estratéxico, cunha estratexia que fixe metas por enriba das dificultades conxunturais de cada intre concreto pero que tamén sexa flexible, que permita ter capacidade de adaptarse ás posibles circunstancias adversas que xurdan en cada intre tamén.

Quero agradecer de novo publicamente o labor e todas as suxestións achegadas pola sociedade civil —fundamentais para que o documento sexa o reflexo das necesidades e dos retos do conxunto da cidadanía—, que foron postas de manifesto nas diferentes mesas convocadas na EGAP ou ben trasladadas mediante correo electrónico á Consellería de Facenda ou no buzón de suxestións do propio plan estratéxico.

Señorías, de maneira moi breve— porque xa tivemos ocasión de debater esta cuestión en comisión parlamentaria, como dixen antes— lembrareilles a estrutura do plan, que consta de 5 eixes transversais, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos.

Os cinco eixes que marcarán a Galicia do 2020-2030 son os seguintes: o reto demográfico, a Galicia verde e sostible, competitividade e crecemento, cohesión social e territorial e gobernanza. Ademais, cada un dos plans sectoriais da comunidade autónoma está plenamente encaixado e vencellado con algunha das prioridades do plan. E, ademais, o plan está plenamente aliñado coa Axenda 2020-2030 da ONU, cos obxectivos de desenvolvemento sostible, coa lei climática europea e co marco financeiro dos fondos europeos 2021-2027, así como coa restante planificación europea e nacional que sexa aplicable en cada materia. Porque é esencial garantir que a planificación de Galicia non só respoñe ás nosas necesidades actuais e futuras, senón que sexa coherente e contribúa aos grandes obxectivos socioeconómicos e climáticos xerais.

Señorías, outra característica deste documento é que está ligado aos escenarios macroeconómicos e financeiros previstos para os vindeiros anos. Para acadar un traballo sólido como o que quixemos plasmar, analizamos as previsións das variables macroeconómicas e todos os recursos con que contará a Administración galega ata o ano 2030 —nun exercicio de prospección que, evidentemente, é certamente ambicioso a unha data tan ampla—.



Elaboramos un estado coa orixe e aplicación de fondos finalistas e os seus destinos para todo o período, para evitar solapamentos de financiamento entre as diferentes modalidades e posibilidades de investimento que contén o plan. Agora estamos nesta fase de definición estratéxica. Logo viran as accións de goberno que se concretarán no orzamento que presentaremos en pouco máis dun mes. E despois virá a avaliación dos resultados, a comprobación de se acadamos os resultados pretendidos.

Loxicamente, a actual conxuntura, marcada polas tensións inflacionistas, como dicía antes, e o conflito de Ucraína, pode facer mudar as previsións iniciais, o que fará preciso adaptar os escenarios ás novas realidades xurdidas cando se consolide a situación e no marco das revisións periódicas que contemplamos tamén no propio PEG. Neste senso, o documento inclúe as proxeccións dos principais organismos nacionais e internacionais coñecidas cando se presentou no Consello da Xunta a finais do 2021 —realizadas xa daquela para os anos 2022 e 2023—. Porque, señorías, a experiencia dos dous plans anteriores ensináronnos que unha das principais claves para que a planificación teña ou non éxito reside, sen dúbida, no establecemento dun sistema de seguimento e análise. De pouco serviría ter unha moi boa planificación nun momento inicial do plan se non somos quen de ir medindo o seu impacto sobre os indicadores fixados e mesmo de adaptar as actuacións e os obxectivos aos cambios operados na realidade; ou tamén —se unha vez fixada unha liña de actuación se comproba que iso non funciona— poder mudala por un novo obxectivo ou por unha nova liña de actuación. Para iso, o Plan estratéxico 2022-2030 define un seguimento continuo da súa execución encaixado no ciclo orzamentario anual con tres tipos de indicadores: indicadores financeiros para establecer unha relación directa coas magnitudes orzamentarias, indicadores operativos ou de realización que permiten medir os resultados que se queren acadar cos concretos feitos, o input e ou output de cada política de gasto, asociados aos proxectos de gasto; e, finalmente, os indicadores de resultado co fin de comparar o valor acadado co inicialmente previsto nos diferentes obxectivos estratéxicos.

Reforzamos esta avaliación anual con outras dúas: unha avaliación á metade de plan, á metade do período da vixencia do plan, como dicía —unha avaliación intermedia necesaria nun plan dunha duración tan longa—, cos resultados acadados ata 2025 para analizar en especial se as metas fixadas seguen a ser pertinentes, oportunas e significativas nesa data; á que se sumará unha avaliación final cos resultados acadados no conxunto do período de planificación —neste caso ata o ano 2030—.

Igualmente quixemos —como no plan anterior— identificar unhas metas prioritarias que consideramos útiles para resumir os fins últimos e nas que tentamos ser ambiciosos sen perder o realismo. Cremos que Galicia pode acadar de aquí ao ano 2030 a practica converxencia con España en termos de renda bruta dispoñible e que superará o 90 % do PIB per cápita da Unión Europea.

En emprego, as prioridades son aumentar un 10 % a taxa de ocupación para baixar a taxa de paro ata o 8 %, reducir á metade o desemprego xuvenil e diminuír polo menos 6 puntos a temporalidade.

Para reforzar a saúde e a calidade de vida queremos aumentar de dezaioito a vinte e tres os anos de vida saudable ao chegar aos 65 anos.



No eido educativo queremos consolidar o bo sistema galego que temos —entre os mellores de España— reducindo noutros 5 puntos, ata o 6,5 %, a taxa de abandono escolar temperá; así como mellorar o rendemento do alumnado medido polas probas PISA.

A Galicia do 2030 ten que avanzar de forma decidida cara á neutralidade climática. A iso axudará o obxectivo de reducir as emisións de efecto invernadoiro ata o 55 % respecto das de 1990. E tamén a realidade nos está amosando que é preciso ter unha menor dependencia enerxética. Impulsaremos aumentar o peso das enerxías renovables ata acadar o 58 % do consumo total, o que significa superar en 13 puntos o recente plan aprobado pola Unión Europea, REPowerEU, e que no ano 2030 o 85 % da enerxía eléctrica proceda de fontes renovables.

Tamén se fixa como meta potenciar o peso do sector industrial —tamén de máis actualidade ca nunca—. E mellorar a competitividade é outra meta irrenunciable. Entre os obxectivos fixados temos que incrementar as exportacións —aumentando a base de empresas exportadoras de Galicia— ata o 45 % do PIB —10 puntos máis que na actualidade— e ampliar o tamaño medio das pemes nun 15 %.

Outra meta indispensable pasa por favorecer unha Galicia cada vez máis dixital e máis innovadora. Tentaremos duplicar o gasto en I+D ata aproximalo ao 2 % do PIB. Sabemos que é unha meta elevada e difícil de acadar pero tamén temos claro que é preciso ser ambiciosos neste eido. Quixera salientar aquí o esforzo realizado no sector público co PEG anterior, pois a porcentaxe de gasto en I+D máis que se duplicou, ao pasar do 0,14 % do PIB galego ao 0,32 %. Temos que ser capaces de que o sector privado nos acompañe neste avance. O Goberno galego está destinando cada vez máis recursos á I+D, pois xa representan o 1,9 % dos orzamentos, o dobre que no ano 2009.

Debemos continuar a ter tamén como meta reducir o risco de exclusión social, porque esta mellora da riqueza e do emprego debe chegar a todos. A meta fixada é diminuír noutras 150.000 as persoas en risco de pobreza e de exclusión social e que deixen de estar nesta situación. E, como décima meta, a eliminación das fendas de xénero, cunha equiparación, por exemplo, das taxas de ocupación feminina e masculina. Señorías —insisto—, son obxectivos ambiciosos pero fixados con realismo.

Co Plan estratéxico 2030 queremos seguir nesta senda de sustentabilidade financeira nesta década, que permitiría acadar no ano 2030 os obxectivos fixados na Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria, e no Pacto de estabilidade e crecemento, na súa distribución entre os diferentes niveis de administración. Porque, aínda que somos a terceira comunidade autónoma de réxime común con menor ratio de endebedamento de toda España —máis de sete puntos inferior á media—, é necesario manterse nesta sustentabilidade financeira. O noso compromiso é reducir nunha década máis de 6 puntos esta ratio débeda/PIB e rebaixalos na contorna do obxectivo fixado, o 13 %.

Remato xa, señorías.

Presentamos ao Pleno do Parlamento o instrumento máis importante de planificación estratéxica da Comunidade Autónoma, e facémolo co mesmo ánimo de consenso que ti-



vemos co anterior, que nos permitiu enriquecelo coas achegas dos grupos parlamentarios. Agardo que nesta ocasión tamén sexa posible, porque estamos a presentar un plan cun horizonte temporal de case unha década e deberá ser actualizado e adaptado nos orzamentos anuais.

Señorías, estou seguro de que os obxectivos que formulamos neste plan estratéxico son coincidentes cos que demanda o conxunto da sociedade galega, porque os compartín cos seus representantes e, por tanto, coas pretensións dos diferentes grupos da Cámara que a representan. Evidentemente, tamén existen diferenzas —sobre todo nas diferentes actuacións para acadar os obxectivos entre cada un dos grupos —lóxico tamén—; pero creo sinceramente que o Goberno trae un documento consensuado que pode ser enriquecido e apoiado en liñas xerais por todos vostedes. Agardo que, igual que no plan anterior, se poidan pactar as máximas resolucións posibles, porque o noso obxectivo é que este plan estratéxico, o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, sexa un plan de todos e para todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das propostas de resolución presentadas e, se é o caso, fixar a súa posición respecto da intervención do Goberno. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, antes de entrar no contido do plan estratéxico propiamente dito, quería volver facer unha serie de puntualizacións que os socialistas consideramos importantes. Este plan foi iniciado en 2019, e a finais de 2021 o expresidente Feijóo anunciou que ía entrar neste Parlamento no mes de xaneiro. Entrou sete meses despois e despois de ser presentado —como vostede ben sabe— o 2 de marzo nun foro privado. É dicir, chega a este Parlamento cinco meses despois de ser presentado nun foro privado e sete meses despois de ser anunciado polo expresidente Feijóo. É verdade que xa nos informaron vostedes na propia Comisión de que tardaron dous meses no recambio do presidente da Xunta de Galicia; polo tanto, entendemos que vostedes pasaron dous meses máis preocupados nese recambio que en traballar realmente para o benestar da cidadanía galega.

Vostede sabe que, ademais, unha vez que entra, os grupos da oposición temos dez días para poder miralo con detemento, debatelo e presentar as propostas de resolución. ¡Vamos!, unha mostra máis —desas ás que nos teñen habitualmente vostedes acostumados— desa transparencia e man tendida da que falan pero que en realidade nunca se materializa.

O plan que vostedes presentan —acaba de dicilo vostede— din que é para unha década, cando vostede sabe perfectamente que no mellor dos casos vai ser para oito anos, posto que,





aínda que se aprobe mañá, este plan estratéxico ten que ir acompañado duns orzamentos. E os orzamentos aínda se van debater e, polo tanto, van entrar no exercicio seguinte.

É un plan estratéxico sobre o que vostede acaba de comentar que ten incluídos determinados aspectos dos últimos impactos máis importantes, como pode ser a covid-19. Pero vostede sabe perfectamente que na páxina 87 do primeiro tomo do plan —non o dicimos os socialistas— di literalmente: «A información económica dispoñible sobre 2020 é provisional e menos detallada do que sería necesario para analizar con profundidade os efectos económicos da crise, por iso neste documento se analiza a actividade económica ata o ano 2019». É unha cuestión, señor conselleiro, que, cando menos, chama a atención, porque vostedes traen un documento que, precisamente para esa diagnose, non ten en conta os fitos socioeconómicos máis importantes acaecidos na nosa sociedade dende hai cen anos. Estamos a falar de que non introducen os efectos da pandemia da covid-19 e, polo tanto, tampouco introducen a realidade socioeconómica actual derivada da invasión de Ucraína con Putin. Evidentemente, esta última non, porque vostedes hai sete meses que teñen o documento, e entendemos que segue sendo ese documento.

Ben, pois a verdade é que vostedes puideron dedicar, señor conselleiro, estes sete meses que tardaron en traer este documento á Cámara a adaptar ese plan estratéxico á realidade que estamos a sufrir nestes momentos. Estamos a vivir unha situación socioeconómica moi diferente da que tiñamos a finais de ano e que nos afecta de maneira moi importante a toda a sociedade. Vostede sabe perfectamente que, aínda que os eixos deste plan estratéxico non muden, aínda que os obxectivos estratéxicos poidan ser similares, as liñas de actuación non poden ser as mesmas, señor conselleiro, ¡non poden ser as mesmas! E, polo tanto, téñense que adaptar a unha nova realidade que difire do momento en que vostedes elaboraron este plan estratéxico.

Pero a realidade é que este goberno do Partido Popular, o Goberno da Xunta de Galicia, sempre está máis preocupado pola publicidade e a propaganda. A vostedes o que máis lles importa é o que mañá vaia saír en todos os xornais, e que digan: «A Xunta de Galicia aproba o Plan estratéxico...». Bueno, incluso dirán que para os próximos dez anos. ¡Si, señor conselleiro, non ría porque é a verdade! E deberían estar máis preocupados en establecer medidas adaptadas á realidade que redunden na mellora da vida da cidadanía, que respecten o medio ambiente, que apoien os nosos sectores produtivos e cunha mellor gobernanza. Niso tiñan que estar preocupados, moito máis que nese slogan que tamén empregan na presentación, que lle chaman «O país que imaxinas». Señor conselleiro, semella que vostedes presentan un plan estratéxico para un país imaxinario pero non para un país real, e os socialistas queremos ter un país real, que se teñan en conta a situación socioeconómica actual, as nosas potencialidades, onde queremos chegar e como imos chegar.

Mire, vostedes mesmos poñen na páxina 37 do tomo I: «Débense ter en conta as carencias para deseñar a futura estratexia». E vostede sabe perfectamente que as carencias en 2022 non son as mesmas que as de 2019 e incluso nin sequera que as de 2021. Xa que logo, vostedes traen un plan estratéxico —xa llo dixen na Comisión— caducado, reseso e que perdeu vixencia antes de entrar neste Parlamento. Deberon aproveitar todos estes meses de parálise —pendentes da renovación do presidente do Goberno galego— en adaptar este plan estratéxico.



Mire, un plan estratéxico ten que ser un instrumento que guíe as políticas públicas partindo dunha realidade e con obxectivos claros que nos indiquen onde queremos chegar, como imos chegar e con que recursos imos chegar. O obxectivo dun plan estratéxico é deseñar a folia de ruta que se vai seguir para acadar as metas propostas e establecer de que maneira esas decisións se van transformar en accións partindo dunha análise da situación no momento da súa elaboración. Hoxe temos un escenario económico e social moi diferente do de 2019. Sabe que temos unha inflación moi importante que está afectando a todos os fogares —fundamentalmente a aqueles fogares máis vulnerables—. É unha inflación que está afectando máis os fogares galegos que os do conxunto do Estado. E sabe que en Galicia os datos do IGE do segundo trimestre do 2022 nos din que seguimos a ter 52.500 fogares con todos os seus membros en paro e 27.500 fogares nos que non entra ningún ingreso. Claro que despois a realidade é moi tozuda, e resulta que a primeira decisión de calado, ao ser investido presidente, que toma o presidente Rueda para combater esa situación dos fogares máis vulnerables é precisamente retirar esa tarxeta básica, que lles permitía ingresar entre 150 e 300 euros, en función do número de membros, para adquirir cousas tan fundamentais como produtos de alimentación, produtos de hixiene ou produtos de limpeza.

É tremendo, señor conselleiro, porque vostedes por un lado presentan un plan estratéxico que manifesta un obxectivo estratéxico, que é facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía e, en particular, ás persoas máis desfavorecidas, e no mesmo momento en que presentan ese plan estratéxico —que falan del e que lle dan publicidade a bombo e prato— pois resulta que retiran este recurso absolutamente necesario precisamente para esas familias máis desfavorecidas e cando máis soporte precisan da Administración.

Mire, a Xunta de Galicia elimina medidas que axudan a paliar os efectos negativos da situación actual mentres se dedican —e niso si que gastan bastantes esforzos— a criticar as medidas que pon á disposición o Goberno do Estado precisamente para paliar todos estes problemas. Vostedes van en contra, votan en contra, do ingreso mínimo vital, das pensións non contributivas, da creación dun bono social, de rebaixar os impostos aos combustibles, de limitar o incremento dos alugueiros, de incrementar o bono eléctrico e térmico para as familias que máis o necesitan, de rebaixar eses 20 céntimos do prezo dos combustibles, da excepcionalidade ibérica... E vostede sabe perfectamente que, ademais, o goberno de Pedro Sánchez, ese ao que vostedes están continuamente criticando, xa anunciou o incremento dun 24 % da achega á Xunta de Galicia para o financiamento autonómico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, anunciouno hai uns días e vostedes coñéceno perfectamente. Pero vostedes están máis preocupados en criticar e votar en contra cada unha das medidas que en poñer e en implementar medidas que realmente impacten na cidadanía.

Hai outras cuestións, pero, como vexo que o tempo xa me vai ser curto, vou entrar directamente xa no contido do plan estratéxico. Vostedes presentan un plan estratéxico que consta de 5 eixes, 21 prioridades e 70 obxectivos estratéxicos. Os socialistas presentamos 182 propostas de resolución, 182 propostas de resolución que si impactarían directamente nas persoas, no medio ambiente, nos sectores produtivos, no incremento do I+D+i e na boa gobernanza, facendo unha Galicia máis atractiva para vivir, con máis oportunidades, con maior e mellor emprego, con máis medidas de conciliación, con políticas de vivenda digna e accesible, mellorando os servizos públicos, axudando os máis vulnerables para que ninguén



quede atrás, mellorando, en definitiva, o benestar da cidadanía. Ao mesmo tempo construírían unha Galicia máis verde e máis respectuosa co medio ambiente ao tempo de acelerar o despregamento das enerxías limpas que nos leven a unha menor dependencia da importación da enerxía, respectando o medio ambiente, apostando por unha mobilidade menos contaminante, cunha economía que aposte polo I+D+i aproveitando o talento —nese no que investimos na nosa comunidade—, por un maior aproveitamento das nosas potencialidades apoiando os nosos sectores produtivos, traballando pola cohesión social e territorial sen que ninguén quede atrás e cunha gobernanza exemplar.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Como o tempo xa non me dá para moito máis, o que lle pedimos, señor conselleiro, é que acepten as nosas propostas de resolución. Seguro que redundarán na mellora da nosa cidadanía, seguro. Porque vostedes, en moitos dos plantexamentos que fan neste plan estratéxico, o que fan é unha emenda á totalidade de moitas das medidas que adoptaron durante estes trece anos. Moitas delas, durante estes trece anos, os socialistas trouxémolas unha e outra vez a esta Cámara. E ¿sabe cal foi o voto do Partido Popular? En contra. Porque vostedes están máis preocupados dos problemas partidistas, moito máis preocupados dos problemas...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...partidistas que de darlles unha solución aos problemas da cidadanía.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidente, señor Corgos, vou empezar a miña intervención coas palabras coas que rematei o debate do Plan estratéxico o pasado mes de xullo na Comisión de Economía e Facenda. Este plan non é oportuno dende un punto de vista político e constitúe un engano para o pobo galego. Retíreno, aínda están a tempo.

Para explicar o noso rexeitamento frontal a este documento convén empezar polo principio, é dicir, polo que entendemos que é un plan estratéxico. Dun xeito sinxelo poderíamos defini-lo como un documento que, a partir dunha análise da realidade, contempla unha serie de liñas guía das iniciativas futuras da Xunta de Galiza. ¿Para que? Para acadar os obxectivos que tamén deben estar claramente definidos e identificados. Polo tanto —e neste caso concreto—, trataríase dun documento que enmarcaría o rumbo da Xunta para os próximos oito anos, para nese tempo, coa actuación coordinada dos diferentes departamentos, acadar os fins establecidos. Así pois, estaríamos ante un plan que neste caso concreto se trataría dun documento que enmarcaría o rumbo, pero tamén un plan que pode condicionar as políticas públicas nos próximos anos e, polo tanto, pode ter efectos sobre as vidas dos galegos e das



galegas dende o punto de vista económico e social. Todo estupendo até aí, porque o papel aguanta todo —e máis aínda se é a cor—.

Pero sexamos serios, porque hai unha cuestión que debe quedar clara dende xa: que o que presenta hoxe o Goberno galego non é un plan estratéxico para o noso país, senón unha estratexia do Partido Popular para intentar ocultar a incompetencia do señor Feijóo e agora a inoperancia do goberno do señor Rueda. Pero este plan, como é mentira, ten as patas moi curtas. Este plan estratéxico fixa cales son os obxectivos e as prioridades de actuación, é certo —e, polo tanto, a onde queremos chegar—, pero para chegar a un sitio o primeiro que hai que saber é onde estamos e, sobre todo, como estamos, unha diagnose do país, como dicía vostede ben. Por iso é tan importante, para a elaboración dun plan deste tipo, analizar en profundidade, con honestidade, pero tamén con frialdade e precisión cirúrxica, a situación social e económica do noso país; así como facer unha lectura realista das políticas implementadas pola Xunta nos últimos anos, que son, en definitiva, as que nos trouxeron até a situación actual. E, partindo desa base, hai que facer unhas previsións realistas a medio e longo prazo. E aquí está realmente o quid da cuestión, señor Corgos. Como vostedes non fan unha lectura realista de cal é a situación do país, tampouco as previsións son reais. Polo tanto, o plan é papel mollado.

Así llo plantexamos cando vostede compareceu a primeiros de xullo na Comisión 3ª para presentalo. Hoxe, igual que fixeron na Comisión, dixo que é un documento flexíbel, con mecanismos de corrección e bla, bla, bla..., e que ademais permitiría facer axustes finos ante as posibles eventualidades non contempladas. Iso díxoo na Comisión 3ª. Hoxe non o dixo. E dígolle outra vez: moito van ter que afinar, porque hai moito que afinar. Porque neste plan pararon o reloxo xusto no momento que máis lles conviña para non ter que analizar en profundidade cuestións que condicionan de xeito determinante o escenario económico e social, como son a medición definitiva do impacto da pandemia, a profunda crise económica provocada pola suba dos prezos —que xa a principios de ano era evidente— ou os cortocircuitos na cadea de subministracións coa grave crise enerxética —agravadas, e moito, pola guerra na Ucraína—.

Isto xa de por si descualifica este plan estratéxico do PP. Porque estas cuestións condicionan de xeito determinante o escenario económico e social da Galiza. O máis preocupante de todo isto, e que amosa a arrogancia —permítanme a palabra— e tamén a irresponsabilidade coa que se moven, é que ata o propio Consello Económico e Social lles advertiu na súa memoria do ano 2020 do forte impacto na economía da crise do coronavirus, do aumento do desemprego e da desigualdade social. Pero a vostedes entroulles por un oído e saíulles polo outro, ¡non vaia ser que a realidade lles chafe o relato de que en Galiza todo vai xenial! (Aplausos.), ¡xenial!, efectivamente, en Galiza vai todo xenial.

Por iso, segundo a enquisa das condicións de vida do ano 2021, publicada polo INE —publicada en agosto—, o 25,2 % da poboación galega, case 700.000 persoas, están en risco de pobreza ou exclusión social. É dicir, que non entran nas súas casas máis de 700 euros. Desas 700.000, 167.000 atópanse en situación de carencia material e social severa, duplicando a porcentaxe do ano anterior, é dicir, do ano 2020. Estar nesta situación —é importante recordalo— supón non poder permitirse unha comida de carne, polo ou pescado cada dous días, ou manter a vi-



venda a unha temperatura adecuada cando vai frío. Se isto era así no ano 2020 e no ano 2021, xógolle o meu ril esquerdo a que neste ano, no ano 2022, a situación non mellorou, non mellorou para nada. Ocupamos o vagón de cola en canto a salario medio e pensións. Un e outras son das máis baixas do Estado, só por riba de Estremadura. Acabamos de ver os datos da inflación de agosto, que sitúan a variación interanual nun 11 %, por riba —outra vez, un mes máis— da do Estado. E, analizando tamén o tema das pensións con perspectiva de xénero, observamos que son as mulleres as que máis sofren e as que teñen as pensións máis baixas, precisamente, pola fenda salarial. O peso da industria na nosa economía é moito máis baixo que nos países da contorna, onde representa o 20 %. Aquí na Galiza é o 15 %.

¡O seu plan estratéxico non contempla ningunha destas cuestións! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non é así, non é verdade. ¡Como pretenden que tomemos este documento en serio!

Fronte á realidade social e económica deste país, que é a que acabo de relatar argumentándoa, temos a propaganda e o fume da Xunta de Galiza do señor Rueda, iso de que hoxe Galiza crece máis e mellor, que avanza máis que o seu entorno, que o reto agora é deseñar con axuda de todos a Galiza que imaxinamos para a vindeira década, e que o Plan estratéxico 2022-2030 deseñará a Galicia do futuro. ¡Eh, señor conselleiro, señores do Goberno ausentes...! Por certo —vostede acaba de dicilo—, é o debate sobre o plan de planificación máis importante da Xunta de Galiza e non están presentes.

¡Que imos dicir! Fronte á propaganda e o fume da Xunta de Galiza e do señor Rueda, temos as nosas propostas de resolución, que parten da situación real do noso país e teñen vocación transformadora.

Presidente, non sei se alguén quere dicir algo, porque oio un murmurio deste lado. (*Murmurios.*) Non sei se é posible chamar á orde ou a atención. (*Murmurios.*) Creo que o respecto é bastante importante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Como dicimos, señor Corgos, temos as nosas propostas. Vaíamos ao importante, non imos perder tempo.

No relativo ao emprego hai que impulsar a creación de postos de traballo vencellados ao sector público, en sectores económicos estratéxicos e en sectores emerxentes, priorizando, iso si, un emprego estábel e de calidade, a inserción sociolaboral da mocidade e das mulleres, a reversión do devalo demográfico, a remuda xeracional e a reorientación e transformación da economía galega.

Hai que elaborar tamén unha estratexia galega de seguridade e saúde laboral para erradicar esta lacra na que desgraciadamente somos líderes a nivel europeo dende hai anos. Como liña complementaria do anterior, é necesario acadar a transferencia inmediata dos recursos e das competencias da Inspección de Traballo.

Para mellorar o benestar e a calidade de vida das familias propoñemos abordar de maneira singularizada a realidade das familias monoparentais, para garantir a conciliación familiar e



laboral, sobre todo, das mulleres nais, que son o 80 % das monoparentais na Galiza. Hai que ampliar tamén a rede de escolas infantís públicas no rural e, en habitabilidade, impulsar un plan de vivenda galego e aumentar a porcentaxe de vivenda pública até, canto menos, un 5 %.

En asistencia sanitaria hai moito que propoñer: dotar de máis recursos a atención primaria, até un 25 % máis de orzamento, para chegar canto menos á media do Estado; planificar o número de profesionais para axustalos ás necesidades reais; eliminar as listas de espera nos hospitais e incrementar o número de profesionais; un plan galego de saúde mental e de prevención do suicidio; aumentar os centros residenciais de maiores, as prazas públicas de xestión directa e buscar o tan necesario novo modelo residencial, que sexa máis próximo, comunicativo e tamén participativo.

Hai que fomentar a economía baixa en carbono promovendo o autoabastecemento mediante placas solares, desenvolvendo sistemas de autoconsumo comunitario e comunidades enerxéticas locais, un novo plan eólico, por suposto, e unha empresa pública de enerxía.

En I+D+i hai que acadar, polo menos, un investimento do 3 % do PIB para o ano 2030, e impulsar tamén a creación do Innogal. En industria, impulsar a actividade industrial para que represente o 25 % do PIB no ano 2030 e impulsar a constitución de centros tecnolóxicos asociados a sectores industriais estratéxicos, como o naval ou o enerxético.

En educación cómpre un plan orzamentario dotado con 100 millóns para a contratación de profesorado, repoñer prazas, gratuidade universal dos libros de texto e material didáctico; e, respecto da lingua e da cultura, potenciar a lingua e a cultura galegas como elementos clave para acadar unha sociedade inclusiva e cohesionada, pero tamén polo valor económico e de xeración de emprego que ten.

En xestión financeira —fundamental, e que tampouco se contempla no plan— hai que negociar un novo modelo de financiamento que garanta a suficiencia financeira para impulsar políticas de gasto que posibiliten a consecución dos obxectivos estratéxicos e, polo tanto, do autogoberno.

Estas son algunhas das nosas propostas explicadas a grandes trazos, que debullamos e concretamos no documento remitido a todos os grupos da Cámara. Son propostas pensadas para dar resposta ás necesidades reais das persoas e partindo dunha diagnose honesta da situación social e económica deste país. Porque temos os pés na terra, pateamos as rúas, escoitamos a xente, coñecemos a realidade do noso tecido produtivo, das pequenas e medianas empresas e dos autónomos. Temos o país na cabeza e cremos firmemente nel. Estar coas galegas e cos galegos, ter o corazón coa xente, é unha cuestión de razón, mais tamén é necesariamente unha cuestión de vontade.

Na Galiza existe unha sociedade madura que vén de sufrir as consecuencias durísimas dunha pandemia que amosou ás claras as consecuencias da ideoloxía do Partido Popular, que se evidenciaron nas debilidades e eivas do sistema sanitario e educativo, que se tensionaron ata o límite e non quebraron grazas, única e exclusivamente, á xenerosidade e implicación dos profesionais e das profesionais. E a pandemia provocou unha crise económica que en-



lizou sen tempo de recuperación co fenómeno inflacionista, a deterioración das condicións de vida das clases populares deste país e a posibilidade cada vez máis plausíbel de entrar en recesión económica.

Ante esta situación, intentar vendernos este plan que obvia a realidade social e económica e infravalora a posibilidade dunha recesión é un insulto para os galegos e para as galegas. As nosas propostas parten da realidade. O seu plan, pola contra, ten os pés de barro, constitúe unha irresponsabilidade política e un engano ao pobo galego. Por suposto, e por responsabilidade co noso país, non o imos apoiar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez López.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Permítanme recordar o que é un plan estratéxico, porque ás veces un pode perder a noção do que se está a debater nun momento determinado despois de escoitar os membros da oposición que acaban de intervir. É simplemente un proceso, un instrumento, a través do cal os líderes dunha organización definen obxectivos de futuro, identifícanos, establecen metas, establecen secuencias para a consecución deses obxectivos e mecanismos para revisar se se están cumprindo eses obxectivos ao longo do tempo a través dun proceso de retroalimentación da información que se adapta ao contorno. Polo tanto, do que se trata é precisamente de evitar a miopía, o debate en curto, o debate que ata se centra en se hai máis ou menos conselleiros... Eu, certamente, creo que iso xa demostra a curtidade do debate. Nós, evidentemente, non cualificamos a importancia dun debate pola presenza ou non de determinados deputados. Pero simplemente cremos que xusto é o contrario do plantexamento que vostedes fixeron. Un plan estratéxico é xusto o contrario da miopía, é un instrumento, en definitiva, que dá certeza alí onde se quere xerar incerteza.

Este é o terceiro plan estratéxico de Galicia. Levamos tres con este. Houbo o Plan 2010–2014, o 2015–2020 e agora o 2022–2030. O último, o 2015–2020 foi un plan que ten un balance razoable. É autocrítico, porque, ademais, en moitos dos obxectivos que estaban alí se avanzou cara á súa consecución. Moitos deles superáronse, algúns cumpríronse e a algúns non se chegou. E, polo tanto, o propio plan é un exercicio, se queren, de reflexión sobre como estamos orzando e actuando desde as administracións públicas para obter obxectivos que en xeral son compartidos. O certo é que Galicia con ese plan tivo mellor comportamento na crise da covid, cunha caída do 8,9 % do PIB no 2020 mentres que España caeu o 10,8 %; mellor recuperación no 2021, cunha suba do 5,2 % cando España creceu no seu conxunto o 5 %; e, ademais, no crecemento do PIB per capita no período 2015–2019 —que estaba xusto nunha cifra que no seu día se cualificou de moi optimista e que era do entorno do 2,5 % de media anual, cousa que se conseguiu— houbo maior crecemento que a media de España, o que deu lugar a un período de converxencia.



Pois ben, estes, ademais, son resultados que un pode esperar se analiza a literatura académica sobre o que é a planificación estratéxica e o que se persegue con ela. Foi introducida nos anos oitenta e hai distintos modelos. Dela vén a famosa análise DAFO, que é utilizada en moitas organizacións públicas e privadas, e tamén polos partidos políticos. E o que nos din as análises académicas é que os plans estratéxicos, con independencia das actitudes da medición, con independencia de que os obxectivos sexan ou non perfectamente establecidos, contribúen á eficacia xeral para a consecución deses obxectivos que se marcan as organizacións e teñen éxito na efectividade das actuacións públicas, aínda que este éxito depende basicamente de tres variables: o liderado, a participación e a integración con outros instrumentos de planificación. E os tres elementos eu creo que están claramente recollidos no plan estratéxico que hoxe presentou na Cámara o conselleiro de Facenda. Hai liderado, evidentemente, que deriva da capacidade que ten a maioría de exercer ese liderado. Polo tanto, a súa posta en marcha e a estabilidade que hai en Galicia permiten ese liderado. En segundo lugar, hai participación. Eu creo que vostedes non escoitaron que na elaboración deste plan estratéxico —para defini-lo— participaron entre trescentos e trescentos cincuenta representantes da sociedade civil e expertos e técnicos da Administración. ¡Ah, señor Pérez!, eu creo que esta xente ten os pés no chan. E na miña opinión non só teñen os pés no chan senón que teñen a cabeza nos temas sobre os que aconsellaron as modificacións e as suxestións que se incorporaron ao plan. E, evidentemente, tamén o intentamos no Parlamento, co sistema de debate máis longo que permite o Regulamento, co artigo 142, que é o máis participativo que hai. De feito, o conselleiro compareceu, tiveron vostedes tres días para presentar emendas, pasou todo o verán e, como saben vostedes, tivemos tempo para intercambiar opinións tanto sobre as súas propostas como sobre as nosas propostas de transacción ás que agora farei referencia. E, finalmente, ten integración, particularmente cos programas operativos da Unión Europea e cos obxectivos de desenvolvemento sostible; programas operativos da Unión Europea que, reforzados cos fondos Next Generation, poden implicar un crecemento adicional da economía galega —da contemplada, evidentemente, neste plan estratéxico— do 1 % sobre o crecemento orixinario sen ese tipo de apoio desde a Unión Europea.

Por resumir, cito conscientemente unha persoa que xa foi citada, unha autora que foi citada nesta Cámara, Mariana Mazzucatu: «*Cuando la inversión pública se hace de manera estratégica con un sistema de organizaciones en la esfera pública que invierten en ámbitos de crecimiento a largo plazo, incluyendo los factores clave que aumentan la productividad, la educación, la investigación, las conexiones entre ciencia e industria, la formación del personal, una financiación paciente, etc., atrae la inversión del sector privado. Al ampliar la capacidad no causa inflación. Hacer que los ciudadanos se mantengan sanos mediante un enfoque holístico de su bienestar, también amplía la capacidad. Las inversiones públicas a largo plazo y orientadas por visiones estratégicas tienen además una mayor posibilidad de crear un efecto multiplicador significativo*». Pois ben, disto é do que estamos a falar e non doutras cousas.

O plan estratéxico, os tres tomos, definen cinco eixos —demografía, sostibilidade, competitividade, cohesión e gobernanza—, catro principios horizontais —participación, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, igualdade de oportunidades na educación e desenvolvemento sostible—, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos —algúns tan precisos como a renda dispoñible, que confiamos en que estea na media de España ao remate do período—. Hai indicadores de toda clase, indicadores financeiros, indicadores de





realización, indicadores de resultado e un seguimento continuo, cunha revisión anual, unha revisión intermedia e, finalmente, a revisión final.

A señora Rumbo, igual que fixo o portavoz nunha entrevista esta fin de semana, di que isto non está actualizado porque non se contempla a inflación. Eu quero recordar que nas propostas que fai de emenda o Partido Socialista só se menciona a suba de prezos nunha. Fan 182, e isto, que é a crítica global ao plan, só se inclúe nunha —e para ter en conta que é necesario axudar as persoas máis desfavorecidas, cousa que está incluída no plan—.

Polo tanto, facer estas descualificacións de que o plan quedou obsoleto porque hai inflación é non saber o que é un plan estratéxico. Porque, precisamente, factores que van cambiando ao longo do tempo, como é a propia inflación, e que se van incorporando aos orzamentos, non deben dificultar que sigamos estando de acordo en que debemos mellorar a educación, en que debemos mellorar a sanidade ou en que debemos dixitalizar a economía. Entón a inflación non é unha cuestión que faga obsoleto un plan, se un entende o que é un plan estratéxico. No plan contémpanse escenarios financeiros, obxectivos, políticas para desenvolver e tamén retroalimentación, e, polo tanto, adaptárase ás circunstancias, como os niveis de prezos ao longo do tempo.

Afrontamos este debate na procura dun amplo consenso, coa sociedade civil —aí están as cifras de participantes—, cos expertos, cos directivos da propia Administración e tamén cos grupos da oposición. Temos o aval do que pasou no último plan. Nós, por exemplo, ademais de que se fixeron públicos os resultados —que son un instrumento estupendo para facer oposición, por certo, pero, bueno, eu non lles vou dar pistas de como facer oposición—, fixemos, desde logo, un esforzo, pactamos o 25 % das propostas naquel momento e, polo tanto, nesta ocasión volvemos coa man tendida. Nós presentamos tres emendas, unha recomendando, loxicamente, que se aprobe o plan e dúas relativas á pesca, que melloran o texto en función da economía azul e da política pesqueira comunitaria. Certamente, creo que é un bo plan. Desde logo, non é, como se dixo en comisión, un churro, o que é unha expresión que reflicte pouco coñecemento tamén do que é a planificación estratéxica pero, sobre todo, do que é a repostería, porque un churro é un material excelente para desayunar e vir a un debate como un ten quen vir. *(Aplausos.)*

Digo que, pese a todo isto, nós ofertamos 41 transaccións ao Bloque sobre 25 das 36 propostas de resolución. Ao Partido Socialista xa lle comentamos que lle aceptabamos seis directamente e que lle ofertamos, sobre as súas 182 propostas de resolución, 89 transaccións. Xa sabemos que o Bloque —xa o dixo o portavoz— o que fai é unha oposición frontal e, polo tanto, parece que vai ser pouco frutífero este intento de negociación. Esperemos que co Partido Socialista sexa un pouco máis amplo.

En calquera caso, nós pensamos que o plan é un instrumento de futuro, tecnicamente axeiado. E, sobre todo, a vostedes o que lles pasa politicamente é que lles desfai a idea de que o Partido Popular non ten un proxecto de país. Está reflectido e consensuado coa sociedade galega no propio plan estratéxico.

Decía tamén o representante do Bloque que non temos os pés no chan e, en fin, que non facemos unha lectura realista da realidade. Parece que a lectura realista da realidade o que



pide é unha empresa pública de enerxía, o que pide é un cupo e, en contra do que dixeron os expertos e que vostedes propuxeron na comisión de financiamento autonómico, pide a transferencia do imposto de sociedades, jén contra da opinión dos seus expertos! Pero quen non ten os pés no chan é o Grupo Popular. Vostedes piden, como unha proposta de emenda, acadar «un novo status político para Galiza» que garanta a máxima capacidade de decisión. Isto é non ter os pés na terra. Felicitar e animar o movemento independentista en Cataluña non é ter os pés na terra se un pensa no benestar de Galicia, porque iso está estudado e sábese o impacto que tería sobre a economía e o financiamento de Galicia. Apostar pola superación do marco legal do déficit e da estabilidade financeira demandando do Goberno central a derogación da normativa sobre estabilidade financeira, é dicir, o artigo 135 da Constitución, iso é non ter os pés no chan. Pero é non ter os pés no chan nin en Galicia nin en España nin en Europa. E non sei se nalgún outro sitio poderían ter os pés no chan facendo emendas a un plan estratéxico que busca obxectivos en educación, en sanidade, en políticas sociais, etc.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** En fin, remato presidente.

Nós pensamos, conselleiro, que acometer o PEG na actual conxuntura é máis importante ca nunca, é máis relevante. Felicítamos o Goberno por esta iniciativa. O obxectivo xenérico do Plan estratéxico é un mellor uso dos recursos escasos, mitigar os efectos das turbulencias económicas e políticas que estamos a vivir. Porque a importancia final non é tanto acertar —insisto— ao cen por cento nas medidas, nas tarefas e medicións que inclúe o plan, senón establecer esa cultura de priorizar obxectivos de organización, da organización pública autonómica, para optimizar os esforzos e chegar a uns resultados de xestión pública que sirvan aos intereses xerais, que sirvan ao pobo de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Como xa comentei, o debate e votación continuará mañá mércores, día 14, despois da votación das proposicións non de lei.

E lémbrolles que, por resolución desta presidencia, hai un prazo para que os grupos presenten no rexistro da Cámara as posibles propostas de resolución transaccionadas, que remata ás 18.30 do día de hoxe.

Continuamos agora coa orde do día do pleno; neste caso co punto segundo, o de comparencias.

Acumúlense, para a súa exposición e debate conxunto, as dúas comparencias da orde do día.



## **Comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2022-2023 no ensino non universitario en Galicia**

### **Comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos problemas que denuncia a comunidade educativa no inicio do curso escolar 2022-2023 e das necesidades de persoal e de recursos do sistema educativo galego**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos, polo tanto, e, para iso, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González):** Moi bos días, señor presidente.

Señorías, quero comezar esta comparecencia, que se centra no inicio do actual curso, expresando o recoñecemento e o agradecemento público ao exemplar comportamento do alumnado, das familias, do profesorado e do conxunto de profesionais que dedican o seu traballo a mellorar a educación neste país. Unha vez máis, a comunidade educativa amosou a súa capacidade para centrarse no importante e que, un curso máis, o alumnado, con independencia da súa idade e de onde viva, acuda ás aulas con normalidade e recupere con ilusión a súa formación académica.

Estamos ante un arranque de curso escolar diferente. Cada ano é diferente, pero este é aínda máis. E tamén estamos, hai que dicilo, ante un arranque de curso no que hai cousas que parece que non cambian e que son absolutamente repetidas

¿Por que é un curso diferente? En primeiro lugar, as clases comezaron todas o mesmo día para todos os niveis educativos do ensino non universitario. Vexamos atrás os dous anos escolares que comezaron con medias excepcionais para paliar os efectos da crise pandémica. Estamos ante unha normalidade practicamente real nestes momentos. E tamén toca poñer a funcionar os centros con necesidades distintas á do curso pasado. Temos diferentes matrículas nos diferentes niveis educativos. Temos a convivencia de dous marcos legais distintos e novos currículos —neste caso por efecto da aplicación dunha nova lei orgánica, a LOMLOE—. E temos tamén uns fortes efectos da inflación na economía das familias.

É tamén un curso que arranca con aspectos repetitivos. Un ano máis —e a verdade é que xa perdemos a conta— a oposición fala coa súa palabra ou co seu termo fetiche, «recorte de profesorado», nada máis, e sen importar a baixada do número de alumnos, sen importar a súa distribución xeográfica, sen tampouco ter en conta a obrigada reorganización dos centros en función das dinámicas demográficas ou simplemente se existen ou non existen alumnos.

Levamos menos dunha semana do novo curso e comprobamos, excepto algunha incidencia puntual que se irá resolvendo ou que se está a resolver, que a normalidade é o día a día e é o ordinario neste inicio de curso. Comprobamos tamén que as comunidades educativas teñen tido, teñen e terán un comportamento exemplar. E todo isto pese á improvisación e á desorganización que supuxo para o sistema o desenvolvemento estatal da LOMLOE, non só en Galicia senón no conxunto de España, e onde afortunadamente as comunidades autónomas —e aquí digo as comunidades autónomas de todas as cores políticas— tivemos que paliar nos últimos meses as dificultades para facilitar as cousas aos centros educativos.



Toca tamén agora falar das diferentes visións políticas que soe haber e hai sempre nos inicios de curso. No que corresponde á Xunta de Galicia, á consellería, eu vou tratar de presentar nesta cámara as políticas educativas que permiten arrancar o novo curso escolar. Veremos —a verdade é que teño pouca esperanza— se dende a oposición os voceiros elixen facer un debate construtivo ou se prefiren, como ata o momento, seguir facendo política co ensino e simplemente atacar todo o que se fai dende a Xunta. Nós plantexamos políticas educativas, outros plantexan facer política co ensino.

E quixera comezar dando uns datos básicos que penso que é moi importante ter en conta. Este curso arrancou con 311.179 alumnos en infantil, primaria, educación especial, ESO e bacharelato. Non temos aínda pechados os números de FP, sabemos que segue a medrar; a día de onte tiñamos máis matriculados que o ano pasado no mesmo día, aproximadamente 55.000 máis; o ano pasado foi o ano do máximo histórico de matriculados de formación profesional. O prazo de matriculación remata o 23 de setembro e contamos —estamos seguros— con que esta cifra de 55.000 se vai incrementar e vai estar outra vez a formación profesional en datos históricos.

Temos tamén un servizo de transporte escolar creo que tremendamente significativo: 80.285 alumnos. E un sistema, un servizo de comedor escolar tamén dunha enorme dimensión: 77.000 persoas todos os días comen nos centros educativos de Galicia.

Un curso máis tamén organizamos a actividade dos centros educativos tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e, por suposto, de xestión responsable dos recursos. Estamos tamén a falar de retomar a actividade lectiva en 1.591 colexios e institutos, dos cales 1.206 son de titularidade pública. Cada curso escolar implica adecuar abondosos recursos materiais e humanos para atender a un número de alumnado que cada ano sofre variacións e que conta con necesidades e demandas distintas e en distintos lugares, e, por suposto, sempre, sempre, respectando e cumprindo os marcos legais establecidos pola normativa vixente.

Como dicía, cada ano estamos ante un curso diferente, pero este, sen dúbida, éo aínda máis. Estamos afrontando varios retos: o cambio da situación da covid, a extensión da aplicación da LOMLOE, intentar minimizar os efectos da inflación sobre as familias, por suposto afondar na boa calidade do ensino galego e, en quinto lugar, tamén adecuar o sistema educativo á realidade demográfica e formativa. Para afrontar estes retos, a consellería xa tivo que adoptar decisións e medidas nos últimos meses, no curso pasado, e ten intensificado o traballo ao longo dos últimos meses e, de xeito moi especial, nas semanas previas ao 8 de setembro, data do comezo das clases.

Cambio da situación covid. Afortunadamente, eliminamos practicamente todas as restricións covid. Non haberá este curso académico un protocolo específico de adaptación ao contexto covid no ámbito educativo. Mantéñense unhas lixeiras recomendacións vencelladas á ventilación dos espazos, á hixiene de mans, ao uso da máscara se hai síntomas nos alumnos. E, por suposto, estas recomendacións somos conscientes de que son obxecto dunha revisión continua. E, por suposto, a consellería vai cumprir, sempre vai estar atenta á dinámica e aos mandatos que xurdan neste caso das autoridades sanitarias, tanto autonómicas como estatais. Temos tamén un dato a favor: a porcentaxe de vacinación infantil máis alta de España.



No tocante á extensión e á aplicación da LOMLOE, neste punto eu quixera tamén ser moi claro, porque hai algúns que perciben como un ataque a avaliación e o diagnóstico que se está facendo da LOMLOE. Pero estamos simplemente ante a constatación dunha realidade, unha constatación que, por certo, é compartida por unha grandísima porcentaxe das comunidades autónomas, con independencia —volvo insistir— do partido político que a governe, que será en toda España. E para iso non hai nada máis que revisar as hemerotecas ou falar cun representante doutras comunidades autónomas. Estoume a referir a un feito obxectivo; neste curso 2022-2023 van convivir dúas leis educativas estatais: a LOMLOE, cursos impares; a LOMCE, nos cursos pares. Isto non é a primeira vez que pasa, pero é un feito obxectivo.

É tamén coñecido —e non o negamos— que non compartimos unha lei que, na nosa opinión e na opinión de moitos expertos, baixa a calidade e vai en contra da igualdade e da cultura do esforzo. Hai exemplos claros nos enunciados da propia lei: permite pasar de curso con independencia das asignaturas aprobadas ou suspensas, elimínanse os exames de recuperación, elimínanse no enunciado da lei as notas numéricas. Non nos gusta a LOMLOE —non o negamos—, pero en Galicia —tamén o quero dicir moi claro— somos absolutamente respectuosos e cumprimos a lei, algo que noutras comunidades autónomas pois case é inaudito. Agora, iso si, aplicámola do xeito máis laso posible. E ¿por que o facemos? Non o facemos por partidismo, por intereses políticos; facémolo porque Galicia ten un fantástico modelo e un fantástico sistema educativo. (*Aplausos.*) E queremos blindar un modelo que ten bos resultados, de excelencia; así sae nos informes comparativos tanto nacionais como internacionais; e queremos tamén minimizar o impacto negativo naqueles aspectos máis lesivos para o noso modelo da lei educativa estatal.

Pensando nunha axeitada formación para o alumnado galego e no marco das competencias autonómicas, e cumprindo a LOMLOE, fomos quen de encauzar, de corrixir moitas eivas do ministerio. En primeiro lugar, completamos e ampliamos os contidos en materias como Historia ou Filosofía; reforzamos as competencias básicas no ámbito lingüístico, humanístico, matemático e científico. En promoción e titulación, pese a que se modificaron as regras á metade de xogo, nós intentamos introducir melloras para preservar a cultura do esforzo e dar garantías xurídicas ao profesorado. Ampliamos a ESO unha serie de criterios —que, por certo, o ministerio si fixa en bacharelato pero non en ESO— e que parecen tan lóxicos que para promocionar de curso haxa unha nota media dun 5 por parte do alumno, algo tan lóxico coma isto. Tamén incluímos cualificacións numéricas; a lei só fixa cualificacións literais —insuficiente, suficiente, ben—; nós pensamos que isto hai que reforzalo cunha nota numérica, porque non é o mesmo un 6 ou un 7, non é o mesmo un 7 que un 8,75; e pensamos que é importante darlles ás familias e ao alumnado a máxima información posible.

Tamén é certo —dito o anterior— que hai un feito que está marcado, tremendamente marcado pola entrada en vigor dos currículos da nova lexislación estatal e que sucede no conxunto de España. Dende a Xunta levamos máis dun ano advertindo da aplicación caótica, atropelada, con prazos imposibles de cumprir pola Comunidade Autónoma galega e por moitas comunidades autónomas do conxunto de España máis; e as hemerotecas e tamén o propio *Diario de Sesións do Parlamento* é proba disto. Agora estamos sufrindo toda España e tamén Galicia as consecuencias da politización e da desorganización que introduciu no sistema educativo o Goberno central.



Hai que lembrar que a LOMLOE foi aprobada en decembro, a finais do ano 2020; fixeron falta dúas ministras diferentes para que o ministerio aprobase e publicase no ano 2022 os currículos de referencia, en concreto nos meses de febreiro, marzo e abril (infantil, primaria, ESO e bacharelato). Estas datas de aprobación supuxeron que o ministerio incumpriu os seus propios prazos e, por suposto, condicionou a acción administrativa das comunidades autónomas. Pese a isto, dende Galicia fixemos os deberes para dar certeza ás familias e tamén aos docentes.

Todos os currículos de Galicia son coñecidos desde abril. Previamente, houbo un intenso traballo cos diferentes grupos de traballo — máis de cen profesionais educativos —, que, en base aos borradores que plantexou o ministerio, fomos facendo a parte correspondente á comunidade autónoma, co obxectivo de axilizar ao máximo os prazos e desenvolver a parte autonómica dos textos normativos. Esta posta á disposición dos textos, dos currículos e a súa publicación en abril foi básica para que se puidese avanzar na estrutura organizativa dos centros, como se organizaron os centros, que horarios se fixaron nos centros. E foi tamén fundamental para que as entidades puidesen comezar a traballar nos contidos formativos por parte das editoriais e tamén, por suposto, por parte do profesorado.

Tamén en abril, e nesta cámara, expliquei que os currículos oficiais publicados polo ministerio diferían notablemente nalgúns aspectos dos borradores remitidos con anterioridade, polo que os vinte e sete grupos de traballo que en Galicia levaban meses traballando tiveron que volver revisar todos os contidos e facer os axustes precisos. Anticipo que como crítica —xa sei que o van dicir— dirán que outras comunidades autónomas conseguiron aprobar os currículos antes do inicio do curso e en Galicia non; vano dicir, xa o dixeron publicamente. Tamén se esquecen de mencionar que outras moitas comunidades tampouco os teñen aprobado e esquécense basicamente de algo que xa explicamos en abril: que os textos dos currículos son decretos que no caso autonómico de Galicia teñen que pasar unha tramitación administrativa de arredor de seis-sete meses. A tramitación administrativa noutras comunidades autónomas ou noutras comunidades autónomas que non fixeron decreto, que quedaron en simples ordes, é diferente á galega, pero en Galicia os tempos eran estes. O decreto do currículo de educación infantil xa foi aprobado —sábemo perfectamente— e xa foi tamén publicado. E estamos neste momento no último trámite do Consello Consultivo, e agardamos que os currículos poidan ser aprobados no menor tempo posible, calculamos nas primeiras semanas do curso.

En calquera caso, señorías, dende a Xunta advertimos claramente, e en reiteradas ocasións e durante meses, que o atraso do ministerio na aprobación definitiva dos currículos ía dificultar a organización do novo curso e que ía traer problemas. E, pensando precisamente nesta situación, no ensino galego comezamos a traballar para minimizar os efectos da aplicación da LOMLOE, que foi de todo e é de todo menos tranquila. E por iso dende a consellería presentamos e distribuímos os borradores definitivos dos textos aos centros para que puidesen facer os horarios e planificarse con antelación. Non houbo ningún problema neste ámbito.

Tamén respecto das editoriais, para poder preparar os libros de textos e os materiais de apoio. En Galicia é a situación exacta que noutras comunidades autónomas e no conxunto de España.



E tamén adaptamos a formación do profesorado, xa que hai novas materias, novas metodoloxías, novos enfoques. Onte mesmo presentamos o plan de formación do profesorado do conxunto da Comunidade Autónoma e tamén publicamos unha serie de instrucións para dar certezas e creamos unha aplicación informática para que os profesores puidesen elaborar a súa programación didáctica con máis facilidade e máis rigor e adaptada á nova lei.

Nestes días a verdade é que, non exento de sorpresa, levo escoitando e teño escoitado que «a Xunta ten unha folla de ruta para dinamitar o inicio de curso por negarse a actualizar os currículos» —leo literalmente—. É unha acusación curiosa, tremendamente curiosa, sobre todo tendo en conta que os problemas xerados, por exemplo, ás librerías, ás editoriais de toda España, son os mesmos, con independencia de que as comunidades autónomas teñan aprobado ou non de xeito definitivo os seus currículos. Ao longo do 2022, deste ano, nos meses pasados, moitas comunidades autónoma de diferentes partidos políticos —algúns tamén do Partido Socialista—, editoriais e incluso algún sindicato pediamos ao ministerio que publicase os currículos dunha lei que —repito— foi aprobada a finais do ano 2020. As hemerotecas non me deixarán mentir, as hemerotecas están para confirmalo. Vimos un incumprimento sistemático de todos os seus prazos por parte do ministerio respecto dos currículos, e isto xerou un estrés pensamos que absolutamente innecesario, e isto —como xa digo— viuse en todas as comunidades autónomas con independencia da súa cor política.

Levámolo dito: estamos ante unha mala lei pero que se desenvolveu dun xeito tremendamente atropelado e que xerou moitísimas incertezas no sistema educativo, aprobada tamén nunha pandemia, sen ningún tipo de diálogo; a min, como conselleiro, nunca me convocaron, nin unha soa vez, para falar desta lei. E utilizouse —sábeno todos vostedes— como unha especie de moeda de cambio cos socios parlamentarios do señor Sánchez.

Hai un problema de forma, sen dúbida, un cambiar as regras de xogo á metade do partido, sen diálogo, xerando incertezas, retrasando as publicacións. Cambiou todo o sistema de acceso á función pública. Non había máis que escoitar ou ver o que dicían os aspirantes a profesores, os opositores, antes de que a Xunta de Galicia dese certezas convocando as oposicións. Non había máis que ver como se cambiaron as regras de xogo á metade do partido, como se cambiou tamén o sistema de acceso á función pública, como se cambiaron os criterios de avaliación, como se modificou todo.

E, por encima, estamos ante un problema de fondo, que é realmente o máis importante, porque é unha lei tremendamente politizada dende o seu inicio, dende a súa orixe, e que, na nosa opinión —supoño que outros dirán o contrario— e na opinión de moitísimos expertos e dunha parte moi significativa da sociedade, é unha lei que vai en contra da cultura do esforzo e tamén en contra do papel da educación como un auténtico ascensor social.

Temos tamén que minimizar neste inicio de curso os efectos da inflación sobre as familias. É certo que este non é un reto estritamente educativo, nin moito menos, pero pensamos que dende a consellería era necesario axudar a paliar esta situación. Estamos nun contexto de inflación desbocada, onde o Goberno central é incapaz de adoptar medidas para poder frear esta inflación máis alá de andar mirando como está a cesta da compra —a verdade, tamén bastante curioso—. E a verdade é que, sabendo e coñecendo isto, dende a Xunta de Galicia



estamos a reforzar as axudas directas ás familias. É certo que o noso ensino está nunha mellor situación que outros sistemas; iso é innegable. Os datos comparativos do propio ministerio e de informes, como o Informe PISA, dinnos que Galicia está á cabeza da equidade en España; que conta coa porcentaxe máis alta de alumnos que obteñen resultados académicos excelentes, pese a proceder de contornas sociais desfavorables. (*Aplausos.*) Este dato é tremendamente significativo. E isto propicia algo tan importante nun sistema educativo como é a igualdade de oportunidades. Somos a comunidade autónoma co sistema educativo máis equitativo, por diante de todos os países da OCDE, e dío PISA —eu simplemente tráioo a esta cámara—.

Pero, ademais, nestes momentos de alza de prezos, quixemos axudar a paliar esta situación. Dende a Xunta de Galicia, e coas accións xa previstas, aforramos ás familias neste curso 107 millóns de euros. (*Aplausos.*) En concreto, destacan partidas como as seguintes: axudas para libros e material escolar, pasamos de 17,5 a 25 millóns de euros; axudas para comedores escolares, 50 millóns de euros —acabamos de incrementar recentemente esta cantidade—; taxas universitarias conxeladas, practicamente 19 millóns de euros; equipamento, materiais dixitais e outros, máis de 3 millóns de euros. E sen contar neste caso o custo que ten para a Administración autonómica o transporte escolar; estamos a falar de 117 millóns de euros.

E quero determe no caso concreto dos libros de texto, porque dende a oposición avogan por recuperar o modelo do pasado. Para este curso aumentamos o apoio investindo 25,6 millóns de euros en axudas para libros de texto e material escolar, o que supón un 47 % máis —o curso pasado foron 17,4 millóns de euros—. Temos tres tipos de axuda que están baseados en criterios de renda familiar, que garanten que aquelas familias que máis o precisen van ter un maior apoio, priorizando axudar a quen máis o precisa. (*Aplausos.*) Temos os bancos de libros gratuítos nos colexios, axudas económicas para a compra de manuais e tamén un cheque para material escolar.

Ademais, neste curso únese unha dificultade especial novidosa e que supoño que non dirán que é culpa da Xunta de Galicia; e é que hai que cambiar todos os libros dos cursos impares por decisión do Goberno central, pois entran en vigor os novos currículos. E por isto a Xunta incrementou o volume das axudas, pese a que as comunidades autónomas non recibimos fondos específicos do Goberno para paliar esta consecuencia da aplicación da LOMLOE.

As axudas de libros de texto e de material escolar, sumadas ao libro electrónico, benefician aproximadamente o 75 % das familias galegas, priorizando a renda, facéndoo de xeito progresivo, e axudando a quen máis o precisa.

Tamén quixera concretar a aposta que fai Galicia, que facemos, polos servizos educativos complementarios. Nos comedores escolares, como xa dixen, reforzamos a partida específica para que o sobrecusto que o servizo non o noten as familias. Cubrimos aos centros o sobrecusto medido pola inflación que soporta a elaboración dos menús, para que non sexa necesario en ningún momento repercutir este incremento nas familias. Tamén imos subir o aporte ás ANPA; hoxe mesmo nun medio de comunicación víase como Galicia é das poucas comunidades autónomas que non lles incrementan o prezo de comedor aos nenos. Ese incremento derivado da inflación asúmeo neste caso a Comunidade Autónoma, e incrementa-





mos as partidas económicas adicadas a este servizo. Nós temos un servizo de comedor baseado na renda, redistributivo, xusto, asumible. A Xunta directamente xestiona o servizo de comedor en 417 centros, 62.375 alumnos; e destes 62.000 alumnos, pagan só 0 ou 1 euro o 80 % dos usuarios, cunha contía máxima que non se modifica, que segue sendo 4,5 euros ao día.

Se falamos de transporte, todos sabemos que é un dos grandes servizos públicos dos que pode presumir Galicia e que se mantivo ao longo do tempo —creo que cun éxito notable de funcionamento—, cun aporte económico tremendamente importante. Nós temos aproximadamente o 5 % dos alumnos, temos máis do 20 % do gasto público de España en transportes escolares. Todos os días máis de 80.000 nenos usan o transporte escolar e chega este transporte escolar a 774 centros públicos.

Se falamos de calidade, se falamos de proxectos, programas e liñas estratéxicas, creo que tamén temos que poñer en valor o feito de que Galicia ten un modelo educativo propio. Este modelo educativo propio persegue a calidade, persegue a equidade e persegue ter unha igualdade de oportunidades e unha formación en valores para o conxunto dos alumnos. Neste curso 2022-2023 dende a consellería volvemos tomar decisións que están encamiñadas a potenciar e a desenvolver este modelo, un modelo que está avalado polos resultados. Aí están dos datos do Informe PISA, ou outros datos, como pode ser a redución do fracaso escolar, estamos no mínimo histórico, un 8 %, cando no ano 2009 estabamos por riba do 25 %; o 25 % contra o 8 %—. *(Aplausos.)*

Un ensino galego que mesmo é recoñecido por expertos internacionais tan prestixiosos como o coordinador do programa PISA, da OCDE, o alemán Andreas Schleicher. Podemos afirmar —tamén o recoñece este coordinador— que o sistema educativo galego está entre os mellores de Europa. E isto ¿é casualidade? Non. Isto é resultado e é froito da constancia, do esforzo, de políticas educativas sensatas, estables ao longo do tempo, e da implicación absoluta da inmensa maioría do profesorado. Galicia aposta unha vez máis e seguirá apostando unha vez máis por un avance tranquilo no ensino. ¿Como? Renovando iniciativas que están a ser eficaces, eficientes e ben acollidas polo profesorado, e tamén impulsando novas políticas públicas para novos retos.

Para afondar na boa calidade do ensino, estamos a desenvolver políticas educativas centradas na modernización dos centros, que apostan polo desenvolvemento de programas educativos acordes cos tempos, e tamén nunha aposta decidida, moi decidida, pola formación profesional. E todo isto sen esquecer que un sistema educativo de calidade debe atender por igual ás necesidades do alumnado das cidades e do rural, sempre procurando a equidade e a cohesión social e territorial.

A consellería leva anos comprometida coa progresiva modernización dos centros educativos públicos en Galicia desde a perspectiva física e desde a perspectiva arquitectónica. Vimos de presentar hai uns meses un plan, o Plan de nova arquitectura pedagóxica, un plan que quere transformar a forma habitual e tradicional de construír os colexios, buscando espazos máis amplos, mellor dotados, máis respectuosos co medio ambiente, con menos consumos enerxéticos e que estean acordes coas novas metodoloxías de aprendizaxe: traballo cola-



borativo, traballo en equipo, traballo en grupo, etc., etc. Estámolo desenvolvendo cunha grande intensidade. De feito, entre o ano 2021 e o ano 2022 temos investido 91 millóns de euros en 439 obras; (*Aplausos.*) e só neste verán temos en marcha... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) e só neste verán... (*Murmurios.*) —señorías, escoiten este dato, que xa verán como é moi simpático— (*Murmurios.*) —escoiten, escoiten—. (*Murmurios.*) Fíxense: só neste verán temos en marcha 357 obras —obviamente, de diferente tamaño, entidade, en diferentes fases—, que supoñen un investimento de 64 millóns de euros. Pensamos que estamos dando un salto cualitativo moi moi significativo nos espazos educativos, pensando na innovación, na dixitalización, na inclusión, na convivencia, na aprendizaxe de linguas.

E, se falamos de innovación, este ano puxemos en marcha creo que un proxecto tremendamente novidoso, pioneiro en España, e que vai dar moito que falar e vai xerar creo que unha grande implicación por parte dos centros, do profesorado, dos alumnos e das familias, que son os foros tecnolóxicos. Os foros tecnolóxicos son espazos que están centrados para potenciar, mellorar e apostar por competencias STEAM, pola cocreación, polo traballo colaborativo, polo traballo en proxectos e polas diferentes habilidades e destrezas tecnolóxicas, e que estamos impulsando neste momento en 220 centros; xa temos colocados 138 polos creativos en 138 centros e temos 220 xa en carteira. E —fíxense vostedes no dato— distribúense 22.000 pezas de material tecnolóxico especializado: dende impresoras 3D, escáneres de alta resolución, materiais de robótica, material de radiado dentada, gafas tecnolóxicas..., é dicir, un paquete de 22.000 pezas de material tecnolóxico tremendamente especializado.

Ademais, algo no que tamén fomos pioneiros e que funciona fantásticamente ben naqueles centros que están implicados, que é o bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, onde no ámbito do bacharelato se traballa conxuntamente co ámbito universitario para fomentar as vocacións STEM, a investigación científica, a investigación tecnolóxica nos alumnos de bacharelato, e que posibilita establecer unha ponte entre o bacharelato tecnolóxico, científico, todo o que ten que ver coas vocacións STEM, e tamén o ámbito universitario.

E, se falamos de dixitalización, temos que poñer encima da mesa e sabelo, sabelo e respectalo, que os nosos centros, os centros autonómicos de Galicia, están entre os mellores equipados desde a perspectiva dixital de España. Temos un fantástico, un moi bo equipamento tecnolóxico e dixital nos centros educativos. Somos tamén a comunidade autónoma que máis aulas virtuais ten; o 91 % de aulas virtuais, fronte a 22 puntos menos no conxunto do Estado.

Ampliamos este curso o programa E-Dixgal, 600 centros aproximadamente, 60.000 alumnos que teñen acceso directo a medios tecnolóxicos, a contidos curriculares dende 5º de primaria ata o remate da ESO, que fan unha aposta moi forte polo ensino dixital. E temos en marcha, aprobamos hai uns meses a Estratexia dixital 2030, que ten aspectos tan relevantes como pode ser a posta en marcha dos plans dixitais nos centros educativos.

Tamén creamos unha rede galega de educación dixital. Estamos a falar de 26 equipos, estamos a falar de 80 profesores mentores que teñen adicación exclusiva para facer e apostar polo uso das tecnoloxías nos centros educativos. E temos —vímolo tamén hai moi poucos días no edificio Fontán— un centro que está chamado a ser unha referencia educativa en todo o que ten que ver coa implementación global en todo o proceso de aprendizaxe do ám-



bito tecnolóxico e do ámbito científico, que é o Centro de Innovación Educativa e Dixital, que vai situar Galicia, sen dúbida ningunha, na vangarda do sistema educativo no ámbito do coñecemento e do uso do mundo dixital no proceso educativo.

Por suposto, tamén seguiremos a traballar neste curso que comeza na inclusión e na convivencia escolar. Estamos ultimando liñas estratéxicas, programas e aspectos estratéxicos que presentaremos en moi breve prazo de tempo.

E temos tamén que dicir unha cuestión que creo que é moi importante e moi significativa, e é un recoñecemento aos profesionais que se adican á educación inclusiva. A nivel estatal estamos en niveis de privilexio. Temos o ensino máis inclusivo de España. O 93 % dos alumnos con necesidades educativas especiais están integrados en centros ordinarios; máis de dez puntos por riba da media estatal. Creo que este é un dato tremendamente significativo, (*Aplausos.*) que, xunto aos aproximadamente 4.000 profesionais que se adican á atención á diversidade, fala do grandísimo traballo que fai a comunidade educativa por integrar aqueles alumnos que máis o precisan.

Temos tamén indicadores moi positivos en convivencia, en tolerancia, en resolución de conflitos, en clima escolar en definitiva. E é certo que neste ámbito temos feito moito nos últimos anos, pero tamén é certo que queda moito por facer. E por iso presentaremos as novas estratexias de convivencia e de inclusión antes do remate deste ano.

No ámbito da aprendizaxe de idiomas, hai poucos meses tamén aprobamos a Estratexia galega de linguas estranxeiras. Datos: participan nos diferentes programas de plurilingüismo aproximadamente 100.000 alumnos. No Bipartito, ao remate do Bipartito, estabamos falando de 12.500. Ben, é un salto cualitativo creo que moi significativo.

Estamos estendendo o plurilingüismo a infantil, a primaria, á ESO, a Bacharelato, a ciclos de FP, levamos tempo facendo isto en Galicia e hai pouco o ministerio vendeuno como unha gran novidade, e este ano tamén o facemos en ensinanza artística.

Temos 637 auxiliares de conversa, 637, que proceden de 22 países. E isto leva a que esteamos mellorando notablemente o coñecemento do inglés. Galicia é a terceira comunidade autónoma con mellor nivel de inglés de España. Dino unha consultora internacional e os estudos comparativos tanto a nivel autonómico como a nivel nacional; a terceira comunidade de España con mellor nivel de inglés.

E seguimos traballando tamén en ámbitos como as bibliotecas escolares, entendendo que é un espazo fundamental dos centros, onde se potencia o traballo colaborativo, o traballo por proxectos, etc., etc.

Puxemos en marcha tamén no seu momento o Plan LÍA, e aí estamos desenvolvendo unha aprendizaxe por competencias que é fundamental para dinamizar a vida escolar e para dinamizar eses espazos.

Se falamos de formación profesional, permítanme que non me estenda en exceso nesta liña. Na miña última comparecencia precisamente neste pleno, no último pleno do anterior pe-



ríodo de sesións, falamos de formación profesional. Hoxe é o primeiro do seguinte período de sesión, co cal creo que o que dixen naquel momento non o vou repetir agora. Pero hai que falar das tres palabras clave na formación profesional: prestixio, confianza e utilidade.

E temos que falar tamén duns datos —creo— moi significativos: 230 institutos imparten formación profesional, 70 deles en espazos rurais, 24 CIFP. Este ano —tamén é sabido— incrementamos a oferta en 1.700 prazas máis; 37.588, como xa dixen ao principio; o proceso de matriculación remata o día 23. Neste momento estamos en cifras superiores ás comparativamente semellantes no curso pasado, co cal, se o ano pasado estabamos a falar de arredor de 58.000 alumnos, contamos que se moven nesas cifras ou mesmo tenden a superalas, tendo en conta que o dato anterior foi o maior da historia da Autonomía.

E, por suposto, temos en marcha o Centro Galego de Innovación da FP, construído en Ourense, que estamos equipando, ao que está chegando o equipamento nestes momentos, e queremos comezar o seu funcionamento antes de que remate o ano.

Ensino rural. Quero tamén mencionar que, se hai unha comunidade autónoma onde o ensino rural é un sinal de identidade, esta é Galicia. Un dato: o 93 % dos concellos galegos teñen centros de infantil e de primaria; en España este dato é do 55 %. *(Aplausos.)*

Por suposto, o investimento por alumno, sendo Galicia a terceira comunidade autónoma que máis inviste por alumno en España, só detrás do País Vasco e Navarra. É obvio que no espazo rural é moito máis elevado que no espazo urbano por razóns demográficas. Pero o máis importante é que os centros do rural galego dispoñen e teñen os mesmos programas educativos que os centros urbanos. E todo isto leva a que haxa uns resultados practicamente idénticos, o que xera sen dúbida ningunha unha clara, clarísima igualdade de oportunidades.

Ben, e pasemos ao último aspecto que quixera destacar, que é a adecuación do sistema educativo á nova realidade demográfica e formativa, é dicir, profesorado.

Señorías, todos deberíamos ser conscientes e aceptar que calquera administración ten que afrontar en cada curso unha realidade absolutamente distinta e diferente. Hai que analizar cal é a situación e adoptar medidas ante o inicio de cada curso. A xestión e as políticas educativas non se desenvolven nun escenario fixo, sempre hai variacións no número de alumnos, que non son homoxéneas nin a nivel territorial nin a nivel demográfico. E obviamente isto obriga a adecuar o número de unidades e de profesores a esas novas necesidades. A situación educativa é viva, cambia na demografía e nas demandas dos alumnos, modifícase dun ano para outro e é sempre preciso adecuar os recursos públicos a estas modificacións.

Veño de dicir que Galicia non aporta unha cantidade menor. Somos a terceira comunidade autónoma de España en investimento por alumno, só detrás de Navarra e País Vasco, que, como todos vostedes saben, teñen un réxime fiscal absolutamente diferente.

O ensino público galego conta con máis aulas de primaria e de infantil hoxe que antes da pandemia. Hai 130 aulas máis hoxe que antes da pandemia, pese a perder neste nivel educativo 15.000 alumnos. Pese ao descenso demográfico, a consellería mantén a estrutura dos



colexios e a dotación de todo o profesorado necesario para atender o 100 % das necesidades académicas e garantir a calidade do ensino.

Por falta de matrícula, non abriron as súas portas en setembro 2 centros. 1 en Fene, que tiña 3 alumnos, e 1 en Merza, en Vila de Cruces, que tiña 0 matrículas. E permítanme que este caso o coñeza eu perfectamente por razóns de veciñanza, pero tiña 0 matrículas.

Tamén houbo 2 escolas infantís que se integran en 2 colexios do seu contorno, un en Marín e outro en Vilagarcía, feito isto de xeito consensuado coa escola local e tamén cos concellos.

Hai tamén uns datos moi significativos. O 99,7 % —fíxense no dato—, o 99,7 % do alumnado de infantil e primaria conta cun servizo educativo no concello onde vive. O 70 % das aulas nestas etapas, infantil e primaria, teñen 20 ou menos alumnos. Máis do 99 % das familias acadan praza no centro solicitado en primeira opción.

O sistema educativo galego conta cos profesores que precisa en cada momento, tendo en conta, como estou dicindo, o número real de alumnos, a demografía, e tendo tamén en conta as diferentes demandas nas distintas modalidades educativas.

Obviamente, xa estamos afeitos ao discurso catastrofista da oposición no inicio de cada curso; iso nunca cambia. Non obstante, a realidade e a forza dos datos desmenten esta visión case apocalíptica. Galicia ten un dos mellores ensinos públicos de España. Isto é recoñecido polos propios expertos. Fíxense: este curso incorpóranse ao sistema educativo como empregados públicos 2.011 profesores novos, grazas ás oposicións que se celebraron no verán. Nos últimos cinco anos a nosa oferta pública de emprego permitiu consolidar máis de 11.000 prazas de novos profesores funcionarios, aproximadamente un terzo da plantilla. Somos a comunidade autónoma con menos profesores interinos de España: un 8 %, fronte á media de España, un 25 %; algunhas comunidades autónomas, o 40 %. (*Aplausos.*) E ao final do proceso selectivo que vai entre o 2022 e o 2023, porque o remate do 2023 comezará no 2022, teremos arredor de 4.000 prazas de funcionarios novos; Galicia estará nun 6 % de profesores interinos.

Temos máis docentes que antes da covid, temos todos os profesores necesarios adaptados á matrícula de cada curso en cada zona xeográfica. E este ano, por exemplo, temos un forte incremento no ámbito da formación profesional e tamén reforzamos ESO e bacharelato, onde hai un lixeiro incremento do número de alumnos, mentres, en cambio, en infantil e primaria temos 15.000 alumnos menos que antes da pandemia.

Levamos semanas escoitando, lendo, a oposición acusándonos de recortes e de perda de profesores no ensino galego. A realidade é que os centros educativos contan este curso 2022-2023 con preto de 500 profesores máis que antes da pandemia. (*Aplausos.*) E contan —fíxense vostedes— con 11 profesores máis con respecto ao curso que vén de rematar, un número moi semellante, como sempre dixemos.

En concreto, profesores estruturais —para que non se nos acuse de maquillar ou de utilizar outro tipo de datos—, en concreto, no ano 2021-2022, 30.523; no ano 2022-2023, 30.534. E



é posible que haxa un lixeiro incremento neste último dato, porque, como xa dixen, a matrícula de FP aínda non rematou, co cal pode haber algunha variación á alza, pero con independencia desa variación.

¿Quen non se acorda das declaracións da oposición, onde un día eran -800, outro día -700, outro día -1.500, outro día -1.000? Iso dicía a oposición. A realidade, +11. Recortes brutais, retallos, menos profesores... A realidade, un número moi semellante, como sempre dixemos. É un número que permite manter un dos sinais de identidade do ensino galego, que é o de ter un dos mellores ratios profesor/alumno. En concreto, tendo en conta uns datos que acaba de publicar o ministerio, a media de España está en 11,4 alumnos por profesor, Galicia está en 9,8 alumnos por profesor. Ademais, como acabo de dicir antes, temos unha porcentaxe de aulas con menos de 20 alumnos altísima, o 70 %. Cumprimos os ratios de sobra, os ratios fixados por unha lei orgánica aprobada recentemente polo conxunto da esquerda; non só os cumprimos, senón que os melloramos; e recordo que o Goberno central nesa lei non modificou os datos.

Pero a realidade e o máis significativo é que, fronte ao que escoitamos, limos e miramos, -800, -1.000, non de xeito prudente, sempre nos mantivemos dicindo que ía haber un número semellante. Obviamente, ao final, señorías, o tempo pon a cada un no seu lugar: un discurso que o leva o vento, fronte á realidade categórica dos datos estatísticos, que nos falan de 11 profesores máis, é dicir, un número moi semellante ao preexistente. *(Aplausos.)*

En definitiva, señorías, estamos ante os primeiros días do curso, imos seguir traballando como estamos facendo ata o momento, resolvendo aquelas cuestións puntuais que poidan xurdir nun lugar ou que poidan xurdir noutro. Hai moitísimos retos que atender, creo que hoxe os fixamos. Hai moitísimas liñas de traballo estratéxicas, en programas, proxectos, que van orientados a mellorar a calidade e a equidade do sistema. Seguiremos facendo —non lle caiba a menor dúbida— política educativa e non faremos política coa educación, porque estamos absolutamente convencidos de que o noso futuro, que a Galicia de mañá se xoga hoxe nas nosas aulas. E por iso penso que temos a obriga non só de manter senón de impulsar aínda máis o noso modelo educativo. E non o di o conselleiro, non o di a Xunta de Galicia, dino os informes nacionais e internacionais. Educa en calidade, en equidade, en igualdade de valores e tamén en igualdade de oportunidades e en formación en valores.

Seguiremos traballando. Somos conscientes de que o tempo e os resultados son os mellores xuíces e que temos fundamentalmente a clave de bóveda do noso avance. Temos uns profesores altamente motivados e altamente involucrados na súa función máxima, que é a de educar.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.



**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Moi bo día, señor conselleiro.

A verdade é que si que hai estampas na volta ao cole de toda a vida tradicionais, como esas bágoas das nenas, dos nenos, os nervios dos pais e as nais; hai outras tradicionais e habituais este ano moito máis amargas e máis abundantes, como son as bágoas amargas das familias tendo que afrontar os gastos dos libros de texto, do material, neste momento tan delicado. Eu atreveríame a dicir que, xunto a esas bágoas amargas, tamén hai ganas de chorar, que pode que despois de case unha hora de comparecencia sintan agora moitas e moitos dos docentes galegos, que están atravesando un inicio de curso certamente complicado e preocupante. (*Aplausos.*)

E dicía vostede onte e facía toda unha declaración de intencións e anunciaba aos medios nunha comparecencia que na declaración de hoxe neste parlamento vostede ía zanxar —son palabras súas, literais— o debate arredor do número de docentes na nosa comunidade. En comunicación chamase un cebo cando alguén adianta algún contido, porque vai ser importante. O cebo ten que corresponderse despois co contido, coa realidade, porque, se non, caemos no sensacionalismo e na falta de rigor. E vostede, dunha hora practicamente de comparecencia, apenas dedicou agora ao final uns minutos a falar de datos docentes e deses supostos recortes que di vostede que son invento da oposición. E entraremos en materia no fondo da cuestión.

Pero tamén, señor conselleiro, nas formas, porque non estariamos ante este debate, non unha polémica inventada, senón unha problemática certamente preocupante que afecta a precarización do ensino público en Galicia, se a consellería, por unha banda, non estivese instalada na máis absoluta falla de transparencia na información e na opacidade.

Esta é nos últimos tempos unha das principais características da súa consellería: a falta de transparencia e tamén, señor conselleiro —atreveríame a dicir, se mo permite—, a insensibilidade, a falta absoluta de empatía, que xa trasladabamos, aínda que vostede hoxe comezase falando dese agradecemento e recoñecemento á comunidade educativa.

Esa insensibilidade, falla de empatía, da que xa falamos cando por exemplo no curso pasado debatíamos aquí neste parlamento sobre a cobertura de baixas docentes. Uns docentes, efectivamente, que veñen de atravesar o peor momento histórico da súa profesión e que vostede paga aquí desacreditando as súas necesidades, as súas reivindicacións e as súas demandas en defensa do ensino público, como están a facer tamén as ANPA, as nais e os pais galegos no noso país, nesta comunidade, neste inicio de curso.

Evidentemente, o Partido Socialista vai situarse ao carón desas necesidades, porque a falta de medios humanos que están a denunciar e que imos constatar, e que vostede hoxe non zanxou nin moito menos como anunciaba, afecta precisamente a quen máis apoio precisa. E vostede dicía aquí que non vén facer política, e oxalá que non a fixeramos coa educación,



pero é que é o que estamos afeitos por parte do Partido Popular, a que empreguen a educación unicamente como arma arroxadiza, nun dos momentos máis complicados.

Pero falemos da educación, ou falemos a nivel estatal, a nivel global, das distintas crises, as peores que se están encadeando nesta democracia, xa sabemos onde se está a situar o Partido Popular.

Na educación, nada novo baixo o sol. Levan vostedes meses anunciando ese boicot precisamente á nova lei de educación, a LOMLOE, conselleiro; non o agochan. Pero é que dá igual que falemos dunha lei aprobada con amplo consenso político e social, de calquera lei aprobada con este consenso, xa sexa a LOE, xa sexa a LOXSE ou agora a LOMLOE. Vostedes, o Partido Popular, sitúase sempre votando en contra de calquera avance na educación equitativa, inclusiva e de calidade. Sitúase en contra de introducir contidos como a Axenda 2030, a igualdade, a educación emocional, a educación afectivo-sexual, os dereitos humanos.

Molesta, e se quere falamos tamén de cifras, e non hai que retroceder tanto como facía vostede. Falemos de cifras que son chave neste momento para as familias e para o estudantado neste momento delicado que —dicíamos— estamos a atravesar a nivel económico. Podemos comparar cifras no ano 2017, cando gobernaban vostedes, un goberno do Partido Popular, de Mariano Rajoy, cando se destinaban algo máis de 1.400 millóns de euros a bolsas e axudas ao estudantado. Nesta lexislatura, esta cantidade, dicíamos que esas son as cifras verdadeiramente importantes, se quere vostede falar de educación equitativa, estamos a falar dun incremento de máis de 1.000 millóns de euros para bolsas e axudas ao estudantado; máis de 2.500 millóns de euros fronte a 1.400 do Goberno do Partido Popular.

E falemos do inicio de curso aquí, en Galicia. Evidentemente, temos que lembrarlle que a lei educativa afecta o conxunto do Estado, que hai comunidades, señor conselleiro —nin unha nin dúas— que comezaron o curso cos deberes feitos e cos currículos aprobados. Podemos falar de Asturias, podemos falar de Aragón, podemos falar de Cataluña, podemos falar de Valencia, podemos falar de Navarra e podemos falar por exemplo de Castela-A Mancha, señor conselleiro.

Evidentemente, temos que lembrarlle que vostede non fixo os deberes, non bote balóns fóra e asuma as súas competencias. E ¿cal é a radiografía obxectiva que dicía vostede do inicio do curso escolar aquí en Galicia? Menos docentes, menos unidades. Camiñamos cara á precarización, seguimos camiñando cara á precarización, pese á propaganda e á maquillaxe dos datos do ensino público.

Publicación no *Diario Oficial de Galicia* do 2 de agosto. Constátase nos números unha redución dun cento de profesores en educación primaria e infantil; publicación no DOG do 2 de agosto. Primeiro día do curso escolar de Galicia, portal da Consellería de Educación, máis de 700 postos de docentes, interinos e substitucións, sen cubrir, primeiro día de curso escolar, señor conselleiro.

E vén vostede falar de ensino secundario, onde aí non lle vale a escusa da natalidade; do ensino secundario, onde si presumimos de que aumenta a matrícula na ESO ou en bacharelato,





sobre todo en FP. Están a inventar os centros arredor de todo o país que este ano se mobilizan, denuncian e mesmo presentan as directivas dimisións en bloque pola situación inasumible de recorte de docentes. Están a inventar os datos, como en Cedeira, no IES Punta Candieira, onde recortan máis de 10 docentes e se están a mobilizar os pais e as nais, o conxunto do alumnado, porque poñen en perigo o ciclo formativo, o bacharelato de adultos, porque por primeira vez non só neste IES senón en centros de toda a comunidade non se van poder impartir optativas que son absolutamente chave para o alumnado nas universidades, porque non hai persoal.

Podemos falar de casos concretos: do IES Punta Candieira, en Cedeira; podemos falar do IES A Sangriña, na Guarda; podemos falar do IES Virxe do Mar, do Ramón Cabanillas; podemos facer unha radiografía, indo centro por centro, de institutos aquí na nosa comunidade. Diga vostede que non hai recortes, que é unha palabra fetiche da oposición e do Partido Socialista. Dígalles vostedes a esas comunidades educativas, a esas directivas que veñen de presentar a súa dimisión e que están poñendo o berro no ceo, que están inventando.

Porque ese recorte, en definitiva, afecta, conselleiro, precisamente, a que non se van poder impartir clases de reforzo, non hai unha repartición digna do traballo, non se van impartir por primeira vez —como dicimos— en moitos centros e institutos galegos optativas por falta de persoal, porque non se van poder planificar actividades complementarias extraescolares en bibliotecas. E di vostede que é un invento da oposición. Ese é o respecto e as palabras de agradecemento e no que ten vostede en consideración a comunidade docente desta comunidade.

O recorte —como dicimos e como insistimos— afecta directamente a repartición digna de traballo e a quen máis o precisa. E nós diciamos que a fotografía demoledora que temos a nivel demográfico, a crise demográfica, que é certamente preocupante, que estamos a vivir neste país, para o único que está servindo para o Partido Popular e para o único que se acorda non é para facer políticas activas que revertan esta situación, senón como escusa para recortar, seguir recortando en recursos humanos, económicos, na educación pública galega.

Nós, señor conselleiro, non temos tempo ilimitado como vostede. Poderíamos falar de transporte escolar, xa que fala de equidade no rural, do que viviron os alumnos e os menores en Poio no día do inicio do curso escolar, o que están a vivir en Arteixo hoxe nestes días, tamén no contorno de Compostela, tendo que pedir taxis as familias, moitos mesmo camiñando unha hora cara aos institutos. (*Aplausos.*) E di vostede que hai equidade, que podemos presumir. Fálenos do transporte, do que está acontecendo estes días, cando dicía vostede o curso pasado neste parlamento que eran problemas illados, pero ¡que credibilidade van ter vostedes, que credibilidade vai ter o Partido Popular cando o presidente do PP que gobernou durante máis dunha década esta comunidade, o señor Feijóo, abre a boca para pedir que se aumente o fondo estatal de axuda a libros de texto e a poucas horas foi moi sincero e quitou a careta, cando é o responsable de tomar como primeira medida educativa liquidar o sistema de préstamo universal de libros de texto que funcionaba nesta comunidade autónoma, implementado por un goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño!, (*Aplausos.*) e do que a día de hoxe neste inicio de curso escolar, especialmente complicado, se acordarán moitas familias.



Resulta absolutamente inaceptable a hipocrisía constante do Partido Popular neste contexto de crise de reclamar máis fondos ao Estado cando na nosa comunidade, contando coas competencias, están a manter un sistema de libros de texto que vostede sabe que é absolutamente ineficaz e ineficiente, e aquí temos a realidade, que non está a chegar á totalidade das familias galegas.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, presidente.

Fíxense que aquí ás veces vivimos episodios que son tan ilustrativos e que denotan, ben, que se fixen ata que punto no Partido Popular pois consideran que estamos ben, que teñen unha confianza e unha fe cega no que di este conselleiro que temos que ver aplausos incluso cando o señor Román Rodríguez dá mal os datos.

Pero, claro, despois resulta que temos que vir aquí escoitar que vimos facer política, seica, e nós, señor Rodríguez —pois iso é opinable, é razoable—, que vostede teña esa opinión para nós é un orgullo. Pero, dende logo, por suposto, si, aquí nós vimos facer política, vimos facer política educativa, e vimos ademais facer política para evitar que vostedes convertan o ensino público nun negocio. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entre o seu posicionamento e o noso posicionamento. Nós estamos para defender a política educativa; outros, se cadra, veñen aquí converter a educación pública nun negocio.

E facer política, señor Rodríguez, pois é poñer a cabeza en que está a facer que un mozo de segundo de bacharelato que hai unhas escasas horas entraba no seu centro de ensino, porque a pandemia lle deixou unhas lagoas na súa aprendizaxe, hoxe ten que atoparse con trinta alumnos na súa aula, polo que vai ter dificultades para acadar os seus obxectivos.

Hoxe, hai tamén unhas horas, unha nai caixeira de supermercado, un pai repoñedor, por exemplo, deixaban a súa nena ás portas do colexio despois dun inicio de curso no que os custos van estar entre os 400 e os 1.200 euros en función das familias, e tristemente teñen que ver como son dese 65 % de familias —despois afondaremos neste dato, señor Rodríguez— que non reciben ningún tipo de axuda.

E hoxe tamén centos de profesores que deron o mellor de si ao longo deste tempo entraban nas aulas e co que se atopan é con que teñen que impartir materias das que non son especialistas, que teñen das xornadas lectivas máis altas do Estado, que non teñen os currículos publicados porque temos unha consellería que no canto de facer os deberes se dedica a botar balóns fóra e que —fíxese como estamos—, cos cadros de persoal que vostedes publicaron, ata os equipos directivos por todo o país lles plantaron a dimisión enriba da mesa porque cos datos que vostedes ofertaban era imposible organizar un curso escolar. (*Aplausos.*)



E vostede vese que non vén aquí falar de política, vén falar aquí dos intereses de a quen vostedes pretenden beneficiar; pois vén aquí falar de si mesmo —descúlpeme a brincadeira—, cunha sorte de fanfarronería política que xa lle vén así ser un pouquiño habitual nas súas comparecencias. Aquí, pioneiros en todo, vangardistas en todo, os privilexiados en absolutamente todo; mágoa que os datos son o que son.

E agora niso queremos centrarnos, en datos; na nosa intervención imos centrarnos en datos e en propostas, e empezo polo final. Porque, claro, vostede di que nós estivemos dando datos aleatorios; eu voulle dar a cronoloxía das súas declaracións a respecto do dato de profesorado: 2 de agosto, DOG, 720 profesores menos de adxudicación profesional a respecto do curso pasado; iso é o DOG, isto non é un exercicio de fe. Unha semana despois, o señor Rodríguez na prensa dinos que vai haber 31.000 profesores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*); si, está na prensa, está na hemeroteca; o bo que ten a hemeroteca é que todo o mundo a pode consultar. Uns días despois xa non son 31.000, o que nos di é que vai haber un número de profesores como antes da pandemia; imos ver os datos antes da pandemia: son 30.045 profesores. Unha semana despois xa non son nin 31.000 nin 30.045, e o que nos di é que vai haber un número aproximado ao deste ano. Empeza o curso e resulta que nas vacantes da consellería temos 700 prazas sen cubrir. E hoxe vostede dinos que temos un número similar de profesores a respecto do ano pasado; entón, 11 profesores máis, se non me engano.

Moi ben, pois eu voulle poñer en contexto ese dato. O dato que vostede está a propoñer para este curso académico implica que temos case 1.000 profesores menos que no ano 2009 e temos 20.000 alumnos máis no sistema educativo. (*Aplausos.*) Esa é a súa aposta, iso é do que vostedes veñen presumir, que desmente o que está dicindo o IGE. (*Aplausos.*) Insisto: 1.000 profesores menos que no ano 2009 —datos do IGE— con 20.000 alumnos máis no sistema educativo.

E nós o que lle pedimos, señor Rodríguez, é que nos desagregue o dato, porque é certo que está habendo un incremento de alumnado na formación profesional, é certo que en toda Europa se está dando, que pode levar aparelado un incremento tamén do profesorado na formación profesional. Pero nós o que lle pedimos é, coa mesma data, que nos dea unha evolución desagregada por niveis educativos do que está a acontecer co profesorado. ¿E sabe o que pasa? Que ese dato non o están dando porque vostede sabe perfectamente que os recortes se están cebando onde está a maioría do alumnado. Vostede sabe perfectamente que os recortes se están a cebar en educación infantil, en educación primaria, na educación secundaria e sobre todo no bacharelato. Por certo, dunha ratio de 30,47 alumnos que temos no bacharelato para adultos non di nin chío. Ese é o seu problema: que vostede é capaz de negar mesmo o que lle está a dicir o Consello de Contas; é o Consello de Contas, non o BNG. Vén aquí na súa estratexia de publicidade permanente e é capaz de negar que o Consello de Contas establece que vostedes se cargaron nunha década un de cada dez profesores do sistema educativo, o 10 %. Polo tanto, eses son os datos.

Pero sigamos cos datos, porque, claro, é que isto das comparecencias do señor Rodríguez pois lévanos a un certo *déjà vu*, esta situación que é de ter vivido algo, pois que non sei se dá de conta de que o ano pasado vostede nos veu aquí con esta mesma letanía; e, por certo, coa



mesma extensión soporífera da comparecencia para non dicir nada, para dicir que todo está ben e para botar balóns fóra, pero dicía exactamente o mesmo que este ano.

¿Que aconteceu despois? ¿Cales son os datos que aconteceu coa Xunta despois de que vostede negase os recortes vinte veces e que ía estar todo absolutamente igual? Datos da propia consellería: case 900 profesores menos a respecto do curso anterior. (*Aplausos.*) O seu problema, señor conselleiro, é que vostedes non teñen credibilidade. E como cando chegan aquí se toman o Parlamento de broma, pois seguimos con datos que non están a corresponderse a posteriori, polo menos os datos da propia Xunta coa realidade.

Pero sigamos cos datos. Gratuidade dos libros de texto. É que temos que escoitar que aquí todo alumno recibe axudas, que co tema da gratuidade universal... Ben, pois a gratuidade universal dos libros de texto —algo que nunca deberon cargarse e que nun contexto coma este botamos en falta as familias deste país, botan en falta coma nunca— era un sistema, primeiro, máis xusto e sobre todo máis barato —e iso demostrouno tamén o Consello de Contas— para a Administración. Pero é que vostedes, cos datos da propia consellería, o que nos están a dicir, señor Rodríguez, máis alá da publicidade que vostede vén traer aquí —datos da consellería—, é que foron beneficiarios dese programa 125.000 alumnos —o último dato que vostedes publicaron— e que sobre o total de alumnado que temos no sistema educativo —e falo sacando réximes especiais— estamos a falar de que seis de cada dez alumnos —cinco probablemente, dependendo do caso— non estarían neste caso, coa cifra máis conservadora.

Pero é que, ademais, o que vostedes venden como unha axuda vostedes saben perfectamente que esa axuda, no mellor dos casos, seis libros ou catro, cunha axuda que non é compatible con programas como E-Dixgal, por exemplo, a pesar de que sabe que neses centros se precisan os libros de texto.

O seu problema, señor Rodríguez, é que veñen aquí vender unha realidade paralela que non ten nada que ver coa situación que están a vivir as familias.

E o mesmo acontece coas ratios, do que habería moitísimo que falar. Vostedes veñen aquí dar unha ratio cando vostede sabe perfectamente —e non é algo que o diga eu, está nos datos da propia Consellería de Educación, no informe, nas cifras de educación de Galicia que lle trasladada ao propio ministerio— que nós temos máis da metade do alumnado deste país en zonas de alta densidade poboacional, e que con ese dato máis da metade deste país non está nesa ratio que vostede nos está a sinalar. Son as ratios da propia consellería, que din que estamos en cifras de Ceuta ou incluso de Cataluña, máis da metade da poboación deste país.

E, polo tanto, se nós vimos aquí facer da estatística un saio, introducir aqueles datos que poden resultarnos beneficiosos e ocultar aqueles que nos resultan máis incómodos, pois estarase facendo trampas ao solitario, señor Rodríguez. Pero vostede sabe perfectamente que esa non é a realidade que está a vivir a comunidade educativa. E o exemplo —e, se cadra, non me corresponde a min traer este razoamento— é o que vostede di a respecto de Andreas Schleicher, do Informe PISA. ¿Vostede sabe o que di o director de PISA a respecto, por exemplo, do sistema de avaliación que se vai implementar neste curso académico, ese que vostede despreza? ¿Vostede sabe o que di a respecto da LOMLOE, por



exemplo? Ou ¿que pasa? ¿Que vostedes son —digamos— de argumentos de autoridade selectivos? O que lle interesa, si, pero cando din cousas que van absolutamente á liña de flotación do seu modelo educativo, caen; é unha desvergonza, señor Rodríguez, e non deberían ter este tipo de actitudes.

Pero é que, ademais, cando estamos cuns datos educativos —que me sorprende que vostede non fixese referencia a esta realidade—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...—remato, presidente— que tri-pli-can os datos de repetidores de Europa, vostede o que lles pretende dicir aos nosos mozos e mozas é que o que teñen que facer é repetir máis. ¿Que acontece con eses países que non teñen esta figura? ¿Que acontece co que están dicindo todos os organismos internacionais? Vostedes diso non din absolutamente nada.

Polo tanto, a realidade que vostede reflicte pois está a unha distancia sideral do que está a vivir a comunidade educativa; dío o Consello de Contas, dino as ANPA, dino as familias, dío o profesorado, dío o alumnado. Son vostedes os que negan esta evidencia, e, polo tanto, fan falta solucións e non buscar culpables, non estar instalados no «canto peor, mellor».

Polo tanto, profesorado para o sistema educativo, recuperar o horario lectivo do profesorado, bolsas extraordinarias para que a crise non deixe atrás ningún alumno por razóns económicas, volta á gratuidade dos libros de texto.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** E, sobre todo, señor Rodríguez, fagan política en defensa do ensino público e deixen de actuar para beneficiar os negocios do ensino privado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Antes de nada, señor Lourenzo, negocio do ensino privado, non o sacan vostedes nunca da boca. ¿Sabe cantos alumnos había no ensino público no ano 2009, señor Lourenzo?, porque as familias teñen a oportunidade e a liberdade de decidir para elixir. O 72 % do alumnado galego ía ao ensino público; ano 2022, o 72 %, o mesmo. Polo tanto, señorías, tanto mentir co tema do ensino e de que priorizamos o ensino privado, ¡xa está ben, señorías!, (*Aplausos.*) ¡xa está ben!



E, señor conselleiro, grazas por comparecer hoxe nesta cámara, e por facelo a petición propia, para dar conta de algo fundamental, que é o inicio do curso escolar. Un inicio de curso no que, efectivamente, recuperamos a normalidade tras a actualización do protocolo covid escolar por parte do Ministerio de Sanidade, que, por certo, temos que lamentar que se fixera a tan só seis días antes de comezar este novo curso. Un exercicio, efectivamente, de improvisación, porque isto si que é improvisación do señor Sánchez; unha actualización, efectivamente, que supón a supresión das poucas medidas que quedaban en vigor.

Polo tanto, volvemos á normalidade anterior á pandemia. E recordo isto porque, se queremos ser serios e rigorosos para facer algún tipo de comparación equilibrada e xusta, deberemos facelo con respecto ao curso previo á pandemia, porque é o máis parecido ao curso actual. Estamos, polo tanto, ante un curso que comeza con esa desexada normalidade sanitaria e, neste senso, cabe recordar —como dicía o conselleiro— que Galicia é a primeira comunidade de España cos mellores datos de vacinación infantil ante a covid. Comezamos, polo tanto, un curso despois de dous anos nos que o sistema educativo fixo un grande esforzo e demostrou a súa fortaleza.

Por iso, dende este grupo parlamentario queremos destacar, agradecer o labor, a implicación e o esforzo suplementario que fixo o profesorado para seguir mantendo os niveis de calidade do sistema educativo galego, situándoo nun dos primeiros postos de España. E isto a pesar das dificultades e problemas que está xerando o Estado constantemente.

Despois deste grande esforzo pola pandemia, estamos ante un novo curso que suporá un esforzo de adaptación de profesores e alumnos aos cambios provocados pola precipitada Lei Celaá; unha norma que vén tensionar e incorporar incertezas innecesarias ao sistema educativo, ademais de provocar nos momentos nos que estamos un gasto extra polo cambio dos libros de texto, xa que temos unha inflación galopante provocada por esa inacción do señor Sánchez e, a maiores, pois facemos un cambio de libros no mellor momento.

E é verdade que sindicatos, profesores e editoriais dos libros de texto, todos, se queixan do caos provocado polos atrasos por parte do Estado na publicación dos reais decretos curriculares. E, efectivamente, a propia Asociación de Directores leva máis dun ano alertando das dificultades para ter os libros de texto a tempo. Miren o que dicía no día de onte a Asociación de Editores: «*La LOMLOE es un desastre, que hemos tenido que tirar libros a la basura*». «*Las editoriales denuncian una situación sin precedentes por el retraso de la puesta en marcha de la Ley Celaá, calculan pérdidas de millones de euros, así como el derroche de papel y otras materias primas*». Pois, evidentemente, este é o resultado desa aplicación apurada, unha aplicación ademais que incumpre sistematicamente o propio cronograma aprobado na lei.

E iso é o que provoca, efectivamente, tensións no sistema educativo, chegando con dificultades cos libros de texto e tamén cos currículos. Por certo, unha lei que, si —por iso os independentistas en Galicia están moi contentos—, serviu para arreglar uns problemas aos independentistas, rebaixou a calidade do sistema educativo e, desde logo, non mellorou absolutamente nada a ratio alumno/profesor, do que tanto estamos a debater. E desde logo que iso é realmente a nai do ano dos problemas do profesorado, señorías.



E, efectivamente, a Xunta de Galicia avisou destes atrasos. Mesmo este grupo parlamentario presentou varias iniciativas parlamentarias para que se cumprira o cronograma. É dicir, a Lei Celaá rebaixa a calidade —vólvolle dicir— e incumpre o seu cronograma —que era a bandeira forte que levaba—, e ese incumprimento do seu cronograma, efectivamente, tráenos un montón de problemas.

E das iniciativas que nós trouxemos aquí, que ademais imposibilitou que a gran maioría das comunidades autónomas puideran ter aprobados eses decretos, agora entendemos como o Partido Socialista neste debate se abstivo, porque nunca lle preocuparon estes atrasos. E vostedes son cómplices do Goberno e agora pretenden botarlle a culpa á Xunta de Galicia por culpa destes atrasos, porque saben que as comunidades autónomas precisan seis ou sete meses neste trámite e hai que sometelo a un total de catorce informes entre as exposicións públicas e os informes que teñen que redactar distintas institucións, salvo que vostedes pretendan que aprobemos eses decretos por unha norma ou que non os sometamos aos informes que son necesarios.

Polo tanto, vostedes estiveron sempre caladiños e con esa actitude pois están provocando unha serie de tensións. E non escoitaron as comunidades autónomas, que lles pediron que había que adiar un pouco a implantación porque non se chegaba a tempo.

Pero, ben, en todo caso, a Xunta de Galicia leva traballando desde o primeiro momento coa máxima normalidade neste curso complexo para garantir chegar ao curso como se merecen os alumnos. E, desde logo —díxoo o conselleiro—, á semana seguinte de publicarse os decretos estatais, a Xunta de Galicia púxose á disposición de toda a comunidade educativa e ademais implementando esa nova plataforma e xa para facilitar ese traballo.

E, ademais, pois tamén se trata de garantir a normalidade cunha inflación moi por riba da media europea pola mala praxe do Goberno de Sánchez e vén incrementar esas axudas —como dixo o conselleiro— de 107 millóns de euros para axudar as familias que máis o necesitan.

Evidentemente, da intervención do conselleiro pois queda claro, señor conselleiro, que, lonxe de diminuír o número de profesores con relación á situación da pandemia, téñense incrementado, polo cal tamén se melloran as ratios. O próximo curso haberá —como dicía vostede— 130 aulas máis que antes da pandemia, a pesar de 15.000 alumnos menos; e a día de hoxe temos máis docentes que antes da pandemia e aproximadamente os mesmos que no curso pasado, incluído que hai menos alumnos —como vostede acaba de dicir—.

E ao final asistimos a un debate que se repite, efectivamente, durante moitas veces, onde o Bloque Nacionalista Galego empezou falando dun recorte de 1.000 profesores, baixouno a 800, cambiouno para 700. Esta fin de semana o Partido Socialista púxolle 1.500 e ao final acolléronse a eses datos dos 740, que eran os que tiñan a praza sen asignar. Xa lles dixemos aquí que buscaran unha comunidade autónoma que tivera unha mellor forma de asignar as prazas e as baixas, e nunca dixeran nada.

Polo tanto, se dalgún lado está a Xunta de Galicia, señorías, é do profesorado da comunidade educativa, porque defendemos o profesorado, por iso temos un 10 % máis de profesores de



media de España. E, ademais, sobre todo, creo que hai que falar das ratios, e, efectivamente, falouno o conselleiro; é dicir, o Goberno do Estado é quen establece as ratios —en infantil e primaria, 25 alumnos, e en secundaria e bacharelato, 30 alumnos— porque é unha competencia estatal. E, polo tanto, temos unha das mellores ratios de profesor/alumno de España, coa taxa de interinidade máis baixa. E isto é preocuparse polo profesorado, é preocuparse pola pedra angular do sistema educativo, que son os docentes.

Polo tanto, xa está ben de vir aquí dicir que utilizamos a educación para facer política, se vostedes o que fan constantemente é promover folgas, e, ademais, fano antes de iniciar o curso escolar. Señor Lourenzo, vostedes son expertos, sempre promoven algunha folga e vostedes para promover esas folgas sempre ocultan a información demográfica e mentindo cando falan de profesorado. Porque se queren falar de recortes, pois podemos falar de recortes, podemos falar dos recortes que o señor Sánchez lle perpetra a Galicia.

Mire, no momento máis difícil da pandemia en España, no sistema educativo cambian os criterios de repartición e onde lle tangan a Galicia 36,3 millóns de euros estiveron absolutamente caladiños toda esta bancada, totalmente calados.

Falan vostedes de recortes. Pero se recortes é eliminar os 93 millóns de euros dos Fondos Covid por parte do Estado no curso 2022-2023 —93 millóns de euros—. E protestaron absolutamente todos os partidos políticos excepto esta bancada; e tamén se olvidou de protestar ata ese sindicato afín do BNG. E agora escoitamos no debate do Plan estratéxico que piden 100 millóns de euros máis para profesorado e estiveron absolutamente calados cando anulaban a orde de axudas de Fondos Covid na pandemia.

Miren, recortes é non compensar a Galicia o custo da dispersión na prestación dos servizos educativos, que son 353 millóns de euros; disto vostedes non din absolutamente nada. Miren, recortes é non axudar a soportar a inflación no sistema educativo, que representa 23 millóns de euros. Recortes é non compensar por parte do Estado os custos da integración do profesorado técnico da FP, que son 2,7 millóns de euros por ano; e vostedes disto non din absolutamente nada. Recortes é non asumir o Estado os custos dos libros de texto provocados polo cambio da LOMLOE, que tampouco o fan. Isto si que son recortes.

Pero o máis grave é que falan de mellorar as ratios con cargo aos fondos da Xunta cando é unha competencia do Estado. Hai que ter moita cara para querer trasladar aquí que sexa a Xunta de Galicia quen pague a competencia do Estado, porque vostedes rexeitaron todas as emendas, absolutamente todas as emendas, da Lei Celaá nas que se pedía mellorar as ratios en España. Señorías, toda a esquerda rexeitou as emendas á Lei Celaá para mellorar as ratios.

Néganse, polo tanto, vostedes a poñer un só céntimo para contratar máis docentes e para mellorar as ratios. Agora si, a cambio, impoñen un decreto de aprobado xeral que o conso-lidan coa Lei Celaá, que rebaixa crer no sistema educativo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.





**O señor RODEIRO TATO:** Quere dicir que vostedes —remato, señor presidente—, en vez de poñer fondos para educación, para mellorar as ratios, prefiren regalar os aprobados para compensar esa falta de fondos. E isto, señorías, non é compromiso coa educación, señorías.

Máis nada, señor presidente, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Réplica, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Vexo que os portavoces da oposición son tremendamente valentes, pero é unha valentía absolutamente inconsciente, que se basea niso de que hai que *sostenella y no enmendalla*. E baséase en negar evidencias, evidencias absolutamente básicas que acabamos de ver nos últimos días e nas que hoxe insisten e veñen outra vez cos tópicos, xa resesos, aos que nos teñen acostumbrados. Creo que vostedes caen nunha especie de pecado laico de exaxeración e de desproporción. Moi exaxerados, moi desproporcionados, collen unha parte polo todo e fálannos —insisto— dunha enorme inconsciencia por manter os seus argumentos, que se demostrou e se demostra con total transparencia que son unha mentira. Vostedes basean toda a súa argumentación nunha mentira.

E, miren, ao final, un cidadán pódenos escoitar a vostedes e pódenos escoitar a nos e dirá: estes señores falan de -700, de -800, de -1.000; estes señores falan de +11 —que será máis de 11 con case toda seguridade—. ¿Quen ten razón? Ao mellor o cidadán pouco informado pódenos crer a vostedes. Equivocaríase, estarían enganando, porque ao final, nun exercicio de transparencia, iso publícase nun papel, e ese papel vostede púxoo aquí. Veremos quen ten razón. Non hai nada que ver quen ten razón.

Vostedes construíron unha mentira e voulles dicir como a construíron. Á parte, repetírona aquí, eu penso que non se deron conta da soberana metedura de pata que tiveron vostedes. Ben, o dato repíto para que non haxa ningún tipo de dúbida: curso 2021-2022, 30.534, nesa folliña que nos ensinou o señor Lourenzo; ano 2022-2023, 30.523 —11 máis—. Iso non se pode negar, esa evidencia. Pero ¿como constrúen vostedes esa idea? Eu recoñézolle ao señor Lourenzo que tivo un mérito, tivo o mérito de comezar, a mediados de agosto aproximadamente, a inventar un dato, trasladalo aos medios de comunicación —ata o PSOE lle comprou o dato—. Fíxese que a portavoz do PSOE citou o DOG do 2 de agosto, ¡fíxese, eh!, tivo moito éxito. Pero iso non quere dicir que o negocio lle vaia ben. O seu negocio político non lle vai ben, porque, mire, vostede constrúe unha liña política, un argumento político, un eixe vertebral político en base a unha mentira. E voulle dicir por que.

O seu dato de bóveda é a adxudicación de destino provisional do persoal interino, que, efectivamente, se publica a principios de agosto. E fai unha comparativa desta información coa información da mesma adxudicación do curso pasado. E, efectivamente, este curso hai un chamamento da adxudicación de destino provisional menor que no anterior. Vostede conclúe



que é porque vai haber menos profesores. Pois non, está absolutamente equivocado. É simple e llanamente porque hai menos interinos, hai máis profesores funcionarios, debido á oposición do 2021, e vostede pasa por alto esa situación. E dinos: non, como na adxudicación provisional de destino hai menos, no curso 2021-2022 respecto ao 2022-2023, vai haber un recorte de 700, 800, 1.500; e segundo o di e segundo tal, tanto lle dá. Ben, pois mire, vostede construíu unha mentira; non sei se a constrúe consciente ou inconscientemente.

Eu, obviamente, cando vin ese dato, preocupeime e dixen: ¡caramba!, esa non era a nosa previsión nin a nosa planificación. Píddolles un informe aos servizos da Subdirección Xeral de Persoal da consellería —creo que son coñecidas as persoas que traballan aí, coñecidas, recoñecidas, e creo que respectadas pola inmensísima maioría do persoal que traballa no ámbito educativo de Galicia; e estou seguro de que o señor portavoz do PSOE non me deixará mentir—. ¿Que me di? Vou ler só dous extractos, porque sería moi custoso en tempo lelo todo. (*Murmurios.*) Dúas frases: «Cantas máis persoas obteñen destino definitivo nos centros educativos, menos adxudicacións provisionais se realizan ao inicio de curso, debido ao proceso selectivo que houbo no ano 2021». Pero fíxese nesta frase —e isto non é mentira, isto está aquí escrito e asinado por un profesional da educación de moitos moitos moitos anos (*O señor conselleiro mostra un documento.*)—: «Se a comparación se realiza entre un curso académico no que non hai funcionarios en prácticas por non realizarse o concurso-oposición...» —o ano 2021, que non houbo por mor da pandemia— «...e outro ano no que o concurso-oposición bate récords de especialidades...», «—o que se fixo o ano pasado, con case 4.000 prazas— «...a dimensión do erro de cálculo pode ser descomunal». Repito: «a dimensión do erro de cálculo pode ser descomunal».

E aquí, ante esta afirmación tan contundente, só hai dúas explicacións: é unha mentira consciente ou inconsciente. Se é consciente, se vostede ben sabía que non se pode comparar o que non é o mesmo, debido aos procesos selectivos que se levaron no tempo, manipula, quere quentar o ambiente, omíteo a sabendas. E se é inconsciente, descoñecemento, non se sabe como funciona o sistema e —o que é máis preocupante— pérdese credibilidade. Acabo de repetir: -1.000, -800, -700, en base á publicación provisional de destinos; dato real: +11. Escolla vostede que tipo de mentira construíu: consciente ou inconsciente. Escolla vostede se fala dunha manipulación falsa ou fala dun descoñecemento total e absoluto. E tamén escolla, señor deputado, as palabras para pedir perdón á cidadanía e á educación deste país. (*Aplausos.*)

E hai cousas ben curiosas. Decía que hai menos profesores que no curso da pandemia. Claro, pero aquí e en toda España. Claro, na pandemia había unhas medidas excepcionais e, unha vez que se suprimen esas medidas excepcionais, cámbiase todo. Hoxe mesmo xa non temos as mamparas que nos separan. Hai uns meses andabamos con mascarilla na boca todos, ¿verdade? Cando había uns protocolos covid excepcionais para un momento excepcional, tiñámoslos que cumprir, efectivamente, Galicia e todas as comunidades autónomas. Hoxe un periódico nacional creo que nada sospeitoso de ser favorable á Xunta ou ao PP déixao claramente por escrito en base a un informe de Comisións Obreiras. ¡Home!, non se pode comparar o excepcional co normal, coa normalidade, e estamos nun escenario de absoluta normalidade.

E ben, vostede tamén intenta manipular cando di que eu dixen que ía haber 30.000 profesores. Eu dixen que ía haber —e están os audios— 31.000 profesores, eran os profesores que había na pandemia, ao redor de 31.000 e uns cantos máis que había na pandemia.



E, claro, outro dato que vostede usa para intentar confundir, consciente ou inconscientemente, son os chamamentos aos interinos. Non é mérito nin do conselleiro nin da formación política que participa nin do Goberno. Pero, se algo fai ben esta comunidade autónoma, son os chamamentos aos funcionarios interinos. Porque ten uns equipos técnicos consolidados, con experiencia, estables, que levan a que hoxe —fíxese: hoxe—, tres días despois do inicio do curso, o 80 % dos chamamentos están feitos.

Voulle dar un dato. Hai comunidades autónomas que comezan a facer isto arredor do 15 e o 16. E tamén lle vou dar outro dato, de diferentes partidos políticos, para que non vexa que estou intentando facer proselitismo.

Funciona a relación de chamamentos en Galicia por unha pericia técnica e unha grande experiencia, funciona a un nivel de eficiencia altísimo, e creo que neste caso —e non é para facheñar— somos sen dúbida dos mellores de España en facer isto. E, se non —insisto—, mire máis alá do Padornelo e pregunte. Mire máis alá do Padornelo e pregunte que comunidade autónoma fai os chamamentos en tempo e prazo igualcito que fai Galicia. E isto non é mérito —insisto— da parte política deste goberno nin do conselleiro, nin moito menos. É grazas ao bo traballo dos técnicos e dos traballadores da propia consellería.

Vexo tamén, señor Lourenzo, que vostede está a favor da LOMLOE. É unha boa percepción e eu tamén a verdade é que teño aquí as declaracións que fixo o señor Andreas Schleicher, profesor responsable do Informe PISA, e, efectivamente, ten cuestións fantásticas. Pero hai datos que ¡home!... Eu, se quere, pódolle facilitar a data da entrevista para que a lea e xa verá que fantástica é.

E mire, traballar por proxectos e con metodoloxías participativas levámolo facendo en Galicia moitísimo tempo. A LOMLOE véndeo como algo fantástico, pero levámolo facendo aquí dende hai moitos, moitos, moitos anos.

En canto ao PSdeG, ben, a verdade é que repito o que dixen antes: moita valentía, moita imprudencia e moito mirar para atrás, e moita estratexia política de Ferraz —diría eu—. Vostedes plantexan como grande aporte de política educativa voltar ao modelo de gratuidade de libros. ¡Home!, non hai moita imaxinación. Aí estaremos de acordo. Este é un modelo que no seu momento se debateu nesta cámara moitísimo e no que había dous modelos claros: un que apostaba por un sistema de redistribución de rendas e de axudar máis a quen máis o precisa nun momento moi difícil desde a perspectiva económica, e outro que era café para todos con independencia do nivel de renda das familias. Iso está no *Diario de Sesións*, estou seguro de que en centos de páxinas. Pouca imaxinación, pouca creatividade, e a verdade é que dá a sensación, señorías, de que están máis preocupados en facerlle oposición ao presidente Feijóo que en aportar novas ideas.

E vostede veu aquí traer argumentos de política estatal, datos do Estado. E claro, aí fálase da credibilidade, e vostede incluso chega aquí na súa estratexia política a intentar... Ben, cunha estratexia política cando se concentra tanto en atacar o rival, eu creo que hai certo medo, hai como certa visión de perdedor cando intenta facer unha estratexia de desgaste persoal ao rival político. Vímolo este domingo; ben, non sei se foi domingo ou sábado. O mi-



nistro Bolaños veu á Coruña e ocrreselle falar de peche de centros. Obviamente eses datos alguén llos daría, supoño que algún deputado ou algún membro do Partido Socialista llos daría. Pero non llos deu todos, jeh! Porque vostedes, que rescatan o Bipartito para falar dos libros de texto, ¿saben cando neste país houbo un maior recorte de centros educativos ou unha maior supresión de centros educativos? Pois no Bipartito. Cada ano de media vostedes cerraban vinte colexios, e no ano 2006 a cifra máis alta da historia deste século: vinte e oito. E veñen aquí e dinlle ao ministro Bolaños: vostede métase con Feijóo con isto. Pero danlle os datos mal. ¿Non se dan conta de que non llos deron todos? ¿Non se dan conta de que ese dato só entra nesa estratexia —digamos— perdedora de intentar cuestionar, criticar o presidente Feijóo para intentar que non corra tanto nas enquisas fronte a vostedes? (*Murmurios.*)

E mire, vostede falou aquí de hipocrisía no tocante ás axudas ás familias, e falou de credibilidade. Pois mire vostede, voulle dicir un dato comparativo con outras comunidades autónomas, obxectivo, absolutamente obxectivo, e comparativo con outras comunidades autónomas, para que vexan vostedes quen fai realmente política social de apoio educativo ás familias que máis o precisan e quen non, utilizando o dato de recursos que as comunidades autónomas adican no sistema de gratuidade de libros e no sistema de material; sae hoxe nun xornal de tirada nacional.

A comunidade autónoma que máis recursos por habitante dá ás familias neste ámbito é Valencia —recoñézoo—: 11,9. A segunda de España é Galicia: 9,8 euros por habitante. Pero fíxense vostedes nas comunidades autónomas do PSOE, e vou citar —téñoas aquí— catro. Extremadura: 6,7, case a metade. Aragón: 1,8. Asturias: 1,6. Baleares: 2,3. Galicia: 9,8. ¿E vostedes falan de axudar as familias e de axudar a quen máis o precisa? (*Aplausos.*) ¿E falan de credibilidade e falan de hipocrisía?

O máis preocupante en todo isto, señorías, é tamén o silencio cómplice —e digo ben: silencio cómplice— no cal se mantivo o Partido Socialista nos últimos meses en todo o relativo á aplicación e ao desenvolvemento da LOMLOE. Xa fixo referencia o portavoz do Partido Popular e eu creo que hai que poñelo outra vez en evidencia.

Algunhas comunidades autónomas aprobaron os seus currículos por orde, Aragón, por orde, jeh! Outras fixérono só en 1º..., perdón, nos cursos impares e non nos cursos pares —algo inaudito, ¿non? —, fragmentando a aplicación dos currículos didácticos no seu ámbito. Moitas desas comunidades autónomas que vostedes din que xa aprobaron os decretos aprobáronos só nos cursos impares e non nos pares.

Voulle ler unha resposta que creo que é moi ilustrativa. Ante a pregunta dun xornalista: *Un curso que arranca sin que se hayan publicado por completo los currículos*, resposta do responsable político: *En absoluto, los borradores de los currículos de la LOMLOE están publicados desde junio.* —Nós publicamos en abril—. *Se colgó precisamente para que los docentes tuvieran la facilidad de tener la guía que necesitan para saber lo que tienen que desarrollar.* Segue a resposta: *Un proceso muy participativo, desarrollado con equipos de trabajo con docentes.* Segue falando. Di que teñen que pasar por moitísimos estamentos e cada un ten que opinar. Sigo lendo. Di sobre algunhas comunidades autónomas que xa o teñen aprobado: *Otras han optado simplemente por aprobar los cursos impares, que son los que van a empezar a implementar la ley este año. Nosotros optamos primero por los pares y por los impares, no solo los impares.*



*Lamentamos que este documento haya tardado en publicarse. Los centros no están desamparados, sino todo lo contrario. Los cambios que van a tener los borradores son mínimos, el fondo de la cuestión no sufre cambios. Estas palabras, que as repito eu e que as asumo como miñas, días Manuela Armas, consejera de Educación, Universidad, Cultura y Deporte de Canarias, do Partido Socialista.*

E vostedes obviamente intentan dicir que os problemas da LOMLOE son só en Galicia porque este conselleiro e este partido se opón, quérea dinamitar.

Fíxense, conxunto de España. Aragón, problemas parecidos, semellantes a Galicia. *La LOMLOE, en Aragón, provoca retrasos en los libros de texto y muchos no estarán a inicio de curso. Aragón ten unha orde aprobada. Estes problemas son independentes de que teñamos ou non teñamos os decretos aprobados por parte das comunidades autónomas.*

Cantabria di algo parecido. A verdade é que aquí a letra está moi pequena e non vexo ben, pero fala tamén dos libros, dos atrasos e doutras cuestións.

Valencia. *El caos por la Ley Celaá complica la preparación del nuevo curso.*

Isto está escrito en comunidades autónomas socialistas, para que vexan vostedes que a situación é xeral en toda España.

E tamén quero deixar constancia nesta cámara do que dixo este partido político e este goberno. 22 de decembro, leo só os titulares das notas de prensa que están publicadas na páxina web da consellería: a Xunta insta a rematar co caos na aplicación da nova lei educativa. A metade de curso non hai currículos e cámbianse as oposicións e os criterios de avaliación. 9 de febreiro: Román Rodríguez lamenta que, tras catorce meses e dúas ministras, sigan sen coñecerse os currículos para o vindeiro curso. 20 de febreiro: a Xunta pecha os borradores dos novos currículos educativos á espera de que o Goberno do Estado publique os documentos definitivos. 5 de abril: Galicia reforzará os contidos humanistas nos currículos educativos coa incorporación da historia anterior ao ano 1812 e o bacharelato.

Houbo unha votación nesta cámara e houbo un silencio cómplice, que agora parece ser que é un intento premeditado dunha formación política e dun goberno en atacar unha lei que non nos gusta, que cumprimos e adaptamos á situación de Galicia.

Realmente, señorías, ¿que é o que importa á sociedade? ¿Cal é o noso traballo e que queremos facer? Nós non queremos inventar números nin interpretar mal os datos, nin facer mentiras conscientes ou inconscientes. A nós interésannos os resultados e interésanos saber para que vale o que facemos, e interésanos saber que o traballo que se fai no sistema educativo non é un fin en si mesmo, senón que é un medio para mellorar a sociedade; e para mellorar a sociedade, o futuro e as oportunidades dos nenos, das nenas, dos mozos e das mozas de hoxe, é dicir, dos galegos de mañá, o importante é saber o que se fai e os resultados que se obteñen.

Abandono escolar. Temos o mínimo histórico. Durante o Bipartito medraba ano a ano. Dende aquel momento empezou a reducirse. Somos das poucas comunidades autónomas que cumpre co obxectivo rebaixando o obxectivo que nos pon a Unión Europea.



Investimento por alumno. Xa o dixen, pero quero deixar constancia outra vez. Somos a terceira comunidade autónoma en recursos públicos adicados ao ensino por alumno, só detrás de dúas que por razóns fiscais xestionan máis recursos que nós: País Vasco e Navarra; despois está Galicia. Creo que ese é un dato significativo. Cando din: vostedes queren asoballar, vostedes queren dismantelar, vostedes queren..., o dato obxectivo do ministerio é ese.

Datos de PISA. Cos últimos datos coñecidos nas variables que miden a calidade e a saúde dun sistema educativo en linguas, en matemáticas e en ciencias, Galicia é líder en España. Cando se fala de perda de calidade, aquí están os datos.

Profesorado. Vimos de rematar un proceso selectivo. O ano pasado tivemos proceso selectivo que non se celebrou no 2021, temos en marcha todos os procesos selectivos, cumprindo a lei, con independencia de que nos guste máis ou menos o sistema, cumprindo a lei, para que no ano 2022, este e o que vén, teñamos practicamente catro mil funcionarios novos.

Dato: 107 millóns de aforro ás familias. Temos axudado no pasado, imos axudar no presente e continuaremos axudando no futuro as familias que máis o precisan, porque entendemos que é a nosa función ter que axudar dende a perspectiva do Estado aquelas familias que máis o precisan.

Pero a vostedes todo isto lles dá absolutamente igual, e como lles dá absolutamente igual, agárranse a unha mentira, a unha mentira construída, con acerto, polo señor Lourenzo, pero unha mentira, non sabemos se consciente ou inconsciente, para xerar un discurso baleiro, un discurso que ao final cae polo seu propio peso. E ao final o máis importante sen dúbida é o inmenso, o total, o absoluto traballo vocacional, con moita motivación e con grande ilusión, que fai o conxunto do profesorado deste país, que nunca nos cansaremos de agradecerllo, porque, se podemos falar hoxe en Galicia dun bo sistema educativo, é grazas a que temos unha inmensa plantilla de profesorado onde a inmensa maioría deles son tremendamente profesionais, tremendamente adicados e que están creo que sanamente orgullosos no sistema no cal traballan.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Non temos que construír nin inventar un relato dende o PSdeG para trasladar a situación da educación aquí en Galicia á cidadanía, señor conselleiro. Calquera galego ou galega que teña un neno ou unha nena escolarizada ou exerza docencia na educación pública neste comezo de curso pois penso que ten un relato en primeira persoa por desgraza e que nós, as socialistas e os socialistas, non facemos máis que traer a este parlamento para demandar que asuman a súa responsabilidade. *(Aplausos.)*



Gustaríame tamén dicirlle ao señor Rodeiro, despois do mitin compartido co señor conselleiro contra a LOMLOE —como dicía, algo que era de agardar— e contra o señor Sánchez, xa que ían dar datos e falar da realidade do curso educativo en Galicia, pois que, xa que eses datos lle quedaron tan claros, de verdade que eu son aplicadiña de tomar notas, apuntar os números, que tamén facemos o traballo e o esforzo de buscar, pero comparto cos distintos sindicatos, coas comunidades educativas, que eses datos que lle quedan tan claros ao Partido Popular pois que non os temos. Igual, se publican ese informe coa estatística dos datos, das cifras, do ensino non universitario galego, que ata hai algún curso si que publicaban, pois se achegan esa documentación, pois poderíámolo ter claro. Pero non interesa, porque son vostedes, como xa dixen un día aquí neste parlamento, como di ese programa de Netflix, artistas da maquillaxe.

Pero tamén poderían vostedes, xa que din que construimos un relato falso, señor conselleiro, ir ata A Guarda, ir ata Cedeira, como dicía, e dicirlles alí que son «tópicos resesos» —cualificativo que empregou vostede— falar de recorte de docentes e dos problemas que están atravesando os centros do ensino público galegos neste inicio de curso, —insisto— con problemas para planificar algo tan sensible como clases de reforzo, como gardas ou como impartir por primeira vez moitas optativas que non se van poder dar debido a estes recortes. Dígalles vostede que son «tópicos resesos»; desafortunadas cualificacións, desafortunadas palabras.

Falaba eu antes de falta de sensibilidade, tamén no referido, por exemplo, a libros de texto. ¿Como pode vir vostede a convidarnos a ver pois *diarios de sesións* antigos e non entrar en materia, non facer ningún tipo de compromiso, señor conselleiro, coa que está caendo? Se non está vostede en contacto coa realidade na rúa do país, dea unha volta polas redes sociais, véxanse as facturas dos libros de texto (de 200, 300, 400 euros) que están a colgar as familias estes días e dígalles (*Aplausos.*) que recuperar o sistema de préstamo universal de libros neste momento economicamente tan delicado é café para todos, que é o que vén vostede de dicir neste parlamento, café para todos. É que máis desafortunado, de verdade, non pode ser.

Dicía antes que non queríamos pasar por alto falar de algo tan importante a nivel de vertebración e de rural como é o que está acontecendo tamén na nefasta xestión do transporte escolar, o que viviron alumnas e alumnos do IES de Poio, por exemplo, que obrigaron a moitos proxenitores a deixar os traballos e achegar os nenos ao centro, a coller taxis, quedaron tirados nas paradas porque Monbus non cubriu os traxectos establecidos como estaba estipulado.

Dicía vostede o ano pasado neste parlamento que eran puntuais estes problemas. Pois díganos agora, conselleiro, na súa última quenda, como define vostede a repetición nestes casos na Baña, onde a ruta chegou tarde con moitos rapaces e rapazas que estaban tirados nas paradas, enviaron un autobús de vinte prazas, deixaron máis de dez menores tirados, moitos facendo este percorrido en autobús; en Dodro, autobús que leva os escolares; en Padrón chegou tarde; no Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago, que utilizan as e os estudantes para ir aos institutos de bacharelato e FP de Santiago, fixo a ruta cunha hora de atraso; en Arteixo, máis do mesmo.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo —insistimos— no ámbito rural, debido ás distancias que as familias teñen que percorrer. E non lle



preocupa a situación que están a vivir non porque perdan unicamente clases e horas lectivas, senón polo problema de seguridade que implica para os menores e as menores que están a vivir arestora —insisto— na nosa comunidade e do que vostede non di absolutamente nin mu.

Non temos tempo para falar tampouco das bolsas de comedor. Neste momento falaba vostede de axudas e de bolsas. Podería falarlle, por exemplo, de como están a cubrir as necesidades concellos como os de Vigo, que sabe vostede que destina máis de 1.100.000 euros a cubrir esas bolsas de comedor, en colaboración con Foanpas, e as ANPA arredor de todo o país, que están cubrindo ese servizo, no que a Xunta segue a mirar absolutamente para outro lado.

E, señor conselleiro, insisto, porque non hai moito tempo: recuperen horas lectivas, non abandonen o rural. Teñen agora que elaborar os orzamentos para o vindeiro ano, non fagan trampas coas ratios, non fagan trampas co número de docentes, recuperen a gratuidade —é fundamental— dos libros de texto, aumenten as bolsas, as axudas —dicíamos— tamén para comedores. Teñan un pouco máis de corazón e menos cara de formigón armado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, presidente.

Señor Rodeiro, moi rapidamente, non sei se vostede recuperou a intervención do ano pasado, non tivo tempo a preparar esta, pero é que neste inicio de curso non houbo folga; non sei, igual lle pasou como co dato de profesorado do Bipartito que dá nas súas redes sociais, que semella que tampouco se enterou *(Aplausos.)*, e tamén semella que tampouco se enterou de que iso de que se vén regalar o aprobado xeral é un insulto ao profesorado, aos claustros, que colexiadamente teñen que decidir que alumnado promociona e que alumnado non promociona. Se vostede vén aquí a esta tribuna a referirse desa maneira para o profesorado, ique non farán vostedes nos despachos, señores do Partido Popular! *(Aplausos.)*

Pero ben, si lle teño que dicir, señor Rodeiro, que nunha cousa vostede acertou: vostede —obxectivo: a iluminación— descubriu que unha forza política nacionalista e de esquerdas ten entre as súas referencias o sindicalismo nacionalista de esquerdas. É vostede unha lumbrera, señor Rodeiro, parabéns pola dedución. *(Aplausos.)*

En todo caso, a respecto dos datos que tiñamos de profesorado, que me aleda, señor Rodríguez, señor conselleiro, que me crea autor do dato que se deu; en todo caso, igual lle pasa porque vostede non escoita o que din as ANPA, porque igual lle pasa porque vostede non escoitou o que dixeron os centros, igual lle pasa porque non escoitou o que dixeron os representantes do profesorado. Pero é que aquí hai dúas cuestión a respecto dese dato. Imos centrarnos no que creo que é importante, señor Rodeiro.

A primeira —se cadra só leu o titular—, o que dixemos é que no que se poñía na resolución provisional era ese descenso respecto do curso anterior. Pero é que se nós tan desencamiñados estabamos, señor conselleiro, xa nos explicará vostede por que pasaron o verán coas





xefaturas territoriais dun centro para outro, tratando de desfacer o desaguisado que vostedes implementaban. Igual, no canto de pedir perdón — polo que vostede considera que temos que pedir perdón —, igual o que temos é que recoñecer que, grazas ao esforzo de familias, centros, profesorado e organizacións sindicais, que denunciaron o seu pretendido tesoirazo, vostedes tiveron que recoller carrete e vostedes tiveron que recuar. (*Aplausos.*)

Pero, en todo caso, por insistir no mesmo, señor Rodríguez, é que non me dá o dato, non nos dá o dato. Eu pedinlle que nos dese dúas cuestións que son fundamentais para esa análise: primeiro, a data, de cando estamos a falar, do número de profesores a respecto dun ano e doutro; vostede sabe coma min que ese é un dato fundamental para facer un estudo comparativo e serio. E segundo — e ao noso xuízo o máis importante —, o dato desagregado coa evolución do profesorado por niveis educativos. E iso é o que vostede nos nega, porque nós xa o dixemos en varias ocasións. Ou é que algún deputado de Redondela ao que se cadra lle molesta polos recortes que o Partido Popular está facendo no seu concello. (*Aplausos.*) É absolutamente lóxico, a min tamén me daría vergonza.

En todo caso, se nos dan o dato desagregado por niveis educativos, poderemos comprobar que difícil ten que ser xestionar aquilo do que se carece, ¡eh! E falamos de educación. (*Aplausos.*) En todo caso, se nos pasase o dato desagregado, podemos ver e poderase comprobar como naqueles niveis educativos onde se concentra a maioría do alumnado a realidade que vostede debuxa non é a que se percibe centro tras centro ao longo do país.

Pero vostede dinos que temos que pedir perdón, señor Rodríguez. Eu preguntolle: ¿vostedes é, por omisión ou por inconsciencia, que dun ano para outro recortaron 900 profesores no ensino público, segundo datos da súa propia consellería? ¿Foi por omisión ou por inconsciencia que cando todas as comunidades ou moitas comunidades están traballando na recuperación do horario lectivo do profesorado vostede ponse de perfil e continúa agradecendo aquí coa boca grande para despois recortar coas tesoiras no seu despacho? ¿Foi por inconsciencia ou por omisión — e aínda non pediu perdón — que vostede enviou un SMS absolutamente vergoñento ao profesorado en prácticas amedrentando e tratando de intimidalos para a súa xornada?, mitin que, por certo, (*Aplausos.*) plantón épico, señor conselleiro, porque xa ninguén cre as súas trolas. ¿E foi por inconsciencia ou por omisión, señor Rodríguez, que vostedes sistematicamente converteron a Consellería de Educación nun fortín no que os datos son sempre fabulosos, parciais, interesados e nos que son incapaces de dar a información que se pide?

Os datos déronos diferentes asociacións. Nós o que lle pedimos aquí...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LORENZO SOBRAL:** ...—remato, presidente— é o dato desagregado por niveis educativos —insisto— e data de publicación dos datos, dato desagregado, coa evolución do profesorado por niveis educativos, porque, se non o dá, o que estará a demostrar é que vén aquí a contarnos a mesma película que o ano pasado, a mesma película que se demostrou ao final falsa, a mesma película que pretende o seu Goberno: estar instalados no «canto peor, mellor» e pretender unha vez máis empregar as administracións para favorecer o ensino privado.



Nós, coa política, por suposto; e nós, co ensino público.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día de novo.

Señor Lourenzo, efectivamente, vostedes non, o seu sindicato de cabeceira pois convocou unha concentración, efectivamente, unha concentración. Xa estiveron quentando o ambiente contando mentiras durante todo o mes de agosto, anunciando recortes de profesores, a ver se daban chegado á manifestación, pero, ben, chegaron a unha pequena concentración. Parece que non lle van tan ben as cousas como vostede intenta facer contando e distorsionando constantemente a realidade.

Porque vostedes, cando falan de menos docentes, sempre ocultan falar dos datos dos alumnos, e non é razoable que non se fale dos datos dos alumnos e que non se fale da situación demográfica, porque iso é a realidade á que hai que ir adecuando o sistema educativo.

E a verdade é que, sinceramente, señor conselleiro, despois de escoitar a súa intervención, creo que todos os grupos —pero, ben, xa sei que non desta cámara— deberíamos de recoñecer ese esforzo feito por toda a comunidade educativa, feito pola Administración galega. E é certo que, se os datos nunca lle valen ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego, tam pouco aportaron aquí hoxe pois ningunha outra solución.

E ao final creo que a ratio de profesor/alumno, que dá o Goberno de España, creo que é un dato moi significativo, que é un dato moi obxectivo e sobre todo pois aforraríalle a vostede, señor Lourenzo, dar tantas voltas, maquinar tanto nos datos e retorcelos tanto para tentar confundir a xente. Porque a ratio é algo moi claro: número de profesores/alumno por aula. E a verdade é que somos a comunidade de España que máis profesores ten con respecto ao seu número de alumnos, e a vostedes iso parécelles mal. Pois é unha realidade, e, ademais, temos un 10 % máis que a media de España, e temos as mellores ratios profesor/alumno de España.

E entende vostedes —e enténdeo todo o mundo—, porque é a realidade, que nas ratios tiveron vostedes, esta bancada, unha extraordinaria oportunidade de melloralas, porque onde se melloran é nunha lei, e non o fixeron; podían facer. É máis, de non facelo, rechazaron todas as emendas na Lei Celaá, como lles dixen anteriormente.

E isto si que é importante, porque vostedes aquí din unha cousa e en Madrid pois fan absolutamente a contraria. E iso non está ben, porque os galegos vostedes ás veces deben pensar que non se enteran. E, señorías, os galegos son moito máis listos do que vostedes pensan.



E, se queren mellorar as ratios profesor/alumno, que é unha competencia estatal, pódeno facer mañá vostedes. Póñanse de acordo as dúas bancadas, aproben mañá un real decreto no Estado, fagan un real decreto que modifique e que mellore as ratios, e pódeno facer inmediatamente. Pero non, é moito máis fácil vir aquí alegrarse de que a Galicia non lle dean os fondos que lle están sacando, estar totalmente calados todos os días cando lle sacan algo a Galicia, cando o Estado non financia o que ten que financiar, cos profesores técnicos de FP, o que ten que financiar nos custos dos libros, o que ten que financiar pois cun montón de cousas que terían que financiar. E vostedes diso alégranse, pero, cando realmente hai que facer e hai que aportar fondos, vostedes desde logo que quedan calados.

Polo tanto, de ratios, se queren zanxar o tema, ¡joia!, pois mañá aproben un real decreto, fágano xa, e desde logo pois terían resolto a situación das ratios. E iso que Galicia, como lle dicía, é a comunidade do Estado que mellores ratios ten.

E ao final, mire, eu creo que a realidade é moi clara, os datos da realidade do sistema educativo galego. E entendemos que hai que mellorar, efectivamente, sempre; sempre hai que mellorar, e niso está traballando a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario.

Pero vostedes levan moitos anos coa matraca dos recortes e do desmantelamento. Xa llo dixó aquí o señor conselleiro, que o récord de peche de centros o teñen vostedes no Bipartito. Segundo ese informe PISA, que vostedes ás veces, cando lles interesa, o denigran, pois somos a primeira comunidade autónoma de España en competencia científica, a terceira en competencia lectora, a quinta en competencia matemática, a segunda en competencia global.

Señora Otero, somos a primeira comunidade de España en concienciación da igualdade entre os nenos e nenas. Eu xa sei que vostede o ten instalado no seu discurso, pero esta é a realidade; non o di a Xunta de Galicia, dino os datos.

Pero a vostedes, efectivamente, eses datos non lles gustan. Polo tanto, temos un sistema educativo o máis equitativo de España, señorías. Os estudantes galegos teñen o dobre de posibilidades de ter maior rendemento económico, por vivir nunha contorna economicamente desfavorable; é dicir, o dobre de posibilidades ten un neno galego con dificultades económicas de render máis que un neno de Cataluña ou do País Vasco, o dobre. Creo que isto é tremendamente importante, que nos ten que facer sentir orgullosos do noso sistema educativo e que ten que facer sentirnos orgullosos. E temos que felicitar os nosos nenos, a nosa comunidade educativa e todos os que están traballando no mundo da educación, porque isto realmente é o máis importante.

Mire, con vostedes a taxa de abandono escolar subía un punto por ano, señorías, un punto por ano. (*Murmurios.*) Si, si, do 22 % ao 26 %. Claro que os datos ás veces molestan, pero con vostedes subía un punto por ano. Recibírona no 22 % e subírona ao 25,8 %, case o 26 %. A partir de aí, do ano 1999, baixaron un punto e medio por ano...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODEIRO TATO:** ...ata situar a maior taxa de abandono escolar. Ben, pois son datos, efectivamente.



Recoñecemos —e remato, señor presidente— que sempre que hai moito por facer, sempre queda moito por facer no sistema educativo. Pero chegar ao nivel de vir aquí a desacreditalo de tal forma coas manipulacións que fan ocultando os datos e mentindo non é xusto para o sistema educativo.

Máis nada, señor presidente, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

Peche da comparecencia, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González):** Moitas grazas, presidente.

Supoño que para os portavoces de educación dos partidos da oposición a anterior exposición tivo que ser difícil. Tivo que ser difícil porque terían que recoñecer que estaban absolutamente errados e é moi difícil negar as evidencias. A verdade é que o fixeron coa maior dignidade posible e certamente esta idea de *sostenella y no enmendalla* pois creo que di moito ao seu favor. Obviamente, non é prudente e é moi inconsciente, pero di moito ao seu favor da acérrima defensa que fan pois de datos que son absolutamente falsos. Ao final, o tempo, como xa digo sempre, dá e quita a razón, e o tempo, como xa dixer, e as hemerotecas, os datos e as publicacións poñerannos enriba da mesa a realidade.

E a realidade —volvo repetir—: discurso Partido Socialista, discurso Bloque: -800, -700, -1.500, brutal, desmantelamento, atroz. En realidade, +11. Ese é o dato. E ao negalo e sobre todo ao negalo despois de que os pillamos *con el carrito del helado* pois é realmente fascinante ver a capacidade de autoconvencemento que teñen.

E falan vostedes de que como ese dato non se deu antes. Porque non somos como vostedes, simple e llanamente. Eu durante agosto non tiña o dato este, non o tiñamos na consellería. Sabiamos o que ía pasar, pero non podemos utilizar un dato mentireiro. ¿Por que pensan vostedes que nós dicíamos dato moi semellante? Tiñamos a intuición, sabiamos que o dato ía ser moi semellante, porque eses famosos recortes que vostedes plantexan na escala de Galicia non existen. E dirán vostedes: é que nun centro pasa isto e naquel pasa aquilo. Porque hai que adecuar os recursos á demografía e hai que adecuar os recursos ás demandas do estudantado.

Claro, cando eu dicía semellante, era consciente de que cando se dá un dato hai que dicilo con rigor, non se pode dar un dato falso, non se pode mentir, non se pode equivocar un conscientemente. Un pódese equivocar de xeito inconsciente, pero non conscientemente, e realmente o dato preciso démollo na Cámara, no Parlamento, nunha comparecencia.

E claro, hai outras cuestións que a min tamén me chaman a atención. Dixo a señora portavoz do Partido Socialista: ¿vostede sabe o que custan os libros? Eu teño dous fillos e sei perfectamente o que custan os libros e eu págoos do meu bolsillo; co seu sistema non os pagaba, simple e llanamente. ¿A vostede que lle parece máis xusto?



E, ademais, vostede pensa que non sei o valor dos libros. Claro que o sei; sabémolo, sábeo este goberno e sábeo este partido. Quen non o sabe son os seus. Lin os datos antes, o que pon a Xunta de Galicia, do Partido Popular, para axudar as familias e o que poñen moitas comunidades autónomas do Partido Socialista. Imaxine: dez contra dous ou tres—non teño aquí o dato, deixeiño na mesa—. ¡Home, por favor!, ¡por favor!

E claro, vostede: o transporte escolar funciona mal, hai un problema nesta ruta, hai un problema naqueloutra ruta. Seguro, sempre os houbo, é inevitable, sempre xorden problemas. ¿Como non van xurdir problemas nunha rede de máis de tres mil rutas? Problemas de axuste, que se van resolvendo en cada momento. E, se non, mire vostede, que eu o fixen cando era deputado, os titulares cando vostedes organizaban os cursos académicos, miren vostedes os descontrois que había.

Agora, se vostede cuestiona o servizo de transporte escolar —que é excepcional no conxunto de Galicia—, porque unha ruta, dúas, tres, dez, vinte —doulle vinte— pois non funcionan absolutamente ben o primeiro ou o segundo día, cando hai máis de tres mil, ben, pecado laico de desproporción, señoría.

E trampas. Trampas é facerse trampas ao solitario, e vostede dixo aquí, a sabendas, citou a sabendas a fonte do problema: o DOG do 2 de agosto. Iso si é facer trampas, utilizar datos falsos para soste unha postura política, iso si que é unha auténtica trampa política.

E, señor Lourenzo, ten tido días mellores, bastante mellores, ten tido días bastante mellores. Supoño que lle sería moi difícil manter a súa postura. Eu escoito bastante a comunidade educativa, bastante, moito, e, claro, a comunidade educativa tamén nos escoita a nós e vaise dar conta de que hai unha mentira nun lado e de que hai unha certeza noutro. Agora, o que ten máis mérito é soste a mentira. Iso ten moitísimo mérito.

E despois agora vostede cambia de argumento, xa está con outra teima. Unha vez que me pillaron neste fregado, cambio de idea, e di: desagregado. Xa lle dixen que estamos aínda completando a matrícula de formación profesional. Tamén lle dixen que en educación primaria, en infantil, hai 15.000 alumnos menos. Tamén lle dixen que nese bacharelato hai algunha porcentaxe de incremento máis. Estou seguro de que vostede no seu discurso a partir de agora vai dicir: claro, en infantil e primaria hai menos alumnos ou hai menos profesores que no curso anterior. ¡Oia!, ¿pero vostede non se dá conta de que hai 15.000 alumnos menos? E dirá: non, vostedes meten máis profesores en FP e en bacharelato. Si, porque fundamentalmente en FP haberá máis profesores.

Ben, vexo que xa cambia o discurso, e certamente isto vale para os dous deputados. Os datos hai que dalos cando se teñen e cando están consolidados, porque hai que ser un pouco responsable. Non se pode lanzar un dato así. Á parte, ¡fíxese que desproporción!: -1.000, -1.500, -800, ¡que desproporción cando estamos falando dun número absolutamente semellante! E non podemos facer outra cousa; seríamos uns irresponsables se entrásemos no seu xogo. Vostedes pensan que así gañan credibilidade e gañan apoio electoral. Nós pensamos, eu sinceramente penso que non.

E, como xa dixen, señor Lourenzo, felicíto polo seu cambio de discurso. Agora estou seguro de que as seguintes declaracións do seu partido político e do seu contorno sindical —ou



como lle queira vostede chamar — van estar centradas en datos desagregados, datos desagregados, datos desagregados, para intentar tapar a enorme mentira, consciente ou inconsciente, que vostedes trasladaron á cidadanía.

En todo caso, este curso escolar, pese ás dificultades comúns a toda España pola aplicación da LOMLOE, creo que no conxunto de Galicia, no conxunto dos centros, se fixo cunha grandísima enorme normalidade. Xestiónanse moitos recursos, adecúanse os recursos. É un curso diferente: supresión de medidas covid, aplicación da LOMLOE, adecuación ás dinámicas demográficas, e realmente a nós o que máis nos preocupa son os resultados do que facemos coas nosas políticas educativas.

O noso obxectivo é acertar nos resultados acadados coas políticas educativas, e, afortunadamente, despois de trece anos de políticas sensatas, de políticas ben acollidas polo profesorado, a inmensa maioría dos programas educativos —de plurilingüismo, de reforzo de competencias STEM, de ensino dixital— son ben asumidos polo profesorado.

Eu teño escoitado nesta Cámara auténticas barbaridades, pero barbaridades, referentes aos programas de innovación, aos programas de mellora do sistema educativo; é certo que tamén levo aquí dende o ano 2009. Pero estes programas, que o sistema educativo, o profesorado, asume, son os que, ao final, nos posibilitan cunha liña de traballo estable, coherente e seria pois ter os resultados que temos. E a nós o que nos importa son os resultados, que os bos alumnos teñan capacidades, destrezas, habilidades para competir no futuro en igualdade de oportunidades con calquera rapaz de calquera comunidade autónoma —iso é o que nos preocupa— en coñecementos, a nivel informático, en linguas, en traballo colaborativo, en calquera variable que poidamos poñer encima da mesa. E estes resultados non é que o diga o conselleiro, eu non o diría aquí se non estivera avalado por informes internacionais e nacionais que sitúan o sistema educativo galego nunha fantástica posición, —insisto— grazas ao grandísimo traballo do conxunto da inmensa maioría dos profesores deste país, que fan un traballo fantástico e que é o que posibilita os resultados.

Por outra parte, vemos mensaxes que xeran confusión, que xeran incertezas, que xeran desánimo e que non xeran —pensamos— nada positivo. E nós imos seguir traballando nun avance tranquilo da educación, renovando iniciativas, renovando proxectos e tamén creando novos proxectos, novas liñas de traballo —enuncieinas ao longo da mañá—. No pasado semestre, no curso pasado, aprobamos estratexias fundamentais, que son a clave da dinámica educativa de Galicia nos próximos anos: o Plan da nova arquitectura pedagóxica, a Estratexia galega de FP, a Estratexia galega de educación dixital, a Estratexia de linguas estranxeiras, o Plan LIA, o Plan de bibliotecas.

Temos por diante novos retos —sabémolo—, e imos traballar e impulsar novas liñas de traballo vencelladas á inclusión, vencelladas tamén á convivencia escolar. Queremos seguir traballando nesta liña. Somos moi conscientes de que o traballo de hoxe non é a curto prazo, é a longo prazo, e que a Galicia de mañá vai depender, sen dúbida, en gran parte do que se fai hoxe nas nosas escolas e do que se fai hoxe nos nosos institutos.

E, ao final, —e xa para rematar— o tempo é o mellor xuíz, pois o tempo dá e quita razóns. A crítica política é lícita, xusta e necesaria, pero hai que aportar certo rigor, certa seriedade



e non introducir no debate datos absolutamente errados, que, ao final, caen polo seu propio peso. Señorías, súmense ao bo sistema educativo de Galicia, súmense ás boas políticas educativas e deixen de facer política coa educación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais**

**O señor PRESIDENTE:** Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Dicía o conselleiro: «deixen de facer política coa educación», porque recortar máis de dez profesores en dous cursos no IES Punta Candieira de Cedeira *es una cosa climatológica y meteorológica y divina*, un pecado laico tamén debe ser. (*Aplausos.*)

Imos falar de política e ben deitaremos dela tamén porque, se non, Deus nos libre —si— do que vén cando non a hai e non a fan as maiorías sociais. Imos falar de política e ademais traer unha cuestión que é a que preocupa, e moitísimo, ao conxunto da poboación deste país, ao conxunto das galegas e dos galegos, traendo ademais ou arrastrando dalgunha maneira o debate que xa formulabamos desde o BNG cunha interpelación á conselleira de Política Social no mes de xuño sobre a eliminación da Tarxeta Básica, baixo o argumento da Xunta de Galiza, do Partido Popular na Xunta de Galiza, de que a situación excepcional que dalgunha maneira motivara a creación desta ferramenta desa Tarxeta Básica xa desaparecera. A situación de excepcionalidade xa non era tal e, polo tanto, non cumpría seguir mantendo este instrumento, esta ferramenta, que permite sen burocracia, sen excesivos trámites burocráticos, de maneira áxil, de maneira fácil, ás persoas con menos ingresos poder adquirir, mercar nun supermercado, na tenda ao lado da súa casa produtos de alimentación de primeira necesidade, medicamentos ou de hixiene básica.

Naquela altura, naquel debate facíámoslle a ela, pero tamén llo faciamos ao conxunto do hemiciclo das forzas da Cámara, unha pregunta —non sei se a lembran—, e é se crían de verdade todas e todos vostedes que a situación que estamos vivindo é normal, se esa excep-



cionalidade pasou, se estamos diante dunha situación de normalidade no noso país. Hoxe pola mañá, ás nove, saía o último dato da inflación, do custo da vida correspondente ao mes de agosto de 2022. E a pregunta eu creo que está tan de actualidade como daquela: ¿pódese falar de normalidade nun momento no que o custo da vida en Galiza é un once por cento máis caro do que hai un ano? ¿Pódese falar de normalidade cando o prezo do pan subiu o 15 %, o 25 % o leite, o 24 % o aceite, o 15 % comprar froita fresca, o 14 % máis caros os legumes ou as hortalizas, o 9 % o peixe ou o 22 % os ovos? ¿É normal pagar nun só ano un 24 % máis por un litro de aceite, que usamos todos os días para facer calquera prato básico elemental dos que comamos na nosa casa? ¿Ou que salario soporta o 47 % máis no custo da calefacción, da luz e da auga? ¿Que salario aguanta iso? Xa nin que dicir cabe, pois non temos por que falar ou non imos centrarnos en situacións sobrevidas que temos e padecemos calquera de nós, como, por exemplo, ter que cambiar as rodas do coche, a batería e as pastillas de freo o mesmo día, porque saes do taller *tiritando*.

¿Pódese falar, polo tanto, de normalidade, señorías, cando en Galiza hai case setenta mil persoas que nesta situación tan excepcional de inflación, de aumento do custo da vida, que teñen como único ingreso no noso país unha prestación económica de carácter social: o ingreso mínimo vital do Estado ou a risga da Xunta? Catro mil persoas máis só en tres meses; iso son corenta e catro persoas ao día neste país que viven cunha prestación económica de carácter social, ben sexa a risga ou ben sexa o ingreso mínimo vital.

Vivimos unha situación desde calquera punto de vista excepcional, unha crise de prezos como non se rexistraba nos últimos corenta anos. E iso non é normal. Ten consecuencias económicas, un enorme impacto no tecido produtivo e empresarial do noso país —falaremos a continuación coa seguinte moción do BNG diso—, nos sectores produtivos, nas consecuencias que esta inflación ten para as empresas, para as persoas autónomas.

Pero tamén, e sobre todo —que é onde queremos centrarnos agora—, esa inflación, ese incremento tan brutal e desorbitado do custo da vida, ten un impacto no lombo da xente, das persoas e nas decisións que teñen que tomar para seguir subsistindo, que non vivindo. ¿Que decisións? Pois que se come e que non nunha casa. E non é unha exaxeración. Saían os datos estes días: a compra de alimentos en Galiza caeu o 12 % por mor da inflación. Iso quere dicir que hai persoas neste país no ano 2022 que teñen que tomar a decisión de se se come peixe fresco esta semana ou non se come, se se compra carne de vacún ou seguimos tirando co máis barato que atopemos no supermercado. Iso quere dicir que no ano 2022 en Galiza unha parte da poboación vive en fogares nos que non se recibe unha alimentación adecuada —nutricionalmente falando— e variada, con todos os elementos que consideramos hoxe necesarios. Hai fogares que reciben, polo tanto, unha peor alimentación porque non poden pagar produtos frescos e de calidade.

Logo, temos que escoitar falar —e hai que facelo por ter orellas e estar na Comisión 5ª— que cando falamos do Plan contra a obesidade e por unha poboación saudable desde un punto de vista alimentario e nutricional, falar de subir os salarios, falar de subir as pensións ou de loitar contra a precariedade non ten cabida. ¡O que hai que oír! Porque decidir meter ou non determinados produtos na cesta da compra cando imos á tenda ou ao supermercado depende da capacidade do poder adquisitivo que se teña na casa. E falamos de fogares onde viven





persoas pensionistas, fundamentalmente no noso país, pero tamén casas onde viven nenas e nenos e onde as súas nais e os seus pais teñen que decidir que é o que comen e que é o que non porque non poden pagalo.

E nesa situación a Xunta de Galiza decide eliminar a Tarxeta Básica cuxo obxectivo —insisto— era precisamente garantir de maneira doada, sen burocracias e áxil ter recursos para poder pagar alimentos e produtos básicos de hixiene ou medicamentos. ¿Para que? Para mandar esa xente á cola dos bancos de alimentos ou aos comedores sociais, que foi o que se dixo aquí. (*Aplausos.*) Substituír nunha sociedade que se di avanzada e democrática, nunha sociedade que se queira xusta, mandar a xente á caridade e á beneficencia en vez de facer políticas públicas que garantan dereitos a través de mecanismos que existen, que iso é o peor de todo, porque existían, estaban en vigor e funcionaban. Son políticas que aplaudimos as forzas da oposición, que aplaudiron as entidades sociais e que hoxe reclamamos que sexan restituídas, non só o BNG senón tamén todas as entidades que compoñen a Rede galega contra a pobreza. Volver —insisto— á caridade e á beneficencia en vez de garantir dereitos a través dunha política social á altura do que merece calquera sociedade xusta, democrática e avanzada non debería ter cabida.

Por iso, nós traemos hoxe con esta moción unha batería de propostas, que encabeza precisamente a restitución inmediata desa Tarxeta Básica, dotándoa de carácter permanente como medida de urxencia, pero tamén, e sobre todo, como ponte mentres non se tramitan outras solicitudes de prestacións económicas, como a risga ou o ingreso mínimo vital. Isto é algo que o BNG levamos propoñendo e defendendo desde abril de 2021; hai máis dun ano que levamos pedindo que se modifique, que se regule a Tarxeta Básica, que se modifique a lexislación en materia de inclusión social en Galiza para poder darlle carácter permanente a esta ferramenta tan útil e tan necesaria na conxuntura actual.

¿E por que dicimos que sirva de ponte mentres non se tramitan as solicitudes? Recentemente faciase pública a memoria anual da Consellería de Política Social e os datos correspondentes aos tempos de resolución das solicitudes da risga. E o que nos din é que a xente está cinco meses, ¡cinco meses!, esperando desde que presenta a solicitude até que de maneira efectiva accede a eses recursos, a esa prestación económica para poder soste as súas vidas. Cento corenta e cinco días, coas súas tres comidas, sen nada, cunha man por diante e coa outra por detrás, como lles quere facer agora o Partido Popular desde a Xunta de Galiza.

Regular a Tarxeta Básica, dotala de carácter permanente como ponte e, sobre todo, como medida de urxencia cara a outras prestacións. Pero tamén actualizar a contía da risga e o complemento autonómico das non contributivas para garantir que nun contexto de inflación do 11 % —en Galiza por riba da media do Estado—, como o que levamos soportando durante estes meses, as persoas que teñen menores ingresos no noso país poidan polo menos facer fronte a esa alza de prezos de produtos tan básicos, tan elementais como o pan, os ovos, o aceite, o leite, o peixe fresco ou a carne.

Falamos de persoas —e con isto remato— que viven na maior parte dos casos con ingresos de menos de cincocentos euros ao mes. Non falamos de luxos asiáticos, senón de garantir unhas condicións de vida minimamente dignas nun contexto económico que é adverso para



todas e para todos, pero que é especialmente doloroso para quen xa ten uns ingresos moi limitados e se atopa nunha situación de precariedade.

E, por último, incluímos tamén que se traia no prazo máximo dun mes —porque non entendemos a espera, de verdade, non se entende, e ademais é dolorosísimo seguir agardando ou mandándolles ás galegas e galegos que sigan agardando— ese proxecto de lei de inclusión social para acabar coa incompatibilidade da risga e o ingreso mínimo vital, pero sobre todo para poder dotar de novas ferramentas este país para garantir vidas dignas ao conxunto da sociedade galega.

Remato porque nos tempos que nos tocou vivir no contexto social e económico actual facer agardar a xente deste país, ás persoas máis vulnerables de Galiza non é dicirlles que queden como están; é dicirlles que cada día a súa situación e as súas vidas vaian un pouquiño peor. Non deixen que corra o tempo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Ben, despois das dúas horas de comparecencia do conselleiro de Educación, é inevitable lembrarnos do señor Feijóo queixarse do seu tempo de intervención no Senado. Hai que ter cara de queixarse cando el falou aquí neste hemiciclo horas e horas. *(Aplausos.)* En fin, demagogia.

Agora que ao señor Feijóo lle naceu de súpeto a preocupación polo custo que ten a volta ao cole para as familias, despois de eliminar a gratuidade dos libros cando era presidente galego —como dixo a miña compañeira Noelia Otero—, agora que o señor Feijóo afirma estar preocupado pola cidadanía que está a sufrir as consecuencias da inflación derivada da guerra, agora que ao señor Feijóo lle aflora a empatía por todos os poros da pel, vai agora o Goberno galego e decide recortar un dos recursos fundamentais para as familias en risco de pobreza: a Tarxeta Básica. Iso si, a realidade é que o señor Feijóo xa deixou orde de retirala antes de marchar.

Unha axuda que nace da demanda do movemento asociativo galego, que nace da cidadanía que loita día a día contra a pobreza. Un recurso que elimina o estigma da aporofobia que sofren moitísimas familias e, sobre todo, tantos e tantos menores que nacen en familias que por circunstancias carecen de recursos, atopándose nunha situación de exclusión social, e que como ben dicía a señora Rodil teñen que elixir que poden comer e que non.

A Tarxeta Básica nace para intentar evitar, entre outras cousas, que nenos e nenas sen recursos sexan sinalados nas escolas. Trata de evitar que lles poñan unha etiqueta por naceren en familias sen recursos. En definitiva, trata de evitar o estigma que levan ao lombo estes nenos e nenas, que fai que na maioría dos casos o seu futuro quede marcado pola chamada «herdanza da pobreza».

A Tarxeta Básica garante máis que ningún outro recurso a privacidade, e afástase das axudas de carácter asistencial como ata agora coñeciamos.



Está claro que dende o Partido Popular intentan enganar a cidadanía, xa que non vale facer ver, por un lado, que agora lle naceu de repente a empatía ao señor Feijóo, cando el mesmo é o que deixou asinado o recorte deste recurso fundamental para as familias sen recursos e en situación vulnerable.

A cidadanía non pode esquecer que el mesmo como presidente galego mantivo e segue a manter no día de hoxe a incompatibilidade da risga con prestacións como o ingreso mínimo vital.

A cidadanía non pode esquecer que tomaron esa decisión sabendo que con iso enviarían unha misiva burocrática a miles e miles de familias sen recursos, tratándoas como morosas nos peores momentos, reclamándolles ata cinco mil euros a familias que están no umbral da pobreza.

A cidadanía non pode esquecer que Galicia é a única comunidade autónoma que agocha case dez mil dependentes, que, segundo os informes da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, non aparecen en ningún dato oficial.

A cidadanía non pode esquecer que o señor Feijóo deixou orde de valorar os dereitos das persoas con discapacidade por teléfono, sen tan sequera verlles a cara. ¿Como se pode valorar unha discapacidade sen ver a persoa?

É importante cambiar o concepto que temos respecto das políticas sociais, xa que para que funcionen non só deben basearse nas axudas sociais. O máis importante é ter un goberno dilixente que cree emprego, adaptando a oferta e a demanda no mercado laboral ao talento asociado ao territorio.

Nunha terra chea de potencial como é Galicia, ¿como é posible que coa calidade das nosas universidades e o talento da nosa xuventude ao longo dos últimos anos en Galicia gastemos anualmente entre 200 e 300 millóns ao ano en formar titulados que finalmente emigran por falta de oportunidades laborais? ¿Como é posible que a consecuencia desa fuga de talento na nosa terra, cos peores datos demográficos, deixen de nacer só por esa cuestión miles e miles de bebés en Galicia? ¿Como é posible que mentres o Estado incrementaba a poboación ocupada nos últimos anos, o Goberno galego perdera decenas de miles de persoas ocupadas? ¿Como é posible que nesta situación o Goberno galego permita que a consecuencia de exportar ese talento deixemos de crear trescentas quince empresas menos ao ano en Galicia? Isto segundo o Foro Económico de Galicia.

Todo iso deriva en que somos das comunidades autónomas que temos peores datos demográficos, e máis aínda na miña provincia, en Ourense, onde temos os peores datos de natalidade. E, en vez de solucionalo, agora xa non podemos nin parir tranquilas porque se os nosos fillos nacen prematuros enviánnolos a outra provincia por non ter pediatras suficientes en Ourense. (*Aplausos.*)

O novo presidente galego, o señor Rueda, indicou neste Parlamento, a colación da situación que está a vivir a nosa sanidade pública galega, que este tipo de problemas non son causa de



falta de recursos, que cartos hai. Polo tanto, na nosa humilde opinión, non é o momento de recortar neste tipo de recursos. No momento que máis o precisan as propias familias galegas non se pode escatimar absolutamente ningún recurso destinado ás familias en situación de pobreza, moitas delas con menores a cargo e nun contexto no cal o número de menores tutelados pola Administración galega incrementou significativamente nos últimos anos. Ao cal a propia conselleira de Política Social argumentou como motivo fundamental as carencias económicas para xustificar tal incremento.

¿E agora veñen aquí recortar un dos recursos clave para as familias que peor o están a pasar? Se hai carencias económicas deixen de poñer paus nas rodas ao Goberno estatal e colaboren mantendo a Tarxeta Básica. Colaboren reformando dunha vez por todas a Lei de inclusión social. Como dicía a señora Rodil, deixen de vacilar a cidadanía. Levamos anos con esta cuestión e non chega nunca a tempo. Colaboren elaborando un plan transversal contra a pobreza de xeito urxente, deixen de votar en contra desta proposta que levamos facendo tempo. Se xa estabamos mal antes cos datos de pobreza e a perda de poboación ocupada, hoxe somos a cuarta comunidade autónoma coa taxa do IPC máis alta de todo o Estado. En Galicia os prezos incrementáanse máis que na media estatal.

Colaboren blindando os dereitos das persoas con discapacidade. Colaboren coas entidades que executan as súas competencias en discapacidade e aporten o sobrecusto de máis dun millón e medio de euros derivados na pandemia, que lograron manter a mínima incidencia do virus nestes centros e que vostedes como goberno se apropiaron deste feito.

Colaboren blindando a cobertura dos equipos técnicos de menores, que velan pola protección de menores en risco e en desamparo en Galicia. Porque si, por desgraza, existen e son moitos os menores que están nesta situación e que esperan axuda da administración. E os expedientes están apilados por non ofrecer o Goberno galego soporte de recursos humanos suficientes para atendelos. Nestes momentos incluso hai equipos que comunicaron á Xunta por escrito que só atenderían os casos urxentes. ¿Saben o que iso significa? Estamos a falar de menores en situación de risco e desamparo. ¿Teñen pensado facer algo ao respecto, tal e como propoñemos desde o Grupo Parlamentario Socialista?

Deixen a un lado a confrontación co resto de administracións; hai momentos nos que é preciso unha paréntese.

¿Como é posible que o Partido Popular se posicione en contra de subir as pensións nestes momentos? ¿Como é posible que nestes momentos o señor Feijóo fale de que se accede ao goberno eliminará todas as leis contra as que presentaron recurso nos tribunais por non poder tombalas alí onde teñen que facelo, nas cámaras representativas da cidadanía? ¿Como é posible que o señor Feijóo afirme con isto que eliminará se chega ao poder a Lei de eutanasia, a de educación, a do aborto, a de memoria democrática, as medidas antidesafiuzaemento, a ampliación da paternidade, as medidas extraordinarias contra a pandemia e a crise, a reforma laboral, ata incluso chegaron a votar en contra cando eran Alianza Popular do divorcio? Pero logo usaron todos eses dereitos. Só espero polo ben dos nosos fillos que a dereita nunca chegue ao poder neste país, porque entón os seus dereitos retrocederán sesenta anos para atrás, tristemente. *(Aplausos.)*



Din que a mellor definición de intelixencia é a capacidade de adaptación, de adaptarse ás circunstancias. Para un goberno aplíqueno nas súas políticas, gobernen protexendo a xente no peor momento, tal e como están a facer outras administracións como, por exemplo, o Goberno estatal con medidas extraordinarias. Fagan o mesmo, practiquen a empatía, a sensibilidade non só de palabra, senón de obra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como imos falar de política social, permitiranme que comece esta intervención felicitando a responsable do ramo, que hai escasos días traía un novo galego ao mundo, e como tanto o neno como a nai están en perfecto estado, felicitar a Fabiola e dar a benvida a Galicia a Manuel. (*Aplausos.*)

Non se preocupen, creo que os podo sumar á felicitación, ¿verdade? Ben, pois seguro que BNG e PSOE se suman a esa felicitación, o cal lle agradecemos.

E pasando disto, imos falar e poñer un pouco de sentido común, —xa me atrevo a dicir despois da última intervención— de sentido democrático. «Oxalá a dereita nunca governe neste país», ¡que talante democrático amosou a representante socialista! Míroos demasiado preocupados, pero asegúrolles que é o normal en calquera democracia, a alternancia política. É algo ao que deberían de acostumarse.

Eu creo que sería desexable que nun contexto de dificultade social como o que estamos a sufrir, os responsables políticos fósemos quen de establecer un debate sereno e responsable, deixando de lado a tentación da demagogia e da excesiva teatralidade. Porque o certo é que nas últimas semanas os cidadáns están asistindo a unha subasta de ocorrencias, de disparates, que non merecen, e, sinceramente, creo que o momento demanda doutra actitude.

Preguntábase a señora Rodil se estamos mellor que no verán de 2020, cando se aprobou a Tarxeta Básica. Pois recordemos: atopámonos en pleno proceso de desescalada, creo que estabamos na fase 2; millóns de traballadores de España estaban nos ERTE; había restricións de mobilidade en toda Europa; a actividade comercial de todo o continente estaba limitada; ausencia total de vacinas entre a poboación, e o país ao borde do colapso. ¡Home!, sen negar as moitas dificultades que existen no día de hoxe, que son moitas, e recoñécemolo, creo que a comparación é ofensiva; dígollo sinceramente.

Igual de ofensivas que son algunhas saídas de ton que escoitamos noutro sentido moi distinto nos últimos días. Porque, claro, o outro día veu por aquí a ministra portavoz e entre insulto e insulto a Feijóo, que ultimamente é o que se estila, declara cousas como «*Los fondos europeos nos van salir por las orejas*». Que no momento que estamos vivindo realmente é unha



declaración moi prudente e, por certo, aínda que teño que dicir que bastante realista, porque é certo que ao Goberno lle saen polas orellas. Só ao Goberno, ¡eh!, como temos o grao de execución máis baixo de toda a Comunidade Europea; ao resto non, ás comunidades non chegan, aos cidadáns tampouco, pero ao Goberno parece ser que lles saen polas orellas.

Señor Caballero, pídalle permiso ao voceiro, eu non me meto nas súas cuestións internas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En todo caso, eu creo que o momento aconsella certa medida para avaliar e evitar todo tipo de disparates que estamos a escoitar. E dende a medida creo que é fácil entender que a Tarxeta Básica é un instrumento puntual para un momento concreto, no que había desprazamentos restrinxidos, servizos xerais da administración totalmente colapsados, a imposibilidade dunha tramitación administrativa normalizada, tanto para os usuarios, que non podían achegarse aos concellos, como para os funcionarios, que non podían ir aos seus postos de traballo; coas redes de protección social, tanto as sociais como as familiares, absolutamente castigadas, e cuns servizos municipais de emerxencia social, por certo, entón totalmente superados pola pandemia, e hoxe afortunadamente recuperados.

Eu creo sinceramente que nun momento de extrema dificultade social o Goberno galego fixo un esforzo excepcional. E creo que ese esforzo só pode ser negado dende a absoluta irracionalidade partidista. Vostedes insisten teimudamente en negar o pan e o sal ao Partido Popular de Galicia, e fano con argumentos tan peregrinos como acusarnos de falta de sensibilidade por non facer permanente a Tarxeta Básica. Unha tarxeta que creou Galicia de maneira absolutamente pioneira, que só foi implementada por outra comunidade autónoma en toda España —por certo, gobernada tamén polo Partido Popular— e á que dedicamos máis recursos públicos que ninguén. E agora veñen dicirnos que é esencial e que, se non, non sei... ¿Que pasa cos nenos en Valencia, que pasa cos nenos en Asturias, que pasa cos nenos en Aragón, que carecen de todos estes servizos esenciais que só implementaron Galicia e Andalucía? É que é tremendo o que hai que escoitar aquí, dígollelo de verdade.

Pero a historia repítese, e repítese a historia e repítense os argumentos. E hoxe, na anterior comparecencia, tivemos unha nova mostra. Pero se sempre é o mesmo. Miren: aprobamos o maior orzamento social da historia de Galicia, e o que nos acusan é de usar a xente máis vulnerable como arma arreboladiza. Incrementamos os recoñecementos de independencia dos catorce mil que existían cando chegamos ao Goberno a máis de sesenta e cinco mil que existen hoxe, pois acusáronnos de facer caixa coa dependencia. Mantemos a taxa de pobreza por debaixo da media nacional durante todos estes anos, a pesar dunha crise económica e dunha pandemia, pois o que din é que queremos que lles vaia mal aos galegos. Aprobamos o maior orzamento sanitario da historia, pois estamos recortando en sanidade. Reducimos —e así o di ademais o Consello de Contas— os concertos sanitarios; estamos privatizando a saúde de todos os galegos. Temos a ratio máis alta de profesores/alumnos de España, pois acusáronnos de manipular os datos, os datos do ministerio; ¡coidado!, que isto xa ten certo mérito. Reducimos o abandono escolar dunha taxa superior ao 25 % que nos atopamos en 2009 ao 8 % que existe hoxe, e resulta que estamos desmantelando a educación pública. E tamén escoitamos o outro día que a pesar de ser a administración que menos incrementou a débeda de toda España, pois, xenerosamente, déronnos a escoller entre se actuabamos de mala fe ou se eramos insolventes.



Señorías, eu creo que catro eleccións consecutivas aumentando o caudal de confianza dos galegos unha tras outra vez amosan algo: que os galegos si teñen claro quen obra de mala fe e si teñen claro quen acreditou a súa insolvencia. (*Aplausos.*) Moi claro, mal que lles pese.

Señorías, estamos no tempo que estamos e en breves datas a Xunta acreditará a súa solvencia presentando unha vez máis en tempo e forma uns orzamentos realistas, sensatos e que teñan como prioridade aliviar as dificultades dos que máis sofren. Por exemplo, incrementando o custo da inflación nas axudas sociais ou equiparando o trato fiscal dos fogares con dous fillos ao das familias numerosas, como acaba de anunciar o presidente Rueda. Por certo, deberían de empezar a quedarse con este nome no subconsciente. O presidente de Galicia chámase Alfonso Rueda, que parece que manteñen vostedes vellas obsesións. (*Aplausos.*) ¡Hai que superalas!

E, señorías, eses orzamentos van coidar dos galegos que o pasan peor, porque é o que fixemos sempre. Fixémolo durante a pandemia creando efectivamente esa Tarxeta Básica, á que dedicamos máis de corenta e dous millóns de euros; apoiando as entidades sociais no momento en que máis o precisaban, entregándolles máis de dezaioito millóns de euros; reforzando e axilizando a tramitación da risga no momento en que máis se necesitaba acceder a ese recurso; creando un servizo de axuda no fogar extraordinario e gratuíto; reforzando o servizo de xantar na casa; facilitando equipos de protección individual aos centros de servizos sociais de Galicia —os EPI, por certo, que o Goberno central, que tiña a obriga, non lles facilitou—, e apoiando os centros de día, os centros ocupacionais e as garderías para manter vivo ese tecido fundamental para a sociedade galega.

E volvémoslo facer despois da pandemia. Por exemplo, universalizando a gratuidade das escolas infantís para todos os nenos e nenas galegos, blindando a risga, impulsando unha reforma da Lei de inclusión social, efectivamente, que pretende axilizar axudas, aliviar a burocracia, compatibilizar a risga e o ingreso mínimo vital. Por certo, non se esquezan de que a risga a mantivemos activa en todo momento ante o fracaso do ingreso mínimo vital, namentres, si, non cheguemos á cesión desexada por todos da xestión do ingreso mínimo vital, que, por certo, xa está acordada.

Tamén aumentamos as axudas sociais e as entidades en máis de sete millóns, que se sumaban aos 19 millóns anteriores. Bono social térmico máis o complemento autonómico, o complemento autonómico das pensións non contributivas, as axudas de inclusión social.

En fin, mudan os tempos, e nós mudamos as políticas. Vostedes, señorías, prefiren mudar o discurso. ¿Alguén se acorda da última vez que soaron neste Parlamento os termos «pobreza enerxética»? Non, iso quedou para cando estaba a 47 euros o megavatio/hora; agora que está a 470 euros, ninguén fala disto aquí.

Nós, señorías, seguiremos a tender a man, para chegar a acordos, e vostedes terán a oportunidade de concretar as súas achegas durante a tramitación parlamentaria do orzamento. ¿Estas serán realistas e ponderadas, ou voltaremos aos disparates de anos anteriores? ¿Voltaremos a inventar ingresos que non existen?, ¿voltaremos a aquilo de abrir centros sociais novos á custa de eliminar o mantemento dos que xa existen?, ¿faremos cousas como o do



ano pasado de eliminar todas as partidas da educación concertada sen crear partidas novas para novos colexios ou para saber quen vai educar a eses nenos? ¿Pasarán todas esas cousas? Porque se pasaran terán perdido unha nova oportunidade para ser útiles aos galegos.

Eu, polo tanto, voume despedir, se mo permiten, cun consello: eu dedicaría máis tempo a preparar as emendas do orzamento e menos a preparar os insultos que nos van dedicar nesta sesión e nas que veñan por diante. Probablemente non sei se iso contribuirá a mellorar a campaña electoral dalgún dos grupos, pero sería un pouco máis útil para o conxunto dos galegos. En todo caso, teñan unha cousa clara: nin a demagogia fai mella xa nos galegos nin as ofensas que poidan verter van facer mella xa en nós.

Así que, señorías, lamentamos que continúen vostedes por ese camiño tan perigoso de demagogia, descualificación e incluso negativa xa a que algún día poidamos gobernar, porque parece que aquí hai algúns que teñen o carné de todo incluído ou de demócrata...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...e o resto non temos máis que calar. Afortunadamente, os galegos pensan moi distinto a vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Peche desta moción. Grupo propoñente, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Grazas, antes de máis, tamén ao Grupo Socialista polo apoio ás propostas que traemos hoxe con esta moción.

E tamén, antes de máis, porque non tiñamos nin idea de que a señora conselleira tivera a súa crianza, todos os nosos parabéns. Unha aperta ben agarimosa de todo o BNG. E trasládelle a ledicia tamén do noso grupo porque fose nai outra vez, e estamos ben contentas de que estean tanto ela como o seu fillo ben.

Eu, máis alá diso, o primeiro que lle pediría é que se queremos ter un debate serio e un debate rigoroso, señor Pazos, é que vostede non veña aquí inventarse unha realidade paralela, porque aquí ninguén o insultou. Entón, claro, vir aquí defenderse dun suposto insulto que só está pois na súa cabeza, ¿que quere que lle faga?

Nós viñemos aquí falarlle da realidade, bastante difícil e bastante complexa. Quero pensar que compartimos a diagnose de que vivimos unha situación de inflación como non había en corenta anos e que iso está poñendo contra a espada e a parede a moitísimos fogares, a moitísimas persoas. Dícímolo moitas veces desde o BNG: a pobreza hoxe non é a dos anos noventa; hoxe ter un posto de traballo, ter un contrato laboral asinado e ter un salario todos





os meses non che garante ter os recursos suficientes para poder enfrontar, e moito menos na situación actual, un desorbitado incremento do custo da vida.

Entón, a pregunta que nós nos facemos, porque vostedes van votar en contra hoxe desta iniciativa e das propostas que trae o BNG, é: se é tan boa, por exemplo, a Tarxeta Básica, se é unha medida tan boa como vostede acaba de dicir, e nós tamén compartimos, igual que as entidades sociais, ¿por que a quitan?, (*Aplausos.*) ¿por que a quitan no peor momento para miles e miles de persoas en Galiza? Se era tan boa e cumpría unha función tan básica e tan fundamental como garantirles recursos de maneira áxil e de maneira suficiente aos fogares que menos cartos teñen todos os meses para ir facer a compra sen burocracias, de maneira áxil, ¿por que?, se funcionaba tan ben. E se todas e todos estamos de acordo en que era unha boa medida, ¿por que a suprimiron cando peor o están pasando miles de fogares no noso país?

Volvo insistir: é que non hai máis razón, de verdade, que a falta de vontade política e de querer instalarse —tamén llelo digo, dixémolo daquela en xuño e repetímosllelo agora— en que canto peor sexa a situación para a maioría da sociedade deste país, canto peor lles vaia ás galegas e aos galegos, mellor lles vai ir a vostedes cos seus intereses electorais en Madrid. (*Aplausos.*) Porque están utilizando a xente máis vulnerable, a xente que está en peor situación económica como arma arreboladiza para tirarlle, e acaba de demostralo vostede na súa intervención, para arrebolala e utilizala como arma arreboladiza contra o Goberno do Estado.

E eu dígolle unha cuestión —dígolla de verdade con toda a claridade e tamén con toda a rotundidade—, e é que non hai nada máis desprezable e máis inhumano, porque a responsabilidade e a obriga de calquera goberno é poñer todas as medidas que están ao seu alcance, todas as medidas que dependen única e exclusivamente desa administración en concreto, para favorecer a garantía dos dereitos fundamentais e os recursos suficientes a calquera persoa neste país para poder vivir en condicións dignas. Todas as iniciativas, todas as medidas recollidas nesta batería de propostas, nesta moción do BNG non dependen de ningunha outra administración que non sexa a Xunta de Galiza e, polo tanto, o Goberno do Partido Popular neste país.

¿Por que van votar en contra de que se actualice xa —porque o poden facer— a risga, por exemplo, ou o complemento autonómico das non contributivas, que vostedes levan conxelado desde hai trece anos, desde hai máis dunha década neste país? ¿Por que lle están dicindo a toda esa xente que están unha man por diante e outra por detrás agora que ten que esperar como moi cedo a xaneiro de 2023? Porque vostede di aquí que se vai actualizar a risga e as non contributivas, pero cando se aproben os orzamentos, que como moi rápido será —insisto— en xaneiro de 2023. ¿Como acaba esa xente o ano? Xa non digamos todo o que levan sufrido e aguantado o que levamos de 2022 con esta alza desorbitada de prezos.

Insisto en que facer agardar, coa situación económica que temos agora, a milleiros de persoas vulnerables e empobrecidas e nunha situación de pobreza ou risco de padecela neste país non é que queden como están, é que empeore a súa situación cada día que pasa, e non poden agardar máis.

Teñen aínda tempo para reflexionar e para que deste Parlamento saia unha vontade, un acordo unánime, que é pedir que a Tarxeta Básica se restituía con carácter inmediato e que



se actualicen a risga e o complemento autonómico das non contributivas, porque é única e exclusivamente unha cuestión de vontade política do goberno que ten a capacidade e a competencia en exclusiva para facelo, que é o Goberno do Partido Popular na Xunta.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre o incremento dos prezos**

**O señor PRESIDENTE:** Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Volvemos debater sobre a crise de prezos e seleccionei unha serie de titulares que vimos nas últimas horas:

«A crise poscovid non dá tregua». «A pandemia fainos perder a todas e a todos cinco anos de desenvolvemento».

Isto é o que di un informe da ONU, que amosa unha regresión a nivel mundial, que é a primeira vez na historia que se produce: «O IFO recorta a previsión do produto interior bruto de Alemaña». «Encamiñámonos a unha recesión invernal». «Non se espera unha normalización da economía ata o 2024».

Terceiro, a suba de tipos de interese: «O Banco Central Europeo endurece o acceso ao financiamento das familias e das empresas». Esta é, como saben as súas señorías —e recorran o debate que tivemos antes do parón do verán—, a segunda suba do ano. A primeira tiña lugar precisamente cando tiñamos o debate co señor conselleiro de Facenda no mes de xullo, daquela unha suba do 0,5, e agora unha do 0,75, a maior suba da historia. Pero traducido a unha linguaxe cotiá o que quere dicir é que no momento en que as familias e as empresas máis precisan de acudir a unha fonte de financiamento é o momento no que é máis caro, porque esa inflación chega a ser desbocada, chega a ser permanente e vai acompañada doutros efectos.

Esta é a situación. Poderíamos poñer enriba da mesa máis titulares de hoxe, que serán parecidos aos de onte, e semellantes aos de mañá, e que, desde logo, reflicten unha situación que é preocupante, que é crecente esa preocupación e os síntomas que vai dando; unha situación que a todas luces empeorou desde o mes de xullo no que debatemos co conselleiro de Facenda cando interpelabamos, e é unha situación preocupante na que diante desta pois



o Goberno do Partido Popular segue coa mesma actitude, que vén consistindo basicamente en tapar os ollos e tapar as orellas a ver se non vai con el. Pero iso non serve para que os galegos e as galegas tapen a realidade do seu sufrimento diario.

Porque a realidade é a seguinte: en primeiro lugar, os problemas derivados da crise enerxética, na que Galiza xa estaba a sufrir as consecuencias hai moito tempo, segue presente malia as medidas paliativas. A realidade é que o escenario internacional segue a ser incerto e con cada vez máis conflitos. A realidade é tamén, en terceiro lugar, que as previsións de crecemento foron rebaixadas no verán, mais non para amosar unha mellora da situación, senón para adaptalas a unha realidade que empeoraba. Dá igual que organismo miremos; podemos ver os datos que daba o panel de Funcas, que estimaba no inverno un crecemento do 5,6 e que se rebaixou xa ao 4,2, cunha baixada de máis do 1,4; a mesma baixada tivo a previsión da Comisión Europea, e adoece aínda máis, do 5,8 ao 4.

E, por último, fallaban tamén as previsións respecto da inflación. É que levamos máis dun ano instalados nunha situación na que recorrentemente se nos di desde o Goberno —sexa da Xunta, do Estado ou doutras institucións— que é algo temporal, que no seguinte trimestre mellorará. Mais a realidade é que non é así; a inflación segue desbocada. E o que é peor: mentres o Partido Popular tapa as orellas e tapa os ollos, a inflación está máis desbocada en Galiza do que no conxunto do Estado.

E iso é o que veñen reflectir tamén os datos que coñecemos esta mesma mañá. Hai unhas horas comprobabamos o dato da inflación de agosto, e segue disparada, cunha variación interanual dun 11 %, jun 11 %!, que é máis do 10,5 % que aumenta no Estado. Unha vez máis, vemos que esa inflación non para de ter datos preocupantes e que ademais, de forma concreta, Galiza segue encadeando, e leva sendo así máis dun ano, máis inflación que no resto do Estado. No que vai de ano, se nós acumulamos un 6,6, no Estado van no 6,1. Isto pois pode parecer moi abstracto, pero resumidamente o que significa é que mentres o Goberno galego ten unha actitude de brazos caídos, os galegos e galegas empobrecémonos máis rapidamente sen que actúen. E isto o que reflicte é que aumenta o empeoramento da situación social. Acaba de explicalo moi ben a miña compañeira Rodil no debate anterior: no día de hoxe a situación social empeora.

E o certo é que neste pleno xa non sabemos como explicarlle isto a un Partido Popular que non quere escoitar e que non quere facer actuacións de inmediato para corrixir esta situación. E nós insistimos: queda un trimestre por diante, non poden agardar a xaneiro de 2023 para actuar tarde, mal e arrastras, porque mentres no día de hoxe case setenta mil persoas no noso país viven dunha prestación económica social. Isto dise pronto, pero é que setenta mil persoas son máis persoas das que viven na cidade de Ferrol, e hai catro mil máis que hai apenas tres meses. Polo tanto, é unha situación que se fai xa insostible.

E mentres nós insistimos nesta moción, como insistiamos no debate hai apenas dous meses, porque o Partido Popular se dedica a facer as dúas cuestións nas que é especialista: por unha banda, poñerse de perfil e, por outra banda, buscar culpables; instalados nesa política de que canto peor mellor, e a ver se así teñen algún tipo de rendemento electoral.



E cando debatemos os orzamentos hai máis dun ano, nós xa insistiamos en que estaba o Partido Popular a infravalorar a situación que viviamos, tanto en canto á inflación como en canto á crise de materiais, como tamén en canto á crise dos colos de botella da industria. Se daquela non se tiña en conta absolutamente nada nin no plano da urxencia nin no plano das necesidades de reorientación estratéxica na nosa economía, vimos máis do mesmo —e comprobámolo tamén hoxe pola mañá— nese Plan estratéxico, que nin é plan nin é estratéxico.

E o certo é que tampouco a planificación dos últimos meses —vémolo moi claramente— estaba pensada para atender as necesidades sociais ou blindar sequera os servizos sociais. Xa non son iniciativas como as que acabamos de debater na iniciativa anterior, que vostedes se dedicaron a boicotear, a suprimir ou a non aumentar, porque é de delito que veñan a estas alturas, cando levamos máis dun ano coa inflación desbocada, dicir que se cadra de cara a xaneiro se aumentarán as axudas sociais, senón que incluso non sei se estiveron as súas señorías moi entretidas en verán ou se tiveron a ocasión de ver o informe do Consello Económico e Social.

Soaralles iso do Consello Económico e Social, que é un instrumento que teñen vostedes nun conxelador, que debería ser un órgano democrático, de participación e consultivo sobre a situación económica e social deste país, e que vostedes teñen esquecido, porque prefiren facer reunións con axentes sociais *ad hoc* para que digan o que a vostedes lles convén. Pero incluso o CES acaba de recoñecer nun informe que vostedes orzaron contra as necesidades da atención primaria, é dicir, o que viñamos denunciando tamén nos debates desta cámara. (*Aplausos.*) Pois ben, incluso a realidade é tan teimuda que órganos tan amplos e plurais coma este recoñecen cal é a situación deste país, que é unha Galiza cada vez máis desigual, con menos oportunidades e con menos capacidade de competir nun contexto que se complica cada vez máis.

Polo tanto, nós insistimos hoxe nesta moción en que é o momento de facer algo diferente, en que é necesario aproveitar os meses que quedan por diante antes do remate do ano, e que é necesario impulsar, sobre todo, un cambio da política económica, poñendo xa a mirada nos orzamentos próximos da Xunta de Galiza. Intentamos isto no debate do teito de gasto, con escaso éxito; xa se anticipa que non vai haber un golpe de temón, pero hoxe volvemos insistir. Tememos que o resultado pois sexa máis ou menos o mesmo, tendo en conta que o Partido Popular non se molestou nin sequera en presentar algún tipo de emenda para mellorar a nosa iniciativa, pero, desde logo, seguimos insistindo.

E por moito que agora o presidente Rueda se dedique a anunciar que vai comparecer neste Parlamento —por certo, por fin, porque despois de levar catro meses agochado na presidencia da Xunta sen atreverse a vir a este Parlamento falar da crise de prezos—, (*Aplausos.*) ¡era hora! (*Aplausos.*) É que, claro, se cadra por iso non nos afacemos a que sexa o presidente da Xunta, porque está aínda máis escondido que o anterior, ¡que xa ten mérito! (*Aplausos.*) Pois está ben que veña comparecer e falar de que política económica é necesario aplicar neste momento. Tamén estaba ben que durante estes últimos meses, no lugar de parecer o Goberno galego unha comisión de festas, entre romarías e inauguracións do Xacobeo, fixesen algo diferente.

En todo caso, a nosa vontade é teimuda, e hoxe volvemos insistir en facer propostas, propostas de reorientación do modelo económico, e tamén no próximo pleno serán trasladadas



tanto ao presidente como por vía das nosas iniciativas. En todo caso, o que hoxe aquí votamos pretende ir en catro liñas:

En primeiro lugar —insistimos—, é o momento de impulsar a transformación estrutural da nosa economía. Visto o debate do Plan estratéxico, pois entendemos que vostedes non están dispostos; pero, en todo caso, insistimos unha vez máis en que é necesario neste momento a través do CES abordar unha nova planificación para este país.

En segundo lugar, apostamos tamén por impulsar unha reforma fiscal que, desde logo, rectifique as medidas regresivas do IRPF en impostos como o de sucesións, doazóns, patrimonio, etc., e que, desde logo, corrixa de verdade a través do sistema fiscal as necesidades deste país. Porque ademais é que é insultante que veñan vostedes as últimas semanas facendo esa gran promesa de que as familias con dous fillos e fillas van ter algún tipo de desgravación no IRPF, cando seguimos esperando, seguen esperando as familias monoparentais, xa non que cumpran vostedes o que vostedes mesmos puñan na lei de 2011, senón que cumpran esa promesa de investidura do anterior presidente da Xunta, o señor Feijóo, no 2020, de facer que esas familias teñan desgravacións do IRPF, que son as que máis o necesitan. Polo tanto, palabrería barata é o que escoitamos hoxe en materia fiscal. *(Aplausos.)*

En terceiro lugar, as propostas que facemos van tamén na liña do reforzo dos servizos públicos e na liña de facer unha mobilización específica de mil millóns de euros nos próximos orzamentos da Xunta que incorpore plans de actuación no plano das pequenas e medianas empresas, no plano da industria, no plano de apoio á economía local, e tamén que se articulen fondos extraordinarios diante deste momento de crise. É unha proposta aberta ao diálogo; un diálogo que non agardamos atopar diante co Partido Popular vista a actitude do Pleno de hoxe, pero, en todo caso, nós seguiremos insistindo. A situación empeora, e empeora porque temos un goberno que é un mal goberno, que está de brazos cruzados. E nós seguiremos insistindo en que neste país hai alternativa, temos posibilidades para saír adiante nesta crise. O que necesitamos é un goberno que saia da súa modorra e que traballe por este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Eu quería facer dúas referencias. Unha, señor presidente, é que eu viña coa intención de poder quitar a garabata na cámara, pero a verdade é que a cámara está moito máis fría do que queríamos, e dá a impresión de que hai que vir case con abrigo. Eu vexo como en moitos momentos pasamos un pouco de frío, así que eu creo que é bo tamén controlar a temperatura, non soamente para ser totalmente coherentes coa loita contra o cambio climático, senón tamén para ser conscientes de que eu vexo moitas compañeiras, especialmente a algunhas, incluso con chupa, porque aquí vai un pouquiño máis de frío do que é necesario. *(Aplausos.)*



E, en segundo lugar, quería tamén sinalar que eu intervín e interrompín o voceiro do Partido Popular en Política Social, o señor Pazos, con todo respecto —tamén lle quero pedir desculpas ao presidente por ter interrompido—, pero é que hoxe aquí se tragou unha *fake news*, e hai que llo dicir, porque sacou unha páxina dun xornal na que se facía referencia ao nivel de execución de gastos de fondos europeos dende o ano 2014 ao ano 2020. E o señor Pazos caeu no erro de intentar atribuírlle esa falla de execución ao Goberno presidido por Pedro Sánchez; pero no ano 2014, no 2015, no 2016, no 2017 e no 2018 gobernaba o señor Rajoy. (*Aplausos.*) Así que apréndanse a lección antes. (*Aplausos.*) É así, si, si; efectivamente, señora Prado, páxina do xornal *El Mundo*, no que se titula que hai un nivel de execución menor, e que ademais todo o mundo sabe que incluso é unha *fake news*. O propio autor da información, no seu Twitter, tivo que aclarar que non botaba responsabilidades ao Goberno de Pedro Sánchez senón ao conxunto do goberno dun período gobernado maioritariamente polo señor Rajoy. (*Aplausos.*) Entérense e non queiran gobernar coas *fake news*, señora Prado. (*Aplausos.*) Quérolo dicir polo ben dos galegos e das galegas, que é bo saber a realidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En segundo lugar, hoxe iniciamos aquí este curso político en vida parlamentaria, e eu espero que teñamos por diante un curso político que sexa frutífero para os galegos e para as galegas. E quero dicir porque nos imos xogar moito e porque estamos en momentos de dificultades, de dificultades para a cidadanía, de dificultades para a xente. E eu creo que é o momento no que o Goberno do señor Rueda ten xa que empezar a gobernar.

Levamos xa máis de cen días dun goberno novo do Partido Popular, tan novo que hai un novo presidente, pero no que todos os demais conselleiros seguen sendo os nomeados polo señor Feijóo. E despois de máis de cen días de goberno do Partido Popular non hai unha soa medida importante que este goberno tomara para axudar as familias do noso país; non hai un paquete de accións para responder a unha situación de enormes dificultades. E quererémolle dicir porque vostedes son o laboratorio que ten o señor Feijóo para tentar gobernar España.

Acabámolo de ver hoxe mesmo despois de que durante tantos días nos estiveran anunciando que ían ter un plan enerxético de impacto para o conxunto de España. E hoxe sabemos que o que fixo o señor Feijóo é sacar estratos dun documento da Xunta para mandalo, dicindo que son as novas receitas do Partido Popular. Receitas que non funcionan en Galicia, que non funcionan para España e que amosan que non hai capacidade tampouco de dar novas ideas e de proxecto para o país.

Pero eu sei —e sabemos todos— que estamos vivindo nunha enorme situación de crise dos prezos, dun incremento de alta intensidade. A inflación vén para quedarse, non coa intensidade que ten, pero imos seguir tendo un nivel de crecemento de prezos durante moito máis tempo do que quixeríamos. Ademais, hai risco de recesións en economías punteiras no escenario internacional, como son Alemaña ou incluso como pode ser Estados Unidos. O Banco Central sobe os tipos, e isto está marcando un novo tempo e exige unha nova política económica. Porque xa o dicía Clinton con Bush, aquilo de «*É a economía, estúpido*», «*It's the economy, stupid*», que marcou unha campaña electoral e tamén puxo enriba da mesa a importancia de poñer as prioridades na axenda dos gobernantes.



E este curso político que iniciamos vai vir marcado pola importancia da economía e de saber dar respostas ás dificultades económicas que teñen as familias. E é por iso que o Goberno da Xunta de Galicia ten que empezar a gobernar; non podemos seguir tendo un Goberno da Xunta de Galicia que segue á sombra de Feijóo, esperando simplemente que Feijóo poida ascender para detrás dese ascenso intentar todos manter un determinado rédito electoral. Porque hai centos de miles de galegos e galegas que están esperando por ese goberno ausente, que están esperando polo presidente Rueda.

Claro que eu sei quen preside o Goberno de Galicia, pero o que non sabemos é o que está facendo o presidente da Xunta polos galegos e polas galegas. Porque pasou todo o verán e non se tomaron medidas importantes para o noso país, nin en política social nin para reforzar a sanidade pública nin para reforzar a educación nin para dar solución á crise industrial. Temos un goberno ausente, e os galegos e galegas merecen algo mellor.

E, polo tanto, quérolle dicir ao Partido Popular que empece a cargarse a pilas e a tomar decisións, porque claro que se pode gobernar de forma distinta. E nun momento no que o Goberno de España está tomando medidas de impacto ante unha situación de tanta dificultade. E podemos velas baixando o IVE da electricidade e do gas do 21 % ao 5 %, subvencionando con 20 céntimos o consumo de gasolinas e combustibles, limitando o prezo da bombona de butano a 19,55 euros, con axudas a transportistas —300 euros aos taxis, 500 euros ás furgonetas, 950 euros para autobús, 1.250 euros por camión—, incrementando nun 10 % máis as subvencións para contratar seguros agrarios, con 100 euros máis para quen ten unha bolsa en educación, con axudas para as rendas máis baixas, —200 euros para as que teñen máis dificultades— e, ademais, un 15 % de subida das pensións non contributivas e do ingreso mínimo vital, limitando a suba dos prezos dos alugueiros, con novos impostos á banca e ás empresas eléctricas e con gratuidade nas cercanías e nas medias distancias en Renfe, bonificando tamén transportes autonómicos e municipais que se apliquen en Galicia.

Hai un Goberno que está tomando medidas no Estado ante unha situación de dificultade. E o Partido Popular aquí en Galicia amosa os brazos caídos, a falla de compromiso, a falla de capacidade, a inacción. A existencia dun Goberno zombi que vive á sombra de Feijóo, pero que non toma unha soa medida positiva para os galegos e galegas despois de ter perdido poboación ocupada, despois de ter perdido un conxunto de dereitos sociais e de ter retrocesos nos servizos públicos.

Seiscentos mil galegos viven hoxe por debaixo do umbral da pobreza. E o señor Rueda prometeunos nunha entrevista no mes de agosto que subirían a contía das axudas sociais pola inflación para beneficiar novos colectivos. Na Comisión 3ª, de Economía, na primeira votación que tivemos, o Partido Popular desmentiu ao presidente Rueda. O Partido Popular de Galicia xa fixo que as palabras de Rueda non sirvan nada para os galegos e para as galegas. Porque mentres Rueda promete que vai subir as axudas sociais aos colectivos que o necesitan, o Partido Popular vota «non» a incrementar o complemento autonómico ás pensións non contributivas. A trinta e sete mil galegos, que ven como o Goberno do Estado lles subiu un 15 % a súa pensión, trinta e sete mil galegos, dos cales vinte e catro mil teñen unha pensión de xubilación non contributiva, cobrando de media 411 euros ao mes. E 13.220 galegos que teñen unha situación de invalidez, unha pensión non contributiva de invalidez, pola que



perciben de media 455 euros. E a eses galegos e galegas que teñen como ingresos pensións non contributivas de 411 euros ou de 455 euros o Partido Popular dilles que non lles quere incrementar ese complemento autonómico; un complemento que xa quixo quitar o Partido Popular cando chegou Feijóo á Xunta.

E tampouco me estraña porque o que máis me aterra é que mentres no Goberno de España temos unha axenda de compromiso para subir as pensións, para subir o salario mínimo interprofesional, para subir as bolsas, para aprobar o imposto ás grandes eléctricas e financeiras, o Partido Popular di que non, o Partido Popular do señor Feijóo négase a comprometerse coa suba de pensións de acordo ao IPC. Cando lle preguntaron xa en tres entrevistas, bota balóns fóra e non se compromete a subir as pensións de acordo ao índice de prezos ao consumo.

E claro que non quere porque o Partido Popular segue pensando noutras claves, nas mesmas claves que van facer que mañá no Congreso dos Deputados o Partido Popular vote «non» a un imposto aos beneficios extraordinarios á banca e aos beneficios extraordinarios das grandes compañías eléctricas, porque o PP segue preferindo estar ancorado ás eléctricas e á banca, e non á xente que o está pasando tan mal. (*Aplausos.*) Esa é a realidade do que representa ese modelo do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E é, polo tanto, que cando os prezos soben en Galicia nun 11 % — máis que no conxunto de España—, cando as hipotecas soben 100 euros, cando o Goberno fai pagar os libros de texto en Galicia, cando o Goberno da Xunta segue sen dar solucións a unha sanidade pública con listas de espera incluso en atención primaria, cando o Goberno da Xunta segue sen dar respostas ás grandes crises industriais do noso país, cando un de cada cinco galegos está en situación de pobreza, cada un de cada dez galegos en pobreza severa, cando estamos nunha situación de crise demográfica, cunha taxa de actividade de ocupación en Galicia que está na cola de España, cando eliminan a Tarxeta Básica, vemos como a sombra de Feijóo non serve para dar resposta aos galegos e ás galegas e como o presidente da Xunta de Galicia segue sendo unha sombra que non toma medidas para os galegos e para as galegas. (*Aplausos.*)

E é, polo tanto, o momento de facer unha nova política económica, de orientar un planteamento de modernización de emprego e de benestar, cun Plan estratéxico que nace desfazado e sen entrar na profundidade dun novo tempo no que vivimos. Para unha nova reforma fiscal, para reforzar o rural, para reforzar os sectores produtivos, para ter a capacidade de facer boa política social e de servizos públicos, cómpre unha nova política económica.

Temos un novo tempo por diante, e hai un Goberno en Galicia que non pode ser un goberno vello e un goberno que xa estea caducado. Necesitamos un goberno con iniciativa, con compromiso, con capacidade de xestión, o Goberno que o Partido Popular lles debe aos galegos e ás galegas, e non o Goberno que lle debe ao señor Feijóo, porque o señor Rueda segue gobernando e pensando máis en Feijóo que pensando nos galegos e nas galegas. E é momento de que neste inicio de curso político cambien a súa folla de ruta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.





**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...e se poñan a pensar no país.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

En canto ao da sensación térmica, claro, hoxe eu non estou no mellor día para iso porque teño a miña sensación térmica, que hoxe está un pouco alterada. (*Risos.*) Pero isto é difícil, xa saben que sempre tivemos este problema: hai un lado que está tiritando e hai outro lado que se está abanicando. Isto sempre foi así. É así, vai por bandos. (*Murmurios.*) De todas as maneiras imos intentalo.

E a min o que me sorprende é que vostede xa viñera con garabata. (*Risos.*) Iso si que foi o que me sorprende. (*Risos.*) Pero, ben, iso nada. En fin, é unha brincadeira.

Ben, imos alá.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Sanz.

**A señora SANZ ARIAS:** Grazas, presidente.

Señorías, por suposto que estamos preocupados. Preocupados pola difícil situación de moitas familias e de moitas empresas, especialmente as de menor tamaño, que están a sufrir con gran virulencia o impacto da suba incontrolada dos prezos dos alimentos básicos ou dos prezos da enerxía como o gas, a luz ou o gasóleo. Preocupados porque a política do Goberno de España —a administración que máis mecanismos ten na súa man para frear a escalada inflacionista— converteuse agora no maior problema para as familias vulnerables. Claro que estamos preocupados, e por iso os populares galegos e o Goberno da Xunta non tivemos que agardar a que o pasado 29 de agosto a señora Pontón volvera das súas vacacións e decidira propor un plan de resposta autonómica ante a crise de prezos. (*Aplausos.*)

A nosa preocupación pola inflación comezou xa hai máis dun ano. Motivo polo que os orzamentos para o presente exercicio mantiveron todas as rebaixas fiscais aprobadas en anteriores lexislaturas e incluso as ampliaron. E cando os prezos comezaron a subir con maior intensidade neste ano 2022, desde o Goberno galego, e dentro das súas competencias, reaccionouse con celeridade e aprobouse un plan de choque. Hai xa cinco meses, en marzo deste ano, e ante a falta de iniciativa do Goberno central, a Xunta aprobou un paquete de medidas para facer fronte á crise inflacionaria; plan ambicioso, plan realista e plan que se está a executar na actualidade.

Como dicía, fixémoslo xa cando os prezos comezaron a subir con maior crueza pola guerra de Ucraína, e a pesar de que os partidos da esquerda dicían que a suba do IPC era unha si-



tuación puntual que non se prolongaría no tempo, e nada máis lonxe da realidade. Lembremos aquí as palabras da señora Calviño, a máxima responsable do Goberno en asuntos económicos, que declaraba literalmente no mes de maio —máis de dous meses despois da invasión de Ucraína— que non había espiral e que a inflación baixaría na segunda metade do ano. Pois, señora Calviño, poderíalle dicir que asemella moi difícil, por non dicir imposible, que se cumpra a súa predición.

Ben, volvendo xa a Galicia —que é o que nos ocupa e nos preocupa—, a semana pasada, na Comisión de Economía desta cámara, señora Presas, explicáronlle como se está a aplicar este plan. Pero parece que vostede non tomou nota ou parece que non lle interesa recoñecer todo o que o Goberno galego está facendo. Entón, permítame facerlle un breve balance das principais medidas contidas no plan de choque, para así poder refrescar a súa memoria:

A Xunta aprobou un complemento extraordinario de 100 euros ao Bono social térmico, para o pago de calefacción e de auga quente, do que xa se benefician máis sesenta e seis mil familias galegas.

A Xunta mantivo o Bono eléctrico galego para evitar os cortes de subministración de luz naqueles fogares máis vulnerables.

A Xunta aprobou un plan de aforro enerxético dirixido aos fogares para que estes implantasen proxectos de redución do consumo enerxético, renovables térmicas, renovación dos seus electrodomésticos e adquisición de vehículos eficientes. Plan polo que xa están concedidas máis de once mil seiscentas cincuenta axudas.

A Xunta aprobou o Bono enerxía peme, para autónomos e pemes que instalen equipamentos que reduzan o seu consumo enerxético e do que xa se teñen aprobados máis de catrocentas noventa e sete.

No medio rural, a Xunta adiantou os importes procedentes da política da PAC, que acadaron os 200 millóns de euros; adiantoulles eses cartos aos nosos gandeiros e aos nosos agricultores.

Ou a través do Igape aprobáronse novas liñas de avais para achegar liquidez e poder realizar investimentos, así como un programa de préstamos directos e mecanismos para flexibilizar os avais e os préstamos xa concedidos ás empresas.

Ben, medidas que se complementan con outras actuacións que, sen dúbida, axudan as familias, como é a conxelación por décimo segundo ano consecutivo das taxas universitarias. Son doce anos sen subir o custo de estudar na nosa excelente universidade pública, señorías. Ou facendo de Galicia a primeira comunidade autónoma coas escolas infantís de 0 a 3 anos gratuítas, o que se ten estimado que suporá un aforro para as familias de dous mil euros.

O Goberno galego estivo ao carón da xente con medidas que xa estamos a executar, que non dubido de que seguirán sumando novas iniciativas, porque segue a ser imprescindible apoiar as familias e apoiar as empresas.



Sen embargo, desde o BNG tardan cinco meses en darse conta de que é necesario loitar contra a inflación, e cando por fin o fan non achegan solucións senón pura ideoloxía ou medidas imposibles de acadar.

No punto 1 da súa moción piden ampliar a tramitación do Plan estratéxico, que acabamos de debater, para así actualizar as propostas ao actual contexto socioeconómico. Quizais esquecen que precisamente a Xunta escolleu dentro das posibilidades que ofrece o Regulamento deste Parlamento a tramitación máis ampla e participativa, que recolle o artigo 142. Os grupos parlamentarios tivemos mes e medio para estudar o documento e presentar propostas de transacción. Piden ampliar a tramitación do plan para adaptala á situación económica, cando esta xa era coñecida no prazo de presentación das súas propostas. E, a maiores, non podemos olvidar que o Plan estratéxico é un plan vivo, un plan de país a oito anos. E, loxicamente, unha planificación deste horizonte temporal deberá ser analizada e actualizada de maneira constante, incluíndo o propio plan os mecanismos para así facelo.

Respecto do punto 2, a mellor noticia que lles podemos dar aos galegos é que, ao igual que aconteceu nos últimos corenta anos de autonomía, Galicia disporá de orzamento en tempo e forma, e que este terá en conta as previsións de inflación e de crecemento; previsións de carácter técnico que facilita o Instituto Galego de Estatística.

Señorías, a inflación que estamos padecendo ten que ver na súa orixe coa etapa pospandémica, pero agravouse coa crise enerxética, consecuencia da invasión rusa de Ucraína. Atozámonos ante o que en economía se coñece como «inflación por custos», esencialmente debida á alza no prezo da enerxía. É importante coñecer a natureza, o motivo polo cal se incrementan os prezos para identificar que administracións terán competencia para intentar frealos. Neste contexto, é evidente que as administracións con maiores mecanismos para controlar a situación actual son, por unha banda, a Unión Europea, a través da política monetaria, e, por outra parte, o Goberno de Sánchez co poder regulatorio sobre o mercado enerxético. Así, o Banco Central Europeo está tomando medidas de política monetaria necesarias —non desexables pero necesarias— para controlar a inflación, señora Presas, mediante a suba dos tipos de intereses. Pero veñen acompañadas con medidas de política fiscal, de incremento do gasto público a través da enorme inxección de fondos extraordinarios para a recuperación das economías dos países europeos, intentando evitar chegar así á recesión e sentando as bases para o maior crecemento.

Se de verdade o BNG quere axudar a que estas políticas teñan éxito, o que debe facer é un esforzo para que executen eses fondos europeos e para que cheguen a Galicia. *(Aplausos.)* Non queremos que aconteza o que está a suceder con Stellantis, excluída por Sánchez das axudas europeas, ou co PERTE agroalimentario, do que nada en concreto sabemos. Este PERTE aprobouse no mes de febreiro, pero no día de hoxe está a convocatoria sen abrir, e no que Galicia por dereito propio, para a importancia da nosa industria agroalimentaria, debe de ter unha posición preponderante.

A Xunta fixo os seus deberes, a Xunta presentou todos os proxectos que se elaboraron; máis de douscentos leváronse a Madrid. E estableceuse, logo dunha petición da ministra, unha priorización de cales eran os máis urxentes, os máis importantes para implantar; como o de



Altri, proxectado na miña provincia e sobre o que no día de hoxe non sabemos absolutamente nada. A Xunta cumpre. E o verdadeiro compromiso con Galicia sería que todos remásemos na mesma dirección para que eses recursos europeos extraordinarios cheguen á nosa comunidade e contribúan a xerar riqueza e emprego.

Xa no punto 3 da súa moción propoñen unha reforma fiscal que rectifique —segundo vostedes— a regresividade do IRPF. Ante tal afirmación só queda dicir que vostedes non coñecen ou non saben interpretar o significado de progresividade do imposto. Xa lles explicamos no debate orzamentario con datos e exemplos concretos que os tramos de renda máis baixos son os que menos pagan. O Goberno galego axustou a tarifa autonómica do IRPF baixando máis que proporcionalmente os seus tramos inferiores, o que produce automaticamente un aumento da progresividade do imposto. Medidas progresivas e de apoio fiscal ás familias que se reforzarán no ano 2023, como xa anunciou o presidente Rueda, no que entrará en vigor unha nova redución, por cuarta vez, do tramo autonómico do IRPF coa rebaixa do 9,4 % ao 9 % da tarifa do primeiro tramo, que beneficiará ás rendas máis baixas. Señora Presas, só se rebaixará o tramo inferior, manténdose os do resto dos tramos, o cal claramente se traduce nun aumento de progresividade do imposto, tal como vostedes piden. Medida que se complementará á súa vez coa consideración para efectos fiscais como familias numerosas daquelas con dous fillos, medida que —coido— terá un grande impacto na nosa sociedade.

Ou falan tamén vostedes do imposto sobre o patrimonio respecto do que España é unha excepción en toda Europa. ¿Que queren facer con el? ¿Non son coñecedores de que somos dos poucos países que teñen ese imposto e co que se está conseguindo é a fuxida de patrimonios e a deslocalización deses principalmente a Portugal?

Señorías do BNG, se de verdade queren ser útiles aos cidadáns nesta materia fiscal, o que precisamos é que convenzan os seus socios do PSOE da necesidade de deflactar a tarifa estatal do IRPF, o que conlevaría unha redución nas retencións. Esta medida, para a que a Comunidade Autónoma non ten competencia, tería un impacto inmediato nas nóminas dos traballadores e axudarlalles desde xa a facer fronte á inflación.

Ben, para ir rematando xa, respecto do punto cuarto da súa moción, eu titularíao: carta aos Reis Magos. Propoñen un plan de gasto para mobilizar mil millóns de euros. Os cartos, señora Presas, non saen das árbores. Terán que dicirnos de que partida recortamos mil millóns de euros nun orzamento de aproximadamente once mil millóns. ¿Queren que recortemos en sanidade, en educación ou emprego, que son as áreas que máis recursos levan do orzamento da Xunta de Galicia? ¿Ou queren recortar quizais na partida de emprego público, que é a partida máis relevante desde o punto de vista orzamentario?

Díganos, por favor, na súa réplica, por onde teñen previsto recortar mil millóns de euros. E xa por poñer unha cifra, ¿por que non piden un plan de choque de dous mil millóns de euros ou de cinco mil millóns de euros? Total, o papel aguántao todo, pero, por favor, señoría, sexan serios.

Hai unhas semanas nesta mesma Cámara, con ocasión do debate sobre o teito de gastos, propuxemos un incremento de recursos. ¿E saben o que fixeron vostedes? Votaron en contra. E agora piden gastar mil millóns de euros máis.



Con iniciativas como esta, facendo propostas que non sexan realizables, vostedes demostran que non podemos contar coa oposición, cunha oposición incoherente, cunha oposición incapaz de xestionar e cunha oposición afastada da realidade.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora SANZ ARIAS:** Pero os galegos poden ter a tranquilidade de que contarán co Partido Popular, que, como explicamos, está executando os compromisos adquiridos no Plan de choque, e adoptará todas as medidas que sexan precisas, dentro do ámbito das competencias autonómicas, para axudar ás nosas familias e ás nosas empresas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da moción, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señora Sanz, non sei que crin menos: se é que vostedes pretenden ser serios ou que están preocupados. Porque calquera o diría, non tardaron nin vinte segundos en meter os minutos publicitarios do discurso do señor Feijóo.

Claro, vostede di que o noso maior problema é España, que acapara a maior parte dos recursos. Eu non sei se os estamos convencendo, e estanse volvendo vostedes nacionalistas *(Aplausos.)* e van sumar esforzos canda nós para pedir máis capacidade económica. Porque o certo é que din iso por un lado coa boca, pero logo coa súa actitude co Goberno do Partido Popular nin máis autogoberno, nin exercer o autogoberno que xa temos, nin negociar máis recursos no sistema de financiamento, nin espremer o teito de gasto, nin tampouco ser quen de conseguir máis fondos europeos desde o ámbito do Estado. Nunca tan contento estivo un goberno central do Partido Socialista cun goberno da Xunta, nunca na historia porque vostedes non fan e non conseguen absolutamente nada por este país. Pero non se preocupen, pois nós desde o Bloque Nacionalista Galego —tómolle o guante, señora Sanz— imos seguir facendo que, grazas á nosa representación no Parlamento Europeo e no Congreso, Galiza non perda pese a este goberno da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)*

E perdoe que lle diga que eu sei que no Partido Popular traballan moito, ás veces facéndoo mal, pero traballan moito, pero, de verdade, este verán se alguén estivo de vacacións foi o Goberno do Partido Popular. Xa non falo do presidente desganado que estivo catro meses sen vir comparecer a este Parlamento para falar da crise de prezos e votando en contra das solicitudes de comparecencia que facía o meu grupo. Xa non me meto aí, porque ten que ser difícil vir aquí cando nin os teus están convencidos. Pero é que anteriormente estiveron vostedes catro meses de transición, catro meses nos que tampouco estiveron gobernando. E anteriormente estiveron dous meses de precuela da campaña electoral do señor Feijóo. Resultado: ¿que levan facendo vostedes en 2022? *(Aplausos.)* Se isto fose HBO, pois sería seguramente un xogo de tronos moi interesante, pero a cuestión é que este é un país nunha situación absolutamente inédita, cunha crise de prezos que é a máis importante nos últimos corenta anos.



E vostede si que non debeu estar atenta porque xa antes da aprobación dos orzamentos, cando faciamos o debate orzamentario, advertiamos do que estaba acontecendo coa inflación. Xa durante este anterior período de sesións estivemos traendo repetidamente iniciativas, e incluso un plan de medidas, unha batería de medidas que a nosa portavoz nacional lle entregou ao anterior presidente da Xunta, que non se molestou nin en responder, señora Sanz. *(Aplausos.)* Iso estaba facendo esta bancada, traballando por este país.

E, claro, vostedes, que son ambiciosos e realistas, din. Ambición e realismo, ¿que é?, ¿estar un ano sen incrementar o custo das axudas sociais, sen incrementar as contías para adaptalas ao IPC? Agora veñen prometendo que a partir de xaneiro. ¿E estar un ano sen aumentar a contía das pensións non contributivas? Hoxe van volver votar en contra, dúas veces, tres se contamos o Plan estratéxico de mañá, que se votará mañá, en contra de aumentar ese recurso que tantos e tantas pensionistas do noso país están esperando. A iso vostedes chamaranlle realismo; nós o que lle chamamos é política de dereitas, regresiva e antisocial, con todos os nomes. *(Aplausos.)*

Agora, dixo unha verdade: eu poucas notas tomei na pasada Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, e non porque teña boa memoria, que non a teño, senón porque cando vostedes fan un plan pluma como o que fixo o conselleiro de Facenda, como o que desenvolveu na anterior resposta que nos deu neste Parlamento, pois é que pouco hai que recordar, porque ese plan basicamente o que son, son declaracións de intencións, falsidades e simplemente créditos para facer investimentos enerxéticos. Iso é o que é ese plan.

E pónolle un exemplo. Gábanse vostedes moito de que complementan o Bono social térmico do Estado. *A priori* a nós parécenos algo positivo, un mínimo exercicio de autogoberno que fai o Goberno galego. ¿Cal é a cuestión? É un modelo tan errado desde o ámbito do Estado e desde o complemento da Xunta que se na anterior edición xa iamos por oitenta e catro mil beneficiados e beneficiadas, agora —aínda deu a cifra o outro día a señora Chacón en comisión— sesenta mil persoas. ¿Alguén pode crer que coa maior crise de prezos dos últimos corenta anos, que coa maior suba de factura da electricidade, neste país hai menos persoas, hai vinte e catro mil persoas menos que necesiten esa axuda? É que non funcionan. E o que teñen que facer vostedes é aceptar a proposta do Bloque Nacionalista Galego de facer un novo modelo de axudas *(Aplausos.)* que acabe con esa pobreza enerxética.

E así con todo, igual que coas cuestións fiscais que xa temos rebatido noutras ocasións e nas que non podon entrar por cuestións de tempo.

Simplemente unha última e telegráfica reflexión: no debate anterior falaba a miña compañeira Olalla Rodil de cantas familias hai nestes momentos decidindo se compran peixe fresco ou non. Ese informe —ao que eu facía referencia na miña intervención— da ONU advirte de que por primeira vez na historia está descendendo a esperanza de vida. A ONU estima iso respecto de Estados Unidos, e podemos facer a mesma analoxía. A evolución da humanidade está empeorando neste momento en termos mesmo de saúde co que está pasando na economía. Diso queremos falar desde o Bloque Nacionalista Galego, porque vostedes veñen aquí facer un recetario de propostas cosméticas de cara á galería, pero nós o que queremos é que Galiza neste momento non saia perdendo e que non sexan as maiorías sociais quen paguen unha vez máis esta crise, mentres quen máis ten segue acaparando máis nos seus petos. E



niso seguiremos insistindo, aínda que atopemos un muro en fronte facendo simplemente seguidismo da política que lle mandan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Procedemos á votación das mocións.

### ***Votación das mocións***

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Foi solicitada, segundo me comentou a señora Ortega, a votación por puntos. ¿Acéptalla?

Entón, o que votamos, en primeiro lugar, é o último punto desta moción.

Votamos.

*Votación do último punto da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o último punto desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto xa votado, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia respecto da regulación da Tarxeta Básica e outras axudas sociais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados os restantes puntos desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.



Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre o incremento dos prezos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Non hai máis votacións.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas e trinta minutos.

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Boa tarde a todos.

Reiniciamos a sesión co punto 4 da orde do día, de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e tres deputados máis, sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten a palabra dona Olalla Rodil Fernández, por un tempo de dez minutos, para formular a proposición non de lei.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

*«De los hechos se desprende que la sanción disciplinaria es una represalia por las continuas acciones judiciales entabladas por el demandante frente a la CRTVG, así como por su activa participación en el movimiento «Venres Negros», tratando la sanción de reprender al trabajador tanto por su reiterada acción judicial como por desactivar con sanciones ejemplarizantes la referida movilización de «Venres Negros». Lo cual constituye una vulneración del derecho a la tutela judicial efectiva y del derecho a la libertad ideológica, habiéndose ejercido por la CRTVG el poder disciplinario sin fundamento fáctico ni procedimental y en clara transgresión de los derechos fundamentales del trabajador; motivos por los que se insta a la condena de la Corporación da Radio e Televisión pública de Galiza». Vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva e ao dereito á liberdade ideolóxica; transgresión —que é o mesmo— de vulneración dos dereitos fundamentais dun traballador.*





O que lles lin, señorías, na súa versión orixinal —estrita literalidade—, é a sentenza firme que condena a Corporación da Radio e Televisión pública de Galiza por vulnerar os dereitos fundamentais dun traballador, Carlos Jiménez, a quen, ademais, lle agradecemos que nos acompañe hoxe no hemiciclo, xunto con Anxo e Santiago, representantes do Comité Intercentros da CRTVG. (*Aplausos.*) Un feito inadmisíbel en calquera empresa, en calquera circunstancia, en calquera caso, pero, sobre todo, un feito inadmisíbel en calquera sistema democrático e que deba ser motivo abondo para que as persoas responsables de tales feitos gravísimos tivesen presentado a súa dimisión no momento en que esa sentenza se confirmou.

Pero tamén este foi un conflito xudicial que sacou as vergoñas todas á dirección da CRTVG, a comezar polas do seu máximo responsable, que é o director xeral da casa. Pero non era a primeira vez nin a única vez que a dirección da CRTVG actuaba contra traballadoras que decidiron defender os seus dereitos laborais, e o máis importante, traballadoras que decidiron dar a cara por todas e por todos nós; «Defender a Galega», que é o mesmo que defender o dereito de toda a cidadanía a contar cuns medios públicos, libres, independentes e sen inxerencias políticas que reflectan algo importante, o pluralismo e a diversidade que existe no noso país.

Houbo máis expedientes contra quen denunciou a manipulación informativa. Sufriuno Tati Moyano, e outras traballadoras foron directamente relegadas profesionalmente, pasando de redactoras a meras locutoras, a lectoras de noticias.

Sempre contra a mesma xente, sempre contra quen ousa abrir a boca, plantar cara, organizarse e dicir «abonda xa e, no meu nome, non». O que acontece é que agora esas represalias non son opinables. A vulneración de dereitos fundamentais quedou plasmada, sinalada e, o máis importante, condenada en firme pola propia xustiza. Tanto o persoal, o Comité Intercentros Defende a Galega, o Bloque Nacionalista Galego ou o PSdeG, levamos anos denunciando a situación na que se atopa a Corporación da Radio e Televisión Pública de Galiza. Falamos da vulneración dos dereitos laborais das traballadoras —e non falo de incumprimentos salariais, que tamén—; falamos do dereito fundamental á liberdade de expresión, á liberdade ideolóxica, á liberdade de manifestarse e de defender os seus dereitos; pero tamén do dereito fundamental á folga; falamos de sentenzas xudiciais condenatorias, por exemplo, nos últimos paros, tanto parciais como nas folgas convocadas polo persoal, onde se declaran abusivos os servizos mínimos decretados pola Corporación cun único obxectivo, que é mermar o exercicio dun dereito fundamental como é o dereito á folga; sentenzas —quero lembrar— que inclúen a folga feminista do 8 de marzo, onde a CRTVG contratou persoal para cubrir as traballadoras, exercendo o seu dereito fundamental a mobilizarse. (*Aplausos.*)

Falamos da vulneración de dereitos laborais, pero tamén e, sobre todo, da negación dos dereitos profesionais das e dos traballadores da Corporación. Once anos —¡once anos!— sen elaborar e aprobar o Estatuto profesional. ¡Once anos sen crear o Consello de Informativos! ¡Once anos sen asinar nin un só contrato-programa! E, por suposto, once anos sen constituírse a autoridade audiovisual independente. En definitiva, once anos negándolles ás traballadoras e traballadores da CRTVG, pero, sobre todo, negándonos ao conxunto das galegas e dos galegos —que somos as verdadeiras propietarias dos medios públicos de comunicación de Galiza— os instrumentos de participación democrática que han de velar polo cumpri-



mento escrupuloso da misión de servizo público da Corporación; instrumentos que acabo de relatar incluídos na Lei de medios de comunicación públicos de Galiza, aprobada no ano 2011 —a súa lei, a súa, a do Partido Popular, non a do Bloque; a súa lei—. (*Aplausos.*) ¡Tremendo exercicio de cinismo político e de falsidade digno de estudo que fixeron vostedes e levan facendo nesta Cámara e neste país desde hai once anos!

¿E por que non se cumpre? ¿Por que non se cumpre? Dito doutra maneira: ¿por que se incumpre de maneira consciente, reiterada e obscena esa Lei de medios para negarlles dereitos laborais e dereitos profesionais ás e aos traballadores da casa? Porque vostedes, o Partido Popular, non teñen nin a máis mínima intención de garantir a obxectividade, nin a independencia, nin o pluralismo, nin sequera o cumprimento da súa propia lei na CRTVG. E iso vémolos, oímolos, pero, sobre todo —e o máis importante—, sufrímolos todas e todos cada día nos servizos informativos, onde van ter que aumentar a grella, porque agora, como hai que promocionar dous candidatos, un en Galiza e un en España, non lles chegan os 20 ou 30 minutos de informativos. (*Aplausos.*) Teñen tan convertida, pero tan convertida a CRTVG na terminal de propaganda de San Caetano e do Partido Popular que xa os vídeos os emiten directamente desde a sede do Partido Popular; nin se manda un cámara, nin se manda un xornalista a cubrir a noticia... (*Aplausos.*) *Házmelo todo y ya va. ¡Venga para dentro!*

Nos servizos informativos, si, pero tamén —e sempre o sinalamos porque tamén é tan ou máis importante— no resto dos contidos e no resto da programación. Teñen un sector audiovisual cunha ficción en galego cada vez máis achicada e máis relegada a horas totalmente intempestivas na grella; cun sector musical que case non ten espazo nos seus medios públicos —nos seus, nos do seu país—, para difundir a rica, a riquísima creación plural e diversa que hai no ámbito da música, no ámbito do sector literario e en tantos outros sectores culturais deste país.

Doulles un dato que deu o propio director xeral nesta Cámara. Só o 30 % da emisión da Radio Galega Música —só o 30 %— vai destinada a bandas galegas, nun medio de comunicación, como é a CRTVG, que sostemos todas as galegas e todos os galegos con máis de cen millóns de euros públicos ao ano, co esforzo enorme das traballadoras e dos traballadores deste país para facerlles a vostedes de terminal de propaganda.

Hoxe desde o BNG traemos unha proposta que é clara, que é concisa e que é fácil de entender, non fai falta facer grandes interpretacións, porque cremos que é o suficientemente transparente para que todas e todos poidamos entendela. Ten un obxectivo esta proposta: que o Parlamento de Galiza, que esta Cámara —que é quen debe velar polo servizo público— e que todas as forzas políticas nela representadas diga que non; que non con contundencia a ese uso e a ese abuso por parte da CRTVG; que a Cámara na que reside a soberanía popular deste país se posicione con claridade na defensa da Galega; que digamos que no noso nome non se vulneran dereitos fundamentais, non se vulnera o dereito á liberdade ideolóxica, o dereito á liberdade de expresión e os dereitos fundamentais dos traballadores; e que non é de recibo —¡non é de recibo!— que se condene unha empresa pública por reprimir e sigamos coas nosas vidas como se aquí non pasase absolutamente nada. Xa lles digo que, polo menos, no nome do BNG, iso non o imos aceptar.



Pero tamén pedimos que o Parlamento de Galiza, que todas as forzas con representación nesta Cámara, asumamos a responsabilidade que temos, que a temos e moita en todo isto, e iniciemos, polo tanto, o proceso de negociación entre as distintas forzas para renovar a Dirección Xeral da CRTVG, tal e como di a Lei de medios públicos deste país, a súa lei —quero lembrarilles— desde hai once anos.

Creo, de verdade, que, se un cre o máis mínimo nun sistema democrático que inclúa os medios públicos como un dereito do conxunto da cidadanía, que cumpren a súa misión e o seu servizo dentro do propio sistema de control e de fiscalización do poder político deste país, non debería haber nin unha soa persoa e moito menos nin unha soa forza política que hoxe votase en contra desta iniciativa nesta Cámara.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Rodil.

Quenda agora dos restantes grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela para unha quenda de 10 minutos.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde. Aproveito para saudar tamén aquí a Carlos Jiménez e os membros do comité de empresa.

Vaia por diante o noso apoio sen fisuras a esta proposición non de lei, que, ademais, como outra socialista que temos tamén rexistrada nos mesmos termos, chega a este pleno logo —digo— dos últimos acontecementos, pero non só, porque é certo que levamos moito tempo, moito tempo, tanto o BNG coma nós, denunciando a situación dos nosos medios públicos.

Xa se dixo que estamos falando dun medio de comunicación —duns medios de comunicación, aínda máis públicos— que é condenado en sentenza firme por vulnerar a liberdade ideolóxica, a liberdade de expresión; ou sexa, medio de comunicación *versus* liberdade de expresión. Un indecente contrasentido, ou diríamos tamén, un demencial contrasentido, ¿verdade? E é que, en efecto, como xa se dixo hai un mes, hai uns meses, o Tribunal Superior de Xustiza condenaba a CRTVG por vulnerar a liberdade de expresión e sancionar un dos seus traballadores pola súa participación activa nos «Venres Negros» do colectivo Defende a Galega. E isto tamén é a literalidade desa sentenza; unha sentenza que confirma a denunciada persecución das e dos traballadores do medio. Que sexa —repito— un medio de comunicación quen cerce a liberdade de expresión realmente —e permítanme— pero ¡manda truco! ¿non?

Pero jollo! que é certo que á sentenza de Carlos Jiménez hai que lle sumar moitísimas outras —xa se dixo tamén— por feitos tamén moi graves, como, por exemplo, moi recentemente



vulnerar o dereito dunha traballadora por razón de sexo. Só neste último ano, en realidade de maio a maio —que era o dato que tiñamos, pero entendemos que agora foron xa máis—, o TSX ten condenado en máis dunha ducia de ocasións a CRTVG por vulneración de dereitos fundamentais, por despedimentos improcedentes ou por contratación irregular de traballadores. E aínda, aínda agardan no xulgado preto de duascenas denuncias máis. Nós preguntámonos se ao Partido Popular esta situación, como en calquera empresa, lle parece normal.

Pero a realidade é que non só o acontecido nos tribunais merece a reprobación da actual dirección e o comezo inminente das negociacións para a súa remuda —que nós compartimos—, temos moitísimos, moitísimos argumentos a maiores, comezando polo obvio, que tamén se dixo, o incumprimento da Lei de medios públicos —unha lei tamén do Partido Popular, por certo—; e ese incumprimento deriva, en primeiro lugar, do non respecto á actividade profesional de traballadoras e traballadores. Unha lei que obriga a ter un estatuto profesional, un consello de informativos que sirva de ferramenta esencial para o persoal traballador e para rematar coa manipulación a que someten día a día os nosos medios públicos, pero tampouco hai un contrato-programa aprobado, que aseguraría a calidade dos contidos, que é algo que nós tamén levamos moito tempo denunciando.

Asistimos tamén nestes últimos tempos á progresiva deterioración da estrutura territorial da CRTVG, cun baleirado continuo de persoal que non pretende máis que relegar eses centros fundamentais á insignificancia, á decisión de suprimir delegacións; e moi recentemente, nesta última tempada, as desconexións informativas locais privaron a cidadanía da posibilidade de recibir información do que acontece na súa contorna máis próxima, pero o que é peor, debilitou así unha das principais fortalezas que distinguía a CRTVG fronte aos seus competidores.

Pero hai máis, hai máis, e agora imos ir a aquel momento no que a CRTVG é creada. Falan da misión de servizo público desta corporación e deses principios inspiradores, desa misión de servizo público. Eu só vou expoñer algún deses principios inspiradores; imos ver se se cumpren ou non. O respecto e a defensa dos principios dos que informa a Constitución española e o Estatuto de Galicia dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten é o primeiro principio inspirador. Claro, á vista da sentenza comentada ao inicio, queda claro que non se cumpre. Considérase probado que os nosos medios públicos vulneran dereitos fundamentais. Primeiro principio inspirador non cumprido.

O segundo fala da promoción e difusión da lingua e cultura galegas. ¿Onde están os espazos verdadeiramente culturais na nosa radio e televisión? ¿Por que eliminaron o *Diario cultural*, de Ana Román? Porque debía facer moito dano, ¡debía facer! ¿Por que tan pouco respecto pola nosa lingua, facendo, ademais, gala moi a miúdo dunha demencial diglosia? ¿Onde están os espazos de produción propia dedicados á nosa cultura en horarios aceptables —jen horarios aceptables!—? ¿Para cando o cinema galego en *prime time* como algo normal, como unha norma? Segundo principio non cumprido.

O terceiro principio fala do fomento da produción audiovisual propia, que xa dixo tamén a voceira do BNG a realidade: que a RTVG non é hoxe, como debera, o motor do noso audiovisual; non o é. Terceiro principio non cumprido.



Pero tampouco é a CRTVG, como obriga o cuarto principio inspirador, o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia. Eu, esta deputada que fala, non me sinto representada en absoluto por esta actual CRTVG. Eu non, e estou segura de que, probablemente, se miro máis á miña esquerda, moitas deputadas e moitos deputados dos que aquí están, tampouco, nin boa parte da sociedade galega. (*Aplausos.*) Logo, isto tampouco se cumpre.

Pero imos a máis principios inspiradores, como a promoción activa da igualdade. —Pido un pouco de silencio, por favor.— Mire, levamos dous anos, cando menos, desta lexislatura denunciando continuamente casos de sexismo e de contido vexatorio cara ás mulleres en distintos espazos da TVG. E agora miro para as mulleres do Partido Popular: en plena cuarta onda do feminismo e nunha loita imparable de toda a sociedade contra o machismo, ¿que fai a CRTVG? Bueno, pois continúa co proxecto do plan de igualdade metido nun caixón e perpetúa sen pudor clichés machistas, como moi recentemente aconteceu coa promo dunha nova serie na nosa televisión, na Televisión de Galicia, que, a pesar das protestas —por certo—, non eliminaron.

¿Pensan vostedes —e atendan, por favor— que afirmacións como «o amor de verdade fai sufrir», «se é amor de verdade, non ten final, é para sempre», ou o que é peor «o amor de verdade é pura loucura», se poden emitir nun espazo dun medio público? Non sei ese runrún a que obedece; entendo que pensan que non. ¿Onde está a perspectiva de xénero na CRTVG? ¿Son conscientes da gravidade de que unha televisión emita mensaxes coma estas?

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora DÍAZ VARELA:** Non, non deben ser conscientes, non deben ser conscientes.

Por último, imos xa —porque non temos máis tempo— ao principio de obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa. Temos voces con representación parlamentaria absolutamente silenciadas, informacións nesgadas, como, por exemplo, hai pouco, no inicio de curso, que resulta que as familias, para loitar contra a inflación neste comezo de curso, teñen —¡pobriñas!— que matricular os seus fillos e fillas en colexios públicos, ou recentemente, hoxe, tamén resulta que hai un costume da Televisión de Galicia de ter como testemuñas de acontecementos que van pasando a voceiros e voceiras municipais do Partido Popular.

Hai tamén ausencia absoluta de equidade nos tempos, e isto é algo que tamén está regulado por lei, pero non o cumpren tampouco: micrófonos —xa se dixo tamén— da PPTV —ou PiPiTV, non sei moi ben como chamala—, pezas únicas que nin contrastan nin inclúen outras fontes.

E agora —xa aquí imos poñernos moi serias—, o detonante que indica que xa non hai máis tempo para renovar a dirección dos nosos medios. Falaremos mañá desta cuestión nunha pregunta que plantexamos, pero, bueno, para o Grupo Socialista, dende logo, o acontecido hai unha semana no Telexornal do mediodía é absolutamente inaceptable. Diante do estupor —e cóstanos que foi así— do resto de medios públicos e privados de todo o Estado, a Televisión de Galicia conver-



tíase en altofalante da ultradereita nun tema de tal relevancia como é a memoria democrática. Que a televisión de Galicia se comportase dese xeito sen que houbera despois nin dimisións nin ceses é, dende logo, para nós, razón máis que suficiente para dicir: ¡basta!, ¡ata aquí! E poñámonos serias, por favor: devólvannos aos nosos medios públicos a dignidade que merecen.

A CRTVG atravesará unha situación irrespirable, que ata agora contou coa complicidade do Partido Popular, a quen hoxe, ademais, por certo, lle pedimos que non empregue a súa quenda de intervencións para compararnos coa Televisión Española, senón para contarnos un pouco cal é o posicionamento actual do Partido Popular. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**A señora DÍAZ VARELA:** Xa mo temía, porque estamos moi acostumadas na Comisión de Control da CRTVG a que sempre falen de Televisión Española, pero hoxe pedímoslle que, por favor, tomen estes temas... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Vai ter un minuto máis, porque se están portando regular.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidenta.

Non sei se será a comida ou será que este tema os incomoda, pero a cuestión é que, por favor, vimos hoxe aquí e estamos tratando un tema o suficientemente serio como para que haxa un pouco máis de calma polas bancadas populares.

Nós o que pedimos hoxe é que o Partido Popular teña altura de miras e que, en vez de falar, como digo, da Televisión Española, nos conten que mudaron de parecer e que van favorecer o inicio das negociacións para activar seriamente a remuda da dirección da CRTVG, o que deba levar, por suposto, a un novo modelo de medios públicos. No PSdeG levamos moitos meses xa incidindo nisto, nesa necesaria remuda da dirección xeral, diante da falla de reacción do director xeral e, polo tanto, dun compromiso real por parte da dirección, cuxa xestión se demostrou *(Murmurios.)* —¡é imposible, de verdade!, é que é imposible— fracasada e liderada pola manipulación, o nepotismo e o sectarismo.

E xa remato dicindo que, certamente, mal que me pese, esta CRTVG non representa nin o sentir, nin os desexos, nin moito menos as inquedanzas do pobo galego.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda agora do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, para dona Raquel Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas.

Grazas, presidenta.



Boas tardes, señorías.

Benvido tamén o público que hoxe nos acompaña.

Se eu, en vez de estar hoxe aquí na miña función de deputada, o fixera como xornalista, que tamén son, despois de escoitalos a vostedes, diría algo así como: neste momento de crise en todos os ámbitos, a CRTVG ten as súas contas en equilibrio, non ten débeda bancaria, ten estabilidade laboral, unha programación competitiva, ten tamén unha renovación tecnolóxica, que fixo con fondos propios, ten o apoio social, sendo a máis escoitada en Galicia; ademais, é recoñecida polo seu labor en igualdade polo informe Ardán, que fai a Zona Franca de Vigo, e tamén, mal que lles pese, é o motor do audiovisual galego, con premios nos certames máis relevantes. *(Aplausos.)* Por todo isto, por todos estes logros, a oposición, no Parlamento de Galicia, pide o cesamento da súa dirección. Fin da noticia. *(Murmurios.)*

Eu creo que xa con isto teño todo dito, creo que xa con isto a miña intervención podería estar, pero, posto que aínda me quedan oito minutos, vounos aproveitar para argumentar esta exposición. Porque eu creo que todos os que estamos aquí coincidiremos en que se estamos nunha empresa e se nos presenta este balance de resultados, os accionistas o que farían sería felicitar a dirección que a xestionou. Pero aquí non, señores, ¡sitio distinto! Aquí, no Parlamento, o Bloque e o PSOE o que fan é pedir que se cambie esa dirección. E que se cambie esa dirección, ¿por que? Pois imos ver que fixo nestes anos dende 2009.

Imos falar de contas, vale. No 2009, cando chegou esta dirección á Televisión de Galicia —naquel momento Compañía de Radio-Televisión de Galicia—, había unha débeda de 51 millóns de euros, e as contas estaban revocadas. Hoxe temos trece anos de superávit e non hai débeda bancaria.

Ademais, polo que respecta á política de persoal, por certo, cunha litixiosidade enorme —e gustárame que me dixeran, de todos os procesos que agora hai en marcha, cales derivan do 2009, cales son anteriores ao 2009 e cales son de despois do 2009—... O caso é que a litixiosidade baixou moitísimo, e mentres que naquel momento tiñamos unha temporalidade do 40 %, neste ano 2022 vai achegarse ao cen por cento da estabilidade. Naquel momento, no 2009, había oito canais cos que competía a CRTVG en aberto. Neste momento, hai máis de 33 só con TDT en aberto, e mais todas as plataformas internacionais. Aínda así, segue sendo a de maior audiencia. Os informativos da Televisión galega son os de maior referencia, especialmente os do mediodía. Pero, ademais, cando a Forta fai as súas enquisas, resulta que o 90 % das galegas e dos galegos contestan que a Televisión galega é a que máis representa a súa forma de ser e a cultura do noso pobo. *(Aplausos.)* ¿E como fai isto? Pois, mire, faino, encima, cun menor custo por habitante. A Televisión e a Radio galegas resúltanlles hoxe aos galegos moito máis baratas: 51,1 euros no ano 2009 e 38,1 euros neste ano 2022. E, ademais, se o que temos en conta é o custo por punto de *share*, segue sendo a máis barata de España, a metade que a catalá e moito máis baixa que outras como a valenciana, a andaluza a madrileña ou a do País Vasco. E cumpre a súa misión de servizo público, porque neste tempo nos dotamos dunha lei, a Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia —esa á que tanto fan referencia—, que garante que non haxa inxerencias do Goberno nos medios de comunicación. Cumpre a súa misión de función de servizo público porque vai



establecido na lei e porque así se está facendo, e o Parlamento, ademais, ten, desde ese momento, a potestade para facer aínda máis o seguimento e o control.

Señores, díganme se poden atopar algún argumento serio para cuestionar a xestión do actual equipo directivo da CRTVG. Xa llo digo eu, argumentos serios para cuestionar a súa xestión: cero, ¡cero! (*Murmurios.*) Pero o que vostedes fan é manipular. Vostedes si que manipulan. Sacan aquí unha sentenza sobre os dereitos fundamentais e din que por esa sentenza, que supón o 0,35 % de toda a litixiosidade que ten CRTVG, resulta que, non se respectan os dereitos laborais de todos os traballadores e que hai censura interna. ¿Por que non se miran vostedes un pouco máis a vostedes mesmos? ¿Que pasa, logo, no concello de Vigo? ¿Tamén hai censura interna e non se respectan os dereitos laborais?, porque teñen unha sentenza no mesmo sentido. ¿E no de Pontearreas? ¿Alí si se respectan?, porque tamén hai unha sentenza no mesmo sentido. (*Murmurios.*)

E, señora Díaz, vostede xa puxo a venda antes da ferida, ¡claro que lle vou falar da Televisión Española! Pero, ¿como non vou falar da Televisión Española? Dúas sentenzas nos últimos tempos neste mesmo sentido, unha que afecta a liberdade de expresión e outra que afecta a liberdade sindical. (*A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, máis vale que non interveñan, se non, imos ter que contar aínda máis.

En fin, manipulación —dicía—. Efectivamente, terxiversando as novas. Manipulación é tamén cando se pon en cuestión a legalidade da permanencia do director xeral, cando foi a propia Valedora do Pobo —e vostedes sábeno porque viron o informe— quen dixo que era perfectamente legal; igual que cando falan de manipulación. Vostedes din que nós manipulamos, e tivo tamén que ser a Valedora do Pobo quen lles dixera: non, iso non é verdade. Pero é que lles digo eu máis, vostedes o que pasa é que teñen os datos equivocados, teñen os anos equivocados; a quen lle chamou a atención o Valedor do Pobo por ter manipulación e por non ser obxectivos foi a vostedes, foi á televisión do Bipartito; (*Murmurios.*) unha televisión que tivo 12 sentenzas por vulnerar a neutralidade informativa. (*Protestas.*) Esa si, ¡12!, ¡12! (*Murmurios.*) ¡En fin!

Señora Díaz, vostede di que non se sente representada por esta CRTVG. Non me estraña, ¡non me estraña! (*Aplausos.*) É que, en realidade, o que lles molesta a vostedes non é o director xeral —este ou outro—, o que lles molesta a vostedes é o modelo, porque vostedes están acostumados a un modelo onde o Bloque e o PSOE chamaban ao director xeral e dicíanlle: *joye, que hoy no mandes las cámaras; oye, hoy mándamelas, jeh!* (*Murmurios.*) Iso é ao que están acostumados vostedes. Non me estraña que non se sintan representados. (*Protestas.*) Si, si, ¡se o deixaron por escrito!, ¡se nolo poñen moi fácil, que o deixaron por escrito! (*Murmurios.*) Miren, voulles ler unha carta que lle mandaba o actual director xeral a Quintana. Dícialle: «De acordo coa expresa manifestación indicada, darei instrucións para que os servizos informativos da TVG se absteñan de acudir aos actos da Vicepresidencia da Xunta ata que por parte dese vicepresidente se nos indique expresamente outra cousa». (*Murmurios.*) *Fin de la cita, señores.* (*Aplausos.*)

Iso é o que nos gusta, señora Díaz, ¡liberdade de expresión! Efectivamente, é o que lles gusta a vostedes. Non hai máis que entrar na conta de Twitter dalgún deputado desa bancada e ver o





que escribía a semana pasada. Falaba de que era un periodismo vergonzoso porque —oian— unha periodista, unha xornalista, se atrevía a preguntarlle a un invitado que tiñan no plató se lle parecía que Sánchez vulnerara o Regulamento do Senado e falara máis tempo do que lle pertencía na súa comparecencia. (*Murmurios.*) E dicía este deputado: «periodismo vergonzoso». (*Murmurios.*) ¡Oia!, liberdade de expresión é a que vostedes queren, a mesma liberdade de expresión que o seu xefe de filas, (*Murmurios.*) claro, cando di: «*Voy a coger 50 personas anónimas y les voy a preguntar para ver si mejoro*». Pero, claro, entón, xa o que hai que facer é seleccionar esas persoas, dicir que son anónimas, mirar se teñen carné do PSOE, mirar se tiveron algún carguño, (*Murmurios.*) e despois traémolos. (*Murmurios.*) ¡Non me estraña, señora Díaz, que non lle guste esta televisión! (*Murmurios.*) ¡É que é o modelo o que non lle gusta!, ¡é o modelo!

Claro, o noso modelo xa lle digo que é absolutamente distinto. O noso modelo non se parece en nada ao seu, ao modelo do BNG. O noso modelo dos medios públicos de comunicación en Galicia —e en xeral— é o da Lei de medios de comunicación audiovisual, que aprobamos no 2011; unha lei que garante a independencia absoluta e a non inxerencia do Goberno nos medios de comunicación, unha lei que garante o control parlamentario...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...da CRTVG e unha lei que blinda a súa misión de servizo público dos medios de comunicación.

Señorías, se queren o apoio deste grupo, traian aquí plantexamentos serios, plantexamentos que sirvan para mellorar, que sempre é necesario, as condicións laborais dos traballadores e as traballadoras, tamén en beneficio de todos os galegos e as galegas. E non traian aquí simplemente propostas partidistas...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...que o único que buscan é o interese propio, o interese seu, do Bloque e do PSOE, non o interese das galegas e dos galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Para pechar, ten a palabra a autora da proposición, dona Olaia Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Eu, antes de máis, tamén quero agradecerlle ao Partido Socialista o seu apoio.

Eu dígolle honestamente que hai que ter moito valor e moi pouca vergonza para vir aquí arriba e facer o que acaba de facer vostede. (*Aplausos.*) ¡Pero moito valor e moi pouca vergonza



para facer o que acaba de facer vostede! (*Aplausos.*) Eu non vou cuestionar a súa profesionalidade como xornalista — ¡só me faltaba! — pero se, de todo o que dixemos —dígollo sincera e francamente, señora Arias—, vostede como xornalista o que sinala na súa crónica é que a CRTVG paga facturas, é que ni Goebbels —¡vamos!— nin Urdaci *en sus mejores años* ía facer tremenda síntese, (*Aplausos.*) ¡tremenda síntese do debate de hoxe! (*Aplausos.*)

E eu, dígollo con franqueza —dígallo a eles, pero sobre todo dígallo a el—, vaia falarlle vostede ao señor Carlos Jiménez con esta sentenza, confirmada e ratificada como firme polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; vaia falarlle dun goberno que hai trece anos que non existe *y no sé que cosas de Pedro Sánchez.* (*Aplausos.*) Vaia e dígallo a el. (*Aplausos.*) ¡Díganllo a el! (*Aplausos.*) E o expediente que lle abriron a Tati Moyano, e como Marga Pazos pasou de redactora a locutora. ¿Aí hai solidariedade profesional? Xa que vostede apelaba á súa condición de xornalista, ¿a vostede parécelle normal que se vaia represaliando? —e non o digo eu, que hai unha sentenza, ratificada e firme polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza—. A sentenza di que na Corporación —cuxa dirección puxeron vostedes a dedo e que se mantén desde hai once anos á marxe do que di a súa lei— están represaliando, reprimindo, perseguindo e sancionando sen pudor os traballadores públicos desta casa. (*Aplausos.*) ¿Aí hai solidariedade profesional ou a máis mínima decencia democrática —dícallo ao comezo: a máis mínima decencia democrática— (*Aplausos.*) de tolerar nesta Cámara a persecución política de traballadores da Corporación da Radio e Televisión públicas deste país? Violación de dereitos fundamentais e, entre eles, o dereito á liberdade ideolóxica dun traballador. Non é unha opinión, non é unha denuncia dun sindicato, é unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

E dígolle unha cousa —tamén llo digo porque o exercicio aquí é falar 10 minutos de todo e de nada—: quizais pensaba que coaba. Pero non van poder tapar con ningunha cortina de fume o que está pasando, o que leva pasado e o que moito tememos que seguirá pasando na Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza. ¡Iso si que dá vergonza! (*Aplausos.*) ¡Iso si que dá vergonza! (*Aplausos.*) ¡E que vostede me veña falar aquí *del chachachá* e dun goberno que hai trece anos que non existe! ¡Tremendo trauma, amiga! (*Murmurios.*) ¡Tremendo trauma! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Insisto en que non é unha denuncia dos traballadores, non é un rumor *que me cuentan que ha pasado*, é unha sentenza xudicial firme da máis alta instancia xudicial deste país, que condena esa dirección da Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza, que vostedes puxeron a dedo no ano 2009. É que se manteñen fóra da lei desde o ano 2011, porque, claro, para ser a súa lei, *la leen poco, ¡la leen poco!* (*Aplausos.*)

¿Que di a Lei de medios audiovisuais públicos de Galiza? (*Aplausos.*) ¿Como ten que ser nomeada a persoa que exerza a Dirección Xeral da CRTVG? Pola maioría cualificada deste Parlamento. ¿Ao señor Sánchez Izquierdo quen o puxo?, ¿e en que ano? Marchou o que o puxo, e aínda queda el aí, trece anos, (*Aplausos.*) once deles fóra, á marxe do que di a Lei de medios. (*Aplausos.*) Que eu insisto, collan do *Diario de sesiones.* Haberá quen se acorde tamén —porque foi a persoa ponente e a persoa que representaba o grupo parlamentario naquel debate— de como inchaban, de como se lles enchía o peito e a boca dicindo que esa lei ía garantir os dereitos profesionais,



a obxectividade e a independencia dos traballadores e das traballadoras da CRTVG. ¿Onde está? As tres cuartas partes desa lei están incumpridas de maneira consciente, intencionada, reiterada e obscena por parte da dirección xeral, que vostedes manteñen e sosteñen, iso si, en solitario, á fronte da Corporación da Radio e Televisión. Nin estatuto profesional en once anos, nin consello de informativos, nin autoridade audiovisual independente que esa lei prevía que tiña que crearse nove meses despois de entrar en vigor —nove meses, desde o 2011 ao 2022!—. De todos os artigos que velaban ou pretendían supostamente velar pola garantía profesional, pola obxectividade, pola independencia, pola non manipulación dos medios públicos deste país, por cortar calquera inxerencia supostamente política que puidera existir sobre os medios públicos de comunicación deste país *no se cumpriu ni el primero*. Porque a intencionalidade do Partido Popular é seguir tendo a CRTVG como gabinete de propaganda e terminal electoral *del Partido Popular* aquí en Galiza, e agora tamén do Partido Popular en Madrid. (*Aplausos.*)

Dicía vostede que lles saía barata —e con isto remato—...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...—si, presidenta— ás galegas e aos galegos a CRTVG. Barato sálles a vostedes o terminal de propaganda. Ás galegas e aos galegos o que nos sae é todo isto moi, moi caro. (*Aplausos.*)

Pero seguiremos tamén dando a batalla. Trouxemos aquí unha proposición de lei para que tanto o consello de administración como a dirección xeral fosen elixidos por un concurso público, para acabar con esas inxerencias, para que fose a través dun procedemento regrado, transparente e cun concurso de méritos...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...como se ocupase esa dirección xeral. Foron vostedes os que votaron en contra, e terán que explicar por que seguen mantendo de verdade a CRTVG como terminal de propaganda do Partido Popular.

Máis nada. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto da orde do día.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Comisión Europea en relación coa súa proposta de prohibición total de pesca con artes de fondo nas zonas mariñas sensibles**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta proposición non de lei presentáronse varias emendas: a número 40786, do propio Partido dos Socialistas de Galicia; a número 40791, do Bloque Nacionalista Galego e a 40792, do Partido Popular.



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 36740)*

#### *Emenda de adición*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:*

*“..., así como dun verdadeiro estudo do impacto socioeconómico da medida e a realizar unha consulta aberta e sinxela cos organismos consultivos da pesca e do sector. Ademais, indicarlle que, no seu caso, o Regulamento final debe de considerar unha graduación e tratamento acorde coas diferentes artes de pesca, que permita unha aplicación menos lesiva.”)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 36740 (11/PNP-003292)*

#### *Emenda de substitución*

*Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse á Comisión Europea para:*

*-Amosar o seu rexeitamento á súa proposta de prohibición total de pesca con artes de fondo nas zonas mariñas sensíbeis.*

*-Solicitar a retirada da devandita proposta e a elaboración de todos os estudos e informes científicos necesarios que permitan iniciar un diálogo co sector pesqueiro e cos membros do Consello Europeo antes de tomar ningunha decisión definitiva ao respecto.*

*-Elaborar un informe sobre o impacto socioeconómico que provocaría calquera decisión sobre a limitación ou eliminación das artes de fondo na nosa frota e no noso país.”)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-003292)*

#### *Emenda de substitución:*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia reitera o acordo acadado pola Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 6 de setembro de 2022 que di o seguinte:*

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:*

*1. Que rexeite publicamente os ataques que o sector do arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.*



2. *Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.*

3. *Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da flota pesqueira europea”»)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defender esta proposición ten a palabra dona Patricia Otero por quenda de dez minutos.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Boas tardes.

En Galicia ben coñecemos o duro que é traballar no mundo do mar, pero, a pesar disto, os nosos mariñeiros sempre deron a talla, e inclusive nas circunstancias máis adversas. E non estou a falar das condicións climatolóxicas, que tamén, senón que, particularmente, me estou a referir á situación que estiveron a atravesar durante a pandemia da covid-19, na que incluso nos momentos de maior incerteza e inseguridade non deixaron de saír a faenar para que non faltara un produto de máxima calidade nas nosas tendas e nos nosos fogares. Foron declarados como unha actividade esencial, e, dende logo, que estiveron á altura.

Son numerosos os retos que ten que afrontar o sector actualmente: a falla de remuda xeracional, de titulados, cotas escasas, elevado prezo dos combustibles pesqueiros, o risco de eliminación tamén das bonificacións para a compra deste combustible, etc. Son moitos os casos que temos abordado tamén na Comisión 8ª, de Pesca. Pero por riba de todos estes problemas non menores están as continuas ameazas que proveñen das institucións comunitarias, as que cunha visión exclusivamente medioambientalista adoptan decisións que están a poñer en risco o futuro dun sector —como tantas veces temos falado— fundamental na nosa terra.

A Comisión Europea parece decidida a levar adiante a súa intención de veto á pesca de fondo, idea repetida recentemente polo comisario europeo de Pesca na Conferencia dos Océanos celebrada en Lisboa, e tamén pola directora do DG Mare na súa última visita a Galicia. Unha decisión que —creo que nisto coincidimos todas e todos—, de levarse a cabo, suporía a ruína para unha parte moi importante da nosa frota. Esta medida, como dicía, se se leva adiante... O que máis nos chama a atención —e o que máis lle chama tamén a atención ao sector— é que se pretenda levar adiante dun xeito unilateral, sen ter escoitado os consellos consultivos e tampouco o propio sector; polo tanto, sen ter escoitado os que mellor coñecen como están estes caladoiros que lles pretenden pechar á nosa frota. E, por outro lado, están baseados en informes científicos e técnicos que non son rigorosos e que, dende logo, están incompletos.

Ademais, pretende levarse a cabo sen un verdadeiro estudo do impacto socioeconómico que esta medida suporía no noso sector. Tampouco teñen en conta as zonas que xa contan cunhas limitacións ou cunhas restricións en materia de protección que xa aplican os propios estados membros nin teñen en conta as diferentes artes de pesca; meten no mesmo saco a todas as artes de pesca: o palangre de fondo, a volanta, o arrastre de fondo, os anzós, etc.



Todo isto semella ter como única finalidade ir acabando co sector pesqueiro de forma progresiva. Por iso —xa o dixemos en numerosas ocasións—, debemos de loitar todos e todas a carón do noso sector pesqueiro para que a pesca de fondo poida seguir a desenvolver a súa actividade con garantías. Porque, como me dicía hai pouco un home que leva adicada toda a súa vida ao mar, de pouco nos servirá atopar solucións para a falla de remuda xeracional, para atopar mandos para as tripulacións dos barcos, se, ao final, non nos deixan faenar e nos pechan os caladoiros nos que levamos faenando tantísimos anos, como é o caso do Gran Sol, no que os nosos pescadores levan máis de dous séculos faenando.

Dende o PSdeG e dende este grupo parlamentario, en consonancia co posicionamento manifestado en numerosas ocasións polo Goberno de España, rexeitamos absolutamente este veto á pesca de fondo por parte da Comisión Europea. O ministro de Pesca, ademais de amosar o seu rexeitamento en distintas reunións no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, tamén foi quen —España—, co seu voto en contra no Consello da Unión Europea, de que non saíra adiante ese acto de aplicación. Nós mesmos tamén temos apoiado iniciativas que trouxeron outros grupos parlamentarios, nomeadamente, a semana pasada o Partido Popular, nas que se instaba o Goberno central a que traballase para reverter esta situación. Nós apoiamos esa iniciativa que trouxo o Partido Popular, pero dende o propio PSdeG estamos tamén a traballar para reverter esta situación. É coñecido que temos iniciado unha recollida de firmas tamén para enviar a Europa —unha recollida de firmas a través das distintas confrarías galegas— para amosar ese rexeitamento a esta decisión da Comisión Europea.

Pero hoxe mesmo o PSdeG, a través do seu secretario xeral, reuniuse en Estrasburgo co comisario de Pesca —para ser máis perfeccionistas, o comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca— da Unión Europea para amosarlle, dende logo, o seu rexeitamento a ese planteamento. Pero é que foi máis aló, arrincoulle ao comisario de Pesca o compromiso de que se vaia facer un estudo cuantitativo da biomasa marítima dos caladoiros de pesca afectados pola decisión da Comisión. Abriuse, polo tanto, a porta á esperanza de que a pesca de arrastre non termine afectada por esta decisión tan inxusta, porque estas artes de pesca cumprían as condicións para poder seguir faenando nestes caladoiros. Que non se lles prohiba pescar aos nosos mariñeiros neses caladoiros é fundamental, xa que se trata de caladoiros dos que viven máis de cento sesenta e seis mil familias galegas. *(Aplausos.)* Iso é tamén o que está a facer o PSdeG para apoiar o noso sector pesqueiro.

No último pleno antes das vacacións, o que pretendía este grupo parlamentario a través dunha declaración institucional era que o Parlamento de Galicia tamén amosase o compromiso co sector pesqueiro e traballase a prol deles para rexeitar esta medida que se pretende adoptar na Comisión Europea, na que tamén instabamos a propia Comisión Europea a que retirase esta decisión, a que abrise unha verdadeira vía de diálogos cos estados membros e co propio sector e a que, a maiores, pedise verdadeiros informes científicos e técnicos que avalasen esta decisión, así como un verdadeiro estudo socioeconómico das consecuencias que esta decisión tería de levarse adiante. O Partido Popular non quixo que o Parlamento de Galicia se pronunciase neste senso.

E hoxe o que nós pretendemos con esta iniciativa é que, xa que o Partido Popular privou este Parlamento de posicionarse a prol do sector pesqueiro, o que lle pedimos con esta iniciativa



é que instemos o propio Goberno galego —como así fixo tamén o Goberno central e como así fixo tamén o propio PSdeG— a que traballe e que lle transmita á Comisión Europea as necesidades de revertir esta decisión inxusta que pretenden levar a cabo. (*Aplausos.*)

Porque, fronte a todo isto, é preciso destacar que o propio sector pesqueiro non cuestiona a necesidade de conservación dos ecosistemas mariños vulnerables, pero si a maneira en que se aplica esta medida, xa que, como dicía, a decisión debe de fundamentarse en informes científicos e técnicos ben fundamentados —que non é o caso, agora mesmo non existen eses informes científicos e técnicos—, tamén debe de abrirse un diálogo claro e sencillo cos organismos consultivos de Pesca da propia Unión Europea, dos propios estados membros, e tamén co propio sector pesqueiro, e, ademais —como dicía—, a decisión pretende aplicarse de maneira indiscriminada a todas as artes de pesca e de frota, sen ter en conta, dende logo, a sistemática da pesca ou a súa selectividade. Isto non debe de ser así como está sendo agora, e debe de ser tido en conta.

Ademais, quero indicar que todas as artes de pesca afectadas levan anos impulsando medidas de mellora da selectividade, así como de mellora da súa eficiencia enerxética, da xestión de residuos, consumos..., para seguir mellorando a pegada de carbono e o impacto medioambiental, que hai que recordar que xa de por si é moi baixa respecto doutras actividades humanas relacionadas coa produción da proteína animal.

A actividade da frota galega cumpre de forma clara e rigorosa todas as normativas de aplicación, sendo unha frota de referencia internacional. Esta decisión, a maiores, non ten en conta as medidas de protección xa existentes por parte dos estados membros, o que fai da medida un acordo desproporcionado que non admite gradacións de ningún tipo, e isto tampouco pode ser. A protección agora inténtase impoñer en zonas nas que a nosa frota —repito— leva faenando séculos con estas artes que se queren prohibir, coas mesmas, sen que os pescadores detectasen a presenza de ecosistemas mariños vulnerables, que, por outra parte, subsisten a pesar da suposta presenza histórica de tal actividade pesqueira.

Ademais —como dicía tamén—, esta decisión ten un impacto socioeconómico nas frota afectadas, sen alternativa ou compensación ningunha, o que amosa unha escasa planificación deste impacto; aspecto que toda política pública debería de ter en conta e que, ademais, está recollido na política pesqueira común. Por iso urxe que loitemos todas e todos xuntos para paralizar estas intencións da Comisión Europea, porque en Galicia nos xogamos moito, xa que somos a primeira rexión pesqueira de Europa. Pero a importancia da pesca na nosa comunidade transcende ao seu impacto económico como actividade clave para o desenvolvemento do país, porque constitúe tamén un elemento propio...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...da nosa identidade —remato, presidenta—. E, repito, é unha frota que é exemplo do respecto ás normativas e convenios internacionais e rexionais, ao tempo que nos últimos anos levou a cabo iniciativas enfocadas á mellora da sostibilidade da súa actividade. Por iso, non é casualidade que a situación dos caladoiros onde opera a nosa pesca se atope en rendemento máximo sostible e que os niveis de biomasa estean en máximos, un 50 % por riba de hai quince anos.



Eles, o sector do mar, cumpriron; agora tócanos a nós cumprir, apoiar o noso sector nesta nova loita que teñen que lidiar coa Comisión Europea.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías, vostedes non o saben —ou, ao mellor, non o lembran—, pero entre o mes de xullo e este mes de setembro —teñamos en conta que este é o primeiro pleno do mes de setembro— debatemos este tema —coa de hoxe— tres veces, ¡tres veces! Eu agardo que, cando menos, en Europa nos fagan caso proporcionalmente ás veces que o debatemos, porque se nos fixesen caso proporcionalmente ás veces que o debatemos realmente a nosa frota —en concreto, a de artes de fondo— non tería ningún problema.

E fíxense vostedes, señorías, que a primeira vez que o debatemos o trouxo aquí o Partido Popular no pleno do 12 de xullo. Naquel momento o Partido Popular propoñíanos un acordo que era que o Parlamento de Galiza instaba a Xunta a dirixirse ao Parlamento Europeo e tamén aos grupos parlamentarios que están alí presentes e á DG Mare. ¿Para que? Para rexeitar, en fin, todas as cuestións que vaian na liña de limitar a pesca de fondo. Por certo, esta primeira vez aprobouse por unanimidade neste pleno. A segunda vez, o Partido Popular tráeo outra vez á Comisión 8ª, e desta vez xa non quere instar a Comisión Europea, agora quere instar o Goberno de España —que dicimos nós que mesmo o podía facer na PNL, porque sería igual de efectivo, pero, bueno, ¡alá cadaquén coas súas teimas!—. Agora na segunda vez quere instar o Goberno de España e aquí quero instar a rexeitar —outra vez— publicamente todas as decisións e actuacións que vaian na liña de aceptar a pesca de fondo. E hoxe o Partido Socialista tráenos unha terceira proposta tamén querendo instar a Comisión Europea tamén a rexeitar. E digo eu que entre a primeira proposta do PP —que era de xullo e aprobamos unanimemente— e a segunda —que tamén era do PP e aprobamos unanimemente—, é dicir, entre xullo e setembro, xa lle deberían ter mandado o acordo á Comisión Europea e xa o deberían ter rexeitado porque polas veces que llo piden non é, pero tampouco van máis alá de rexeitar.

O caso é que a aquela primeira iniciativa do Partido Popular no mes de xullo o Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda que tiña tres puntos, e o Partido Popular aceptou dous. ¿E cal rexeitou —valla a redundancia—? Pois rexeitou aquel no que nós pediamos que se instase a Comisión Europea á retirada —non que a rexeite, que tamén pode ser— porque, con base no que vou explicar agora, non é de recibo nin sequera que a poñan enriba da mesa. Bueno, pois o Partido Popular non tivo a ben aceptar a emenda de que se retirase, de instar a Comisión Europea a que retirase a proposta, e quedou a cousa en rexeitar. E, ben, estamos en rexeitar desde xullo.

Quero facer unha pequena reflexión aquí porque, ademais, á vista do debate absolutamente frívolo por parte da interveniente do Partido Popular que acabamos de escoitar sobre a Com-





pañía de Radio-Televisión Galega, creo que é oportuno. Moitas veces os deputados ou as persoas que estamos nas institucións queixámonos de que a xente non nos presta atención, de que a xente non entende ás veces o que dicimos, etc., e a verdade é que non me estraña. En moitas ocasións —como neste debate anterior, sobre todo a intervención da portavoz do Partido Popular— non me estraña, de verdade, que non nos fagan caso ou que non nos queiran nin escoitar. E con este tema do arrastre pasa outro tanto do mesmo. Instamos a uns, instamos a outros por separado e despois a outros máis, rexeitamos as tres veces e imos para a casa *la mar de contentos* a ver quen é o que máis rexeitou. E todo iso tendo en conta que, así como son tres veces, poderían ser catro, porque o BNG tamén tiña unha iniciativa presentada que xa non trouxo a debate precisamente para non saturar con tanto «rexeitamento». (*Aplausos.*)

Ben, como esta é a terceira vez que o debatemos, o BNG vai argumentar o mesmo que nas dúas ocasións anteriores. Porque nós, o Bloque Nacionalista Galego, somos deses grupos políticos que practicamente xa non existen... (*Murmurios.*) (*Risos.*) —non rematou a frase aínda; esperen un momento a ver se lles gusta a segunda parte— e que votamos o mesmo aquí que en Madrid e que en Bruxelas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Entón, imos argumentar exactamente o mesmo que nas dúas veces anteriores.

¿E de que estamos a falar —á parte de rexeitar, que está moi ben—? Pois, miren, estamos a falar dunha decisión da Comisión Europea —que toma no ano 2022 con base nun regulamento do ano 2016—. É unha decisión que toma única e exclusivamente a Comisión Europea, e non conta esa decisión nin co apoio da totalidade do Consello —e logo falarei dos informes nos que se basea esta decisión que acaba de tomar a Comisión Europea—. E digo que non conta coa totalidade do apoio do Consello Europeo, pero non con calquera totalidade, non, non; miren vostedes, 14 dos estados membros votaron que si á proposta da Comisión, 9 abstivéronse, 2 votaron en contra e 2 non asistiron. Fagamos as contas, ¿non? Máis ou menos estamos *fifty-fifty*. Ben, pois toma esa decisión a Comisión e tira para diante.

¿E que pretende? Pois pretende limitar o uso das artes de fondo. Isto non é ningunha tontería, porque estamos a falar de que no noso país, como sempre, ¿non? —a primeira potencia de pesca europea seguimos case sendo, ¿verdade?— seremos dos máis afectados, por desgraza. E non por desgraza divina; non, non, por desgraza de persoas que forman unha comisión europea en representación de comisarios que están en representación de estados que teñen unha liña política determinada. Ou sexa, as decisións prodúcense por iso, porque as toman persoas e grupos políticos, non porque veñen do ceo.

Ben, pois estamos a falar de que afectaría no noso país máis de cen buques galegos arrastreiros, e xa sen contar, evidentemente, toda a industria, que indirectamente se vería afectada por isto. A todo isto, a maiores destes 100 buques arrastreiros, poderíamos estar a falar aínda de moitos máis, porque está en debate se esta decisión da Comisión Europea vai afectar tamén unha parte importante da frota galega de artes menores. ¿E de que estamos a falar cando falamos de artes menores? Seguro que vostedes todos e todas oíron algunha vez falar, evidentemente, dos rastros, dos trasmallos, dos bous ou dos miños, ¿verdade?, polo menos, se son vostedes de zona costeira. Pois ben, se isto realmente fose así, se afectase tamén estas artes menores, estaríamos a falar dun impacto socioeconómico na nosa frota e no noso país absolutamente brutal.



Ben, estamos a falar do arrastre —como digo, en xeral, das artes de fondo—. Por outra banda, a Comisión toma unha decisión sen sabelo —non sei se sen sabelo, porque eu creo que si o saben—, pero sen ter en conta que o arrastre no día de hoxe é unha das artes máis reguladas e controladas neste momento, sobre a que existen, ademais, amplos estudos que pretenden combater o descoñecemento e a mala prensa sobre esta modalidade de pesca.

A pesca de fondo xa se realiza hoxe en áreas limitadas, non está permitida en áreas mariñas protexidas e onde existen ecosistemas vulnerábeis. Iso é o que temos que saber todos e todas, porque realmente ás veces escoitamos cousas e parece que a frota de arrastre anda esquilmando absolutamente polo mar adiante.

Pois isto non é así porque, ademais, a frota que se dedica ao arrastre hai moitos anos que, ademais de estar hiperregulada, hipercontrolada e hiperinspeccionada, resulta que tamén hai moitos anos que ten moita conciencia de que ten que preservar o recurso, e non consta no día de hoxe ningún estudo que diga que, cando menos, a frota arrastreira —polo menos a galega, pero estou falando en xeral agora— ten espoliado, nin esquilnado, nin esgotado, nin provocado ningún colapso en ningún stock de especies.

Polo tanto, entendemos nós, ¿verdade?, que non é cuestión de tratar a frota galega de arrastre como, evidentemente, os superarrastreiros —por poñer un exemplo— chineses ou de terceiros países, que, efectivamente, non só arrasan con todo canto hai no mar, senón que arrasan, ademais, co resto das frotas que están no mar, e cos que somos perfectamente conscientes de que temos que ter un coidado non só medioambiental, senón que niso nos vai tamén a derivada económica do tema.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, señora presidenta.

Pois, por último, o que é peor de todo isto non é que a Comisión estea tomando unha decisión sen o apoio total do Consello, ou apenas co 50 % do apoio total do Consello, senón que a Comisión tome esta decisión con base nuns informes que —só dúas frases, señora presidenta—, textualmente, din cousas como esta: «A ciencia dispoñíbel é incipiente; é necesario agardar cinco ou dez anos». Sigo lendo textual: «Con outros datos» —informes nos que se basea esta decisión da Comisión Europea— «máis fiábeis as conclusións non serían as mesmas».

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—remato, señora presidenta—. Isto é como aquilo de *si no te gustan estos principios, tengo otros*, dependendo dos informes que fagamos.

En resumo, apoiamos outra vez, por terceira vez, en principio, a iniciativa do PSOE, pero presentamos a nosa emenda no sentido de que, ademais de rexeitar —que xa é a terceira vez que rexeitamos—, solicitemos ou instemos, neste caso, a Comisión Europea, a retirar...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.



**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...porque con estes informes, sobre todo con estes informes, pero tamén co escaso apoio do Consello, pensamos que hai que retirar esta decisión.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda agora para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Teresa Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Certo. O primeiro que a min me gustaría destacar é a actitude ou a actuación do PSdeG neste caso concreto, porque, malia que a señora Pérez máis ou menos puido explicar cal é o transcurso do debate deste tema no fondo, eu tamén quero falar dalgunhas situacións e dalgúns movementos concretos que a verdade é que non entendemos.

O pasado xoves celebramos a primeira Comisión 8ª deste período de sesións e o PSdeG incluíu na orde do día esta iniciativa que trae hoxe aquí. Nós, dende o Grupo Popular, fixemos o mesmo, incluímos unha PNL sobre este tema, rexistrada a principios de ano. Entendemos que neste período de verán, despois do mes de xullo, lonxe de mellorar a situación, pois se complicou; que xa tiña maiores ameazas e ademais o tempo apremia. Polo tanto, decidimos incluír na Comisión 8ª unha PNL sobre este tema.

Ata aquí todo normal, incluso plantexamos a posibilidade de facer un debate conxunto. Pero o mércores ás cinco da tarde resulta que a sorpresa foi que o PSdeG retira a iniciativa da orde do día da Comisión 8ª e presenta unha emenda ao noso texto que difería bastante da PNL que presentaran. Nós consideramos que a emenda non aportaba nada novo e, polo tanto, decidimos deixar o texto tal e como o presentabamos nós, porque o que quería o Partido Socialista era reiterar o que aprobamos en xullo. Polo tanto, votamos a nosa PNC e aprobamos, por unanimidade dos tres grupos, esa iniciativa.

Polo tanto, o Parlamento xa se pronunciou sobre este tema. Temos dous acordos unánimes sobre esta tema e, polo tanto, sobre o fondo deste asunto. Un deles aprobámolo o pasado 12 de xullo e, como dixen, despois do verán consideramos necesario reforzar a mensaxe de incluír un acordo máis; polo tanto, de instar tamén o Goberno para facelo partícipe —non para acusalo de nada, para facelo partícipe— da petición, que non é só unha decisión ou unha vontade de Galicia, senón que é de toda España. Queríamos facelo aínda máis forte. E, como ven, nós pensamos o mesmo que o Partido Socialista nun principio, pero ¿que pasou? ¿Por que retirou a iniciativa da Comisión 8ª? A verdade é que non o entendemos e non sabemos que pretende agora o PSdeG. Non sabemos se quere cambiar catro ou cinco palabras da redacción, non sabemos se realmente quere —falando en tema coloquial— «colgarse medallas»...; medallas que nós consideramos que son, certamente, ás veces medallas de papel, porque xa vimos que no caso de recollida de sinaturas a verdade é que iso non foi por bo ca-



miño. Por parte das confrarías e da Federación das Confrarías abriuse unha conta en change.org para recoller sinaturas, e aparece o secretario xeral do PSdeG coma se fora unha iniciativa particular del ou do propio partido, cando iso non é certo, que é algo da Federación de Confrarías.

Polo tanto, isto vai polo mesmo camiño; parécenos que vai máis ou menos polo mesmo camiño, porque no fondo do asunto o Parlamento xa se pronunciou. O Bloque, o Partido Socialista e o Grupo Parlamentario Popular pronunciáronse por unanimidade na defensa das artes de fondo de pesca.

Señores deputados, isto non acaba aquí porque, ademais de retirar a PNL da comisión e aprobar por unanimidade un acordo, ademais de todo iso, hoxe o PSdeG autoemenda o seu texto. Polo tanto, a nós a verdade é que isto xa nos parece que é un tema máis parecido a un tetrís que a un acordo unánime ou a un posicionamento do PSdeG. Porque, tal e como dixo a señora Pérez, eles manteñen o texto que fixeron ao principio —por certo, nós hoxe aceptaríamos a retirada, para dar tamén un paso máis; ese punto, ese punto—. O que digo eu é que fixemos en xullo un acordo que nos parece, ademais, moi completo, fixemos na Comisión 8ª outro acordo que complementa o de xullo e hoxe podemos engadirlle a retirada, porque o tempo —insisto— apremia e parece que en Bruxelas non se fai nada.

¿Que sentido ten todo isto, señora Otero? ¿Andan perdidos vostedes e non saben que facer para chamar a atención? ¿Non cren nos acordos que se acadan neste Parlamento? ¿Non lles interesa este tema e tan só é oportunismo para facelo nun momento concreto? ¿Queren cambiar o sentido do seu voto na Comisión, mandar unha nota de prensa e falar do secretario xeral? Hoxe deunos aquí información do seu secretario xeral, que foi a Bruxelas... Moi ben, non sei en realidade cal é a situación de meter unha PNL na comisión, de retirala, de emendar a nosa, de metela no Parlamento, de emendarse a si mesmos... A verdade é que isto é unha cábala que non hai quen a entenda.

Como dixen, o tema é serio e, como dixo tamén a señora Pérez, o tema é moi serio, e a verdade é que nós temos que alzar a voz e manifestarnos porque isto suporía un agravio e suporía, ademais, un dano inmenso en Galicia ao sector pesqueiro, e todos o sabemos.

No pleno de xullo, como dixen, xa aprobamos a elaboración dun estudo de impacto socioeconómico, como dixen tamén, considerámolo un acordo completo a petición do propio sector, despois de comprobar, ademais, como ían as cousas, as ameazas, e insisto en que despois o ampliamos na Comisión 8ª.

O manifesto ou as votacións no Parlamento son igual de válidas nunha comisión que no pleno, pero hoxe traemos esta iniciativa aquí, debatémola no hemiciclo e non hai problema, pero insisto en que o Pleno xa se ten manifestado por unanimidade cun acordo, e nós hoxe presentamos unha emenda porque realmente é o que cremos que é máis importante.

Os acordos xa os teñen vostedes, téñoos aquí redactados: que se rexeiten —como dicía a señora Pérez— publicamente os ataques ao sector, que se defenda a importancia do sector no conxunto do sector pesqueiro e que se solicite ao comisario que teña en conta as opinións



do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da frota pesqueira, porque este é un dato bastante importante.

Nós queríamos dicir, ademais, que non debería haber problema en chegar a un acordo hoxe; non teríamos por que ter problema. No fondo do asunto estamos de acordo todos. Pero creo que vostedes, señora Otero, neste caso, o único que fan é marear a perdiz e ademais buscar, como digo, ao mellor, algún titular, pero non diferente, non diferente, porque o fondo da cuestión é o mesmo; quizais buscan unha foto ou unha referencia ao Partido Socialista, pero non diferente.

Galicia, e este Parlamento, téñense manifestado na mesma liña e, polo tanto, hai que instar, por suposto, todas as administracións, a galega, a nacional e a Bruxelas. E hai que instalas e, ademais, hai que manter a mesma posición en todas.

Eu creo que quedou claro nas dúas ocasións que nós nos manifestamos en defensa dese sector, pero dígolle tamén, ademais, señora Otero —que xa llo dixen na Comisión 8ª, e vostedes retiraron a iniciativa e non sei por que—, que nós compartimos co Ministerio de Pesca, do Partido Socialista, tal e como se manifestou, que é perfectamente posible a protección de mares e océanos coa capacidade extractiva que supón a pesca, como dixo o ministro. En España existen 13 reservas mariñas de interese pesqueiro, entre elas algunhas sitas en Galicia, onde se amosa que é posible levar a cabo unha actividade pesqueira e ao mesmo tempo protexer o medio ambiente, como dixemos sempre. As áreas mariñas son importantes, pero o máis importante, se cabe, é a implementación dos instrumentos de xestión, e estas son artes que xa están controladas e xa están, ademais, xestionadas e traballan de xeito ordenado.

De nada serviría fixar un mapa de áreas se logo non fixamos uns plans de xestión que compatibilicen actividades. Polo tanto, necesitamos unha avaliación de impactos. Por iso aprobamos por unanimidade a iniciativa no mes de xullo e por iso instamos o Goberno a que se manteña nese punto e a que dea un paso máis adiante.

Pero gustaríame advertilos do que fan os seus compañeiros en Bruxelas por se vostedes non o saben. Porque falamos aquí de que votan o mesmo aquí que alí e que o medioambientalismo radical vai contra a pesca, pero é que teñen que saber o que fan en Bruxelas. Porque, mire, hai poucos días os Socialistas e os Verdes votaron en Bruxelas restrinxir a venda da tintoreira. Imaxino que coñecen vostedes iso, e non sei se lles parecerá ben. Porque tivemos tamén aquí máis de tres, catro ou cinco veces debates sobre o marraxo dientuso, ao que lle pasaba exactamente o mesmo.

A inclusión no apéndice 2 de CITES —saberán— terá un impacto moi negativo na sostibilidade social e económica do sector pesqueiro en Galicia. E Socialistas e Verdes —onde está o BNG— votaron a favor. Polo tanto, haberá restricións e trabas burocráticas no comercio da especie e outra vez estaremos cun problema gordo en Galicia coa tintoreira e coa súa venda, como nos pasou co marraxo.

Polo tanto, iso é manifestarse ideoloxicamente e ter unha liña de defensa de pesca, porque en Bruxelas si é certo que se está legislando quizais en contra da pesca, pero temos que alzar tamén a voz alí, porque alí vostedes votan todo o contrario. Polo tanto, jollo!, porque aquí



tamén coñecemos todo o que fan, e tras os discursos, ademais, non hai votacións que se compatibilicen co que vostedes din. Así que hoxe nós cremos que non tería que haber problema en chegar a outro acordo máis. Non entendemos para nada por que vostedes retiran da comisión a iniciativa, emendan na comisión, presentan en pleno, autoeméndanse a vostedes mesmos en pleno... Non sei que pretenden; de verdade, non sei que pretenden. A ver se podemos chegar a un acordo incluíndo, se cabe, o punto —paréceme que é— 2, ou o 3, da emenda do Bloque Nacionalista Galego, que pide a retirada, porque poderíamos engadir un punto máis de diferenza no que xa temos aprobado.

Polo tanto, nós cremos que estamos todas de acordo en que hai que instar todas as administracións a que teñan as súas competencias. Toca pedirlle a Bruxelas, toca pedirlle ao Goberno de España, á Xunta e a todos nós tamén que intercedamos, que intercedamos polo sector, que está pasando ou está ameazado, ademais, por estes temas que poden afectalo. Non é que lle afecten nun grao dun momento concreto, é que é pechalos, é que é case prohibilos, é que é non saber do que se está falando; é que é crer, ademais, que se esquilman, cando realmente pescan e capturan especies que non se poderían capturar se non fose con esas artes de fondo. Polo tanto, é fundamental e imprescindible que en Bruxelas entendan que iso non o poden facer tal e como teñen pensado.

Xa remato. Nós explicamos en xullo que o obxectivo último de toda esta loita, de toda esta defensa, era manter o emprego, soste o sector, demostrar que non todas as artes de fondo son agresivas ou tan agresivas como din, demostrar que hai especies, como dixen, moi saudables e que estamos, ademais, potenciando o seu consumo, que non se poden capturar con outras artes que non sexan estas de fondo e demostrar que o tremendo impacto negativo, económico e social en Galicia non se podería eu creo que equilibrar con ningunha outra acción ou con ningunha outra actividade.

Polo tanto, importantísimo: xa dixo a señora Pérez que afectaría unhas cen embarcacións de arrastre, pero, segundo un estudo da Consellería do Mar, habería unhas novecentas unidades de artes menores afectadas, e iso sería pechar Galicia, vilas costeiras enteiras, anegar Galicia e afogar esta actividade, estas artes de pesca que son fundamentais e cruciais.

Polo tanto, señora Otero, espero que poidamos chegar a unha transacción e que nos explique por que lle deron vostedes tantas voltas a este texto e a este acordo, cando, no fondo da cuestión, parece que estamos todos de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Egerique.

Remata a autora da proposición non de lei, dona Patricia Otero, por un tempo de 5 minutos.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Dicía a señora Pérez que debatemos este tema ata en tres ocasións. Eu creo que o tema é de tal calado que imaxino que teremos que debatelo incluso máis veces se a Comisión Europea



non dá un paso para atrás e realmente retira e se pon a abrir unha verdadeira vía de diálogo para poder reverter esta situación.

Señora Pérez, a verdade é que vostede estivo moito tempo a falar e a dicir que aquí o único que se pide é rexeitar, rexeitar e rexeitar e que agora vén tamén o Grupo Parlamentario Socialista novamente a pedir ese rexeitamento. Vostede sabe coma min que este grupo parlamentario intentou unha declaración institucional en xullo deste ano, xusto no último pleno antes de marchar de vacacións, e ía esa declaración institucional no mesmo senso que a emenda do Bloque Nacionalista Galego, porque era a petición que facía o propio sector. Por un lado, era rexeitar esta decisión; por outro lado, era retirala, abrir unha verdadeira vía de diálogo cos estados membros e co propio sector afectado. Nesa declaración institucional tamén pretendíamos que se pedisen á Comisión Europea novos informes científicos e técnicos, porque é verdade, como dicía a señora Pérez, que os informes nos que se está a basear esta decisión son totalmente incompletos e case poderíamos dicir que de parte, non son uns informes científicos que estean fundamentados. Daquela tamén pediamos un verdadeiro estudo do impacto socioeconómico desta medida. E iso era o que plantexabamos naquela declaración institucional que o Partido Popular vetou e que non permitiu que o Parlamento de Galicia se posicionase sobre este tema. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós cremos que na nosa iniciativa vai incluída esa palabra; non vai literalmente a palabra «retirar» para que se retire ese documento, pero si que é o senso da nosa iniciativa e, dende logo, aceptaremos a emenda do Bloque Nacionalista Galego para que se especifique tamén a retirada dese documento e para que se poida empezar un diálogo dende cero e con eses novos informes científicos e técnicos que se poidan aportar á propia Comisión Europea.

Despois dicía tamén a señora Pérez que todo o Consello non estaba de acordo con esta medida, que había dous países que votaran en contra desta decisión. Quero dicir tamén aquí que un dos países que votou en contra desta decisión, que votou en contra deste acto de aplicación, foi propiamente o Goberno de España.

A verdade é que a señora Egerique moito non tiña que dicir sobre a iniciativa que hoxe traemos a debate, porque se dedicou todo o tempo a dicir que o Grupo Parlamentario do PSdeG retirara unha iniciativa que estaba na orde do día da Comisión de Pesca da semana pasada. Señora Egerique, ¿cantas veces retiraron vostedes iniciativas que estaban na orde do día do pleno? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Moitas!, ¡moitas veces! ¡É que precisamente...! Entón, fale coa súa compañeira, que me dicía e estaba a achacarme todo o tempo que retirara unha iniciativa que estaba na orde do día e que, como ben di o seu compañeiro, é algo que fan todos os grupos parlamentarios, e o PP non é diferente.

Mire, señora Egerique, non tiña nada que dicir. Incluso me chegou a dicir: «É que plantexamos un debate conxunto...». Pero, mire, é que os debates conxuntos non os plantexan os deputados do Partido Popular, plantéxanos os presidentes das comisións, e vostede xa di que «plantexamos». E, ademais, menten, menten, porque non plantexaron ningún debate conxunto, ou polo menos a este grupo non lle chegou ese plantexameto. Non, señora Egerique. É que non tiñan nada que dicir, e dedicou, dos dez minutos, oito a falar da retirada da iniciativa da orde do día do PSdeG. *(Aplausos.)*



Mire, a autoemenda que presentamos hoxe é so para incluír un último puntinho. A iniciativa é tal cal; o único que presentamos é para engadir un último puntinho que di que, no suposto do que o regulamento chegue a realizarse, pois nese suposto, no regulamento final se teñan en conta e se gradúen as distintas artes de pesca. O resto da iniciativa é a mesma; é a mesma que levamos reivindicando tanto tempo dende o PSdeG.

Mire, señora Egerique, os compañeiros, ou polo menos os compañeiros en Europa do PSdeG, e o noso eurodeputado, están a facer o mesmo e a manter a mesma liña que estamos a manter dende o PSdeG rexeitando esta medida e traballando para que se reverta esta situación. É que, de feito, eu non sei por que lles doe, pero é que temos que traballar todos xuntos, e está moi ben que hoxe o PSdeG, a través do seu secretario xeral e tamén a través do noso eurodeputado, adquirira o compromiso do comisario de Pesca da Unión Europea de que van elaborar ese documento, ese estudo científico de biomasa mariña dos caladoiros de pesca afectados. Deberíamos de alegrarnos, porque debemos de traballar todos e todas xuntas.

E nós, señora Egerique, sempre apoiamos as iniciativas que trouxo o Partido Popular neste senso, nas que se instaba o Goberno central. Nós o que lle pedimos, a través desta iniciativa, é que a Xunta de Galicia tamén traballe neste sentido, porque nos xogamos moito, porque, como dicía, somos a primeira rexión pesqueira de Europa. Polo tanto, a Xunta de Galicia, xunto co Goberno central, sen dúbida —os dous—, teñen que traballar da man para que a Comisión Europea reverta esta situación. Polo tanto, non entendo...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...—remato, presidenta—que problema teñen para aceptar esta iniciativa que, no fondo, o que lle pide é que a Xunta de Galicia vaia da man co Goberno central para traballar en Europa para reverter esta situación. Ademais, non o entendo, señora Egerique, cando vostede di —e na súa intervención volveuno repetir hoxe— que están de acordo cos plantexamentos do ministro de Pesca.

Polo tanto, señora Egerique, nós imos manter a iniciativa tal e como a temos e imos incluír a palabra «retirar» para que se retire ese documento, tal e como presenta o Bloque Nacionalista Galego.

O outro día tampouco aceptaron a emenda deste grupo parlamentario.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto da orde do día.





**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a recuperación agrogandeira e forestal e contra o despoboamento, así como para a mellora das medidas contra os incendios forestais**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei presentouse tamén unha autoemenda, a que ten o número 40780, do Grupo Parlamentario do Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o punto 5 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:*

*«5. Presentar o Pladiga de conformidade co artigo 48 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes modificado polo Real decreto lei 15/2002, do 1 de agosto.»)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defender a iniciativa ten a palabra, por un tempo de 10 minutos, dona María Del Carmen Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Despois dos momentos trágicos provocados polos incendios este verán, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo, de consecuencias devastadoras e aínda non calculadas, algunhas irreversibles, esta é a primeira vez que podemos, en sesión plenaria, falar do acontecido, unha vez que na deputación permanente celebrada en xullo, a instancias do BNG, se debateu a petición de comparecencia do conselleiro do Medio Rural. Incrivelmente, o grupo maioritario votou en contra de que o conselleiro dese conta a todos os galegos e galegas do que estaba a acontecer, cando os incendios, pola súa magnitude, eran considerados xa os peores do país dende que hai que rexistro, con focos principais nese momento en tres zonas: no Courel —onde se xuntaban cinco lumes—, Valdeorras e Vilariño de Conso.

Ata o 30 de agosto deste ano, á parte dos grandes incendios xa expostos, producíronse outros en Boiro, en Laza, en Lobeira, no Irixo, en Oímbra, en Verín, etc, afectando zonas protexidas como O Courel e parques naturais como o do Invernadoiro, a Serra da Enciña da Lastra e a Baixa Limia-serra do Xurés, supondo unha catástrofe ecolóxica sen precedentes.

Segundo os últimos datos facilitados pola propia Consellería do Medio Rural, arderon máis de 40.000 hectáreas, 44.234, en incendios con superficie maior ás 20.

Foron uns días de pesadume, de dor, para todos os galegos e galegas. Por iso, tanto o PSdeG como o Grupo Parlamentario Socialista nun principio fomos cautos nas nosas declaracións públicas ao entender que o primeiro e máis importante neses momentos era deixar traballar os medios de loita contra os lumes, solicitar máis medios para loitar contra os incendios e axudar a todos os veciños que estaban sendo desaloxados das súas vivendas —que foron



miles—, coa dor que isto significaba e, por suposto, ante a terrible situación para moitos que presenciaban como perdían as súas vivendas.

Segue sendo necesario recoñecer o gran labor de todos os traballadores e traballadoras das diferentes administracións que loitaron contra o lume, traballando en condicións extremas, pondo en perigo as súas propias vidas e, por suposto, tamén facer un agradecemento infinito a todas e todas eles e aos voluntarios e voluntarias que se uniron ao dispositivo contra incendios con medidas de apoio e disuasión, sen esquecer tamén os técnicos e técnicas e axentes medioambientais, que de forma incansable daban o mellor de si mesmos, ata quedar exhaustos, na coordinación e dirección da extinción. (*Aplausos.*)

O presidente da Xunta de Galicia debería dar conta aos galegos e galegas desta gravísima situación na que nos atopamos pola vaga de lumes que está a sufrir o país e explicar as deficiencias da política de prevención e defensa contra os incendios forestais, pero parece que lle importan máis os concertos, como o de C. Tangana. Debería de comparecer, ao igual que o conselleiro do Medio Rural e a conselleira —agochada— de Medio Ambiente, para explicar en sede parlamentaria distintas cuestións, entre outras con canto persoal operativo contaba do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios cando se iniciaron os lumes e tamén debería explicar por que non se mudaron as políticas, a pesar das advertencias sindicais, de organizacións agrarias, de grupos políticos e de grupos ambientalistas. Debería explicar o presidente Rueda por que.

O Grupo Parlamentario Socialista leva anos reclamando un servizo de prevención e loita contra incendios único, profesional estable e equipado, petición compartida por organizacións sindicais e tamén polos expertos. O outro día en comisión esta iniciativa era rechazada polo Grupo do Partido Popular.

Hoxe presentamos esta proposición non de lei, que incide na necesidade de reformular o modelo de prevención e loita contra o lume e que insta a unha serie de puntos —e é moi necesario neste momento que o Partido Popular se enfrente a esta cuestión—:

Pór en marcha un plan de recuperación da actividade agrogandeira e forestal e contra o despoboamento no rural galego —de forma especial, nas zonas de montaña—.

Mellorar a profesionalización, a loita contra a temporalidade e a coordinación de traballadores e traballadoras en medios de loita contra o lume.

Reformular o modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciadas parcialmente co fondo europeo —do que temos falado en sede parlamentaria, tanto nesta sesión plenaria como en comisión—. O conselleiro sempre se nega a esta reformulación.

Levar a cabo os traballos de prevención dos incendios —e isto é moi importante— antes de xuño de cada ano.

Presentar o Pladiga conforme coa Lei 43/2003, de montes, e o artigo 48, en aplicación do novo Real decreto 15/2022. Hai un erro na emenda presentada porque a proposición se fixo antes deste



real decreto. Non é 2002, obviamente, é un erro mecanográfico. É 2022 e solicitamos que se acepte *in voce* esta autoemenda. A proposición foi plantexada, como dicía, antes da modificación.

Tamén pedimos desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación da cidadanía con accións formativas dirixidas ao alumnado galego —especialmente nas zonas rurais—, así como facer un estudo sociolóxico de cada territorio e promover medidas encamiñadas a conciliar intereses e concienciar sobre a importancia da prevención contra o lume, dada a virulencia que se está acadando como consecuencia do cambio climático e a falla de prevención.

Ante o risco de incendios de sexta xeración, desenvolver un estudo profundo cun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia de lumes e as medidas preventivas.

Realizar plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación —isto é sumamente esencial— coa colaboración dos concellos, dos servizos de emerxencias locais e comarcais e da poboación implicada.

Tamén hai que actualizar o dispositivo e que contemple unha óptima organización de medios materiais e humanos nos distritos forestais, o que tanto tempo levan anunciado sen facer caso ao ditame emitido no Parlamento e a esas 123 medidas.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, consecuencia do cal temos máis territorio improdutivo e cunha importante carga de biomasa. Por outra banda, cada día vese como seguen desmantelando, señores e señoras do Partido Popular, novos servizos no rural. ¿Como imos loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal teñen cada vez menos peso na Galicia rural, o que fai que o territorio se estea a transformar nunha bomba de biomasa ante a que, como vostedes saben, os medios de extinción pouco poden facer? A gran debilidadade que ten a nosa foresta é que a silvicultura preventiva é practicamente inexistente e levan moitos anos de goberno nesta comunidade. ¡Que dicir das brigadas municipais, que teñen que facer silvicultura preventiva na época de alto risco de incendios, de xullo a outubro! Disto hai moito que falar. Urxe que replantexen o modelo de gastar case un cento de millóns de euros anuais en medios de extinción sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade o noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica ambiental.

Estanse a producir incendios de sexta xeración, que podemos denominar «convectivos», cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos. Debemos modificar, señoras e señores do Partido Popular, o actual sistema de prevención analizando tamén as zonas particularmente abandonadas, principalmente nas provincias de Ourense e Lugo. Necesitamos avanzar na profesionalización do sector, cuns traballos de alto risco nos que en moitos casos non se garanten unhas condicións salariais axeitadas. As brigadas helitransportadas —diciámolo o outro día na comisión—, teñen 1.000 euros de salario men-



sual. E levaremos ese tema á próxima comisión pola importancia que ten ao respecto as condicións salariais deste persoal. Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación, menor eficacia e maior falta de profesionalización duns traballos nos que o perigo e o risco son unha constante da que estamos a ser testigos este ano.

Por todo o exposto, instámoslos para que aproben esta proposición non de lei. Xa o presidente —en declaración aos medios de comunicación, que non a este Parlamento— dicía: «Rueda recoñece erros na política da Xunta contra os incendios». ¿Que van facer ante esta declaración de intencións? Aproben esta iniciativa. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona María González Albert.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Obrigada, señora presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Foron 11.100 hectáreas queimadas no Courel, 10.940 hectáreas queimadas en Valdeorras, 7.000 hectáreas queimadas no Invernadeiro, 3.600 hectáreas queimadas no concello de Oímbra, 2.200 ardidadas no Barbanza, 2.100 hectáreas ardidadas en Laza, máis de 1.800 persoas desprazadas das súas casas, 130 casas e edificacións —e mesmo algún núcleo de poboación— pasto das lapas nos incendios de xullo, máis de 250.000 animais silvestres e domésticos que pereceron co lume. ¿Que máis ten que pasar? ¿Que ten que pasar neste país para que o Partido Popular tome en serio o problema dos lumes? *(Aplausos.)* ¿Que máis ten que pasar para que tomen medidas estruturais e afronten dunha vez por todas un cambio de modelo?

Este foi o peor verán nos últimos quince anos. Aínda máis, este verán vivimos os peores incendios da historia de Galiza. E eu preguntome que tería acontecido se, en lugar de ter ardidado o interior de Ourense e de Lugo —zonas absolutamente despoboadas—, ardese esta cantidade de territorio na contorna das cidades de Galiza. Ardeu a serra da Enciña da Lastra, ardeu O Invernadeiro, ardeu O Courel, ardeu O Xurés. Estamos a falar da Rede Natura, estamos a falar de parques naturais, dos nosos pulmóns ambientais, da nosa biodiversidade. Ardeu Carballeda de Valdeorras, ardeu O Barco de Valdeorras, Rubiá, A Pobra do Brollón, Folgoso do Courel, Quiroga, Vilariño de Conso, Palas de Rei, Oímbra, Boiro, Laza, O Irixo, Verín, Caldas de Reis, Arbo... Podíamos seguir así.

Houbo persoas que perderon as súas casas —en Alixo, na Veiga de Cascallá, en Robledo de Domiz—. As veciñas e veciños de Vilamor, de Seceda, de Saa, de Pradoalbar, de Riodolas, de Carballal, do Busto, Candeleda, San Cibrao, Rabal, Nocado..., e tamén podíamos seguir con Parada dos Montes, Videferre, Santigoso, Outeiro e máis e máis, son dos que máis sufriron os lumes. E sufríronos con impotencia e con rabia, ¡con impotencia e con rabia!, con veciños e veciñas tentando coa forza da vontade, co único que tiñan, salvar o que era insalvável nese momento, loitando contra lumes convectivos que arrasaban con todo ao seu paso, que arra-



saban con todo, ante a ausencia de persoal do servizo e nunhas condicións imposíbeis, ¡nunhas condicións imposíbeis! E non é triste, non se trata de dicir «¡que pena!» e tirar para adiante ata as seguintes subvencións sen que nada mude. Isto non pode seguir así, ¡non pode seguir así!

Non é asumíbel que vostedes dean por estabilizado un incendio un sábado con 1.100 hectáreas ardidadas para que se descontrole o domingo ata se converter no segundo maior incendio da historia deste país, cunha superficie ardidada que multiplicaba por dez, ¡por dez!, esa primeira cifra. E é que estaban alertados, sabían que podía pasar. Falámolo neste hemicycleo hai só tres meses. Falamos das deficiencias do plan de prevención, da situación de precariedade na que se atopaba o Servizo de Defensa e Prevención contra Incendios Forestais, da nosa preocupación ante o que nos viña encima. Falámolo aquí. Falamos dun verán que se prevía —e así foi— como o máis cálido da historia, despois dunha seca prolongada no inverno, dunha seca que continuou na primavera e cunha cantidade de combustíbel nos montes que podía converter medio país nun polvorín, como así aconteceu.

¿E que fixeron vostedes? Aplicaron a máxima do Partido Popular: propaganda para ocultar as negligencias na prevención, propaganda para ocultar a mala xestión no servizo e propaganda para non explicar o escándalo do que aconteceu coas brigadas municipais este verán —e teremos que falar en profundidade desta cuestión—. ¡Propaganda, propaganda e máis propaganda para dar como resultado 43.000 hectáreas ardidadas!, ¡43.000! E o conselleiro, desaparecido desta Cámara, porque aínda non deu explicacións nesta Cámara.

Por non cumprir, non cumpren nin co seu propio plan forestal, non cumpren coas recomendacións do ditame da Comisión de Incendios de 2017. Aqueles incendios si que levaron a unha comisión. Nestes non se está a falar desta cuestión. Non cumpren tampouco co seu propio Pladiga, do que nin sequera fan unha revisión de resultados ano tras ano. E iso que o presentan en xuño.

E imos falar agora de territorio, porque mentres fan política de escaparate, política de propaganda, continúan coa súa política de abandono do territorio. E aí está a base do problema. Levaron a cabo de forma consciente un abandono absoluto do interior deste país. Renunciaron a estruturar Galiza e converteron a provincia de Ourense e o sur de Lugo en terra de sacrificio e de despoboamento crónicos.

Estamos a falar dun rural que nos últimos anos apenas tivo investimentos públicos en materias como a recuperación de poboación, actividades no medio rural, implantación de industria da transformación agraria, melloras ambientais, control da biodiversidade. Son anos de abandono que, desde logo, non se poden solucionar —é evidente— da noite para a mañá. Pero antes de nada precisamos ese cambio de modelo. Isto ten que ser un punto de inflexión. Precisamos un cambio de modelo forestal pero, máis aló, un novo modelo de artellamento do país. Non se pode abandonar o interior de Galiza á súa sorte. Isto non pode ser unha decisión política. *(Aplausos.)*

E imos falar do servizo tamén. O primeiro que tamén queremos facer desde o Bloque Nacionalista Galego é agradecer aos traballadores e ás traballadoras do servizo o seu traballo, o



esforzo a uns profesionais e a unhas profesionais que traballan nunhas condicións precarias, que fan o mellor que poden, dan o mellor de si a pesar de ser un servizo atomizado, precarizado, sen a formación suficiente para os incendios de sexta xeración —que xa están aquí, xa non van vir porque xa os temos aquí—. Son profesionais que se enfrontaron como puideron —repito— a lumes que arrasaban todo o que atopaban ao seu paso, lumes cambiantes, agresivos, que atacaban ao tempo varios núcleos de poboación, que tiveron que dar a cara como podían á frustración e ao enfado naturais das persoas que querían salvar as súas poboacións da desaparición. Porque houbo momentos —dígoallo de verdade— moi duros para os profesionais, ¡moi duros!, con xente que estaba perdendo as súas casas e que as únicas persoas que tiñan enfronte para protestar eran os traballadores e as traballadoras do servizo. Vivíronse uns momentos moi complicados.

Hai 1.415 persoas, segundo o Pladiga, que son as únicas que a Xunta ten destinadas os doce meses do ano ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Isto no papel, porque eu pregunto: ¿cantas prazas estaban sen cubrir este verán?, ¿cantas brigadas estaban incompletas?, ¿cantas non podían incorporarse ao servizo porque vostedes non cobren nin as baixas nin as vacacións? E é un problema estrutural, témolo falado. É un problema estrutural tanto a falta de persoal como a lentitude na cobertura das vacantes, que leva todo o verán provocando situacións moi complicadas. Houbo brigadas de seis compoñentes que se incorporaban ao servizo con tres, con dúas e ata unha persoa; brigadas que non estaban operativas por falta de bombeiro condutor ou xefe de brigada. E avisárono tamén os propios traballadores do servizo. Bombeiros forestais de brigadas, seis e nove meses antes do inicio da campaña —e tamén agora, esta mesma semana pasada— avisaron desta situación. Reclamaron o que é de lei, reclamaron contratos de doce meses, estábeis, profesionalizados, para poder facer labores de prevención todo o ano. E ata tres veces votou o Partido Popular á contra no último ano.

Quero falar tamén un pouquiño das brigadas municipais, brigadas que se negan a reformular unha vez, outra vez e outra vez. O Pladiga de 2022 inclúe no seu cadro de persoal —previsto para esta temporada de alto risco— 1.300 persoas derivadas deste convenio. Representan o 23 %, case un cuarto do total do dispositivo, un cuarto do total do dispositivo que non estaba incorporado ao servizo nos lumes de xullo. Algunha explicación terán que dar do que aconteceu con estas brigadas. Porque a previsión do Pladiga é que se incorporen co inicio da temporada de alto risco. E isto xa é absolutamente demencial cando o seu labor fundamental é a prevención —cando menos no papel—.

Como digo, este ano, nos lumes de mediados de xuño, estas brigadas non estaban incorporadas. E nos de finais de xullo moitas brigadas seguían sen estar incorporadas. A 14 de xuño, no pleno no que debatemos esta cuestión aquí, a Xunta non enviara estes convenios aos concellos, non os enviara. Houbo convenios que se asinaron en xullo, despois vén todo o proceso de selección de persoal e demais, ¿non? Isto deixa máis en evidencia que a función principal que teñen estas brigadas non é loitar contra os lumes senón cubrir a rede de clientelismo do Partido Popular. (*Aplausos.*) E —dicímolo sempre— o recoñecemento ao persoal faise con recursos, con profesionalización, con formación. (*Aplausos.*) ¿Como se enfrontan a lumes de sexta xeración? Enfróntanse cun persoal precarizado de distinta procedencia, con mala formación, con condicións laborais precarias, con distintos salarios. Non podemos permitir que



ao risco de loitar contra os lumes se engada o risco da precariedade e a falta de medios —insisto—. E desde o BNG reclamamos e reclamaremos as veces que faga falta un servizo de prevención e extinción cen por cento profesionalizado e público, con mando único e operativo os trescentos sesenta e cinco días do ano.

Hai que acabar coas escusas, hai que deixar de buscar culpábeis e hai que deixar, sobre todo, de abandonar o medio rural, de ter o territorio literalmente a monte, sen ordenar, sen limpar, cunha política forestal absolutamente fracasada —que se demostra ano tras ano na temporada de lumes—. O abandono e o despoboamento son combustíbel para os lumes, non podemos ter a maior parte de Galiza convertida nun polvorín. ¿Cantos *Prestige* máis pode aguantar o interior do noso país?, ¿cantos *Prestige* máis?

E repito o que sempre dicimos tamén: ¿vanse producir incendios? Si, provocados e naturais. ¿Van ter as mesmas consecuencias uns incendios nun territorio ordenado que nun abandonado? En ningún caso, non van ter as mesmas consecuencias. E esa, señores e señoras do Partido Popular, é a súa responsabilidade ante o que aconteceu este verán. Esa é a súa responsabilidade.

Ante o abandono e o despoboamento, súmase, si, o cambio climático, que provoca estes lumes de nova xeración cada vez máis voraces, cada vez máis difíciles de apagar. E teremos unha combinación letal para o noso territorio, unha combinación que destrúe o noso medio ambiente e pon en risco infraestruturas e a seguridade das persoas. Non podemos perder máis tempo, hai que actuar, hai que facelo xa porque os incendios son un problema de primeira magnitude, sobre todo no interior do noso país. Sabemos cal é o camiño. Hai que coirdar o territorio, mantelo ordenado, limpo e produtivo. Hai que poñelo a producir.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora González.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Remato xa, señora presidenta.

Hai que apostar por un monte multifuncional, recuperar e mobilizar a terra agraria abandonada e poñela á disposición dos produtores, xestionar o territorio con gandería, agricultura e silvicultura.

E nós matizaríamos varios dos puntos do acordo, intentaríamos que foran un pouco máis ambiciosos moitos deles, pero compartimos absolutamente a visión xeral que aquí se propón: cambio de modelo, profesionalización do servizo, etc. Polo tanto, imos votar a favor porque todo se resume nun único punto: fagan vostedes na práctica o que non se cansan de vender con propaganda.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Ten a palabra agora, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don José Antonio Armada Pérez.



**O señor ARMADA PÉREZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que, despois de escoitar as portavoces, volvemos outra vez escoitar as mesmas cousas que nos cansamos de repetir nas comisións unha e outra vez. Desgraciadamente atopámonos con que non hai nada novo, e a posibilidade de que se poida traer algo construtivo e interesante para o noso rural queda, unha vez máis, esmorecida. A verdade é que esta proposición non de lei eu penso que ía sobre o que é traballar sobre a prevención e sobre o servizo de extinción. Pero estivemos falando da realidade que desgraciadamente tivemos durante este verán: máis de 1.600 lumes, que a verdade é que falan dunha situación bastante difícil, complicada e moi complexa.

Dende logo, podemos dicir que contamos cun servizo de extinción de incendios á altura e cunhas circunstancias climatolóxicas fóra de toda normalidade. E non fai falta que llelo diga este portavoz senón que calquera experto que teña un pouco de idea sobre o asunto lles pode dicir que se comportaron como o que son, o mellor servizo de extinción de incendios de España. *(Aplausos.)*

E digo isto porque todas as propostas de resolución que se presentan nesta proposición non de lei, na que falan de distintas cousas, son cousas que se veñen executando e se contemplan no proceder do Goberno galego. E por iso cando emitimos o noso voto o motivamos, e por iso lles pido tamén —neste caso aos voceiros— que sexan máis ambiciosos nos seus plan-texamentos. Moitos aspectos aos que se refiren non son novos nin para vostedes nin para min, pero —insisto— non cansarei de repetilos porque a impresión que dan é a de que ou ben non escoitan ou, mellor dito, non lles gusta escoitar o que dicimos. E todo isto tradúcese nuns feitos que a continuación relatarei, tendo en conta que esta liña de actuación que ten a Consellería do Medio Rural no eido da prevención ten un número e un nome, que é a Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Aí teñen unha das principais ferramentas para a prevención de incendios forestais, xa que o que se busca é a recuperación desas terras agrarias de Galicia para uso agrícola, gandeiro e forestal, baixo os principios de sustentabilidade social e ambiental, e a creación de actividade económica no medio rural, factor fundamental á hora de combater o reto demográfico.

A gran maioría destes plans e programas que pon a Consellería dende logo que xiran arredor de todos estes polos. E entendemos que estes mecanismos hoxe en día xa son realidades que están dando resultados obxectivos e teñen un nome: polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta, así como o das sociedades de fomento forestal. E diso poden dar testemuño moitos alcaldes de diferentes signos políticos.

Tamén me gustaría subliñar o que dicía vostede da aplicación do Pladiga, e sobre todo da aplicación do artigo 14 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Falan vostedes de que se ten que presentar. Non, non, mire, o Pladiga o que ten que facer é actualizarse naqueles aspectos que sofren variacións incorporadas e aprobadas polo Consello da Xunta. Nos últimos catro anos foron aprobadas estas actualizacións os días 2, 22 e 26 de maio e 2 de xuño, datas que non están moi lonxe das que vostede propón na súa resolución e que, dende logo, son moi previas ao inicio da temporada de alto risco.





Tamén cabe destacar que hai que falar dunha planificación preventiva contra os incendios forestais e que esta debe caracterizarse por un dinamismo polo que deberá ser deseñada anualmente atendendo a índices de risco obtidos a partir de datos meteorolóxicos, factores sociolóxicos e aos usos do territorio e composición da vexetación, con distintas actuacións que se poden realizar —tanto as dirixidas á poboación como as enfocadas sobre o territorio— durante todo o ano. Ademais, loxicamente, tamén podemos falar de que hai planificación que van máis alá do ano, nas que se establecen prioridades e marcos temporais para o mantemento destas infraestruturas preventivas.

Está claro que isto que aconteceu neste ano foi e é obxecto de estudo. E no día de hoxe a Administración está procesando milleiros de datos obxectivos —numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos— do que puido ter acontecido de non actuar e do que facer para que non volva acontecer; ou de como, de ser imposible, minimizar o efecto destes grandes incendios forestais. Para iso empréganse medidas de todo tipo —legais, de planificación ou de execución— para levar a curto e medio prazo todos estes obxectivos.

Falando do servizo de extinción de incendios, tamén nós lles reiteramos —e esta xa vai ser a terceira ou a cuarta vez que o digo— que buscamos a profesionalización do servizo de extinción de incendios. Iso pódese recoller no *Diario de Sesións* e tamén nos diarios das diferentes comisións nas que estivemos a falar do servizo público de extinción de incendios. Hai que poñer en valor o longo camiño que se leva percorrido nos últimos anos. Isto falámolo con feitos. E hai que subliñar tres fitos fundamentais, que son a consideración dos bombeiros e bombeiras forestais, a creación de prazas de persoal laboral e o paso do persoal fixo descontinuo de tres a seis meses.

E, por suposto, tamén hai que falar dun plan de formación do persoal dedicado á loita contra os incendios forestais. Para nós é fundamental. É máis, direilles que no ano 2021 se aprobou un plan específico, consultadas previamente as organizacións sindicais. Si, falamos con elas e dende logo que acordamos con elas a totalidade dos plans de formación para o persoal. E neste eido, do ano 2019 ao 2022, impartíronse 90 cursos que dan testemuño diso —máis de 20 ao ano con máis de 190.000 horas e cun orzamento que superou o millón de euros—. E todo isto tendo en conta a paralización que supuxo a pandemia durante o bienio 2020–2021. É unha aposta que fai a Consellería do Medio Rural e que é indiscutible.

E non soamente queda nisto, senón que tamén as invitei —e vólvoas invitar— a visitar Toén para que vaian vostedes ver ese centro de formación onde nós esperamos ter os mellores profesionais formados. Ese centro empeza a ser xa unha realidade. Testemuño diso dano moitos membros do servizo público de extinción de incendios que xa estiveron a realizar cursos nel.

Tamén, por suposto, hai que realizar unha optimización dos medios e dos recursos. Falareilles tamén de que é unha realidade que se melloraron os equipamentos do servizo, tanto os equipamentos de prevención como de extinción, así como a mellora e substitución de diferentes vehículos e motobombas. A optimización de recursos é obxecto continuo desta consellería, así como a adaptación á realidade dos incendios forestais, que é totalmente diferente



á de hai dez ou vinte anos. E iso pasa tanto en Galicia coma no resto do Estado. A implicación este ano do sistema estrutural do mando operativo —unha novidade— nace como unha das medidas de adaptación a este tipo de incendios de gran complexidade, que conta coa participación de numerosos equipos e unidades de intervención e que cómpre organizar de xeito óptimo desde un punto de vista da seguridade e da eficacia do persoal.

Por suposto que estamos de acordo con que hai que reformular tamén esas brigadas municipais, pero imos facer esa reformulación das brigadas municipais de acordo co que se nos indique tamén por parte dos expertos. Cabe sinalar que durante o ano 2021 se asinaron convenios con 261 entidades locais —non creo que foran todas do PP—. Rematada a súa vixencia, elaborouse un novo convenio para o ano 2022. E hai que sinalar —que ao mellor isto o deixaron pasar— que se mellorou nun 10 %. O que subiu foi o seu financiamento, e pasouse de 130 por hectárea, por exemplo, nos labores de desbroce e de prevención, a 250 euros por hectárea. Para este ano 2023, en consonancia coa próxima aprobación da nova Lei integral contra os incendios forestais —que invitamos a que fagan as súas aportacións e participen activamente nela— e tamén coas indicacións do grupo de expertos, reformularanse os convenios analizando, entre outros aspectos, a posibilidade de participación de todas as administracións implicadas ou a prolongación do período de operatividade das brigadas —para reforzar deste xeito e de forma considerable a súa participación na realización de tarefas preventivas—.

E, xa que falamos de administracións locais, non me quero esquecer de que os invito a que sigan insistindo coas deputacións —como seguro que o están facendo— da Coruña, de Lugo e de Pontevedra para que asinen os convenios coa Xunta de Galicia para dotar os concellos de medios, para poder ter medios mecanizados para a extinción e, sobre todo, para a prevención de incendios. Si, son cousas que non gusta escoitar, pero, evidentemente, cando se poñen estes medios e por partidismo non se quere dispor deles, non é que sufran as administracións, estano a sufrir os veciños.

Falaban tamén de plans de educación ambiental. Pois diso teremos que dicir que a Concellería do Medio Rural ten participado nos últimos anos en iniciativas de educación e concienciación. E, por outra banda, están as charlas divulgativas e actividades formativas feitas polo persoal dos distritos forestais en centros educativos, que no ano 2018 e 2019 roldaban as 350 charlas anuais —que chegaron a unha media de 20.000 alumnos e alumnas—. É certo que o bienio da pandemia supuxo un parón por razóns obvias neste tipo de actividades, pero que se retomaron nos seguintes cursos lectivos. Pero, como exemplo, no ano 2022 impartíronse preto de 40 actividades dirixidas á poboación das parroquias de alta actividade incendiaria antes da época estival, co obxectivo de formar e concienciar a poboación das áreas rurais para que aprendan a autoprotexerse, e de implicala na prevención, na colaboración cos efectivos antiincendios e para que axude a dar causas e causantes dos lumes.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Armada.

**O señor ARMADA PÉREZ:** Polo tanto, en moitas das propostas que fai nesta proposición non de lei, como pode ver, xa se está a traballar. E por suposto que xa lle fun dando tamén trazos de por onde vai a nosa política forestal —sobre todo, dende o punto de vista da prevención



e da extinción—. Aínda que iso se poderá desenrolar —como ben dicía— nas vindeiras comisións, ou incluso en asuntos que traíamos aquí ao Pleno.

Nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Armada.

Remata a autora da proposición non de lei, dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

¡Papelón! ¡Papelón, señor Armada! Claro que hoxe quen tiña que estar dando explicacións sería —reitéroo— o presidente e o conselleiro de Medio Rural. (*Aplausos.*) Pero, claro, ten que facelo vostede e dar a cara en cousas que seguramente —eu estou segura— non cre.

Dicía vostede que dicimos as mesmas cousas. É que, claro, este grupo parlamentario, como digo, leva anos solicitando a reformulación do modelo de prevención e extinción contra os incendios forestais e vostedes non fan nin caso. Entón, claro, temos que repetir ás veces as mesmas cousas.

Felicita os servizos de extinción, os traballadores e traballadoras. Xa lle dixen o outro día que as felicitacións están ben, por suposto, pero as felicitacións vense nas condicións laborais que teñen que soportar eses traballadores, que traballan seis meses en condicións precarias. As brigadas dos concellos traballan cobrando unhas cantidades moi pequenas —como as brigadas helitransportadas, etc.—.

Fala de que non facemos propostas. Nesta iniciativa hai nove propostas. Fai un inciso sobre o Pladiga, sobre a lei. Pois parece que non leu o Real decreto 15/2022, porque di que se fará un plan de acordo coas directrices que emanen do acordo entre as comunidades autónomas e o Estado, co cal hai que elaborar un Pladiga igual, distinto ao que se está a facer agora.

Di que van reformular o modelo de brigadas municipais. Pero é que ¡canto tempo levamos insistindo neste tema! Son para labores de prevención segundo os fondos europeos, pero resulta que teñen que ir aos incendios. Entón, ¿como poden desbrozar as hectáreas que din vostedes que teñen que desbrozar e despois aínda encima lles descuentan eses cartos aos concellos? (*Aplausos.*)

E, mire, ademais falaba dos concellos e dicía que, claro, que non só eran do Partido Popular. Pero, mire: «As brigadas de incendios redúcense na comarca de Monterrei no verán». E falamos de concellos do propio Partido Popular, falamos de Riós, de Laza... De Oímbra dise: «Este ano sacáronse as bases de contratación para unha brigada, mentres que o pasado foron dúas». Din que polas dificultades na contratación. De Monterrei e Cualedro —¿sabe que son do Partido Popular?— dise: «Encontraron dificultades para decidir sumarse ao convenio de incendios».



E tampouco falou das deficiencias na xestión da dirección xeral. Porque estabamos en abril preguntándolle ao conselleiro o que ía facer con estas brigadas e resulta que os concellos non sabían nada, pero é que ata xuño non souberon nada e tiñan que constituírse en xullo. Algunhas tiveron que pedir unha prorroga ata agosto. Vostede sábeo moi ben porque foi al calde e seguro que padeceu esa problemática.

Mire, imos recordarlle unhas declaracións do señor Feijóo do 6 de setembro do ano 2006, cando foi a vaga de lumes: «*Fue el pueblo el que venció al fuego y suplió la impotencia del Gobierno*» —*el líder del PP no dio respiro al presidente de la Xunta, Emilio Pérez Touriño, al analizar su gestión en la oleada que sufrió Galicia en la primera quincena de agosto*—. Decía Feijóo, o presidente do seu partido: «*Aquí hubo improvisación, descontrol, incompetencia y soberbia*». «*Frente a la labor del ejecutivo gallego, Feijóo contrapuso la determinación de los ciudadanos*». E decía: «*Fue el pueblo el que venció a los criminales y suplió la incompetencia del gobierno*» —*para el presidente del PPdeG —naquel momento— el listón de la incompetencia queda tan claro que, si no dimite nadie en esta crisis, daría miedo imaginar qué tipo de catástrofe haría posible un cese de un miembro del gobierno—*». ¿Vanse aplicar vostedes as palabras do seu xefe de filas?

O Bipartito tomaba posesión en xuño do ano 2005 e foi no verán do ano 2006, sen tempo a mudar as políticas. Vostedes levan rexendo Galicia a maior parte dos anos dende que esta comunidade autónoma está constituída, e non reformulan o modelo nin cumpren o ditame e as 123 medidas que se votaron neste Parlamento, que se votaron polo Partido Popular e, por responsabilidade, polo Partido Socialista de Galicia. Si, e seino porque levo iniciativas a comisión que vostedes, o grupo, votan en contra, votan en contra do propio ditame, como á elaboración dos plans de ordenación de recursos forestais. ¡Como imos ter unha prevención axeitada se non temos eses plans de ordenación realizados!

A ordenación do territorio non lles importa. E a ordenación do territorio ten que ver coa prevención de lumes. Pero a vostedes o que lles importa é gastar 109 millóns en extinción —da Dirección Xeral de Defensa do Monte— e 31 en prevención. Iso é o que lles importa. Non sabemos por que esa aposta, cando sabemos —e vostede sabe— que con estes incendios de sexta xeración —que, como dicía a compañeira María Albert, xa están aquí— iso non funciona e temos que ir indo paso por paso. Non digo que sexa dun día para outro.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Si.

Esta reformulación ten que levarse a cabo. E que vostede vote en contra desta iniciativa xa di o que van facer. O ano que vén seguiremos falando. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, no punto 4, coa seguinte proposición non de lei.



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para garantir a viabilidade e a competitividade da industria electrointensiva**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 40.787, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a número 40.790, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39651):*

*Emenda de adición*

*No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine a seguinte expresión: “... incluído España.”)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonzo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39651):*

*Emenda de substitución*

*Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:*

*1. Demandar do goberno do Estado:*

*1.1. A implantación dunha Tarifa Eléctrica Galega mediante a eliminación do pagamento da peaxe de transporte e aplicando unha redución do 10% da tarifa mensual a quen teña o seu domicilio en Galiza, tendo en conta o carácter produtor e exportador de enerxía que ten o noso país.*

*1.2. Limpar a factura dos cargos sen relación directa co funcionamento do sistema (fomento das enerxías renovábeis, custos extrapeninsulares, déficit de tarifa, etc.), así como os derivados da chamada “excepción ibérica” recollidos no Real decreto lei 10/2022, de 13 de maio, que deberán ser asumidos polos Orzamentos Xerais do Estado.*

*1.3. A eliminación do mercado marxinalista, pasando a retribuírse a electricidade xerada segundo os custos recoñecidos a queda tecnoloxía nunha auditoría realizada pola CNMC, e coa intervención de Red Eléctrica para determinar que tecnoloxías funcionan en cada momento.*

*2. Crear unha Empresa Pública Galega de Electricidade.*

*3. Reverter as instalacións hidroeléctricas ao sector público, destinando os beneficios da produción a abaratar o custo da electricidade.*



4. *Exixir compromisos industriais, de emprego e de participación pública para as empresas que opten á concesión de instalacións de produción de enerxía renovábel.*

5. *Crear, e pór en funcionamento, en Galiza (As Pontes) o Centro para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía.*

6. *Promover a constitución dunha mesa entre a Xunta e o goberno estatal por unha banda, e a industria electrointensiva e os sindicatos máis representativos da Galiza por outra, que monitorice a situación deste sector, e garanta que a industria electrointensiva instalada na Galiza conte como mínimo co mesmo nivel de interlocución, axudas, e grao de participación no anunciado PERTE para descarbonización da industria electrointensiva que poida ter a empresa ARCELORMITTAL neste mecanismo ou en calquera outro mecanismo ou liña de axudas que se impulsen para este sector.”)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defender esta iniciativa ten a palabra, por dez minutos, dona Marta Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

A crise enerxética que vive España, motivada fundamentalmente pola incongruencia do goberno de Pedro Sánchez —que está a adoptar decisións improvisadas—, resulta xa inasumible. O prezo medio da enerxía no mes de agosto —de 307,8 euros o megavatio/hora— bateu xa todos os récords, e é probable que aínda este dato sexa superado.

O certo é que, cando o prezo da luz se aproximaba aos 50 euros por megavatio/hora e subía un 13 %, todos escoitabamos falar neste Parlamento por parte da bancada da oposición sobre pobreza enerxética, posible deslocalización de empresas e que incluso morría xente debido ao altísimo prezo da luz. Insisto, señorías: ¡47 euros o megavatio/hora! E hoxe, co prezo da luz en moitos momentos do día, a esta hora, a esta hora da tarde, a case 500 euros o megavatio/hora, con subas do 500 %, cunha inflación do 10,5 %, as señorías da oposición ao completo están caladiños e aplaudindo un goberno central que legisla en materia enerxética a modo de improvisación, baixo real decreto e sen ningún tipo de planificación.

Pero xa está Pedro Sánchez, o presidente do Goberno, para tranquilizar a toda a poboación dicindo que non haberá cortes de subministración de luz este inverno. Pero, iso si, ao mesmo tempo sinala que vai ser un inverno duro, toda unha profecía, señorías, que agardamos que —non como ocorreu noutras ocasións— esta vez non se cumpra. Non sexa, señorías, que, ademais de pagar a luz máis cara da historia, poidamos quedar sen ela.

Pero hoxe toca falar da complicada situación que o sector industrial con alto consumo de electricidade está a atravesar, porque leva moito máis tempo sufrindo os elevados prezos da enerxía en España. Ao igual que con tantas outras malas decisións do señor Sánchez no ámbito da enerxía, a decisión de cortar as axudas a través do mecanismo de interompibilidade provocou que empresas como Alcoa ou Ferroglobe anunciasen o seu peche ou a súa parada de produción.



E é que vou facer un pouquiño de memoria, señorías da oposición. Vostedes chegaron ao Goberno nun ano, o ano 2018, no que estaba convocada unha poxa de interrompibilidade para a metade do ano. E mentres se instalaron na Moncloa non convocaron a seguinte. As axudas por este servizo de interrompibilidade ao que accedían empresas moi consumidoras de enerxía para compensar a súa factura, que supón a metade dos seus custos de produción, eran cando o Partido Popular gobernaba en Madrid de 500 millóns de euros. Cando chegaron vostedes, fóronas reducindo ano a ano. Primeiro reducíronas á metade, logo á metade da metade, e chegaron aos 50 millóns de euros escasos para o ano 2020, ata que suprimiron o servizo e abandonaron así as empresas con alto consumo de enerxía; empresas dos sectores metalúrxico, químico, siderúrxico ou de gases industriais, empresas, señorías, que dan emprego en España a máis de 186.000 persoas, e a máis de 5.000 en Galicia.

A crónica en materia industrial, señorías do Partido Socialista, é unha crónica negra, moi negra. Aí está o anuncio de peche de Alcoa-A Coruña en outubro do ano 2018 e o anuncio de peche de Alcoa-San Cibrao en maio de 2020. E todos sabemos —vostedes debatérono tamén en numerosas ocasións— como está a situación actual das dúas empresas. Alcoa-San Cibrao está coa produción de aluminio primario parada ata 2024. Por certo, señores do Partido Socialista, recórdenllo á ministra Maroto, que parece ser que se olvidou, que se olvidou disto e tamén da situación que están a vivir os traballadores de Alcoa —traballadores, por certo, que levan sufrindo moito tempo e levan traballando moito, moito, con moi bo talante, por manter a produción na súa empresa—. Iso si, todo o contrario é o que leva feito o Goberno do Estado, que tardou dous anos en aprobar un estatuto para a industria electrointensiva e, cando o fixo, resultou totalmente insuficiente, pois rebaixaba a luz a esta industria tan só uns céntimos. É máis, no mes de xullo deste ano 2022 o Goberno do Estado sacou á consulta pública a modificación deste estatuto, que segue sen solucionar o problema dos altos prezos na industria altamente consumidora de enerxía, que supón entre o 30 % e o 50 % dos seus custos de produción. E á grave situación que atravesaba Alcoa hai que engadir tamén a parada de produción motivada tamén polo prezo da enerxía doutras empresas en Galicia, como son Megasa ou Ferroglobe.

Conclusión, señorías, esta é a crónica —insisto, moi escura— da situación á que o goberno do señor Sánchez ten sometida a industria altamente consumidora de enerxía en Galicia e no resto de España. Dende que chegou ao Goberno, alá polo ano 2018, máis de catro anos, ¡catro anos!, de sufrimento —e desde moito antes da invasión de Rusia en Ucraína, moito antes, señorías—.

A realidade é que o executivo central continúa a ser incapaz de adoptar un paquete de medidas que realmente permitan á industria española contar cun prezo eléctrico competitivo e estable. Como dicía, todo se basea en improvisacións. E o prezo do megavatio/hora no barómetro publicado no día de hoxe, señorías, é de 259,5 euros en España, fronte a 154,14 euros por megavatio/hora en Francia. Isto significa un 68,35 % máis cara a enerxía para estes consumidores hiperelectrointensivos. En España é un 68,35 % máis cara que en Francia. Estes son os datos, señorías do Partido Socialista.

Isto supón un grave risco de deslocalización destas empresas. E máis, se cabe, pola falta de novas sobre o PERTE para a descarbonización da industria electrointensiva, anunciado no mes de febreiro e do que non sabemos nada de nada. E tamén pola falta de mecanismos para poder establecer contratos bilaterais que poidan abaratar o prezo enerxético, así como de



calquera outra iniciativa para que estas empresas poidan competir en igualdade de condicións con outros territorios europeos.

Señorías, suprimiron o mecanismo de interrompibilidade cando chegaron ao Goberno —insisto, hai catro anos— sen ter unha alternativa. Este sistema estaba e segue en vigor en países do noso entorno e que son exemplos para vostedes, como son Alemaña, Francia, Italia e mesmo Portugal. E agora, hai sete días, anuncian que o van volver implantar. Benvidos, señorías, a outra rectificación e á implantación doutra medida demandada ata a sociedade polo Partido Popular, pola Xunta de Galicia e tamén por este Parlamento —pois aprobámolo en varias ocasións—.

A falta de interese coa que está actuando o Goberno de España contrasta coa recente autorización pola Comisión Europea dos plans de axudas presentados por outros Estados membros da Unión —como son Alemaña, Holanda ou Finlandia— en favor de empresas de gran consumo enerxético, e, por suposto, ao abeiro das directrices europeas. Neste senso, gustaríame destacar que Alemaña ten autorizados 27.500 millóns de euros para o período 2021-2030 co fin de compensar o 75 % dos custos indirectos de emisión en que se incorrese en favor de empresas en sectores con risco de fuga de carbono. Incluso nalgúns casos pode ser maior co fin de limitar os custos restantes de emisións indirectas en que se incorrese ata o 1,5 % do valor engadido bruto da compañía. Esta axuda súmase á aprobada en xullo por 5.000 millóns de euros ao abeiro do marco temporal da crise, polo que esa axuda global para os grandes consumidores de enerxía que sufran perdas de explotación en Alemaña podería chegar ata o 50 % dos custos subvencionables, e incluso ata o 70 % para aqueles que operen en sectores ou subsectores especialmente afectados pola situación da economía tras a agresión contra Ucraína por parte de Rusia.

Así mesmo, a Comisión Europea tamén lle autorizou a Francia unha subvención similar aberta a empresas electrointensivas en diferentes sectores. Isto, señorías, son exemplos implantados noutros países que apostaron pola industria. E a vostedes, señorías do Partido Socialista, que son tanto de copiar medidas doutros, recoméndolles que copien algunha. (*Fortes murmurios.*) E insisto —insisto, señora Otero—, insten os seus xefes de Madrid a que fagan caso aos acordos deste Parlamento, que en máis de catro ocasións leva reclamado iniciativas e axudas para este tipo de industria, para a industria electrointensiva.

E por iso hoxe o Grupo Parlamentario Popular trae esta iniciativa que di que o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno de España, en primeiro lugar, un diálogo aberto coas comunidades autónomas para identificar as medidas necesarias co obxecto de permitir a viabilidade da industria electrointensiva tomando como exemplo os plans autorizados pola Comisión Europea a outros Estados membros; en segundo lugar, avanzar na tramitación do PERTE anunciado para a descarbonización da industria electrointensiva —concretando os prazos e os programas para impulsar no marco dunha cogobernanza real e efectiva—; e, en terceiro lugar, explorar o deseño de mecanismos de colaboración análogos ao asinado con ArcelorMittal co fin de apoiar o futuro da planta de Alcoa en San Cibrao.

Non se entende, señora Otero, como se atenden as demandas doutras empresas e non a de Alcoa, a única fábrica produtora de aluminio primario en España que hoxe está pechada —e ata 2024 seguirá pechada—. E, se non se soluciona o prezo da electricidade, non reabrirá. Qui-





zais se atenderían as demandas de ArcelorMittal porque está situada noutras comunidades afíns a vostedes, quizais por iso.

Entón, remato xa, señorías, pedíndolles o apoio para esta iniciativa que defende a supervivencia da industria electrointensiva en Galicia e en España. Nada máis pola miña parte e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Nóvoa.

É a quenda agora do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Patricia Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Dicía a señora Nóvoa, empezaba a súa intervención dicindo, que a crise enerxética que se está a vivir a nivel mundial pois é culpa da improvisación de Pedro Sánchez. Mire, nós, os socialistas, deixámoslle a improvisación ao señor Feijóo. (*Aplausos.*) Porque improvisar foi o que fixo o señor Feijóo despois de solicitar aquel cara a cara co presidente do Goberno, improvisación foi presentarse no Senado —unha total improvisación— cuns papeis en branco que o único que levaban era un rótulo que poñía: *Propuestas para un pacto energético que proteja familias y empresas para la recuperación de la economía española*. Pero o que había despois desa carátula eran folios en branco, porque, por moito que dixo o señor Feijóo de que ese documento xa estaba entregado ao Goberno, ese documento foi entregado ao Goberno no día de onte. Polo tanto, non foi entregado a semana pasada, porque non tiñan un plan enerxético por parte do Partido Popular. (*Fortes murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¡Silencio

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Non, porque o que pediu no día de onte e o que nos achacaba a señora Nóvoa, o de que nós eramos especialistas en copiar medidas, pois foi o que fixeron vostedes. (*Aplausos.*) Porque basicamente a maior parte dese plan enerxético son as propostas que xa está a poñer enriba da mesa o Goberno central. Iso é froito da improvisación do señor Feijóo. A verdade é que aquí xa nos tiña acostumados, pero é bo que tamén se vaia coñecendo no resto de España. Porque ¡con que cara presenta unhas propostas que di que son para protexer as familias despois de non apoiar todas as medidas que aprobou o Goberno central para apoiar as familias e as empresas nesta fase de recuperación! Iso é ter moita cara.

Pero tamén é certo que a proposta enerxética que onte presentou o seu líder, o señor Feijóo, esa proposta enerxética do Partido Popular, deixa en evidencia unha vez máis a quen quere beneficiar o Partido Popular. Porque, miren, señorías do Partido Popular, as rendas máis altas son as máis beneficiadas na proposta do Partido Popular —¡oh, sorpresa!—, porque son elas as que teñen unha maior marxe de aforro. E a esas —as familias que teñen máis recursos— son ás que quere beneficiar unha vez máis o Partido Popular, porque é para elas para quen plantexan os descontos e as bonificacións. (*Aplausos.*) Esa é a política do Partido Popular.



Tamén amosan o seu rexeitamento ao imposto ás eléctricas. ¿Por que non apoian esta medida que permitirá que o noso sistema fiscal sexa máis redistributivo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero ¡¿vaime dicir a min do que teño que falar?! É que era xa o que me faltaba nesta Cámara.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** ¡A ver, a ver...!

(*Fortes murmurios.*)

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Eu xa sei que os pon moi nerviosos. O outro día ao señor Feijóo tamén lle pasou cando estabamos a falar do apoio que lles dan ás eléctricas. Poñíanse moi nerviosos na bancada do Partido Popular no Senado. E agora mesmo votedes fan o mesmo. ¿Por que? ¿Cal é a explicación? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que se opoñen a garantir unha repartición máis xusta das cargas que debemos asumir nestes momentos de dificultades xeradas pola invasión de Rusia sobre Ucraína? Países nos que non goberna a esquerda, como son Italia, Reino Unido, Grecia, Hungría, Bélxica e Polonia veñen de aprobar —ou, noutros casos, de anunciar a intención de aprobar— impostos especiais ás compañías eléctricas ou financeiras. E, repito, en ningún destes países citados está a gobernar a esquerda, senón formacións liberal-conservadoras onde está o Partido Popular, onde se sitúa.

Porque, miren, vostedes non ven —ou máis ben non queren ver— que as enerxéticas e as entidades financeiras están a ter importantes beneficios e que se atopan nunha mellor situación ante o incremento de prezos ou a suba do tipo de interese. A lei que propón o executivo de Pedro Sánchez prohibirá que as empresas afectadas por estes gravames repercutan o seu custo nos clientes. Polo tanto, non veñan agora co mantra de que isto o van pagar os cidadáns españois, porque é mentira; porque, ademais, o réxime sancionador contempla multas de ata o 150 %.

Está claro que as entidades financeiras e as enerxéticas defenden os seus intereses, pero o que está claro é que os gobernos deben defender o interese xeral. O Goberno central teno claro: todos temos que arrimar o ombro pero especialmente os sectores que están a ter uns beneficios extraordinarios. Polo tanto, repito, señorías do Partido Popular, ¿por que non apoian estes impostos?, ¿que intereses defende o Partido Popular?, ¿que intereses defende o señor Feijóo? Nós, os socialistas, témolo claro, defendemos os das clases media e traballadora. Agora, saberán vostedes onde están, se ao lado da clase traballadora ou ao lado das eléctricas, que parece que xa están a adiantar un pouco o voto que vai haber no Congreso dos Deputados proximamente.

O Partido Popular neste plan enerxético volve pedir medidas que, como xa dixen, xa está a aplicar o Goberno central. Incluso pide axudas no transporte público, tamén a gratuidade, algo que xa puxo en marcha o propio Goberno central —que, ademais, di que lles dá ás entidades locais e tamén ás comunidades autónomas un 30 % para que poidan rebaixar os prezos dos billetes—. Piden tamén nese plan impulsar o gasoduto que conecta España con Europa, algo que tamén comparte o Goberno central e no que está a traballar. Piden tamén a reforma da tarifa que teñen os consumidores que teñen a electricidade contratada no mercado regulado. Piden agora aplicar a excepción ibérica ás empresas electrointensivas e permitir que estas dispoñan dunha excepción para as instalacións de coxeración.



¡Pero, señora Nóvoa, é que precisamente isto é todo o que xa puxo enriba da mesa o Goberno central! Vostedes é que van a rebufo sempre do goberno do señor Sánchez. Porque resulta paradóxico que agora inclúan no seu plan medidas postas en marcha por este Goberno central e que cando tiveron ocasión de votar a favor delas non as apoiasen, non as respaldasen co seu voto cando tiveron a oportunidade. Alegrámonos agora de que por fin lle dean a benvida ás propostas que se aliñan cos postulados de Bruxelas, propostas que leva liderando —por moito que lle pese, señora Nóvoa— Pedro Sánchez en Bruxelas dende hai moitos meses. Agora a Comisión Europea plantexa a intervención do mercado enerxético para que lle permita ao conxunto da Unión Europea afrontar a alza dos prezos provocados pola invasión de Rusia sobre Ucraína. Pero ¿sabe, señora Nóvoa? O presidente Sánchez xa plantexou esta medida en Europa hai moito tempo, antes da guerra en Ucraína, moito antes, señora Nóvoa. O presidente Sánchez foi o primeiro en reclamar unha reforma do mercado eléctrico en Europa. Daquela parecía imposible, moi poucos crían que esta medida fora posible. Pero hoxe toda Europa quere reformar o mercado eléctrico. E, a pesar do negacionismo e tamén do intento de torpedear por parte dalgún dirixente do Partido Popular a medida, España, xunto con Portugal, logrou a aprobación do mecanismo ibérico, que xa lles aforrou dous mil millóns de euros aos consumidores españois. E a excepción ibérica agora tamén se aplica e se amplía ás empresas electrointensivas.

Non sei por que lle molesta que se adopten medidas que favorecen o conxunto da cidadanía. Porque, ademais, agora, señora Nóvoa, hai moitos países europeos que queren seguir o camiño de España con esta medida, é certo. E, polo tanto, o señor Sánchez non o debe estar facendo tan mal. Por moito que lles pese, España hoxe, grazas ao presidente Sánchez, é o país con maior credibilidade en materia enerxética na Unión Europea.

No tocante ás axudas ás empresas de gas e electrointensivas —porque parece que a señora Nóvoa veu aquí dicir que o señor Sánchez romperá con todo tipo de axudas—, dígolle que hai máis de 850 millóns de euros en rebaixas de impostos e peaxes. Esta rebaixa temporal do 80 % das peaxes beneficia a máis de seiscentas empresas electrointensivas. A suspensión do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica, pola baixada do imposto especial da electricidade do 5,11 % ao 0,5 %, permite tamén agora que poidan acudir ás novas subastas de contratos de enerxía a longo prazo, directamente como compradores ou indirectamente adquirindo enerxía a unha das comercializadoras adquirentes. Así mesmo, señora Nóvoa —e vostede sábeo— está en marcha o Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas, dotado de máis de douscentos millóns de euros para cobertura, por conta do Estado, dos riscos derivados das operacións de compravenda a medio e longo prazo da subministración de enerxía eléctrica, as coñecidas como PPA. Hai compensacións aos cargos da factura eléctrica aumentando a compensación dos custos por emisión de CO<sub>2</sub>. Neste senso, o Goberno está traballando para aumentar o umbral máximo das axudas compensatorias por custos de emisións de CO<sub>2</sub> para a próxima convocatoria tras elevalo esta vez ata aos 244 millóns.

No relativo ao novo PERTE de descarbonización industrial, sabe vostede que este proxecto tractor ten como obxectivo prioritario mellorar a competitividade da industria española e diminuír a pegada de carbono e o seu efecto no medio ambiente. Estase a negociar por parte do Goberno central e a consensuar cos sectores afectados, e será lanzando a finais deste ano para ser operativo no ano 2023 —PERTE, por certo, con eses fondos europeos que vostedes estiveron a torpedear durante moitísimo tempo—.



E, para rematar, no tema da viabilidade de Alcoa claro que estamos de acordo en que se exploren todas as medidas que poidan garantir a súa viabilidade en San Cibrao. Pero como dicía a señora Nóvoa que lle recordemos á señora ministra, a Reyes Maroto, que existe Alcoa, eu tamén lle digo, señor Rueda, que se acorden de Alcoa e que non se olviden das competencias que ten o Goberno galego, que axudarían tamén a garantir esa viabilidade de Alcoa. Porque a Xunta debe autorizar os parques eólicos que lle subministran enerxía e que permiten a Alcoa firmar esas PPA, porque iso tamén é algo que está nese acordo entre empresa e traballadores que permitiron o acordo ata o ano 2024.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Remato, presidenta.

A Xunta debe poñerse xa a traballar neste senso. Galicia non pode perder a oportunidade histórica que está a pór Europa en materia de enerxías renovables, aproveitando as potencialidades naturais de Galicia e axudando tamén a estas empresas que están a atravesar graves problemas. Dende logo, debe ser cun modelo de participación pública, iso si, porque non podemos permitir que os proxectos especulativos teñan cabida no territorio galego.

Pero con esta iniciativa o que amosan hoxe, unha vez máis, é que van a rebufo das propostas do goberno de Pedro Sánchez...,

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...sempre por detrás. E iso si que é froito, señora Nóvoa, da improvisación e temo que tamén do nerviosismo.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de don Ramón Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Boa tarde.

Hai xa moitos anos, cando o goberno de «eme punto» Rajoy estableceu o deseño do actual mercado eléctrico, xa había moitas voces que advertían de que ese sistema significaba poñer na picota toda a industria electrointensiva. Non foi o BNG nada máis, foron moitas as voces que advertiron de que con ese sistema era imposible contar con prezos estábeis e predicíbeis a longo prazo, xusto o contrario do que precisa a industria. E sei que falar do goberno de «eme punto» Rajoy —son consciente—, pode parecer falar da prehistoria, pero non foi hai tanto tempo. E cómpre lembrar quen impuxo o actual sistema e como se gababan sen rubor de contar cun mercado eléctrico totalmente liberalizado, que, segundo vostedes, había de garantir eficiencia e prezos competitivos. É o mantra do Partido Popular: liberalizar mercados para garantir eficiencia e prezos competitivos. E isto é preciso telo moi presente —igual que os abrazos do señor Feixóo ao presidente de Iberdrola— para poder entender a súa postura na situación actual e nestes debates.



Vostedes teñen unha liña vermella marcada polos intereses económicos das grandes corporacións enerxéticas. E máis aló desa liña vermella non están dispostos a pasar, caia quen caia, custe o que custe, aínda que vexan vostedes contra as cordas, literalmente afogadas, as familias, os autónomos e autónomas, pequenas e medianas empresas e mesmo a gran industria electrointensiva. De aí non se moven.

Pero hoxe todo o mundo, moitos gobernos de países europeos, a Comisión da Unión Europea, o PSOE, xente de orde, todo o mundo, xa ten asumido que o deseño do mercado eléctrico é un disparate. Precisamente a finais deste mes de agosto puideron escoitar nunha cadea de radio un experto, un profesional do sector enerxético que colabora habitualmente con varios medios de comunicación diferentes —non estou a falar de ningún militante do BNG nin tampouco da CIG— dicir que a situación do mercado era unha auténtica loucura, unha loucura que fai, por exemplo, que a Megasa lle custe máis producir de noite que durante o día. E isto, esta loucura, hai que enfrontala, hai que corrixila e hai dous escenarios posíbeis: aquel que contempla o ben común, aquel que contempla os intereses xerais da sociedade, ou o palco VIP onde apenas só se contemplan os intereses económicos das grandes corporacións enerxéticas. E xa sabemos que o Partido Popular, o señor Feixóo e o señor Rueda escolleron o palco VIP.

E de aí veñen as súas propostas: baixar impostos, dar subvencións polos custos de emisións, dar subvencións a quen máis aforre no consumo —que serán evidentemente as persoas de rendas máis altas—, o que, por outra parte, é a súa solución para todo, baixar impostos. Mais tocar o deseño do mercado eléctrico, iso non. De tocar o actual sistema de fixación de prezos eléctricos, ¡nada!, un sistema único e exclusivo, feito ao ditado das grandes enerxéticas e que é a auténtica galiña dos ovos de ouro para estas empresas. Diso, ¡nin falar!, aínda que nos leve a todos e a todas á ruína. Diso, nin falar.

E, claro, se ás liñas vermellas que lles marcan as grandes enerxéticas lles sumamos os intereses electorais do Partido Popular en Madrid, é que non teñen vostedes marxe de manobra ningún. Pero Galiza si, Galiza si que ten potencial para superar a crise, Galiza si que ten potencial e recursos para ofrecer prezos eléctricos competitivos ás familias, aos autónomos e autónomas e mesmo para consolidar e impulsar un sector industrial potente. Galiza si que podería transformar os seus recursos enerxéticos nun factor diferencial positivo para crear riqueza. Son vostedes, o Partido Popular, coas súas liñas vermellas, cos seus compromisos de palco VIP, os que vetan que Galiza e que os galegos e galegas poidamos tirar proveito dos nosos recursos e das nosas capacidades.

¿Por que o Goberno galego non demanda unha tarifa eléctrica galega que compense os custos ambientais e sociais da produción eléctrica que soportamos nós como país produtor? Polos seus intereses electorais en Madrid.

¿Por que o Goberno galego non constitúe unha empresa pública galega de enerxía que poña sentido e introduza algo de competencia nun mercado eléctrico que funciona como un monopolio privado totalmente abusivo? Polos seus compromisos coas grandes empresas.



¿Por que non exixir a esas empresas que veñen explotar os nosos recursos enerxéticos que teñan que montar industrias aquí, producir aquí e crear emprego e riqueza aquí? Polo mesmo, polos seus compromisos coas grandes empresas enerxéticas.

¿Por que o Goberno galego se nega a pactar neste Parlamento posicións e propostas de país? Polos seus intereses electorais en Madrid.

Propoñen vostedes pedirlle ao Goberno estatal que Alcoa teña o mesmo trato que Arcelor-Mittal, pero vetan vostedes propostas e alternativas que poderían ofrecer a Alcoa e á industria galega prezos eléctricos competitivos. A proposta que traen hoxe a debate é a evidencia máis sangrante da súa falta de iniciativa, da súa posición encorsetada e subalterna deses intereses que vostedes priorizan sempre, os das grandes enerxéticas e os intereses electorais do Partido Popular en Madrid. Nada de dispoñer dos recursos enerxéticos do país para crear unha vantaxe competitiva para a nosa industria, nada de exercer de goberno, nada de liderar o país. É a mesma negativa a promover acordos de país neste Parlamento que poidan impulsar politicamente en Madrid e en todas as institucións, aqueles grandes proxectos estratéxicos para a nosa economía e para o noso futuro.

Aí están os seus compromisos coas grandes empresas, por un lado, e os seus intereses electorais en Madrid funcionando como unha pinza, como un corsé que afoga as nosas posibilidades. Porque —insisto— Galiza si que ten recursos, Galiza si que ten capacidade e potencial para ofrecer solucións, para ofrecer prezos eléctricos competitivos ás familias, autónomos e autónomas, ás pequenas e medianas empresas. Galiza si que ten recursos e potencial para crear e consolidar industria, emprego e riqueza. O que non ten Galiza, o que non temos, é un goberno que exerza as súas competencias e que lidere o impulso e a transformación da economía do noso país. Sempre vai a remolque, sempre tarde, mal e a rastro. Vai pasar co PERTE para a descarbonización da industria o mesmo que cos outros once. Xa está comezando a perfilarse e todo parece indicar que Arcelor e os gobernos vasco e asturiano van pintar algo nese ámbito. ¿Que papel vai xogar a Xunta de Galiza? ¿Que papel vai xogar o Partido Popular de Galiza, que, como vostedes din, goza da confianza maioritaria dos galegos e galegas? Ningún. Vai entregar de balde esa confianza. ¿Que vai facer a Xunta? Dígolle eu: o que lle manden desde Madrid. E se desde Madrid mandan estar a velas vir para despois dicir que o Goberno nos discrimina, iso será o que fagan. E isto non é unha opinión, é un feito contrastado.

¿Que fixeron vostedes, que fixo a Xunta de Galiza, para resolver a crise industrial de Alcoa? ¿Que fixo a Xunta de Galiza, o Goberno galego, durante estes anos para asentar alternativas na comarca da Mariña? Porque a de Alcoa non é a única crise empresarial nesa comarca. ¿Que fixeron? ¿Que fan cando o BNG trae a este Parlamento propostas para que a Xunta impulse un plan de reindustrialización e emprego na Mariña? ¿Que fan? Dígolle eu: votan en contra. Renuncian vostedes a gobernar e liderar este país, son vostedes o vivo retrato dun goberno subalterno, dun goberno resignado, sen iniciativa e sen propostas.

E vivimos tempos exixentes, tempos de profundos cambios que veñen afondar e acelerar unha crise industrial, social e demográfica que durante estes doce anos de goberno do Partido Popular foi instalándose na Galiza coma se fose inevitábel, coma se non houberse reme-



dio. Pero hai remedio, hai alternativas, hai recursos e hai capacidades, e haberá na Galiza, máis cedo que tarde, outro goberno que saiba aproveitálas.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Pecha o grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra dona Marta Nóvoa por cinco minutos.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Moitas grazas, señora presidenta.

A ver, señora Otero, ¿as cubas de Alcoa están paradas?, ¿si ou non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¿Están paradas?, ¿si ou non? ¿As cubas de Alcoa están paradas?, ¿si ou non? ¿Están paradas polo prezo da electricidade?, ¿si ou non? Dígame unha medida que durante catro anos vostedes levasen a cabo para que Alcoa non parase as cubas, dígame unha. Un estatuto da industria electrointensiva... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Escoite, que vostede xa falou! ¡Tranquila, eu escoiteina caladiña! *(Protestas.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** ¡A ver, a ver, a ver...!

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ¡Eu non dixen nin mu! *(Aplausos e protestas.)* ¡Non dixen nada! Non, mire, estiven escribindo. Mire, eu estiven escribindo a miña intervención porque a tiveron que escribir. Vostede o que dixó aquí foi o argumentario do Partido Socialista que lles deu onte o señor Sánchez a todos os deputados. *(Fortes murmurios.) (Aplausos.)* ¿Sabe por que? Porque, mire, o resultado do debate do outro día ¿sabe cal foi? Medo, o medo que lle ten o señor Sánchez ao señor Feijóo. Ese foi o resultado do outro día. ¡Medo! *(Fortes murmurios.) (Aplausos.)*

¿E sabe que? Porque, mire, a verdade é que agora estamos tres grupos, e eu estraño a Podemos. Pero, ben, hoxe vira a vostede convertida en Podemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, si...! Porque teñen tanto medo e xa saben que non pescan, que non pescan nada polo centro — e a vostede vaille moi ben —, que teñen que escorar á esquerda, á esquerda máis radical, comunista, a do intervencionismo. *(Fortes murmurios.) (Aplausos.)* ¡Si, señora Otero!

Mire, ¿sabe vostede onde traballan os traballadores da clase media española? ¿Sabe onde traballan? Nas empresas, nas empresas que vostedes están demonizando. Parece mentira, señora Otero, que o Partido Socialista demonice de tal maneira — igual que o seu socio de goberno aquí en Galicia — as industrias. É unha vergoña. Vostede non sei onde traballa, pero a min, que proveño da empresa privada, paréceme unha vergonza o ataque á industria que está facendo o Partido Socialista. *(Aplausos.)* ¡Si, señoría, mire, a maioría dos empresarios son traballadores que cada día se levantan para dar traballo a moitos traballadores! Eses son moitos dos empresarios galegos. *(Aplausos.)* ¡Si, señora Otero, si!

Mire, eu non lle podo aceptar a súa emenda, porque é que vostedes non presentaron ningunha medida á Comisión Europea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que medida?



Mire, o Estatuto da industria electrointensiva —á parte de non funcionar, á parte de aprobalo tarde, mal e a rastro, que rebaixa 54 céntimos o prezo da electricidade, que resulta vergonzoso, que nin un euro lle rebaixa o prezo á industria electrointensiva— téñeno hoxe —eu entendo que vostede non o saiba— á consulta pública para modificalo outra vez.

E mire se fixo a Xunta de Galicia que a Xunta de Galicia foi capaz de redactar un estatuto da industria electrointensiva. O goberno do señor Feijóo co vicepresidente Conde (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) redactou un estatuto da industria electrointensiva similar... (*Protestas.*)

Non podo falar, é imposible.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¡A ver, que se volveu alterar isto! Iamos bastante ben. (*Protestas.*) Iamos francamente ben. Estanmo poñendo difícil. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** escoite un pouquiño, que aprende tamén vostede, señora Otero. (*Fortes murmurios.*) Si, porque non se acorda, e entón vouto explicar eu. (*Aplausos.*)

Redactou un estatuto da industria electrointensiva similar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) É que é imposible...

Redactou a Xunta un estatuto da industria electrointensiva, un borrador, que lle mandou ao Goberno do Estado, por se non sabía como facelo, que era similar ao que aplican Francia ou Alemaña. Pero ¿que fixo despois o goberno do señor Sánchez? Aprobar un que non está para nada funcionando, porque as empresas tiveron que parar a súa produción polo prezo da electricidade, ¿si ou non? Esa é a realidade de Alcoa, Ferroglobe, Megasa e outras moitas. (*Fortes murmurios.*)

¡Excepcionalidade ibérica, si, si!, a excepcionalidade é regalarlle mil millóns de euros a Francia co tope do gas. ¡Se iso é un éxito...! (*Fortes murmurios.*) Si, señora Otero, mire, de verdade, infórmese dunha vez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En canto ás emendas do Bloque Nacionalista Galego, miren, hoxe presentaron, ¡como non!, emendas ideolóxicas, e volve aparecer a tarifa galega. (*Murmurios.*)

Miren, está no manual do deputado do BNG, o que lles entregan cando son deputados. Entréganlles o manual co da tarifa galega. Pero, miren, innovaron coa tarifa galega, porque levamos anos, o BNG leva anos, coa tarifa galega. Dicían que se rebaixaría o prezo da electricidade coa tarifa galega un 30 %. ¿Por que o cambiaron agora ao 10 %? ¿É que temos o prezo da luz máis barato hoxe que antes? (*Protestas.*) ¡Home, por favor!

Mire, é que nin antes eran capaces de xustificar esa tarifa galega nin agora. É que me parece vergonzoso, señor Fernández Alfonso. Agora resulta que a tarifa galega baixa un 10 %, antes un 30 %. Explíquemolo. ¿Por que? ¿Está o prezo da luz máis barato agora? ¡Home, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)





Miren, demagogia é dicir o da reversión das centrais hidroeléctricas. Sabe que moitas delas teñen data de caducidade en máis de trinta anos. Pero dígame unha cousa: se vostedes están en contra das centrais hidroeléctricas, da luz que sae das centrais hidroeléctricas, da enerxía que se xera con elas, se están en contra da eólica e están en contra da térmica, ¿con que enerxía vai ser autosuficiente Galicia? ¿Con cal? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) (*Risos.*) ¡Dígame, dígame vostede! Non, non, eu creo que o debate é serio.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Esta mañá preguntáronllo á súa eurodeputada e non soubo responder. Foi na Radio Galega, miren a entrevista. Non soubo responder cando lle fixeron a pregunta sobre que tecnoloxía ou con que enerxía vostedes conseguirían... Non soubo responder. É que non teñen resposta, señorías. O seu é ideoloxía e demagogia. (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando. Moitas grazas.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Miren, eu creo que hoxe o Grupo Parlamentario Popular trae unha iniciativa que resolvería un problema, si, que poñería solución á industria electrointensiva, sobre o que hai moitos acordos por unanimidade neste Parlamento. Eu agardo que a aproben de novo.

E, señora Otero, dígalle ao señor Sánchez que faga un pouco máis de caso aos acordos tomados nas comunidades autónomas.

Nada máis pola miña banda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¿Non acepta as emendas, señora Nóvoa? (*Resposta inintelixible.*)

Imos ao último asunto da orde do día para a sesión desta tarde, o punto 4.5.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa situación que está a atravesar a atención primaria no sistema sanitario**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que ten o número 40789, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de substitución.*



*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a asumir a súa responsabilidade de garantir unha asistencia sanitaria de calidade ao conxunto d@s galeg@s, en especial en Atención Primaria como auténtico alicerce do sistema, e a tomar as seguintes medidas:*

*1.- Iniciar todas as actuacións precisas para solicitar do Goberno español a transferencia de todas as competencias relacionadas cos programas de formación MIR, EIR, PIR...*

*2.- No inmediato garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación d@s profesionais MIR, EIR, PIR:*

*- Realizar un censo dos centros de saúde acreditados ou con condicións para selo, tanto en espazo, recursos como profesionais.*

*- Cobertura de todas as vacantes con persoal que vaia estar os catro anos da formación non centros docentes.*

*- Aprobar o Estatuto de Titoría de Formación e incentivar a figura da titoría, con estímulos profesionais, tempo para a actividade no horario laboral e oferta de formación.*

*- Comprometer nos orzamentos da Xunta para 2023 as partidas suficientes para a formación.*

*3.- Realizar todas as actuacións para que os profesionais que rematan a súa formación MIR en Galiza na especialidade de Familia e Comunitaria acepten desenvolver a súa actividade profesional en Centros de Atención Primaria e non rexeiten maioritariamente este nivel asistencial, como acontece desde fai anos.*

*4.- Poñer en marcha un plan de retorno e captación d@s profesionais que emigraron ou optaron pola sanidade privada, baseado na convocatoria de todas as prazas vacantes, a estabilidade laboral e eliminación da precariedade na contratación.*

*5.- Aumentar e estabilizar os cadros de persoal, incluída a incorporación de novas categorías, para que teñan tempo para @s doentes, rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais, para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.*

*6.- Aumentar nos orzamentos da Xunta para o 2023 como mínimo o 2.2% (máis de douscentos millóns de €) para chegar á media do Estado, até ir aproximándose ao 25%, na actual lexislatura.»)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defender a iniciativa ten a palabra, por un tempo de dez minutos, dona Encarnación Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidenta.

A sanidade é un ámbito que nos ocupa e nos preocupa a todos e sobre o que o Partido Popular de Galicia puxo o seu máximo interese desde que chegou á responsabilidade de goberno alá polo



ano 2009. Traballamos na procura da mellora constante do sistema e da loita contra todas as adversidades e os desafíos cos que se foi atopando nos últimos anos, incluída a recente pandemia.

A sanidade é unha cuestión recorrente sobre a que levamos debatido en numerosas ocasións neste Parlamento e polas situacións que atinxen a toda a sanidade pública, pero con especial interese pola situación de dificultade que está a atravesar a nosa atención primaria.

Este non é un problema novo, xa somos coñecedores desde hai anos de que esta difícil situación ía chegar. Todos fomos quen de identificar que, se non se poñían medidas correctoras, a sanidade pública ía sufrir un déficit de profesionais da medicina. E aínda que lles custa asumir esta realidade aos grupos da oposición, este tampouco é un problema que afecte só especialmente á nosa comunidade autónoma; este problema, señorías, afecta a todo o país, a España no seu conxunto. E se fixeramos un mínimo esforzo e o fixeramos con sinceridade, se somos capaces de ler os diarios ou de escoitar as sesións doutras cámaras lexislativas autonómicas, comprobaríamos que este problema se dá en todas as comunidades, de diversas cores políticas.

O déficit de especialistas é unha eiva que se viña advertindo hai anos; de feito —tampouco poderán negalo—, así consta nas demandas plasmadas nun documento asinado no mes de abril do ano 2018 do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que o actual Goberno de España do señor Sánchez ten desde a súa toma de posesión, aínda que polo caso que lle fai non sabemos se o ten encima da mesa ou o ten agochado.

As comunidades autónomas —por certo, a maioría delas de gobernos socialistas— acordaron co Goberno de Rajoy medidas prioritarias que foron aprobadas por unanimidade nun Consello Interterritorial como reacción ás conclusións dun informe sobre o déficit de especialistas, que xa se prevía, e que tería encargado naquel momento a ministra Dolors Montserrat. Tan só dous meses despois deste acordo chega ao goberno Pedro Sánchez, e pois aí está o informe. Desde logo, desde Galicia, a Consellería de Sanidade reclama cada vez que ten oportunidade o cumprimento deste acordo. Pasaron catro anos e catro ministros —que imaxinamos que tamén o coñecen— pero, señorías, estas medidas seguen sen resolverse.

A proposta era moi sinxela: buscábase axilizar a acreditación de novas prazas de formación, buscábase tamén con ese obxectivo reformar o sistema para que se puidesen convocar máis prazas de especialidades. Sen embargo, todas aquelas medidas tan necesarias para o problema que ía ter a atención primaria pactadas naquel abril do 2018 quedaron sen efecto. Os mesmos que tanto presumen de defender a sanidade pública —socialistas, nacionalistas, Podemos, todos os socios de goberno— están postergando posibles solucións ao pactado no Consello Interterritorial, co que, evidentemente, se empeora a situación da atención primaria con cada ano que pasa.

No mes de outubro do 2021, trala celebración do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, monográfico sobre a atención primaria en Gran Canaria, o Ministerio iniciou a consulta pública previa dunha nova orde ministerial, pola que se aproba e se publica o Programa de formación da especialidade de Medicina de Familia, os criterios de avaliación dos especialistas en formación e os requisitos de acreditación das unidades docentes multipro-



fesionais de atención familiar. Pero, señorías, a piques de cumprirse un ano desde esta data non se sabe nada deste procedemento, que as comunidades autónomas reclaman que se acelere e que supón unha profunda e imprescindible reforma do modelo de acreditación e do programa de formación capaz de superar as rixideces actuais.

Outra das demandas recorrentes é a necesidade de simplificar o procedemento. O sistema de solicitude de acreditación de prazas pedimos que estea aberto de forma permanente e non por períodos breves. Tamén é fundamental que a reforma do programa de formación incremente a porcentaxe de tempo que o residente pasa na atención primaria e que dote o residente dunha maior autonomía no seu exercicio deste nivel asistencial.

Señorías, sen abordar estes cambios urxentes do sistema de acreditación das unidades docentes será imposible facer fronte ao importante incremento de prazas de formación que será necesario realizar nos próximos anos para compensar as xubilacións dos profesionais de medicina de familia. En resumo, foron catro anos de inanición, ata que este ano no 2022 o Ministerio presentou ao Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel, titulado «Informe oferta-necesidade de especialistas médicos 2021-2035», no cal se marcaba o ano 2027 como o punto de inflexión onde se producirían situacións críticas no Sistema nacional de saúde. Neste mesmo informe sinalábase a especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria como a especialidade con peores prognósticos de déficit, e identificaba como causas a fuxida dos residentes desta especialidade a Urgencias. Saben que a única maneira de que un médico que queira ser urxenciólogo ten que pasar inevitablemente pola formación de médico de familia. E xa saben que aquí aprobamos esa especialidade para que se fixera, e en Madrid pasou o que pasou.

Ese informe da doutora Beatriz González López-Valcárcel tamén sinalaba o escaso incremento de prazas MIR debido á rixidez dos procedementos de acreditación en prazas de formación e adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura, que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Neste tempo nada se fixo por parte do Goberno de Sánchez máis que deixar correr o reloxo, e a realidade é moi teimuda, e amosa que todas as medidas que se levaron a cabo para mitigar o déficit de persoal médico foron no ámbito competencial das comunidades autónomas. Foron as comunidades quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria e de facelo sen o apoio do Goberno. Exemplo disto foi o aumento constante de prazas MIR que se deu en distintas comunidades, como en Galicia, que cubriu o cen por cento das prazas acreditadas e logrou nesta última convocatoria adxudicarse máis do oitenta por cento das novas prazas MIR de Familia de toda España.

Ata tal punto chegou a situación que o País Vasco e Galicia tomaron a iniciativa e elaboraron un manifesto onde reclaman ao Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse máis comunidades autónomas, entre outras, comunidades gobernadas por partidos políticos de distinto signo, pero que son conscientes de que o verdadeiro problema que afronta a atención primaria en España non entende de cores políticas.



O contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como unha resolución durante o debate do estado da Nación, celebrado en xullo do 2022. Esta resolución obtivo o respaldo maioritario do Congreso. Pero, señorías, o certo e verdade é que nos consellos interterritoriais posteriores a esta votación non se expresou por parte do Goberno de España intención de dar cumprimento a este acordo. De feito, trasladouse a intención de pechar a vindeira convocatoria MIR sen cambios no modelo de asignación de prazas e sen flexibilización previa de acreditación das unidades docentes, polo que a ampliación de prazas concedida resultou insuficiente. Galicia defendeu que a orde contemplase unha posible ampliación posterior das prazas MIR no caso de que por fin o Goberno ceda e varíase os requisitos. Pero non consta que o Goberno aceptase tampouco esta petición.

Remato, señorías, recordando as múltiples peticións feitas polo Goberno galego sobre ese incremento de prazas. O Goberno galego cumpre os seus deberes, fai o seu traballo e esforzase por manter a súa sanidade con niveis de excelencia. Pero non podemos facelo en solitario, porque o Goberno central ten a chave en asuntos primordiais para solucionar esta problemática. Na vindeira convocatoria de MIR, Galicia vai ofertar 207 prazas formativas, isto representa un incremento de máis do corenta e cinco por cento; en Galicia increméntase máis dun corenta e cinco por cento e no conxunto de España un cinco por cento. Máis da metade das prazas formativas que se amplían este ano en España para Medicina de Familia van crearse en Galicia.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** —Remato xa.— Señorías, estamos ante un problema de grande envergadura que nos atinxe a todos, e eu espero contar co seu apoio. Por estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inanición do Goberno de España, tanto para os profesionais como para a poboación, é polo que hoxe desde o Grupo Popular presentamos aquí esta proposición:

O Parlamento de Galicia acorda o seu apoio ás medidas incluídas no Manifesto de conselleiros de Sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria, respaldada por sete gobernos autonómicos...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...e pola maioría do Congreso dos Deputados.

En segundo lugar, insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta adoptar estas medidas trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados neste sentido.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Amigo.

Quenda, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de dona María Montserrat Prado Cores.



**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

A verdade é que sempre resulta moi interesante ver como o Partido Popular é capaz de vender fume durante meses, pero a estas horas da tarde pois xa non sei se é tan interesante.

É todo un espectáculo —teño que recoñecérllelo— ver como van cambiando o *attrezzo* pero a folla de ruta mantéñena aí constante. Todo o que se fai ben, todo o que funciona, é o Partido Popular, é a Xunta de Galiza, e o que non funciona pois son outros e outras. Esa é a folla de ruta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, si, si, xa sei que é aburrido, pero máis aburrido é escoitalos a vostedes vir aquí e botarlle a culpa ao empedrado, menos tomar responsabilidades, señores deputados e deputadas do Partido Popular.

Vostede leva aquí toda a intervención queixándose do malísimo que é o Goberno de España, e non vou ser eu quen lle diga o contrario nin o BNG; estamos de acordo. Dixo cousas aquí como que: non nos deixan, non nos fan caso, o Goberno de Madrid que ten na man decisións fundamentais... Efectivamente, pero é que, dito iso, non queren absolutamente ningunha responsabilidade, nin transferencias nin facerse cargo de absolutamente nada. Vailles bastante mellor o tema de vítimas, de que: *jolín!, que malitos son.* A cuestión é non asumir responsabilidades.

Eu teño que dicirlle que esta iniciativa pois volve ser de manobras orquestrais na escuridade, é unha iniciativa de distracción. E os vendedores de crecepelo sempre existiron, e a verdade é que normalmente tiveron sempre moito éxito, pois sempre conseguiron convencer a xente de que o seu produto era o máis mellor do mundo mundial. E eu teño que recoñecerlle ao Partido Popular que é un auténtico alumno avantaxado en vender crecepelo. E esta estratexia —insisto— do Partido Popular de botarlle a culpa a calquera outro e de facer de oposición, ¿non? Están aquí no Parlamento galego, teñen maioría absoluta, teñen o Goberno da Xunta, pero veñen aquí facer de oposición dos concellos ou ao Goberno de Madrid. Ben, cadaquén alá coa súa cuestión.

E, claro, trae unha iniciativa onde vostede na exposición dixo cousas como «coñeciamos dende hai anos que esta difícil situación ía chegar», e queda tan ancha. Claro, porque son o Goberno de Galiza —repito—, responsables da sanidade deste país, con transferencias; porque eu teño que lembrarlle que hai transferencias en cantidade de temas de sanidade exclusivas que ten Galiza. Entón, aquí veñen e din que «levamos desde hai anos sabendo que isto ía chegar». ¡Ah!, e a pregunta é: ¿que fixeron para que non chegara? Porque, claro, a situación actual é a de que está a sanidade e a atención primaria ao borde do precipicio. Pero resulta que hai anos que o sabían —dígoo porque o teñen por escrito, á parte de repetilo—, hai anos que o sabían. E, claro, o Partido Popular desde o 2009 —como vostede ben dixo— volveu ao Goberno da Xunta. Levan desde o 2009 recortando prazas, recortando orzamento. Teño que lembrarlle que en 2022 menos orzamento en atención primaria que no ano 2009. E resulta que vimos demandándolle aquí neste Parlamento que tomaran medidas.

Efectivamente, a situación non ía facer máis que empeorar, porque vostedes no 2009 viñeron a cabalo daquilo de que ían facer máis con menos, de que ían ser os campións e as campioas, e que con menos orzamento, con menos recursos, con menos profesionais e con menos de



todo ían conseguir manter a flote todos os servizos públicos. Está aí a hemeroteca para poder ver, onde vostedes repetiron ata a saciedade que ían facer máis con menos.

E resulta que lles dixemos que non era posible, e trouxémoslles iniciativas. ¿Quere que llas lea? Mire: 2014, o BNG pedíndolle medidas para a atención primaria, recursos e persoal porque se non ían a un calexón sen saída: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dotar as prazas de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galiza para adaptalas ás necesidades reais que ten o noso país». Isto 2017. ¿Por que? Porque o propio Sergas fixo un plan de recursos humanos. ¿E nese plan que se dicía? Dicíase que neste instrumento de planificación, «logo de analizarse as necesidades de organización sobre a base de estudo de valoración previa da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais, sobre todo, en colectivos de licenciados sanitarios». Ano 2012, Xunta de Galiza. E resulta que en 2022 o Partido Popular tráenos unha iniciativa que di que no ano 2022 unha experta presentou un informe onde di que o ano 2027 vai ser o punto de inflexión cunha situación crítica, sobre todo, dos médicos de Familia.

Claro, é que un non pode máis que quedar coa boca aberta. É dicir, levamos dende o 2012 e 2013 dicíndolles que hai que tomar medidas. Miran para o empedrado, e agora resulta que din que o Goberno do Estado leva catro anos sen facer nada. E non vou ser eu quen lle diga que o están facendo ben porque, efectivamente, a taxa de reposición segue aí e non se están tomando medidas. Pero é que, en todo caso, o Partido Popular lle leva un pouco de vantaxe en non facer nada; leva trece anos sen facer nada pola sanidade pública do noso país, trece anos mirando absolutamente para o outro lado. *(Aplausos.)*

O BNG trouxo aquí iniciativas. Dixémoslles que había que adaptar as prazas de formación para adaptalas ás necesidades e que había que engadir os de Atención Primaria, os de Familia Comunitaria, os do 061, os de Urgencias hospitalarias, o Centro de Transfusións, entre outras, porque nestes casos a maioría ou nunha parte importante tamén eran médicos de Familia e Comunitaria. Resulta que nin aumentaron a solicitude de prazas de formación para atención primaria nin tiveron en conta todos estes servizos onde tamén van médicos de atención primaria.

E teño que dicirlles unha cousa: non se debe mentir, é feo, e para os católicos é pecado. E vostede dixo aquí que para ir para os urxenciólogos *(Murmurios.)* é necesario que sexan médicos de familia. Sabe que non, sabe que os urxenciólogos poden ser intensivistas, poden ser de Medicina Interna, poden ser anestesistas, toda unha serie de especialidades nas que vostedes tampouco se preocuparon en solicitar prazas.

Ben, eu non vou lerllo porque non teño tempo, pero entre o ano 2011 e o 2017 xubiláronse cento sesenta e cinco... *(Toses da señora Prado Cores.)* Desculpas. *(Pausa.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Pareille o tempo.

**A señora PRADO CORES:** Perdón, estou cunha bronquite...



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Claro, tranquila.

**A señora PRADO CORES:** ...e, entre outras cousas, non teño médico de familia, que dixeron por aí que hai que ir ao médico. Son deses miles de galegos e de galegas que non teño médico de familia. (*Aplausos.*) E salvo urxencia vital, cando chamo ao centro de saúde dinme que, salvo urxencia, me absteña de ir por alí. Entón, desculpas. (*Murmurios.*)

Dicíalles que centos de profesionais xubilándose e o Partido Popular sen demandar prazas. (*Toses da señora Prado Cores.*)

Ben, como non vou poder recuperar a voz... En todo caso, o BNG presentou unha emenda porque nós, dende logo, no BNG non imos contribuír á creación dese relato do Partido Popular de que nada pode facer e todo depende doutros. Hai moitas cousas que pode facer o Partido Popular. Primeiro, deixar de laiarse de que en Madrid nos tratan fatal, que xa o sabemos, e querer competencias. Entón, o que pedimos é que se demanden as competencias para todo o proceso de formación MIR. Se ese é o problema e é a única solución, xestionémolo nós, teñamos nós esa competencia e decidamos nós sobre esa cuestión.

Logo tamén hai unha cuestión moi clara. Hai que pedir máis formación, máis médicos. Claro, pero haberá que reter aos que se forman. E eu teño que volver repetirle os datos: nos últimos cinco anos antes deste 2022, dos que remataron Familia e Comunitaria, non están nin o corenta por cento en atención primaria. E dos que remataron este ano, dos oitenta e nove só trinta, é dicir, cincuenta e nove non están en atención primaria. Entón, non será soamente formar, senón que haberá que facer algo, terán que facer algo para que os que se forman queiran traballar en atención primaria, que é para o que se forman.

Tamén está ben pedir máis formación, pero haberá que ter as condicións para esa formación. Haberá que ter titores, haberá que ter espazos suficientes, haberá que ter unha mínima garantía para que non se converta nunha formación *low cost*, onde estean de miranda nas consultas, porque os que están teñen tanto traballo que non poden atendelos. Será preciso poñer en marcha ese plan de captación e retorno dos que acabaron. Porque outra cousa importante sería saber cales son os datos —¿cantos formamos cada ano e cantos nos últimos dez anos, cantos se foron formando en Galiza e cantos están?— para saber se o problema é de formación ou é de reter. Si, sería moi interesante ter ese dato. Non sei por que queren ocultalo. Sería interesante aumentar a calidade laboral, os rateos, as condicións laborais, que non teñan que vivir pegados ao fax, ao teléfono ou ao correo electrónico. Todas estas cousas que fagan que os profesionais non marchen en desbandada.

E sería tamén interesante aumentar o orzamento, ¿non? Porque repite continuamente o Partido Popular que non é cuestión de cartos, pero, evidentemente, Galiza está por debaixo da media do Estado. En Galiza, en atención primaria, en gasto por habitante resulta que estamos por debaixo da media en canto ao que se inviste en primaria.

Polo tanto, o Goberno do Partido Popular ten moitas cousas que pode facer e non seguir insistindo nese relato fraudulento de que o único problema é a formación de máis profesionais, que non imos —insisto— discutirle que haxa que formar máis, pero antes haberá que ter os datos —in-





sisto— de cantos se forman, cantos se reteñen e que actuacións ten feitas a Xunta, cantas veces ten pedido e cal é a planificación para o inmediato. Porque teño que lembrarlle que neste momento hai máis de oitocentos médicos de Familia e Comunitaria que teñen máis de 63 anos, máis de oitenta pediatras e máis de cincocentas enfermeiras. E gustaríanos saber que ten pensado facer o Partido Popular para solucionar esa cuestión á parte de botarlle a culpa ao empedrado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Prado.

Quenda por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia de don Julio Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidenta.

Xa tiña que ser mala a iniciativa, que ata a señora Prado quedou sen palabras. Pero terminou aí, nunca se rende. Si, señora, aí está. O meu recoñecemento total.

A verdade é que a iniciativa moi boa non é. Eu, dado o día, lembreime dunha frase brillante de Godard: «Que difícil é ter imaxes nítidas se as ideas son difusas». E acordoume non sei por que lendo esta iniciativa, en fin. (*Aplausos.*)

¿Por que esta iniciativa? Porque é unha iniciativa que nos pide dúas cousas:

Primeiro, aprobar algo que Galicia xa impulsou, que non se debateu aquí, que se foi debater a Madrid, que xa se debateu no Congreso dos Deputados; que Galicia xa dixo que o defendía, que xa se sabe por que non se pode defender, que xa foi rebatida dende os argumentos, que xa Galicia pasou e está noutra cousa. E agora, iso si, vén aquí, polo trámite de urxencia, ¡eh! Xa se debateu en todos os lados, menos aquí, pero é un plantexamento de urxencia.

O segundo punto o que nos pide é apoiar algo que está aprobado por moitísimas comunidades autónomas, sete de dezasete; ata onde eu sei non chega á metade, polo tanto, maioría non é. E segunda cousa, moi lexítima tamén —isto é certo—, que está aprobada nunha resolución —¡como me gustaría a min que pediran que se cumpriran as cousas das resolucións do Parlamento de Galicia!— no Congreso dos Deputados —que, por certo, tampouco chegou á metade dos deputados, permítanme a brincadeira, vanma permitir, non podon— co apoio dos independentistas cataláns. (*Aplausos.*) Lexítimo, absolutamente lexítimo. Polas mañás aproban iniciativas do PP, polas tardes hai que dicirlles que colaboran con ETA. Isto é o que fan vostedes. Pero é lexítimo, ¡eh!, aprobárona e é lexítimo.

Pero vaíamos á cuestión. A cuestión ten dende o noso punto de vista tres enfoques ou tres puntos que hai que tratar. Primeiro, ¿que é de verdade o que se esconde ou pretende agochar o Partido Popular con esta iniciativa, que unicamente pretende cambiar ese relato para dicir que a culpa é doutro?, ¿que pasa sobre os MIR e esa convocatoria de MIR? Segundo, unha reflexión sobre cantos médicos fan falta ou se fan falta médicos de verdade. E terceiro, algunhas propostas que levamos moitos anos facendo.



En primeiro lugar, sobre esta iniciativa, que pretende botar as culpas fóra, eu creo que poderíamos unha emenda *in voce* sobre pedirlle ao Goberno do Estado que execute as competencias de sanidade en favor da Comunidade Autónoma de Galicia dunha vez. Que debe ser que non as temos, non debemos ter conselleiro, que se dirixe todo dende Madrid. Eu creo que si, pero en fin.

Pero vaíamos sobre os MIR. Para ser fácil, ¡eh!, eu vou intentar ser simplista —tampouco me dá para moito máis—. (*O señor Torrado Quintela amósalles aos presentes na Cámara un gráfico.*) Isto que lles ensino son as convocatorias MIR da última década. O azul é porque son de gobernos do PP e o vermello é de gobernos do PSOE. Non me deu para máis tampouco. (*Aplausos.*) Algúns datos estatísticos, que a min me gustan moito:

Non hai nin un só ano, o ano que menos se convocou durante o Goberno actual de España, o ano que menos se convocou convocáronse moitos máis MIR de Familia que o ano que máis se convocou no Goberno Rajoy.

Segundo dato, en menos tempo xa se convocaron máis prazas.

Terceiro dato, por se acaso, que este é moi importante. Máis alá das declaracións a medios, máis alá do que vostedes poidan ler que di o conselleiro, a deputada portavoz do Partido Popular ou o presidente da Xunta —se alguén é capaz de negalo que o diga—, Galicia ten concedidas todas, absolutamente todas as prazas de MIR de Familia que pediu, ¡todas! Non hai nin unha soa petición que fixera Galicia que non se concedera, ningunha. ¡Todas! Imos ver se son capaces de cubrilas. (*Aplausos.*) ¡Todas! Vouno repetir porque é un dato estatisticamente moi dominante: ¡todas! Non se pode dicir que Galicia pide e o Goberno non dá. ¡Todas! Pediu sesenta e catro máis este ano, sesenta e catro. Se non hai problema. Agora polo menos que as cubran. O ano pasado non o fixeron xa. ¡Todas!

Pero voulles dar un dato máis, porque vostedes falan das habilitacións. Para simplificar o asunto, para todos aqueles que o proceso MIR pode ter algunha complicación, o Goberno autonómico habilita, é dicir, válida que hai titores, espazos, que as condicións son boas para facer ensinanza, pide habilitación; o Goberno do Estado concede a habilitación, é dicir, aí pódese formar xente, e, por tanto, abre unha convocatoria para a Consellería, para o Goberno autonómico, e o Goberno autonómico decide cantas desas que xa ten habilitadas convoca definitivamente.

Sabemos todos, ou polo menos os que sabemos da cuestión, e vostede, señora Amigo, sabe disto, que cando houbo un cambio de goberno en España había máis de quiñentas peticións de habilitacións gardadas nun caixón. O Goberno actual librounas todas. E a raíz diso pódolle dar outro dato: non hai ningunha petición de habilitación que teña Galicia hoxe en marcha que non lle fora xa habilitada, aprobada e concedida, ¡ningunha! E isto non o pode afirmar vostede de ningún goberno Rajoy. ¡Ningunha! (*Aplausos.*)

Falan do MIR extraordinario, terceira cuestión sobre os MIR. A combinación dos gobernos Rajoy-Feijóo deixou sen convocar —recoñeceuno aquí o conselleiro no último ou penúltimo pleno antes de marchar de verán— un vinte por cento de profesionais de prazas de MIR de



primaria durante toda a década pasada; un vinte por cento cada ano. O que máis ou menos dá un vinte por cento do total, aproximado. Cento cincuenta e un profesionais que xa estarían en marcha e que non temos. Ese é o MIR extraordinario de Galicia, que Galicia non o fixo.

¿Por que? Por recortar, por cicateros, e aínda ninguén explicou por que. E agora é cando chegamos á argumentación fantástica. Non, é que en 2018 entendemos ao goberno e aquí chegou un informe de López-Varcárcel, que tal... Eu teño algúns déficits *frikis* persoais, un deles é que adoro os inicios dos libros, gústame moito, e recoméndolle o inicio do informe. O inicio é a primeira frase, nada máis, non hai que ir ao primeiro parágrafo, ao primeiro capítulo. A primeira frase dese informe, que vostedes enarboran dicindo que a partir de 2018 entendemos, di: «*Este es el quinto informe de personal que emitimos desde hace quince años*». ¡O quinto! Polo tanto, vostedes atopan só unha argumentación neste último. Dos catro anteriores, ¿en que caixón era que estaban? Porque igual hai que ir buscalos tamén. Por certo, presentounos ante os gobernos que existían, e vostedes gobernaron mentres eses informes chegaban. Como dixo a señora Prado, neste Parlamento hai iniciativas —vostedes falan do 2018— do 2017, do 2016, do 2015, do 2014, do 2013, do 2012 falando de déficit de persoal en atención primaria. O que pasa é que vostedes, sectarios como son neste Parlamento, non queren escoitar o que pensan que os demais, non teñen nin idea e vostedes saben de todo. E enteráronse en 2018, o quinto informe.

Pero a cuestión é: ¿fan falta médicos? Fan falta médicos. ¿Tantos? Pois igual non fan falta tantos. Fan falta, pero igual non é falar soamente disto, porque a sanidade, o sistema sanitario —e vostede sábeo, señora Amigo— é moito máis que médicos, e a atención primaria é moito máis que médicos de primaria. Fai falta moito persoal de enfermería, existe, está dispoñible. ¿Por que non resolvemos moitas cuestións que poderíamos, como fisioterapeutas, podólogos, profesionais de saúde mental, moitísimos, que iso é o que trasladan os profesionais de primaria? Vostedes poñen o foco nos médicos porque atoparon aí un espazo no que cren, que non o están conseguindo, trasladar un problema. Hai moitísimos profesionais, moitísimos.

¿Que é o que vostedes queren en realidade? Queren moitos profesionais. ¿Para que? Para precarizar, porque a realidade é que se hai moitos profesionais, un pode ofrecer peores condicións. É unha cuestión da oferta e a demanda. Hai economistas na sala que saben disto. Se hai moitos profesionais no mercado, un pode ofrecer peores condicións, vai haber xente para incorporar ao sistema. Se hai menos profesionais, vostedes teñen que mellorar as condicións. E como somos unha das tres peores comunidades autónomas no trato laboral aos profesionais e temos sentenzas continuadas que din que o Sergas contrata —vouno repetir unha vez máis— «de maneira torticeira e fraudulenta» —leo literal, sentenzas xudiciais—, iso é o que pasa. Vostedes non queren profesionais, queren petróleo barato. Igual en realidade iso foi o que fotocopiou Feijóo o outro día na cousa. Petróleo barato, profesionais para precarizar.

¿Cales son as solucións? Vostedes convocaron e presumen desas cento seis prazas que convocaron, que, por certo, son, porque, claro, temos catro anos despois de formarse como MIR, xa os primeiros das convocatorias deste goberno cando chegou ao goberno actual de España en convocar as prazas MIR, cento seis, nunca cun goberno do Partido Popular se superaron os cen, nunca. Podíase pero non quixerón vostedes.



Xa temos eses cento seis, e vostedes convocaron e dixeron que se presentaron trescentos cincuenta. ¿Como que trescentos cincuenta? Non é o noso modelo, nós preferiríamos outro formato legal, outro formato laboral, como así dixeron os sindicatos, como vostedes tiveron que cambiar. Pero súa é a responsabilidade. Vostedes tomaron esa decisión, nós non a compartimos plenamente, pero tampouco imos estar torpedeando calquera decisión. Cento seis, ben, trescentos cincuenta. E vostede dirame —como me dixo o outro día—: é que os trescentos cincuenta non son novos, son xente que xa está no sistema. ¡Ah!, entón, os cento seis tampouco. Vostedes están vendendo como novos profesionais que xa están no sistema.

Polo tanto, se se quere facer trampas, fágaas, pero entenda que se fan trampas. Por certo, eu sei que vostede sabe que se fan trampas. Convoquen trescentas cincuenta prazas; é máis, convoquen máis, pódese facer. ¿Sabe de quen é a responsabilidade? Da Concellería de Sanidade, Goberno da Xunta de Galicia. E esa é unha posible solución. Convoquen prazas doutros profesionais, que tamén temos a posibilidade. Abramos interinidades ata que poidamos resolver.

Temos unha posibilidade, desperdiciaron cartos covid. O Goberno de Galicia ingresou 400 millóns de euros para sanidade, xa no 2020. ¿Sabe cantos se dedicaron a sanidade? O 60 % e outro 40 % non apareceu en sanidade para nada. Desperdiciaron máis de cen millóns. Un ano só de covid, máis de cen millóns. Aí tiñan para contratar profesionais. Se existen solucións.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Vaia rematando señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E claro —vou rematando— que temos que formar profesionais. Temos un Goberno do Estado agora que nos está facilitando formar moitos máis profesionais que o Goberno do PP. E voulle repetir o dato para terminar: todas as peticións de Galicia, todas, foron concedidas. Non hai nin unha soa, ningunha, que vostedes pediran e que non estea concedida, e non hai agora mesmo ningunha soa petición de máis. Se vostedes queren fagan as habilitacións correspondentes. Eu creo que serán aprobadas, pero agora tócalles a vostedes cubrilas...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...con persoal e con persoal en boas condicións laborais, que aí está o problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para rematar ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, por cinco minutos, dona María Encarnación Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes de novo, señorías.



Aquí estamos falando dunha reivindicación ao Goberno central que non tería por que terse producido se estiveramos ante un goberno competente e responsable, (*Aplausos.*) un goberno serio, un goberno que di o que fai e que fai todo aquilo ao que se compromete. Pero, lamentablemente, señorías, cada día vemos en que pretenden converter este país. E, señorías, a cada un o seu, o que é competencia do Goberno central non é competencia do Goberno da Xunta de Galicia. O que manifestei na miña primeira intervención non é máis que unha secuencia dos feitos que aconteceron. Aquí non hai trampa nin cartón, é a realidade, e para iso está a hemeroteca. Non poderán desmentir un só dato, data ou afirmación do que dixen na miña primeira intervención.

Eu podo entender que o seu labor de oposición é ese, pero se vostedes buscan mellorar a sanidade dos galegos non se poden opoñer a estas reivindicacións, que van máis alá da nosa comunidade.

O manifesto, señorías, firmouse por sete comunidades autónomas. Todas esas comunidades non poden estar equivocadas. E non me intentarán dicir que os nacionalistas cataláns ou os vascos están a facerlle o xogo ao Partido Popular. Outra cousa é que vostedes sexan fieis a un dos seus lemas, iso de «canto peor, mellor», (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que non, señores, é de vostedes. Pero alá vostedes e a súa conciencia.

O Partido Popular cumpre con Galicia, e así se ten demostrado ao longo destes catro mandatos ininterrompidos, e así, ademais, o entenderon os galegos, que nos deron a confianza para seguir gobernando.

Somos conscientes da necesidade de aumentar prazas de formación. E iso, como mudar os criterios que se exixen actualmente para que un centro sanitario poida acoller residentes de Medicina de Familia, non é competencia da Xunta, é competencia do Goberno central. Nós temos máis de catrocentos cincuenta centros de saúde, e soamente cen poden cumprir cos requisitos de acreditación actuais que ten o Ministerio. Por iso é importante medilo.

É inaceptable o mantemento destas limitacións no contexto de escaseza de especialistas en Medicina de Familia que temos actualmente. É imprescindible crear esa especialidade de medicina de Urxencias, porque, señorías, señora Prado, os anestesistas non son os que van a Urxencias. A Urxencias van os médicos de familia, eses médicos de familia que rematan a súa formación e que non van traballar de Medicina de Familia e que van a Urxencias son os que non teñen outra posibilidade, porque a única posibilidade é esa. Pode haber un anestesista que vaia, pero a maioría non. E vostedes sábeno.

E, por suposto, tamén é fundamental un sistema de elección de prazas MIR que non deixe prazas desertas, como tamén é necesario ese rexistro estatal que vostede sabía, si, porque se non sabemos cantos profesionais temos hoxe, non podemos saber cantos nos faltan dentro de catro anos.

Mire: xa hai case un ano que a Xunta de Galicia achegou estas e outras propostas ao Goberno central, cando o Ministerio iniciara o trámite de consulta pública previa desa futura orde ministerial reguladora. Pero nesa data Galicia xa remitiu máis dunha vintena de propostas. Ata o momento non temos noticias.



Señorías, a situación que estamos vivindo é límite. Resulta fundamental que o Goberno central cumpra coas súas obrigas. O diagnóstico está feito, pero para poder poñer remedio á situación que estamos atravesando, non só en Galicia senón en toda España, é imprescindible, e o remedio está en mans do Goberno de España; o mesmo que fai oídos xordos a todas as comunidades autónomas que llo están pedindo.

Eu espero e desexo que rectifiquen, que prime a coherencia e que sexamos capaces de votar a favor desta reivindicación porque é tamén un servizo a Galicia. A sanidade pública galega deféndese con feitos, non con berros nin con pancartas ou freando as solucións.

Non se opoñan a que Galicia poida formar e contratar máis médicos. O mellor servizo que poden facer aos galegos é sumarse a este manifesto en defensa da sanidade pública e de medidas urxentes para corrixir este déficit de médicos. É moi sinxelo pedirlle a un veciño que firme un documento, pero da mesma maneira que agora xa están en precampaña e andan por aí pedindo sinaturas, pois tamén lle podían explicar os problemas que hai.

O Partido Socialista ten a oportunidade de dicirlle ao Goberno de España que deixe o inmovilismo e que empece a traballar para que Galicia poida contratar máis médicos. Pode demostrar que non son unha sucursal da Moncloa. E o BNG pode presumir de defender Galicia, aínda que sexa poñendo deberes aos seus socios de investidura.

Votando a favor desta iniciativa non gana o Partido Popular, señorías, gana Galicia, gana a sanidade pública do noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá as dez da mañá.

Que teñan boa tarde-noite.



*Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e cinco minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

